



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 152

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 10 de maio de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate das propostas de resolución formuladas ao Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (docs. núms. 48142, 48175, 48193, 48194 e 48195) 46622 (09/PEGA-00001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 12.02.2016

Publicación das propostas de resolución, BOPG nº 617, do 16.03.2016

Punto 2. Comparecencias en pleno

49623 (09/PPP-000425)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das actuacións e medidas que a Xunta ten posto en marcha no marco do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

Punto 3. Mocións

3.1 50115 (09/MOC-000178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de ambiente. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32122, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2016, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

3.2 50117 (09/MOC-000179)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención, información, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 48413, publicada no BOPG nº 620, do 22.03.2016, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

3.3 50118 (09/MOC-000180)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 45608, publicada no BOPG nº 590, do 27.01.2016, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

Punto 4. Proposicións non de lei en pleno

4.1 45611 (09/PNP-003297)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que realizar ao Goberno central en materia de protección social das persoas traballadoras desempregadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

4.2 46523 (09/PNP-003371)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre o impulso polo Goberno galego dun proxecto de lei que regule a publicidade institucional e a actuación que debe levar a cabo para a concesión de subvencións aos medios de comunicación polo uso do galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

4.3 47348 (09/PNP-003438)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a liquidación pola Xunta de Galicia do concurso eólico e a implantación dunha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción baseado nas enerxías renovables con xeración distribuída e autoconsumo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.4 48536 (09/PNP-003527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e tres deputados/as máis

Sobre a modificación polo Goberno galego da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa incorporación do solo de núcleo rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

4.5 49433 (09/PNP-003607)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia diante das autoridades estatais e comunitarias da revisión do actual sistema de repartición de cotas pesqueiras e a xestión dos recursos no marco da política agraria común, co fin de resolver a situación xerada pola aplicación do principio de estabilidade relativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

4.6 49595 (09/PNP-003618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, diagnóstico e atención sociosanitaria ás demencias e, en concreto, á enfermidade de Alzheimer en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

4.7 49717 (09/PNP-003628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as probas de avaliación de 3º e 6º de primaria, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 638, do 27.04.2016

4.8 49773 (09/PNP-003637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, e Rodríguez Barreira, María Julia

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa construción da autovía A-76, entre Ourense e León

Publicación da iniciativa, BOPG nº 638, do 27.04.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 45918 (09/INT-001748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

5.2 47971 (09/INT-001843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis

Sobre a oferta de solo industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

5.3 49348 (09/INT-001903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre a política de loita contra a pobreza que está a levar a cabo o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 50134 (09/POPX-000185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a incidencia da política económica do Goberno galego na resolución dos problemas sociolaborais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

6.2 50165 (09/POPX-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as razóns da renuncia do Goberno galego a solicitar a modificación do sistema de financiamento autonómico para mellorar o financiamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

6.3 50193 (09/POPX-000187)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do agro e do medio rural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 49521 (09/POP-004827)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre o persoal que vai atender as persoas do colectivo LGTBI nos centros de información ás mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.2 50194 (09/PUP-000273)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel

Sobre a valoración do Goberno galego da recente viaxe do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Arxentina e Uruguai

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

7.3 49194 (09/POP-004772)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da inclusión da situación periférica, a dispersión e o avellentamento poboacional de Galicia como criterios para a repartición de fondos en concepto de participación dos concellos nos ingresos do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

7.4 45601 (09/POP-004200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e tres deputados/as máis

Sobre a decisión da Xunta de Galicia en relación co remate da execución do proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

7.5 49525 (09/POP-004829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Goldar Güimil, Jesús Antonio, e sete deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a execución do Plan de reforzo de firmes das estradas de titularidade autonómica anunciado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.6 50169 (09/PUP-000271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o pagamento, pola empresa concesionaria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, das mensualidades debidas aos seus traballadores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

7.7 49612 (09/POP-004836)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e seis deputados/as máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na apertura do Servizo de Medicina Nuclear comprometido no Hospital Universitario Lucus Agusti de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.8 50187 (09/PUP-000272)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

ORDE DO DÍA

Sobre os resultados do modelo sanitario da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

7.9 49062 (09/POP-004750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota contixentada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente informa do número de propostas de resolución que presentaron os grupos parlamentarios. (Páx. 9.)

Intervención da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 9.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das propostas de resolución presentadas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 11.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 13.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 16.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 18.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 20.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das actuacións e medidas que a Xunta ten posto en marcha no marco do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 23.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 29.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 32.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 34.), *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 36.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 38.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 40.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 43.)

Nesta rolda interveñen a Sra. Fernández Rodríguez (M) (Páx. 44.), *o Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 45.), *o Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 46.), *o Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 47.), *o Sr. Castiñeira Broz (P)* (Páx. 49.) e *a Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 50.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de ambiente. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 55.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 57.) e *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 58.)

Nova intervención da señora Vilán Lorenzo (S). (Páx. 59.)

Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención, información, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 62.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 63.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 64.) e *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 66.)

Nova intervención da señora Iglesias Sueiro (M). (Páx. 67.)

Suspéndese a sesión ás tres e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 70.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 71.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 72.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 74.)

Nova intervención do señor Fajardo Recouso (AGE). (Páx. 75.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de ambiente: *rexeitada por 24 votos a favor, 37 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 76.)

Votación dos puntos 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención, información, protección e

defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero: *aprobados por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación dos puntos 1, 4 e 5 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención, información, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero: *rexeitados por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de protección social das persoas traballadoras desempregadas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 81.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 83.) e *Sra. Romero Fernández (P)* (Páx. 84.)

O señor Fajardo Recouso (AGE) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 85.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego dun proxecto de lei que regule a publicidade institucional e a actuación que debe levar a cabo para a concesión de subvencións aos medios de comunicación polo uso do galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Rodríguez (M).* (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 89.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 90.), *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 91.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 92.)

Nova intervención da señora Fernández Rodríguez (M). (Páx. 93.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a liquidación pola Xunta de Galicia do concurso eólico e a implantación dunha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción baseado nas enerxías renovables con xeración distribuída e autoconsumo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 94.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 96.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 97.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 98.) e *Sr. Arias Veira (P).* (Páx. 99.)

Nova intervención do señor Sánchez García (AGE). (Páx. 101.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e tres deputados/as máis, sobre a modificación polo Goberno galego da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa incorporación do solo de núcleo rural. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. García García (S). (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Martínez García (M) (Páx. 104.), Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 105.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 105.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 106.)

Nova intervención do señor García García (S). (Páx. 108.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre a defensa pola Xunta de Galicia diante das autoridades estatais e comunitarias da revisión do actual sistema de repartición de cotas pesqueiras e a xestión dos recursos no marco da política agraria común, co fin de resolver a situación xerada pola aplicación do principio de estabilidade relativa. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 109.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 112.), Sr. Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 113.), Sr. Rodas Chapela (BNG) (Páx. 115.) e Sr. Val Alonso (S). (Páx. 115.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 117.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia don César Manuel Fernández Gil, dona Elena Cruz González Sánchez e don Juan Carlos González Santín.

Entramos, polo tanto, na orde do día co punto primeiro.

Debate das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020

O señor PRESIDENTE: Presentáronse as seguintes propostas de resolución: polo Grupo Parlamentario Mixto, 35 propostas de resolución; Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, 23; Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 17; Grupo Parlamentario Socialista, 29, e Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 4.

Corresponde, polo tanto, en primeiro lugar, a intervención da Xunta de Galicia a través do conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señorías, comparezo hoxe en pleno para presentar o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, un documento clave para deseñar a Galicia do futuro e que foi elaborado dentro do maior proceso de participación da historia da autonomía.

Desde o primeiro momento impulsamos este consenso coa sociedade civil para entregar á Cámara un plan estratéxico que non fose exclusivamente do Goberno, senón dos galegos e das galegas, consenso que quixemos ampliar coa máxima predisposición aos diferentes grupos parlamentarios. Toda

organización complexa –e a Administración autonómica éo– debe ter un plan estratéxico. Pero a importancia deste plan estratéxico é maior, se cabe, polo momento no que se debe de executar.

Para consolidar a recuperación económica e a creación de emprego estable resulta imprescindible que Galicia sexa capaz de continuar xerando confianza e escoitando a cidadanía para proporcionar solucións aos seus problemas. E isto será máis doado se nos dotamos dunha ferramenta estable e consensuada, en sintonía coas demandas da sociedade, que afonde nun modelo de crecemento máis sólido que contribúa a garantir o futuro das galegas e dos galegos. Con este Plan estratéxico o Goberno galego non só está pensando en actuar día a día –que tamén–, senón en impulsar e liderar un proxecto de futuro para afrontar con éxito os novos desafíos da Galicia do ano 2020.

Todos os grupos da Cámara temos diferentes criterios –é lóxico, e mesmo saudable–, pero tamén todos debemos ter claro que os obxectivos de país son comúns. E neste momento temos un obxectivo por riba de todos, a consolidación da recuperación económica de Galicia, logo de que sufriu a maior recesión da súa historia. Temos que devolver aos cidadáns todo o esforzo que fixeron durante a crise e traballar arreo para conseguir que os máis desfavorecidos, os que máis sufriron a crise, sexan agora os que teñan maiores oportunidades.

Por iso estou seguro de que os retos que formulamos no Plan estratéxico son coincidentes cos que demanda o conxunto da sociedade, pois só mellorando as condicións de emprego, só mellorando a competitividade e só mellorando o modelo de crecemento seremos quen de fomentar a creación de máis e maior emprego, de garantir o financiamento e a mellora continua dos servizos públicos e de blindar o noso estado de benestar.

E niso estamos, en traballar para acadar un crecemento sólido e sostido, en traballar para acadar cada vez maior emprego e de maior calidade, en traballar para acadar unha sociedade cada vez máis competitiva e internacionalizada, en traballar para reforzar o benestar da nosa infancia e dos nosos maiores e en traballar para loitar contra a desigualdade e en fomentar a igualdade de oportunidades. Niso, no máis importante, teríamos que ser capaces de chegar a un acordo;

logo, lexitimamente, cada grupo parlamentario pode pensar en ferramentas diversas para intentar chegar a estes retos comúns.

Señorías, a sociedade está a reclamar máis que nunca acordos e consensos, escoitemos desde o Parlamento galego as demandas da cidadanía. A Administración, aínda sen receitas máxicas, xoga un papel esencial no desenvolvemento social e económico de Galicia. Temos que empregar con eficacia e con eficiencia os recursos dos que dispoñemos en cada momento. Nos últimos sete anos cada vez menores, e agora, afortunadamente, cunha pouca máis de marxe para aplicar medidas de carácter expansivo no gasto. E esa eficacia e eficiencia poderán ser máis doadamente acadadas se temos claras as prioridades e a planificación para levalas a cabo. En síntese, isto é o que deseñamos e o que pretendemos levar á práctica co Plan estratéxico que trouxemos a este Parlamento.

Coa aprobación por esta Cámara do Plan estratéxico Galicia terá a folla de ruta para poder consolidar un crecemento económico sostido durante a segunda metade da década con avances anuais do PIB superiores ou en torno ao 2,5 %; aumentar en máis de 100.000 o número de empregos ata o ano 2020 para reducir a taxa de paro en torno ao 10 %; e tamén para mellorar a taxa de ocupación dos cidadáns de entre 20 e 64 anos en dez puntos ata acadar o 70 %, e, de maneira especial, seguir aproximando a taxa feminina á masculina.

En terceiro lugar, duplicar o gasto en I+D e elevalo ata o 1,7 % do PIB —é dicir, triplicar o seu peso no orzamento— e aumentar ata o 40 % do PIB o nivel de exportacións dos nosos sectores produtivos. En cuarto lugar, seguir reducindo a taxa de abandono escolar temperá noutros 3,5 puntos ata o 13,5 %. En quinto lugar, chegar ao 47 % dos galegos de entre 30 e 34 anos de idade que teñan estudos superiores. En sexto lugar, reducir a poboación de risco ou de pobreza, ou en exclusión social, nunhas 100.000 persoas. En sétimo lugar, rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % en relación co nivel de 2005. En oitavo lugar, aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30 % do consumo final e incrementar a eficiencia enerxética nun 20 % respecto do nivel de 2005. En noveno lugar, implantar un paquete integral de medidas para a revitalización demográfica de Galicia, para achegarnos progresivamente á media de

1,59 fillos ou fillas por muller que ten nestes momentos a Unión Europea. E, en décimo lugar, converxer en oito puntos coa Unión Europea en PIB per cápita e chegar ata o 88 %, ademais de avanzar cinco puntos con respecto á media española ata acadar o 92,7 %.

Ademais de contribuír a conseguir estes dez grandes retos, o Plan estratéxico de Galicia fortalecerá o crecemento e o emprego da comunidade autónoma nos próximos cinco anos. Deste xeito, a aprobación desta estratexia permitirá sumar dous puntos adicionais ao crecemento do PIB galego ata o ano 2020 e reducir un punto máis sobre o previsto inicialmente a taxa de paro, ata situala —como dixen anteriormente— en torno ao 10 %.

Señorías, para que esta estratexia teña éxito será imprescindible sumar esforzos entre o sector público e o privado, co fin de actuar de maneira conxunta como axentes do desenvolvemento de Galicia. Temos que converter os novos retos en novas oportunidades, porque a Galicia do futuro ten que ser unha Galicia máis inclusiva e con máis oportunidades, con máis e mellor emprego de calidade, con máis produtividade, con máis cohesión territorial e social e cun benestar reforzado a partir dunhas prioridades.

O impulso do crecemento económico, partindo dun modelo baseado na innovación e no capital humano, para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, que permita seguir creando emprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e galegas, colaborando na senda da revitalización demográfica, un dos principais problemas que Galicia ten como país. Para logralo deseñamos catro obxectivos transversais que abranguen todos os eixes de actuación: a colaboración para tratar de mudar a actual dinámica demográfica, a cohesión territorial e a fixación de poboación no medio rural, o fomento do emprendemento e da internacionalización en todos os campos e o impulso da cultura da innovación.

Ademais, no Plan estratéxico integramos os principios horizontais de gobernanza, promoción da igualdade de homes e mulleres e a non discriminación, así como o desenvolvemento sostible. Señorías, para acadar este crecemento sostido debemos basearnos en varios principios que para este Goberno son irrenunciáveis: en primeiro lugar, a blindaxe do gasto social, reforzando o investimento en educación e en

sanidade; fixémoslo nos peores momentos e tamén o facemos cando a economía empeza a mellorar.

Sen suba de impostos, acabamos de aprobar a maior rebaixa fiscal da historia da autonomía: o 98,5 % dos contribuíntes galegos xa pagan menos IRPF, o 99 % dos galegos xa non paga polo imposto de sucesións e doazóns, e temos unha estratexia de impostos cero no rural para fomentar a rehabilitación do medio rural. O inicio dunha senda tamén de redución do endebedamento da Comunidade Autónoma, moi necesaria e que podemos acometer porque fomos responsables na época de crise económica. E o mantemento da solvencia da comunidade e a sustentabilidade do gasto público.

Señorías, logo da entrada nesta Cámara do documento tivemos ocasión de presentar o Plan estratéxico en Bruxelas, ante a Comisión Europea, que valorou que Galicia comparta as liñas básicas da Unión Europea para os vindeiros anos e que sexa unha das primeiras comunidades en ter un documento de estratexia ata o ano 2020. Agora chegamos á etapa final para a aprobación do Plan estratéxico no Parlamento galego, isto significa que a partir de agora xa contará co aval da Cámara. A partir de aquí, o Plan estratéxico seguirá sendo un documento dinámico, adaptable ás novas necesidades e oportunidades que se presenten cada ano e que quedarán plasmadas nas diferentes leis de orzamentos de cada exercicio.

Nun contexto tan competitivo como o actual todas as administracións e os diferentes sectores privados precisan dun marco estable que lles permita formular expectativas realistas e duradeiras nas que poder facer realidade os seus proxectos. A Administración autonómica, obviamente, quere contribuir e ser protagonista neste marco de estabilidade. E recalco isto porque calquera planificación ten que materializarse para estar a disposición de acadar as súas metas, pero os efectos do Plan estratéxico poden verse alterados ou afectados polas circunstancias nas que se leve á práctica.

Polo tanto, temos que achegar certezas e fuxir das improvisacións, é o que demanda a cidadanía. Afortunadamente, Galicia goza dunha vantaxe comparativa, que é a estabilidade institucional, unha estabilidade que consideramos que é boa para Galicia e para a cidadanía, porque nos permite exercer con plenitude o noso autogoberno e manter intacta a nosa autonomía financeira; é dicir, somos donos do noso futuro e ninguén toma as decisións por nós.

Por iso, señorías, reitero que sería moi positivo que blindemos esa estabilidade co maior consenso posible. Se temos estratexia, non improvisamos; se temos estratexia, fixéremos obxectivos realistas; se temos estratexia, mediremos con fiabilidade os resultados que acadamos; e, se temos estratexia, deseñaremos en cada momento as políticas que máis lles conveñen aos galegos e ás galegas.

Señorías, súmense ao Goberno para unir con criterio o presente e o futuro de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das propostas de resolución presentadas e, se é o caso, posicionarse con respecto á intervención do Goberno.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señor conselleiro, o discurso estivo ben. A verdade, non ten nada que ver coa realidade do plan, pero estivo ben. Acaba de vendernos un plan inexistente, pero é o plan que queríamos todos e todas e que non vai poder ser, porque, por exemplo, fala vostede de que este plan trata de mellorar as condicións de emprego. ¡Mentira! Foron rexeitadas todas as resolucións que falaban de poñer condicións para mellorar a calidade do emprego, para mellorar os salarios galegos. Incluso foron rexeitadas aquelas dirixidas á igualdade real entre homes e mulleres no mundo laboral. Polo tanto, é a primeira mentira deste plan.

Tamén fala vostede de que temos que escoitar as demandas da cidadanía. Paréceme ben, empecen a escoitar, é necesario; levan vostedes estes catro anos sen escoitar nada, é hora de que empecen a escoitar a cidadanía. E, polo tanto, eu creo que é cuestión de empezar un novo plan, porque, ademais, un plan 2016-2015-2020 —que aparece a mediados de 2016— igual sería bo plantexalo novamente.

Tamén falaba vostede doutro obxectivo: rebaixar as emisións de CO₂, pero rexéitanse todas as emendas que van no

camiño de potenciar o transporte público colectivo e, en concreto, o tren de proximidade. E xa non falemos de demografía, porque á demografía para realmente darlle un pulo e recuperala no noso país –e a fixación de poboación– necesitamos emprego estable e de calidade, xa para empezar, e unhas políticas que dean solución ao mundo rural.

Polo tanto, nós reiteramos o que dixemos na presentación do plan: é un plan estratéxico para os vindeiros catro anos –que, ao final, non son tantos– e que debería ter, ao noso entender, unha maior participación social e un maior percorrido neste Parlamento, e moito máis cando estamos a poucos meses dun cambio de goberno. Por iso mantemos a nosa emenda número 1, que solicita un novo plan que acade o máis amplo consenso social posible.

En canto, por exemplo, á sanidade, chámanos a atención que o plan non diga nada sobre sanidade. Non analiza as graves consecuencias das políticas austericidas. E agora o ministro en funcións, o señor Margallo, dinos que se pasaron vostedes catro pobos coa austeridade. E eses catro pobos que se pasaron tiveron unha repercusión moi directa e moi grave sobre a saúde das persoas, sobre os recortes na sanidade, que, como xa falabamos no pleno anterior, está nos xulgados, e leva causado ata mortes. Polo tanto, eu creo que en sanidade habería moito máis que dicir.

Pero tamén temos que resaltar que só se aceptaron tres resolucións da oposición e que non se aceptou ningunha das que ían encamiñadas a aumentar a dotación do persoal sanitario ou a unha aposta real pola atención primaria; e non digamos xa por unha saúde mental, onde aceptan unha transacción ou propoñen unha transacción a AGE para elaborar unha nova estratexia de saúde mental, pero ao mesmo tempo rexeitan convocar unha oposición con prazas de psicoloxía clínica ou aumentar o persoal dos servizos de saúde mental. Igual que rexeitaron aumentar o que pide a emenda 24, a resolución 24 do Grupo Mixto: incluír un plan de xestión de recursos humanos en sanidade, servizos sociais e educación capaz de dar resposta ás necesidades da poboación. Polo tanto, se iso o negamos nun plan a catro anos, que non é para este ano...; é dicir, que o que estamos negando é que en catro anos vaiamos poñer sanidade, educación e servizos sociais ao nivel que estaban no ano 2009. Vostedes rexeitan isto.

En canto ao I+D+i, no Índice de Innovación Rexional, Galiza ocupa unha posición de innovador moderado tras Croacia, Bulgaria, Romanía, Ucraína, Moldavia ou Polonia. Nestes anos produciuse unha maior caída de gasto en I+D que no PIB, e o peso do persoal en I+D de Galiza respecto do Estado é do 4,7, e segue baixando ao 4,5 no caso de investigadores e investigadoras. En Galiza o persoal total en I+D representa o 0,93 % da poboación ocupada, fronte á media do Estado, do 1,2, e a media do Estado xa non é nin comparable coa media europea. Só o 1,8 % das empresas galegas, incluíndo as grandes empresas, pertencen a sectores de alta e media tecnoloxía e ocupan só o 6,8 % das persoas asalariadas. E, sen embargo, foron rexeitadas todas as resolucións que reclamaban un plan de estabilización da carreira investigadora en Galiza. Polo tanto, contradíse o seu discurso coas resolucións aceptadas.

Tamén en vivenda non aceptan as resolucións presentadas. Vostedes remítense a todos os programas, axudas e plans que hai vixentes, pero realmente non resolven os problemas; seguimos asistindo a desafuzamentos de familias. En Vigo temos tres familias que estaban acampadas no Concello que non teñen solución para a súa vivenda, e vostedes non aceptan as resolucións dicindo que xa hai un montón de plans. Pois, ao mellor, había que desfacerse de todos os plans e ter un único plan que garanta vivenda para todas as persoas.

E tamén foi rexeitada, como non, a resolución do Grupo Mixto que pedía que se garantiran, ademais da vivenda, os servizos básicos, como son a enerxía, a auga potable ou o saneamento; algo que no primeiro mundo non pode denegarse a ningunha persoa.

Mantemos tamén as resolucións 18 e 21, que pretenden a garantía de acceso gratuíto aos libros de texto en toda a educación obrigatoria e a dotación suficiente de profesorado de apoio e de persoal de psicoloxía para atender os nenos e nenas con necesidades especiais; unha carencia que levamos denunciado neste Parlamento reiteradamente, pero que volve ser rexeitada. Polo tanto, os nenos e nenas con necesidades especiais seguen estando desamparados por este goberno, tendo que recorrer os seus pais, cando poden, a pagar por privado esa atención.

Tamén mantemos a resolución 19 para fomentar o uso do galego como idioma de comunicación entre o alumnado e o

profesorado e, dentro da propia Administración, cos cidadáns e as cidadás. Tamén foi rexeitada.

Vostedes agriden o galego, néganse a darlle ao galego ese prestixio, néganse a... Unha das resolucións rexeitadas foi, nesa edición, editar tamén libros científicos, obras científicas. Vostedes néganse a darlle ese valor. Din que a xente coñece o galego, pero non o fala; polo tanto, é unha cuestión de prestixio. Quen está obrigado a darlle ese prestixio á lingua é o Goberno galego, e o Goberno galego négase unha vez e outra a darlle prestixio á nosa lingua. Polo tanto, parécenos realmente dramático e unha auténtica política de destrución do noso idioma.

En canto ao emprego, vostedes seguen rexeitando tamén as emendas que falaban de apoio ás persoas autónomas para que poidan sobrevivir o primeiro ano de vida, que é máis ou menos o que duran as novas empresas no noso país; apoiálas polo menos durante tres anos ata que se consolide o seu negocio; que se interceda tamén ou que se traballe para aumentar o salario bruto medio anual; que se fale coa patronal e os sindicatos para acadar a igualdade salarial real entre homes e mulleres e aumentar a taxa de ocupación en ambos xéneros, así como para empezar a crear ou apostar polo traballo a tempo completo e indefinido, e que se acabe ese abuso total e absoluto da contratación a tempo parcial, dos contratos de días e horas, que, para empezar, ten que empezar pola propia Administración, que é a primeira precarizadora do país. A Administración é quen fai os contratos máis precarios do país: contratos de días, de horas con desprazamentos, sen descanso semanal, contratos de luns a venres para non pagar sábado e domingo... Iso fáino a Administración. Polo tanto, non poden vir aquí vendernos que están vostedes traballando pola calidade do emprego cando a Administración é a primeira que fomenta o emprego precario.

Así como foi rexeitada a resolución do Grupo Mixto que pedía que se retirara esa resolución que presenta o Partido Popular dicindo que hai que fomentar que a mocidade se acolla a traballo no estranxeiro cando iso se disfrazo coma se fora unha formación. Realmente o que está facendo o Goberno é botar balóns fóra e pedirlle á mocidade que emigre, nun país que necesita xente moza, nun país envellecido, nun país que necesita, dende logo, mellorar a súa demografía.

E, en canto ao territorio, como dicíamos antes, a cohesión do territorio non se ve por ningún lado. Mantemos as resolucións 32 e 33 do Grupo Mixto para promover o transporte ferroviario e de proximidade e o transporte de ría. Aínda que vostedes digan que o transporte ferroviario corresponde ao Goberno do Estado, evidentemente, o Goberno galego non ten ningún interese en pedir que se transfiran esas competencias nin en negociar co Goberno do Estado qué tren necesita Galiza e cómo necesita organizalo.

O mesmo que mantemos a resolución 34, para que, nese plan de recuperación das rías que vostedes aceptan nunha das resolucións, se avance na descontaminación das nosas rías. Sen embargo, rexeitan a resolución 34 do Grupo Mixto, que fala dun plan de desindustrialización da liña de costa das ribeiras dos ríos. Ou sacamos a industria dos nosos ríos e das nosas rías ou nunca acabaremos coa contaminación.

–Remátame o tempo.– Tampouco chegamos a acordos importantes dos sectores produtivos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...–vou rematando, presidente; grazas– ...como o sector do mar, onde se negan a investigar a caída da produción, da morte de bivalvos, e non a aumentar a acuicultura ata que estea resolto. Non acadamos un acordo sobre o eucalipto, non acordamos un acordo de como enfocar a prevención e extinción de incendios, nin tampouco foi aceptada a resolución 35 do Grupo Mixto, que pretendía que se apoiaran proxectos industriais innovadores ligados ao medio rural.

Acaboume o tempo. Non podo xa seguir, pero, dende logo, o plan entendemos que non responde ás necesidades do noso país e que, polo tanto, deberíamos volver empezar e a buscar maior consenso na súa negociación e tramitación.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Moito tempo temos para falar do Plan estratéxico de Galiza 2015-2020!, dez minutos. Esa

é importancia que se lle dá a este documento e ao trámite parlamentario. En dez minutos é imposible falar.

Agradézolle ao señor vicepresidente da Xunta que estea para escoitar tamén a oposición, e non como o presidente Feijóo, que é o presidente de todos os galegos, tamén dos que votaron aos grupos da oposición, e que debería de estar polo menos nestes debates escoitando o que se di, se queren ter algunha credibilidade cando falan de que buscaron consenso coas forzas que non son o Partido Popular –que é mentira–.

Señor conselleiro, se se puidera gobernar un país con argumentarios, iríanos moito mellor, porque vostedes utilizar argumentarios saben. Pero un país non se pode gobernar con argumentarios, señor conselleiro, e tampouco coa submisión aos poderosos ou coa submisión ao Goberno do Estado.

E, dentro dese argumentario, vostede fala da estabilidade, da estabilidade institucional. Mire, cando a estabilidade é emigración, cando a estabilidade é a sangría demográfica –15.000 galegos e galegas menos cada ano–, cando a estabilidade son 2.500 desafuzamentos anuais, cando a estabilidade é a exclusión social, a desaparición do rural, o avellentamento do rural, a desaparición dos sectores primarios no rural, cando a estabilidade é a perda de caixas e instrumentos financeiros ou cando a estabilidade é a corrupción sistémica e a impunidade, nós non queremos esa estabilidade. Precisamente o que queremos é cambiar. E precisamente o que cremos é que este plan estratéxico debería de ser unha ocasión para cambiar o que nos conduce a todo isto que acabo de dicir, porque isto que acabo de dicir non son desgrazas divinas, señor conselleiro. Esa estabilidade non a queremos.

Vostede dicía que mandemos en nós mesmos. Outro argumentario baleiro. Mire, só un exemplo: nós cremos que un obxectivo estratéxico deste país é vertebrar Galiza, conectar as súas cidades co ferrocarril. E cremos que un obxectivo estratéxico debe de ser ter tren de proximidade nas áreas metropolitanas nas rexións urbanas. ¿Saben que nos contestan vostedes? Que para iso Galiza non ten competencias, polo tanto, deixa de ser obxectivo estratéxico. Mire, porque hoxe en día non teñamos competencias en ferrocarril non significa que iso non deba de ser un obxectivo estratéxico. Ou ben deberemos de actuar para ter esas competencias, ou ben deberemos de traballar politicamente co Estado para que

iso se materialice, pero non pode deixar de ser un obxectivo estratéxico cando están vostedes falando de redución de emisións, cando están vostedes falando dunha mobilidade sostible. Polo tanto, non podemos renunciar a ese obxectivo estratéxico porque hoxe en día non teñamos competencias para facelo. Iso é mandar en nós mesmos, señor conselleiro.

Reiteramos o noso desacordo en como se tramitou este plan estratéxico. Déusenos un documento cociñado con pouco tempo para facer aportacións, e para facer aportacións testemuñais. E en absoluto foi un documento traballado desde o minuto un, como debe de ser, e non cunha participación reactiva e para vestir os santos. Isto é moito máis grave, cando vostedes presentan un Plan estratéxico 2015-2020 a mediados de 2016 e, ademais máis grave, cando está rematando unha lexislatura e pode haber cambio de Goberno, señor conselleiro. E este plan estratéxico debería de servir para calquera goberno, e non só para o seu goberno.

Vostede fala de que non debe de haber improvisación nas políticas. Mire, ¿que foron as previsións do Plan estratéxico Galicia 2010-2014?, ¿que foi aquilo, cando vemos o resultado das previsións que vostedes fixeron?, ¿que foi? ¿Non foi improvisación, cando erraron en todas as principais previsións?, ¿non foi improvisación?

Se alguén precisa constatar –que eu creo que xa hai pouca xente que o necesita– o fracaso das dúas lexislaturas do Goberno Feijóo non ten máis que comprobar o desastre das previsións do anterior plan estratéxico, desastre. Un desastre que significa dúas cousas: que vostedes fixeron unhas previsións pouco rigorosas e que, ademais, non foron capaces de implementar as políticas necesarias para acadar os obxectivos que se plantexaron. Esas dúas cousas son clarísimas.

Cando vostedes partían dun PIB per cápita de Galicia con respecto á medida Europea do 90 % e vostedes tiñan como obxectivo chegar ao 95 %, e agora estamos sobre o 80 %, ¿iso que é?, ¿rigor, unha improvisación e non ser capaces de levar adiante políticas que polo menos manteñan o nivel deste país?

Vostedes partían dunha poboación empregada entre 20 e 64 anos do 63 % e aspiraban a subir dous puntos; agora tamén promete chegar ao 10 % de taxa de desemprego, seguramente será pola vía de reducir a poboación activa máis que

a de crear emprego, que é o que están vostedes facendo. Querían subir dous puntos e baixaron cinco, baixaron cinco, señor conselleiro. ¿Ou son datos que non son importantes?, ¿non son previsións fundamentais dun plan estratéxico?

Igual que no grao de apertura da economía ou na I+D+i, onde vostedes aspiraban de pasar do 1 % ao 1,5 % e quedaron no 0,87 %. Se antes prometeron medio punto e baixaron 0,13; agora queren subir 0,7.

Xa veremos se cambiamos de goberno para poder cumprir as previsións, con vostedes está claro que non, e con vostedes e coas mesmas receitas evidentemente non.

E tamén o que está claro é que só fai falta estudar o punto de partida do anterior plan estratéxico e o punto de partida deste plan estratéxico para saber a desfeita do Goberno Feijóo nestas dúas lexislaturas. En todos os indicadores, en todos os indicadores principais estamos peor que cando vostedes fixeron o primeiro plan estratéxico, en todo. Mire por onde o mire: en emprego, con 149.000 ocupados menos; en calidade do emprego, peores salarios; en exclusión social, multiplicada a exclusión social; en paro xuvenil, multiplicado por catro o paro xuvenil; en paro de maior de 55 anos, multiplicado tamén o paro de maiores de 55 anos; en demografía, moito peor, o último ano que medrou a poboación en Galicia foi o ano 2010, a partir de aí costa abaixo e unha gran costa abaixo; en I+D+i, peor; en converxencia coa Unión Europea, peor. En todo estamos peor; non fai falta máis que ver a demoledora análise DAFO.

E é certo que quen participou e non cociñou o documento e quen fixo o traballo técnico hai que felicitalo, pois a análise DAFO é demoledora e é o reflexo dos resultados das súas políticas. Porque non todo dependeu da crise, señor conselleiro, non todo dependeu da crise. Moitas cousas dependeron de decisións súas, como dependeu de decisións súas que non custaban diñeiro a parálise do sector das renovables, a parálise do eólico. Iso non dependía dos cartos, dependía de boas decisións. Non era cuestión de cartos avanzar no artellamento administrativo e político do país, tan necesario; cousa que vostedes non propoñen neste plan estratéxico.

Este país necesita un artellamento no rural, unha comarcalización no rural para poder facer un desenvolvemento endóxeno desas zonas, para reverter a situación de desertización

do rural, e vostedes non propoñen nada, nin levaron adiante máis que unha fusión Oza-Cesuras e o inicio doutra.

Non necesitabamos cartos para priorizar a mobilidade sostible, non necesitabamos cartos para loitar por un marco normativo para o desenvolvemento das renovables. Nós propoñemos mudar o marco normativo, e hai respostas –que non vou ter tempo de dicir todas– que, se non fora porque son dramáticas, son para botar unhas risas.

Nós dicimos que hai que cambiar o marco normativo, por exemplo, o Decreto do autoconsumo, para que en Galicia poida haber un modelo de desenvolvemento descentralizado e democratizado das enerxías, e a Xunta contéstanos que o que se necesita é sosego normativo.

E cando nós dicimos que hai que rescatar as concesións hidráulicas para o público e para que non se forren catro empresarios amigos do Partido Popular, contéstasenos que non ten sentido rescatar concesións obsoletas. Explíquemolo: ¿que é iso de rescatar concesións obsoletas? Porque as concesións obsoletas ás que se refire a Xunta de Galicia están proporcionando beneficios do 400 % ao señor Villar Mir. Esas son as concesións obsoletas. O que é obsoleto é que xa se amortizaron e que se están forrando, e que poderían estar producindo para o público e para a xente. Iso é obsoleto. Os que están obsoletos son vostedes con estas políticas.

Non me dá tempo, porque, claro, a grande importancia que se lle dá este debate, en dez minutos é imposible.

Non propoñen ningún cambio transcendental, nós si que propoñemos cambios transcendentais. Hai que facer políticas de artellamento administrativo-político do país, comarcalización, áreas metropolitanas nas rexións urbanas, fundamental na política de vivenda e urbanística de ordenación territorial. Non se pode contentar a todos, señor conselleiro, ou conténtanse os especuladores ou garántese o dereito á vivenda; as dúas cousas non caben, e vostedes néganse.

Non se pode falar de sostibilidade se non limitamos o urbanismo expansivo que consome recursos naturais. Non se pode falar de desenvolver un rural con futuro, de incorporar a xente moza se non hai política pública, e vostedes néganse. É imprescindible a política pública, é imprescindible a contratación pública de xente que traballa no rural...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...non dismantelar os instrumentos públicos. ¡Non hai outra! A inercia do libre mercado lévanos onde nos está levando no rural, señor conselleiro. Ou poñemos o contrapeso do interese xeral do país, que necesitamos un rural vivo, ou se non morre. O libre mercado é o contrario do que necesita o noso rural, porque non é libre mercado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...só é libre mercado para catro. Para os gandeiros non é libre mercado, porque eles están sometidos, non teñen ningunha liberdade.

No I+D+i hai que falar de concreción, hai que focalizar os recursos nos sectores onde temos vantaxes competitivas. Na mobilidade debe de ser o plan estratéxico, debería de ser o plan estratéxico do ferrocarril...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...se de verdade queren vostedes falar de mobilidade sostible e de cambio climático. E do emprego xa falaremos, pero o seu modelo ao único que leva é ao empobrecemento e á emigración.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas.

Señor conselleiro, como xa lle dixen na súa comparecencia en comisión, empezo por admitir que é difícil opoñerse a un plan que establece, entre outros obxectivos, medrar por riba do 2,5 % do PIB, crear máis de cen mil novos empregos, reducir en 100.000 as persoas en risco de pobreza ou converxer oito puntos coa Unión Europea e cinco puntos co Estado español.

Mais ¿que acontece, señor conselleiro? Por citar simplemente un exemplo: que no Plan 2010-2014 se fixaba o obxectivo de que o PIB per cápita de Galicia representase o 95 % do da Unión Europea, e segundo as contas económicas rexionais de Eurostat –como vostede sabe– retrocedeu até o 80 %. Houbo unha desviación de once puntos, e en vez de converxer, diverxemos coa Unión Europea e co Estado español.

Hai un refrán que di que o papel o aguanta todo, pero para que o plan sexa críbel as políticas públicas teñen que ser congruentes cos obxectivos que se anuncian, e estas teñen que estar acompañadas de medidas concretas, incluídas dotacións orzamentarias que fagan posíbel a consecución deses obxectivos.

Estes son algúns dos problemas dos que adocece este plan e isto é o que pretenden corrixir as propostas de resolución presentadas polo BNG:

No plan apóstase por acadar un modelo de crecemento baseado na innovación e no capital humano. Coincidimos totalmente. Pero ese modelo exige ter unha forza laboral ben formada e, polo tanto, ben retribuída, e iso é incompatíbel cunha estratexia económica baseada na devaluación interna e na precarización das condicións laborais, e, sobre todo, é incompatíbel cos recortes en educación e en investigación.

No plan propoñen duplicar o gasto en I+D; tamén no plan anterior se marcaba como obxectivo que acadasen en 2014 o 1,5 % do PIB. Mais a realidade é que vostedes reduciron o gasto en I+D. Cito textualmente: “Perda de recursos humanos activos en investigación e innovación, tendencia descendente do gasto en I+D desde o 2008. En Galiza a intensidade do gasto foi do 0,88 % por baixo da media estatal europea e lonxe do obxectivo do 2020 do 30 %”. Isto é o que di a propia análise DAFO que acompaña este plan, señor conselleiro. Por iso, propoñemos, entre outras medidas: elevar o gasto en I+D+i, para sermos capaces de acadar o 3 % do PIB nun máximo de oito anos; elaborar un plan orzamentario que permita que o gasto en educación acade o 7 % do noso PIB; contemplar un investimento mínimo do 1,4 no Sistema universitario galego, até chegar á media europea no ano 2020, e definir unha carreira investigadora e tecnolóxica propia para o persoal dependente da Comunidade Autónoma, eliminando a precariedade que sofren os investigadores e investigadoras.

No plan márcanse como reto crear máis de cen mil novos empregos e rebaixar a taxa de paro ao 10 %; tamén no anterior plan se marcaba o obxectivo de acadar o 65 % de ocupación entre os 20 e 64 anos. Mais a realidade é que a taxa de ocupación hoxe é do 43,4 %.

Fíxase como obxectivo crear máis e mellor emprego e incrementar a produtividade, mais iso non é posíbel cunha lexislación laboral que favorece a degradación das condicións laborais. Por iso propoñemos modificar a lexislación para fomentar a estabilidade e o emprego de calidade fronte á precariedade e a sobreexplotación.

Na análise DAFO sinálanse, entre outras, as seguintes debilidades de partida, señor conselleiro: taxa de desemprego especialmente elevada na poboación xuvenil, elevada a taxa de temporalidade entre os 16 e 24 anos, necesidade de mellorar a eficacia e eficiencia das políticas activas de emprego, risco de que os grupos máis vulnerábeis queden excluídos, persistencia das fendas de xénero, insuficientes medidas de apoio á conciliación e á corresponsabilidade... Isto é o que di a análise DAFO. Por iso propoñemos un ambicioso paquete de medidas en materia de emprego xuvenil e desenvolver un plan de emprego feminino, que xa está contemplado ademais na Lei do traballo en igualdade.

No plan fíxase como obxectivo aumentar un 30 % o uso das enerxías renovábeis e incrementar un 20 % a eficiencia enerxética. E de novo coincidimos: as enerxías renovábeis teñen un menor custo ambiental, reducen a dependencia enerxética e levan aparelladas un forte investimento en I+D, e, por tanto, contribúen ao cambio de modelo de crecemento.

Pero a realidade é que o seu Goberno aplaudiu que o Goberno central decretase o parón das renovables e que se paralizase o autoconsumo eléctrico. A realidade, señor conselleiro, é que as súas políticas provocaron a parálise e a perda de liderado no sector eólico. Por iso propoñemos impulsar os cambios normativos necesarios para fomentar de verdade as renovables e acadar unha redución significativa da tarifa en concepto de peaxes de acceso, que permita que Galiza poida extraer beneficios da súa condición de grande produtor eléctrico.

No plan enúnciase como obxectivo favorecer a cohesión territorial, e preguntámonos se pensan que ese obxectivo se

consegue desmantelando os servizos no medio rural, abandonando o sector leiteiro á súa sorte ou estendendo a plantación de eucalipto á maior parte de Galiza.

Por iso propoñemos, entre outras medidas, que se garanta unha remuneración, que se adopten as medidas necesarias para garantir unha remuneración xusta polo leite, que cubra como mínimo os custos de produción, desenvolver un plan estratéxico para a recuperación do marisqueo e da pesca de baixura e impulsar unha política de aproveitamento multifuncional do monte, fomentando as producións de calidade, que permitan un maior valor engadido.

Se falamos de vivenda, a propia análise dá un retrato demoledor da situación, señor conselleiro: importante número de desafuzamentos, incremento de persoas sen fogar, dificultade de acceso a unha vivenda de familias con baixos ingresos, un parque de vivendas de protección pública antigo e pouco eficiente, baixa incidencia do mercado de alugueiro inmobiliario. Por iso propoñemos impulsar un programa orzamentario que asegure o realoxamento de todas as persoas desafuzadas e desenvolver un plan para ofertar 10.000 vivendas de protección pública en réxime de alugueiro.

Enuncian como obxectivo favorecer a cohesión social, márcanse como retos reducir en 100.000 persoas a poboación en risco de pobreza. Pero ese obxectivo é incompatible cos recortes nas políticas sociais, e volvo á análise DAFO, señor conselleiro: crecemento das desigualdade sociais, agraváronse especialmente os niveis de pobreza xuvenil e dos fogares monoparentais con fillos ao seu cargo, concentración espacial da pobreza, aumento da taxa de fogares con carencia material severa. Isto é o que di a análise DAFO.

Por iso propoñemos desenvolver un plan de emerxencia social, como propoñemos, en materia sanitaria, revertir os recortes e as privatizacións de servizos, garantir que todas as persoas que se atopan no chamado limbo da dependencia teñan a prestación pública que lles corresponde en aplicación da lei ou impulsar unha rede pública de servizos de atención á infancia que estableza unha distribución territorial equitativa.

Señor conselleiro, tamén temos propostas, como vostede sabe, como vostede é coñecedor, en materia crediticia, industrial, de infraestruturas, de ordenación do territorio, de medio ambiente, en lingua, en cultura, propostas que preten-

den poñer letra á música deste plan, acompañalo de medida concretas, incluídas dotacións orzamentarias, e dunha orientación de políticas públicas congruentes cos obxectivos que se enuncian, porque do contrario, señor conselleiro, este plan é un brindado ao sol, unha simple operación de propaganda, ás portas do remate da lexislatura, para vendernos un horizonte de futuro ilusionante, que contradí radicalmente a herdanza negra que vai deixar este goberno, a non ser, claro está, señor conselleiro, que, como xa lle dixemos na súa comparecencia en comisión, dado que estamos en ano electoral, vostedes xa asuman que será un goberno doutra orientación política, doutra cor, o encargado de poñer estes obxectivos en práctica.

Nada máis, señor conselleiro. Mañá teremos oportunidade de seguir profundando noutras das propostas de resolución do BNG e noutras das razóns que fundamentan as nosas críticas a este plan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Se mo permite, antes de iniciar o debate sobre este Plan estratéxico, quixera, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, trasladar unha mensaxe de apoio e de ánimo a Ángel Martínez e ás 110 traballadoras e traballadores do frigorífico Fandicosta, que, como saben todas as súas señorías, onte ardeu na parroquia moañesa de Domaio, destruíndo o traballo de máis de vinte anos e tamén o futuro de moitas familias da comarca do Morrazo e da bisbarra, do contorno, da área metropolitana de Vigo, nunha actividade moi importante para a economía do noso país; baste lembrar que ao redor da ría de Vigo e da ría de Pontevedra está ubicada a maior capacidade de almacenamento frigorífico de toda Europa en materia de actividade pesqueira. Polo tanto, eu creo que seguro que os outros grupos tamén, pero desde o Grupo Socialista queremos mandarlle unha mensaxe de ánimo e de apoio e de que imos estar ao seu lado para recuperar a actividade económica e para recuperar eses empregos nesa factoría.

Señor conselleiro, vostede falou ao inicio da súa exposición da presentación deste Plan estratéxico hoxe, aquí no pleno, ao igual que o fixo na comisión, cando o meu compañeiro o señor González Santín lle daba a réplica –que hoxe non pode estar aquí por razóns de saúde–, de consolidar a recuperación económica, de manter o Estado de benestar, de que a Administración non ten receitas máxicas pero xoga un papel fundamental para a recuperación económica e a consolidación e o mantemento do Estado do benestar, de empregar os recursos con eficacia e eficiencia e de que agora temos máis recursos para gastar. Este foi o seu debuxo do que significa este Plan estratéxico e pediunos aos grupos políticos consenso.

Señor conselleiro, o consenso ten unha pata fundamental, que é a reciprocidade. O Grupo Parlamentario Socialista presentou nada menos que 29 propostas de resolución sobre cada un dos eixes deste Plan estratéxico, e nas reunións previas a este debate de hoxe tan só foron aceptados algúns apartados de 11 desas propostas, desas 29 propostas de resolución. Polo tanto, o consenso sería se vostedes, nese debate previo ao día de hoxe, tiveran incorporado algunhas das nosas reivindicacións, que non pretendían outra cousa que facer máis crible este Plan estratéxico.

Estamos falando, señor conselleiro, nun contexto en Galicia no que temos, a día de hoxe, 38.300 fogares galegos nos que non entran ningún ingreso –é o peor dato dende que hai estatísticas, dende que se miden os datos–, e, polo tanto, este Plan estratéxico 2015-2020, que na súa análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades é unha emenda á totalidade do que leva feito o Goberno Feijóo, debora poñer encima da mesa as ferramentas e os orzamentos necesarios para sacar Galiza destes malos datos que temos, non só en canto a incremento da pobreza ou risco de exclusión social, ou o peor comportamento de Galicia fronte a España tanto en materia de destrución de emprego como en materia de creación de emprego, o peor comportamento de Galicia en canto a produción industrial, en canto a emprego industrial. Todos os indicadores, señor conselleiro, son a día de hoxe peores que cando o señor Feijóo entrou a gobernar Galicia, e non é só consecuencia do contexto internacional, senón que inflúen as políticas que se fixeron desde Galicia.

Polo tanto, este Plan estratéxico, que –insisto– na súa análise é unha emenda á totalidade das políticas do Goberno Fei-

jóo durante estes anos, debería de ser a oportunidade para rectificar esas políticas e para cambiar o rumbo da política económica e da política social do Goberno Feijóo, pero non o é. É certo que na súa diagnose e incluso nos seus obxectivos este plan di –con fermosas palabras, que todos podemos compartir– algunhas cuestións nas que todos e todas os que estamos nesta Cámara podemos estar de acordo. Pero a súa práctica cotiá, as políticas de todos estes anos contradín precisamente iso que vostedes din.

Este plan vén dicir o que dicíamos dende o Grupo Parlamentario Socialista en cada debate do estado da Autonomía ou en cada debate dos orzamentos de cada un dos anos do Goberno do señor Feijóo: que temos unha caída de máis de 5.000 millóns de euros no gasto social baixo a presidencia do señor Feijóo, que temos unha caída do 59 % dos orzamentos para as políticas activas de emprego, que se evidencia o fracaso das políticas de I+D+i do Goberno e que se optou claramente por baixar os custos laborais en lugar de aumentar o valor engadido do que producimos en Galicia. Hoxe é Galicia a comunidade autónoma co terceiro menor custo laboral por traballador e ten menor salario por hora traballada que España e a Unión Europea. E o investimento no I+D+i non chega ao 1 %; estamos, señor conselleiro –como lle di moitas veces o señor Losada– ao nivel de Turquía e Ucraína.

Este modelo –o seu modelo–, baseado na rebaixa dos salarios, no axuste das pensións e das prestacións públicas, estrangula a capacidade económica da cidadanía, aumenta a pobreza e a exclusión social, como consecuencia, evidentemente, dunha fortísima caída da renda dispoñible. E vostede pide consenso, pero non acepta ningunha das propostas importantes que o Grupo Parlamentario Socialista presentou a este Plan estratéxico.

Señor conselleiro, para nós as prioridades están claras. Para nós as prioridades son: educación, educación, educación, I+D+i, fortalecemento da I+D+i pública; se se fortalece a I+D+i pública, se se inviste máis diñeiro na investigación, no desenvolvemento e na innovación públicos, estes actuarán de tractores tamén da investigación privada.

Incrementar, recuperar a capacidade investigadora do sistema universitario galego. Fortalecer o papel do Igape, e que este sexa, de verdade, un axente financeiro do investimento

produtivo galego. Fortalecer o servizo público de emprego, para que de verdade sirva ao obxectivo para o que foi creado, que é servir de orientador das persoas que non teñen traballo, que non atopan emprego, e de reorientador tamén das súas capacidades laborais. Vostedes, pola contra, durante estes anos, están desmantelando o Servizo Público de Emprego, despedindo persoal dese servizo público, e non dándolle o papel protagonista que deba ter no principal problema que ten o noso país hoxe en día, que é o paro.

Definir que actividades económicas deben de liderar o novo modelo produtivo; iso solicitámolo nas nosas propostas de resolución e vostedes non o aceptan. Recuperar os pactos territoriais de emprego, para darlles un papel relevante ás entidades locais na creación de emprego e tamén para tratar de achegar o máis posible a demanda dos distintos perfís profesionais ás necesidades das persoas que están buscando emprego.

Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar, recuperando persoal e o talento que se está indo do noso país.

Que o noso sistema sanitario volva a ser universal, sexa cento por cento público, e sexa sostible, fomentando a saúde pública.

Rematar coa fenda salarial entre mulleres e homes e educar en igualdade.

Dotar o plan de dinamización demográfica, que vostedes fixeron apresuradamente, de obxectivos avaliábeis, con indicadores de seguimento, e non que siga sendo, como é agora, unha ferramenta unicamente de publicidade e propaganda ao servizo do Goberno galego.

Señor conselleiro –diciallo ao inicio da miña intervención–, vostedes presentan un Plan estratéxico que non vai resolver os principais problemas que ten Galiza hoxe en día. E insisto no dato: 38.300 fogares galegos nos que xa non entra ningún ingreso, o peor dato desde que temos indicadores.

Pois ben, diante desta realidade, cando os socialistas propoñemos que a renda de inclusión social inclúa todas as persoas que non teñen ningún ingreso no noso país, posto que ata o de agora apenas chega ao 30 % da poboación obxecti-

vo, vostedes rexéitano. Cando os socialistas propoñemos que se cumpra o que se di na Lei de dependencia, vostedes rexéitano. Cando os socialistas dicimos que hai que facer unha verdadeira política de rehabilitación e conservación da vivenda e garantir un acceso a unha vivenda digna, tanto sexa en alugueiro ou en propiedade, vostedes rexéitano.

¿E que dicir dos sectores primarios, señor conselleiro? O lácteo, o forestal, o sector pesqueiro. Vostedes en todos eles escollen os poderosos e abandonan os máis débiles na cadea. Abandonan os produtores no sector pesqueiro, abandonan os produtores no sector lácteo e pónense do lado dos poderosos, fixando uns prezos que son imposibles de asumir porque son inferiores aos custos de produción. E vostedes non están dispostos a cambiar o modelo forestal; a darlle ao monte galego un cambio no modelo de explotación, a facelo multifuncional; nin a diversificar a actividade nin a diversificar e transformar os produtos que producimos, para xerar ese valor engadido que nos daría un mellor posicionamento no mercado nacional e internacional.

A enerxía, que nós consideramos unha actividade estratéxica para o país, é certo que o marco regulador non axuda, pero vostedes nin pelexan contra o marco regulador nin están dispostos a poñela na fronte da súa actuación política.

¿Que dicirlle, señor conselleiro, do medio ambiente, da natureza, da protección dos nosos espazos naturais ou da ordenación do territorio? Políticas absolutamente abandonadas por parte deste goberno, que o único que fixo en canto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...á ordenación do territorio foi xerar máis confusión e máis caos, tanto cos concellos como co conxunto da cidadanía.

E, dende logo, vostedes non están dispostos a tirar da potente industria cultural que poderíamos ter no noso país, dos creadores e do patrimonio cultural, para que xeren emprego e riqueza. E tampouco están dispostos –porque nas nosas propostas así o faciamos– a recuperar a totalidade dos dereitos dos empregados e das empregadas públicas. Polo tanto, conselleiro, boa diagnose, obxectivos que soan ben, pero a realidade desmente o que vostedes hoxe veñen aquí ofrecer.

Se queren consenso, teñen oportunidade ata mañá, cando votemos as propostas de resolución, de aceptar as 29 propostas de resolución que presentou o Grupo Parlamentario Socialista, que creo que modestamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego. Remate.

A señora GALLEGO CALVAR: ...contribuirían a fortalecer e a facer crible este plan estratéxico, que, doutro xeito, quedará unha vez máis en palabras bonitas pero baleiras de contido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día a todos.

Por suposto que o Grupo Popular e o Goberno están nestes momentos moi preto dos traballadores da empresa de frigoríficos que onte ardeu en Moaña. E estou seguro de que todos os membros da Cámara compartimos a preocupación e estaremos dispostos a que esa empresa poida recuperar canto antes a súa actividade e os postos de traballo.

Dun plan estratéxico estamos debatendo hoxe, e eu creo que é o que convén, dado que mañá é o día en que falaremos do que se pode incorporar ou o que se debe de sacar –sacar non pediron que se sacara nada, senón máis ben que se incorporaran algunhas cuestións–, e eu creo que é conveniente falar fundamentalmente de que é un plan estratéxico.

Un plan estratéxico o que pretende é mobilizar os recursos de forma non conxuntural, senón pensando en termos a longo prazo, en termos estratéxicos, que neste caso teñen unha finalidade, que é inserir a economía galega, eficazmente, no que é a Unión Europea e no que é a economía que tende á globalización, evitando, polo tanto, a dispersión de esforzos; e ademais é un mecanismo que permite avaliar os resultados.

Unha vella definición –cando comezou a propoñerse a planificación estratéxica–, a de Ackoff, di que a planificación

estratéxica é un proceso que se dirixe cara á produción dun estado ou estados desexados –e cando digo estados ou estado non me refiro a estados políticos, señor Sánchez, senón que me refiro a estados situacionais–. Polo tanto, á procura duns estados desexados no futuro que non é probable que ocorran se non facemos algo para conseguir acadar eses obxectivos.

Tecnicamente un plan estratéxico ten unha serie de características. A primeira é a formalización; ten que estar escrito, ten que estar nun soporte físico consultable. Ten que ser posible cuantificalo e ademais ten que ser posible medir os seus resultados. Ten que ser un documento que integre o conxunto de actividades dunha organización –neste caso da Administración autonómica– nun todo que lle dea sentido á acción pública. Ten que ser tamén un instrumento baseado na racionalidade prospectiva; é dicir, ten que ser realista, en función das competencias e dos medios dos que un dispón para conseguir acadar os obxectivos. En quinto lugar, ten que ser un instrumento baseado na realidade, no que hai no momento presente, e por iso adoitan incluír unha análise da situación –neste caso unha análise DAFO–. E, por suposto, téñense que explicitar as accións previstas, a xerarquía e a ordenación e facerse todo este proceso de xeito participativo. Finalmente, todo plan estratéxico tamén é cíclico; é dicir, é un documento vivo que se vai estudando, que se vai renovando e que se vai modificando, porque permite –e esta é unha das súas características, algúns que hoxe veñen falar aquí de corrupción– precisamente transparentar a acción política, permite transparentar a acción da facenda pública autonómica, e, polo tanto, é un dos instrumentos de control da acción pública máis interesantes dos que se dispoñen nun estado moderno.

En definitiva, estamos cunha planificación que serve para coordinar as actividades dunha organización; tomar o futuro en consideración, introducir o longo prazo; racionalizar as decisións en función dos medios e das competencias; controlar a actividade da organización, tanto cando actúa como, sobre todo, polos resultados que pretende acadar cara o futuro; e ademais aporta información e certidume aos axentes económicos, o cal é bo, á súa vez, para fomentar e potenciar o crecemento económico.

A oposición ao Plan estratéxico que acabamos de escoitar dos grupos desta Cámara eu creo que precisamente se debe

fundamentalmente a que o Goberno trae este plan porque é coherente co que está a facer o Goberno. Porque é evidente que este goberno está coordinado –e hai experiencias de gobernos que non están coordinados, e cada día hai máis evidencias de gobernos que non son capaces de estar coordinados. Porque é un plan que pensa no futuro, como fixo o Goberno desde que asumiu as súas responsabilidades, tanto no ano 2012 como no ano 2009. Porque as decisións que se adoptan son racionais e axustadas aos medios e ás competencias que ten a Administración autonómica. Porque este Goberno leva anos aprobando normas que fomentan o control do público; e ademais porque nos gusta dar certidume aos axentes económicos.

Curiosamente, os grupos da oposición fixeron trece eloxios ao Plan estratéxico que hoxe discutimos. AGE e os demais grupos dixerón que era magnífico o Informe DAFO. Efectivamente, hai que saber cal é a realidade. Iso é un tomo dos tres que se presentan hoxe. Incluso o portavoz do Bloque dixo que os obxectivos era imposible estar en desacordo con eles. Polo tanto, estamos falando de que estamos de acordo coa análise da realidade mais cos obxectivos que ten que acadar a economía. E a portavoz do Grupo Socialista, ademais de eloxiar a quen o escribiu –fermosas palabras, dixo, a min a verdade é que se me fixo un pouco máis dura a lectura do Plan estratéxico como para dicir que foron fermosas as palabras que incorpora–, dixo que estaba a diagnose ben –é dicir, a análise DAFO–, e que as liñas estratéxicas e os obxectivos tamén estaban ben. Pois é que isto é o Plan estratéxico. Vostedes están, en definitiva, eloxiando basicamente o Plan estratéxico e cuestionando outras cousas. Están cuestionando o Plan estratéxico do ano pasado, o do anterior período; están cuestionando se é boa, mellor ou peor a realidade que reflicte a análise DAFO, pero non están, no fondo, cuestionando un plan estratéxico que é un instrumento que se pode adaptar, governe quen governe, tanto nas prioridades como nos gastos que se realizan.

O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 que debatemos hoxe corresponde tecnicamente ao que é un excelente plan estratéxico. En primeiro lugar, ten soporte físico; son tres tomos, 704 páxinas. É posible a cuantificación e a posibilidade de medición. No volume II, capítulo V, hai un sistema de indicadores que ten 463 indicadores de resultados deste plan, que inclúen financeiros, de produtividade, de resultados, de cumprimento dos obxectivos da Estratexia 2020 europea, e tamén

de contexto do Plan estratéxico de Galicia en comparación co que está pasando no noso contorno: o famoso *benchmarking*, que a vostedes non lles gusta. Porque o *benchmarking* –falando entre nós– é comparar como está Galicia e como está Andalucía, por exemplo, para ver como afectou a crise a cada unha das dúas comunidades autónomas.

En terceiro lugar, é evidente que está integrado. Hai priorizadas as actividades. Hai catro eixes que afectan a toda a acción administrativa: emprego e crecemento intelixente, benestar e cohesión social. Díxose aquí que non se falaba de sanidade. A primeira prioridade no eixe de benestar e cohesión social é un sistema sanitario sustentable, e hai aí moitas propostas e moitos indicadores para medir a evolución a mellor do sistema sanitario. O terceiro eixo, o crecemento sostible, que inclúe territorio rural e mar. E, cuarto, sociedade dixital e cultura, que ademais vai acompañada por un quinto eixe transversal que é a modernización da Administración. Todo isto desenvólvese en 74 obxectivos estratéxicos e 21 obxectivos instrumentais.

E iso é o que fai forte a este plan. Hai un impulso ao crecemento económico partindo dun modelo que se basea na innovación e no capital humano. Hai colaboración para acadar unha Galicia cohesionada social e territorialmente, na que se siga creando emprego.

Ten este plan tamén racionalidade prospectiva. Os obxectivos están enumerados, e ademais a situación actual –en contra do que se dixo– permítenos ser optimista.

Crecemento medio do PIB. Pídese un crecemento medio do PIB do 2,5. Cando aquí se falaba de que a economía galega ía crecer no 2015 en taxas superiores ao 2, a oposición riuse de nós; dixo que como era posible que Galicia fose crecer máis que Alemaña. O último dato dispoñible –que pasou desapercibido para os membros da oposición– é que Galicia está crescendo o 3,6 –dato da Airef–, por riba da media española que é do 3,4. A Airef é un órgano independente, supoño que tampouco cuestionarán os datos da Airef, que, en todo caso, son homoxéneos para o conxunto do país. Polo tanto, cremos que pode obterse un crecemento medio do PIB do 2,5 no período.

Máis de 100.000 empregos e reducir ao 10 % a taxa de paro. Desde o 2013 reducimos en 60.000 o número de desempre-

gados, quedando 15.000 ocupados. Baixou catro puntos a taxa de paro, que hai un ano estaba no 21,83 e hoxe está no 12,2.

Duplicar o gasto en I+D+i e elevar as exportacións. No ano 2015 creceron un 5,6; no ano 2016 están crescendo un 6,5, moi por riba da media de España, que é do 2,1.

Rebaixar outros 3,5 puntos a taxa de abandono escolar. No ano 2009 era do 25,8; no ano 2015 é do 15,7. E así sucesivamente, señorías. (*Aplausos.*) Pensamos que é posible (*Aplausos.*) continuar acadando estes obxectivos. (*Aplausos.*)

Hai unha análise DAFO que foi eloxiada, hai xerarquías. E a análise é boa porque o proceso de elaboración deste Plan estratéxico foi o máis participativo, e fai deste plan o mellor que se fixo –como dixo algún experto da historia da nosa autonomía–, o máis participativo que houbo nunca en Galicia.

Por salientar algunhas cuestións, publicouse o ano pasado na páxina web para o acceso de toda a cidadanía e non só das súas señorías. Mandouse a todos os concellos de Galicia, ás facultades e aos departamentos das tres universidades, aos axentes sociais, aos clusters, ás entidades do terceiro sector, ás asociacións sectoriais, aos colexios profesionais, etc.

Elaboráronse tres foros de debate con once mesas de traballo sobre demografía, sobre competitividade empresarial e cohesión social, nas que participaron axentes sociais, colectivos, asociacións... Nada que ver estritamente, co que é a militancia política. Participaron todos os sindicatos que quixeron participar, participaron todas as organizacións, todos os colexios, etc.

Todo iso chega ao Parlamento o 4 de febreiro deste ano desde que vostedes xa teñen constancia física dese documento. O conselleiro compareceu un mes despois, e levamos desde o 4 de marzo –cando compareceu o conselleiro, como vostedes saben– tendo distintas reunións para mellorar o Plan estratéxico, que terán resultado mañá coas transaccións que acordamos o 6 de abril, o 27 de abril e o 2 de maio. Eu, señorías, sinceramente, creo que nunca houbo un plan tan traballado, tan participado, tan negociado cos axentes sociais, coa sociedade en xeral, e tamén nesta Cámara.

E, finalmente, é cíclico porque se trata –insisto– de ilo corrixindo pouco a pouco. En definitiva, señorías –para concluír–, nós o que queremos é felicitar o conselleiro e o seu equipo, que fixeron eles orixinariamente este plan. Unha cousa que hai que felicitar porque non sei se saben que Barcelona acaba de aprobar un plan estratéxico para a súa cidade; a alcaldesa Ada Colau encargoullo a un gabinete externo, externalizou a elaboración do plan. Nós seguimos na vella política, que é traballando cos funcionarios públicos, que son os que mellor traballan. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Entón, a partir de aí, (*Aplausos.*) este documento, (*Aplausos.*) que foi elaborado por traballadores públicos, exposto á sociedade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...e debatido con vostedes, é un documento que blinda o gasto social sen subir os impostos, que inicia unha senda de crecemento reducindo o endebedamento, que mantén a solvencia da Comunidade Autónoma.

Señor conselleiro, noraboa, e confiamos en mañá introducir algunhas melloras a través das transaccións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Anuncio que o debate continuará. En concreto, farémolo despois da votación das proposicións non de lei, e farase de acordo co seguinte esquema: unha rolda de portavoces para fixar a súa posición respecto das propostas durante un tempo de dez minutos, e votaremos despois as propostas de resolución.

Lémbrolles que para as propostas de resolución e as transaccionadas remata hoxe o prazo ás 18.30.

Continuamos coa orde do día. Pasamos ao punto segundo, que é de comparencias.

Comparencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das actuacións e medidas que a Xunta ten posto en marcha no marco do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, dona Ethel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, o pasado 24 de febreiro, inmediatamente despois da súa aprobación no Consello da Xunta, o Goberno galego traía a este Parlamento o Plan RehaVita, o Plan galego de rehabilitación, aluguer e acceso á vivenda para o período 2016-2020, para ser presentado, analizado e debatido nesta Cámara. E hoxe, atendendo ao compromiso de máxima transparencia e tamén de ofrecer información detallada na xestión do Goberno, comparezo de novo ante este Pleno por petición propia para dar conta das medidas e das actuacións que dende a Xunta de Galicia puxemos en marcha nos últimos quince meses que transcorreron dende a aprobación desta planificación estratéxica. Porque, señorías, aínda que a política social e de vivenda sempre estivo nas prioridades estratéxicas deste goberno, nos últimos meses teño que dicir que intensificamos traballo e recursos para garantir o acceso a un fogar a aqueles colectivos máis desfavorecidos. Intensificamos traballo e recursos.

O significativo é que estamos a apostar por este plan, o Plan RehaVita, que é o primeiro plan autonómico de vivenda do Goberno galego. Partimos da experiencia previa, do traballo feito. No seu deseño tivemos en conta a política de vivenda que vimos desenvolvendo nos últimos anos, incorporando aquelas medidas que se teñen identificado como mellores e eficaces, pero no que tamén incluímos actuacións novidosas que xa temos posto en marcha e nas que estamos traballando para o seu desenvolvemento.

Porque, ante todo, señorías, o Plan RehaVita é un plan para o presente pero tamén é un plan para o futuro. É un plan para o presente porque é a folia de ruta que estamos a seguir coas actuais políticas públicas en materia de vivenda, e é un plan para o futuro con medidas e actuacións programadas no tempo que sentan as bases para un modelo sustentable que permita responder ás necesidades reais de vivenda das familias galegas nos vindeiros anos.

Señorías, na Xunta somos plenamente conscientes de que, a pesar da mellora económica que está a comezar, hai sectores da poboación que aínda non o perciben e teñen serias difi-

cultades para satisfacer as súas necesidades básicas, como, por exemplo, o tema da vivenda. O que queremos e o que estamos a facer co Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda é redobrar esforzos. Incrementamos partidas orzamentarias e activamos novos programas e novas medidas para atender máis situacións e dar resposta ao maior número de familias e persoas. E facémolo dando prioridade ás necesidades máis urxentes, como os afectados por desafuzamentos da vivenda habitual.

Para acadar o noso obxectivo e de cara a gañar operatividade e tamén organización, decidimos estruturar esta planificación con base en catro eixes. O primeiro eixe é o acceso á vivenda, con 107 millóns de euros, para facilitar unha vivenda adecuada aos galegos con dificultades para conseguila. O segundo eixe é a rehabilitación de vivenda e a renovación urbana, con 134 millóns de euros. O terceiro eixe está destinado á prevención da exclusión residencial, con 64 millóns de euros, destinado a dar cobertura a esas situacións de especial risco naquelas familias nas que o custo da vivenda supón unha porcentaxe moi elevada con respecto aos seus ingresos. Tamén hai outras medidas de menor impacto cuantitativo, como 2 millóns de euros, fundamentais para conseguir o desenvolvemento completo deste plan.

En total, polo tanto, son 307 millóns de euros de investimento público para mobilizar un total de 600 millóns de euros. E o máis importante é que beneficiará –está beneficiando xa a familias– en total a 152.000 persoas, facilitando o acceso a unha vivenda a aquelas familias que máis o necesitan. Pero non estamos a falar deste tipo de medidas que só están nun papel, estamos a falar de medidas efectivas, de medidas reais, actuacións coas que xa se está a axudar a esas familias galegas.

Vou referirme, en primeiro lugar, a un ámbito no que Galicia foi pioneira e segue sendo un referente a nivel estatal: o eixe de rehabilitación de vivenda e renovación urbana.

Saben que a comunidade galega leva trinta anos, dende a súa transferencia, impulsando a rehabilitación de vivenda e edificios tanto nos núcleos rurais como nos conxuntos históricos, ou como no ámbito dos camiños de Santiago, e poñendo en marcha programas de axudas á rehabilitación e acometendo tamén actuacións directas. Galicia foi a primeira comunidade autónoma en declarar áreas de rehabilitación

integral, e actualmente conta co maior número de áreas de rehabilitación integral declaradas –68 en total–.

Un par de exemplos: o pasado ano declaráronse dez novas áreas, polo tanto o ano 2015 foi o ano de maior número de declaracións de áreas dende a súa creación no ano 1996, e tamén este ano xa declaramos unha nova área, a do barrio de Vite, aquí en Santiago. E non hai que esquecer a área de rehabilitación do Camiño de Santiago, un caso único de rehabilitación en España e que engloba un total de 107 concellos e case 500 parroquias nas catro provincias galegas. No mes de abril o *Diario Oficial de Galicia* publicaba a resolución pola que se abría o prazo para solicitar este tipo de axudas de rehabilitación integral nas vivendas situadas no Camiño de Santiago, que se poderán solicitar ata o vindeiro 30 de novembro. Estou a falar do programa “Vivendas do Camiño”, a maior aposta da Xunta de Galicia para a rehabilitación de vivendas vinculadas ao patrimonio e á identidade de Galicia; unhas subvencións nas que a Xunta financiará o 35 % das obras de rehabilitación desas vivendas situadas no Camiño de Santiago, ata un máximo de 11.000 euros. E tamén as axudas serán superiores cando se trate de infravivenda no rural, axudas, no caso de infravivenda no rural, nas que a Xunta financiará o 80 % dos custos totais das actuacións ata un máximo de 12.000 euros. Polo tanto, a Xunta destinará este mesmo ano 2016 2,7 millóns de euros de subvencións de rehabilitación das áreas do Camiño de Santiago, aos que hai que sumar os 500.000 euros para a rehabilitación de infravivendas. Polo tanto, en total, 3,2 millóns de euros no ano 2016 no programa “Vivendas do Camiño” para a mellora desas vivendas situadas no Camiño de Santiago, que permitirá mobilizar en total 9 millóns de euros.

Polo tanto, son axudas do Goberno galego para realizar unha forte aposta, unha forte aposta por mellorar a calidade de vida dos nosos veciños mellorando a accesibilidade, mellorando as condicións da vivenda, tamén para coidar o noso contorno e, polo tanto, a nosa identidade e a nosa paisaxe galega, e tamén dando un novo pulo ao rural, tratando de fixar poboación e de xerar riqueza e emprego nas parroquias e vilas que discorren polo Camiño de Santiago.

Permítanme que destaque tamén algo importante deste programa “Vivendas do Camiño”. Creamos este plan, este programa, con vocación de permanencia. Temos a intención de

continuar, porque estamos a falar de convocatorias de gran utilidade social.

Tamén o pasado 4 de abril se publicaban as axudas da Xunta de Galicia para destinar máis de 2,7 millóns de euros ás subvencións para rehabilitación de edificios de vivendas dentro do programa de rehabilitación edificatoria do Plan de aluguer e rehabilitación 2013-2016 estatal. A contía máxima das subvencións por edificio pode chegar ata os 11.000 euros por cada vivenda e a mesma contía para cada 100 metros cadrados de superficie útil. E cando se trate de edificios declarados bens de interese cultural e catalogados, pois pódese incrementar ata 12.100 euros.

Tamén en abril publicamos outra orde de 600.000 euros para axudas a propietarios de vivendas para obter o informe de avaliación de edificios, unhas subvencións que poden beneficiar a 1.200 comunidades de propietarios para que teñan ese documento, ese documento imprescindible, requisito indispensable para acceder a axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios.

E tamén no mes de abril, o pasado día 27, o *Diario Oficial de Galicia* facía pública a convocatoria de axudas á rehabilitación de vivendas no medio rural, nos conxuntos históricos e nos Camiños de Santiago, por 4 millóns de euros.

A estas ordes sumaranse novas convocatorias; unha foi publicada hoxe mesmo, as axudas ás comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública, con 1,3 millóns de euros, publicada hoxe no *Diario Oficial de Galicia*, e outras están en tramitación, como as axudas aos concellos para mellorar a eficiencia enerxética, con 300.000 euros, que tamén publicaremos proximamente.

Polo tanto, é todo un conxunto de actuacións, de axudas de apoio á rehabilitación, que se completa con outras importantes que o Instituto Galego da Vivenda e Solo vén desenvolvendo nos últimos anos, facendo rehabilitación directa. É o caso da rehabilitación de edificios que se está a levar a cabo nos cascos antigos de Betanzos, Lugo e Ourense.

En Betanzos saben que temos adxudicada a redacción dos proxectos e dirección de obra para a rehabilitación de tres edificios. Temos destinados, temos consignados, 1,2 millóns de euros que permitirán poñer en disposición oito vivendas

para alugueiro social e tamén para poñer á disposición tres locais comerciais. A nosa intención é iniciar as obras destas vivendas para alugueiro social este mesmo ano.

No caso de Lugo, no barrio da Tinería, como saben, tamén finalizamos obras en 35 edificios, nos que se obtiveron 82 vivendas, 20 locais comerciais, e nos que se investiron 25 millóns de euros. Este ano tamén temos previsto licitar obras de rehabilitación das edificacións da rúa da Tinería, número 30, e da rúa Recanto do Miño, número 17; e tamén redactar o proxecto doutra edificación e así completar esa mazá, que está practicamente rematada. Encargarase a redacción do proxecto de urbanización UI-8 no seu contorno, e tamén o proxecto de execución de tres edificios de vivendas que se inclúen nese ámbito.

No concello de Ourense tamén neste exercicio licitaremos a rehabilitación de dous edificios. Temos consignados 1,3 millóns de euros nos orzamentos.

Polo tanto, como poden comprobar, señorías, son medidas, actuacións, que demostran unha clara aposta do Goberno galego para a recuperación dos núcleos históricos, das vivendas rurais e para a conservación e revitalización de Galicia. As cifras así o certifican. Entre o ano 2015 e o ano 2016 teremos mobilizado uns 40 millóns de euros para rehabilitación, tendo en conta as convocatorias de axudas á rehabilitación realizadas o ano pasado e as habilitadas ou previstas neste ano 2016, e tamén as directas a través do Instituto.

Con estes antecedentes e co noso interese de seguir avanzando nesta liña de traballo que Galicia emprendeu hai moitísimos anos, na Xunta tomamos a iniciativa de crear os premios de arquitectura e rehabilitación –convocámoslos por primeira vez neste ano e nacen con vocación de permanencia–: o Premio galego de arquitectura e o Premio galego de rehabilitación. E tamén hai premios especiais á sustentabilidade e á traxectoria profesional. Son galardóns nos que a Xunta o que quere é distinguir e proxectar a profesionalidade dos nosos arquitectos, dos arquitectos galegos, recoñecer o traballo que se vén facendo pola renovación, rehabilitación e posta en valor dos núcleos rurais, e tamén por achegar valor engadido á edificación, fomentando tamén a responsabilidade ambiental.

Señorías, dende o Goberno galego por suposto que tamén queremos facilitarlles o acceso a unha vivenda aos galegos,

especialmente aos que necesitan axuda máis urxente, e por iso tamén nos nosos programas a promoción pública de vivendas ten un lugar destacado.

Só nos últimos quince meses entregamos arredor de trescentas vivendas de promoción pública en Ferrol, Pontevedra, Ourense, Carballada de Avia, Vilamarín e Ortigueira; a maior parte delas en réxime de alugueiro social.

Ademais, en segundas transmisións entregamos tamén máis de cen vivendas, que foron tamén adxudicadas a través do rexistro de demandantes.

Paralelamente seguimos a desenvolver solo para vivendas de promoción pública de nova construción. É o caso das 40 vivendas de promoción pública que a Xunta vai construír no parque ofimático da Coruña. En decembro publicamos a licitación da redacción do proxecto, que será adxudicado en cuestión de días. Son 40 vivendas e suporá un investimento de 3,4 millóns de euros, e xa neste ano 2016 se reservaron máis de un millón de euros para poder iniciar as obras este mesmo ano.

Tamén imos construír 80 vivendas públicas en Vigo, grazas á consignación de 7,2 millóns de euros nos orzamentos. Xa saben que o pasado 17 de febreiro licitamos os contratos para a realización deses proxectos; serán adxudicados estes proxectos este mesmo mes, e no que estamos a traballar e o que prevemos é licitar ao longo do 2016 a construción destas vivendas. Por certo, señor Bugallo, vivendas que se edificarán en parcelas cedidas polo Concello de Vigo pero non de forma gratuíta, senón a cambio do 10 % da edificabilidade ao Concello de Vigo.

Con esta nova promoción, o Goberno galego dota a Vigo de novas vivendas de promoción pública destinadas a cubrir as necesidades das familias máis desfavorecidas da cidade. Ademais, en 2016 tamén prevemos licitar 8 vivendas en Covadonga, en Ourense, onde temos previsto investir un millón de euros. Unha vez construídos estes inmobles, serán adxudicados a esas persoas e familias inscritas no Rexistro de demandantes de vivenda; un rexistro, por certo, que teño que dicir que imos dotar de máis axilidade, acurtando tempos de selección e permitindo ou dando a posibilidade de que os promotores privados poidan contactar directamente cos solicitantes do Rexistro de demandantes.

As vivendas que se adxudiquen en réxime de alugueiro pasarán a integrarse dentro do parque público de vivenda en alugueiro propiedade da Xunta de Galicia; polo tanto, súmanse a esas 3.100 vivendas que é o parque actual de vivenda público en réxime de alugueiro do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Na Xunta tamén traballamos para axudar a quen máis o necesita con estas máis de 3.100 vivendas en réxime de alugueiro do Instituto, para evitar resolucións de contratos por impago e execucións hipotecarias e para flexibilizar as condicións de pagamento da débeda, porque así o establece o decreto que estamos tramitando. Saben que estamos tramitando un decreto que desenvolve esa lei de vivenda de Galicia, prevé facilidades de pagamento, fraccionamentos de pago e ampliación de prazo de amortización. E tamén permite que as persoas que están en situación de dificultade poidan pagar o 50 % da renda que teñan asignada sen acumular débeda ningunha.

Do mesmo xeito, o novo decreto recolle novas fórmulas para facilitar o acceso a vivenda en réxime de promoción pública. Estamos a falar, por exemplo, de réxime de copropiedade; unha nova fórmula que poñemos á disposición daquelas familias que dispoñan de ingresos de ata tres veces o IPREM. Por certo, elevamos o tope; antes era ata o 2,5, agora, con este novo decreto, será de ata tres veces o IPREM. O adxudicatario pode adquirir, como mínimo, un 60 % da propiedade, o resto estará en mans do Instituto ou doutra administración. Pero realmente ten unha clara vantaxe para o propietario; só pagará as cotas mensuais desa porcentaxe, pero desfrutará do 100 % da vivenda, e en calquera momento pode adquirir o 100 % da propiedade da vivenda.

Outra nova figura será tamén a de vivendas concertadas; aquelas vivendas construídas por promotores privados e outros promotores públicos distintos do Instituto, preferentemente en localidades intermedias ou pequenas, onde se acredítase a existencia de demanda.

Establecerase unha liña de colaboración público-privada, nesos concellos de menos de 25.000 habitantes, cos promotores privados para facilitar a construción destas vivendas protexidas. Os promotores construírán as vivendas de promoción pública cos recursos propios, pero coa seguridade de que se venderán na súa totalidade. Os concellos achegarán o solo e tamén bonificación das taxas e licenzas, e o IGVS, o Instituto, cualificará esas vivendas de promoción pública,

outorgando axudas aos adquirentes e tamén dando garantías para a obtención dos préstamos a estes adquirentes.

Polo que respecta ás vivendas de protección autonómica, aquelas –como saben– desenvolvidas polos promotores privados e que lle dean cualificación de protexidas, mantemos as modalidades existentes neste decreto que estamos tramitando: o especial, o xeral e o concertado, pero modificando un pouco as condicións e elevando a renda máxima do réxime especial ata 3 veces o IPREM, ampliando o abano de familias que poidan acceder a estas vivendas de protección autonómica. Tratamos así de ofrecer unha alternativa a aquelas persoas que teñen dificultades para acceder ao financiamento necesario para adquirir unha vivenda libre e que vexan afectadas pola diminución de vivendas sociais de promoción privada. Ademais, para cualificar unha promoción como vivenda protexida por unha cooperativa, con este decreto será necesario unicamente dispoñer do 50 % dos socios; ata agora saben que é o 80 %.

Pero, señorías, non somos alleos aos cambios de modelo que se están rexistrando na sociedade, e deste xeito complementamos todas estas iniciativas con medidas de fomento do alugueiro; fomento do alugueiro que temos posto en marcha para facer máis doado que as familias con dificultades poidan acceder a un fogar.

Esta é unha materia na que vivimos traballando e que se viu reforzada nos últimos meses para adaptar as medidas ás necesidades reais dos veciños. Cómpre lembrar que, segundo os últimos datos feitos públicos, na actualidade a meirande parte dos problemas de desafiuzamento son por impago de alugueiro, e a iso responden as medidas que temos xa en marcha. A isto responde o acordo asinado co Sareb, co banco malo, para cesión de vivendas baleiras para alugueiro social; os convenios coas entidades financeiras, entre elas a maior entidade financeira de Galicia, poñendo á disposición vivendas baleiras. En total, 240 vivendas baleiras que xa estamos ocupando para alugueiro social para esas familias necesitadas e en risco de perder a súa vivenda.

E tamén nos están a axudar na prevención de novos casos eses convenios coas entidades financeiras, porque saben que se comprometeron as tres entidades financeiras e que se engadirá outra –a número 4– proximamente, a non botar a ninguén do seu fogar por non poder pagar a hipoteca, e que

poida permanecer na súa vivenda pagando un alugueiro social de entre 0 e 75 euros en función da situación familiar. Foi ao que se comprometeron as entidades financeiras con documentos asinados coa Xunta de Galicia.

Tamén creamos, como saben, o bono alugueiro social, destinado a atallar os problemas de desafiuzamentos por familias que non poden pagar o alugueiro. A principio de ano publicamos unha nova convocatoria, que superaba os catro millóns de euros, e ampliamos os supostos tamén ás vítimas de violencia de xénero e a esas persoas en circunstancias extraordinarias, como poden ser incendios ou inundacións. Agora acabamos de dar un novo paso e ampliamos as coberturas do bono de alugueiro social, incrementando a contía e estendendo os supostos para que se poidan acoller a esta medida. O Consello da Xunta, a semana pasada, ampliaba esta axuda do bono alugueiro de 150 euros a 200 euros ao mes, no caso de beneficiarios das sete grandes cidades, ata dous anos, 24 meses, e tamén incrementamos a axuda adicional, que pasa de 450 euros a 600 euros. E tamén acordamos estender o ámbito destas axudas ás persoas que están dentro do programa Aluga. Xa lle adianto que nos próximos días o *Diario Oficial de Galicia* publicará esta orde, que ampliará de forma substancial o bono de alugueiro social da Xunta de Galicia.

Polo tanto, señorías, incrementamos as contías, os esforzos, os supostos, para adaptar as medidas da Xunta ás necesidades das familias galegas, tratando de darlle unha solución a esas persoas que están atravesando dificultades económicas e teñen risco de perder o seu fogar.

Por outra banda, e de cara a favorecer a ocupación desas vivendas baleiras existentes en Galicia, tamén temos impulsado unha medida de gran calado. Teño que dicir que é unha medida de gran calado, porque saben que a semana pasada asinamos un convenio coa Fegamp, o convenio do programa de vivenda baleiras, ao que poderán sumarse voluntariamente todos os municipios galegos que así o desexen a través da sinatura do acordo de cesión.

O obxectivo é mobilizar esas vivendas de particulares, empresas e organismos que se atopan desocupadas, coa participación das diferentes administracións locais. Pola nosa parte, a Xunta de Galicia financiará garantías a través do pago de dous seguros: seguro de multirrisco de fogar e segu-

ro de garantía de cobro durante doce meses, con asistencia e orientación xurídica. Precisamos que os concellos galegos colaboren coa Xunta de Galicia para que estas vivendas baleiras poidan ser ofrecidas en réxime de alugueiro social a estas familias e persoas que o necesitan. Pedímoslles a súa colaboración para que se adhiran a este programa.

Eu creo que a partir de agora todos os municipios galegos teñen a oportunidade de sumarse de forma real á loita contra os desafuzamentos e de apoio ás persoas que están en dificultades. Teñen unha oportunidade real, aínda que lamentablemente hai grupos, gobernos locais, que, máis alá das palabras, eu creo que teñen demostrado con feitos concretos que son insensibles, realmente, a estes problemas de vivenda, porque rexeitaron as mocións para sumarse a este programa de vivendas baleiras que a Xunta de Galicia asinou coa Fegamp, negáronse a colaborar. Dende logo, alá cada quen coas súas decisións. A miña lectura persoal creo que está clara: que realmente non queren resolver os problemas das familias, non queren resolver os problemas da xente. Na Xunta temos claro o noso camiño, medidas, esforzos, recursos, compromiso para seguir traballando e responder a esas familias necesitadas.

Os programas de apoio ao alugueiro postos en marcha por este goberno permiten tamén intensificar e ampliar esta resposta, e eu teño que dicir que está a dar resultados. No ano 2015 foron 6.387 familias as que tiveron axuda da Xunta de Galicia para pagar o alugueiro da súa vivenda, número de beneficiarios que esperamos incrementar no ano 2016. A nosa previsión é, no ano 2016, chegar a 6.520 familias que poidan acollerse a algunha das medidas de fomento do alugueiro da Xunta de Galicia grazas a ese orzamento que temos consignado de 13 millón de euros.

Polo tanto, señorías, programas de apoio ao alugueiro que temos impulsado e que están a cumprir tres obxectivos fundamentais. Facilitar o acceso á vivenda a un importantísimo número de familias con ingresos reducidos; axustar as rendas mensuais que pagan os adxudicatarios á súa capacidade económica e dar cobertura e unha resposta eficaz a esas familias que están en risco de perder o seu fogar.

Aínda así, na Xunta temos moi presente e somos conscientes de que hai familias nas que o custo da vivenda supón unha porcentaxe moi alta con respecto ao seus ingresos, por

ser baixos, e por iso decidimos centrar outro dos eixes do Plan RehaVIta na prevención da exclusión residencial; un eixe no que se recollen medidas de apoio de emerxencia residencial, orientadas a dar solución ante situacións de imposibilidade de acceder a unha vivenda que poidan traer consigo desprotección social ou exclusión, e o caso do bono de alugueiro social ao que me refería antes. Tamén as axudas para a reparación de infravivendas que imos sacar nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia*. Son axudas para reparación de infravivendas para eses concellos de menos de 10.000 habitantes no ámbito dos camiños de Santiago, para esas vivendas que están no Camiño de Santiago e que o Consello da Xunta aprobou a semana pasada; axudas dirixidas a persoas do rural e sen recursos.

Tamén neste apartado de prevención da exclusión residencial está o programa de realoxo de execucións hipotecarias, no que temos atendido aos que nos pediron axudas e que cumprían dous requisitos sinxelos, por iso insisto na importancia de que informen das medidas que temos e que non alenten desesperanza, porque alentando desesperanza non se dan solucións.

Neste ano 2016 tamén botará andar unha medida que consideramos moi importante e que está recollida nese decreto de vivenda que estamos tramitando, que é a creación da Rede de vivendas de inserción. Vivendas de promoción pública, de titularidade do Instituto, que xestionadas por outras administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro serán destinadas a atender esas persoas que requiran dunha atención especial porque son colectivos vulnerables. O tope de ingresos para estas vivendas será 1,5 veces o IPREM, e o Instituto asinará convenios de colaboración con eses concellos, con esas entidades sen ánimo de lucro, para poñer á disposición deses colectivos vulnerables esas vivendas de promoción pública.

As vivendas cederanse en arrendamento por un prezo reducido, ou incluso tamén, por suposto, en cesión gratuíta, e a entidade ou organismo colaborador co Instituto encargarase da xestión, control e seguimento desas familias que son colectivos máis vulnerables. Unha medida para que, de forma coordinada e de forma conxunta, entre as administracións e colectivos poidamos dar unha solución eficaz a eses colectivos que están en dificultades; porque, dende logo, dende a Xunta apostamos por colaborar, apostamos por

sumar esforzos para dar unha solución máis eficaz, para dar unha mellor solución a estas familias.

O noso obxectivo é que ningunha familia en Galicia quede sen teito por motivos económicos, e niso estamos a centrar os nosos esforzos, os nosos recursos e o noso traballo. Estamos a deixarnos a pel para evitar desafuzamentos, ofrecer unha resposta á afectada; mentres unha soa familia estea en risco de perder a súa vivenda, nós seguiremos traballando, por suposto que si, pero este problema precisa da colaboración de todos, de institucións, de colectivos, traballar da man para evitar que os galegos sufran situacións de desprotección social e de exclusión.

Por último, o Plan RehaVIta tamén inclúe medidas normativas, eu creo que hai unha medida importante que será efectiva este mesmo ano. Estoume referir ao Censo de vivendas baleiras, saben que as entidades de crédito e as súas filiais inmobiliarias están obrigadas a inscribir as súas vivendas baleiras, as vivendas da súa propiedade, é obrigatoria a súa inscrición nos concellos de máis de 10.000 habitantes.

O prazo para inscribir esas vivendas baleiras saben que é de 6 meses, a partir do 26 de marzo, que entrou en vigor este censo, e entre as actuacións deste eixe tamén se atopan as medidas para facilitar o acceso aos locais propiedades do Instituto Galego de Vivenda e Solo, mellorando o prezo de venda ata un 50 % para esas entidades sen ánimo de lucro; estamos a facilitar con descontos do 50 % a esas entidades sen ánimo de lucro para que poidan acceder a eses locais propiedade do instituto.

Tamén neste decreto que estamos a tramitar se prevé a creación do rexistro de promotores: deberán inscribirse todos os promotores que queiran desenvolver a súa actividade en Galicia; unha iniciativa coa que queremos dar maior transparencia no sector inmobiliario, pero tamén unha maior información aos cidadáns, maior información aos nosos veciños, aos galegos, ás galegas, para mercar unha vivenda que poidan comprobar a profesionalidade dese promotor, que poidan comprobar as calidades que emprega ese promotor, e tamén se esa promotora ten ou non impostas sancións.

Vou rematando xa, nesta primeira intervención tratei de expoñer coa máxima claridade, e da forma máis concisa que puideron, as actuacións do Plan galego de rehabilitación en

alugueiro e acceso á vivenda 2015-2020. Tratei de expoñer a efectividade dos primeiros resultados acadados, e tamén os seguintes pasos que queremos seguir dando para enriquecer este plan para dar solución a estas familias en materia de vivenda.

Tamén temos outras medidas novidasas que espero poder explicar nas seguintes intervencións, en calquera caso estamos a falar de medidas e investimentos, por exemplo os case 40 millóns de euros 2015-2016 para rehabilitación e renovación urbana, resultados como 6.387 familias que en 2015 tiveron unha axuda da Xunta de Galicia para pagar o alugueiro da súa vivenda, 6.520 familias que esperamos atender no ano 2016; polo tanto, este plan, o Plan RehaVIta, está en pleno desenvolvemento, nestes momentos o 85 % dos programas e medidas están en execución, é un plan aberto a incorporar novas medidas, no que iremos introducindo todas as actuacións que se precisen, por iso xa lles adianto que escoitarei con atención aquelas medidas construtivas que me propoñan e que nos poidan trasladar. Por suposto que escoitarei con atención, e tamén sumaremos e incorporaremos aquelas achegas que nos trasladen os distintos colectivos implicados nos procesos de participación, como os procesos que temos abertos co decreto de vivenda que estamos a tramitar.

Invitamos de novo a todos os grupos políticos a sumarse a colaborar neste plan, que nos axuden a trasladar a información, é importantísimo que a información chegue para que a solución chegue, porque xa o sinalaba antes, que para resolver o problema de vivenda e proporcionar maior cobertura é imprescindible unir esforzos e traballar todos xuntos.

Eu máis nada, quedo á súa disposición, na seguinte intervención intentarei ampliar ou acadar calquera cuestión que me queiran trasladar.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Bueno, chamábame moito a atención, porque parece ser que neste país o máis importante do mundo é facer premios, levar premios e facer fotos, facer moita publicidade, pero realmente preocuparse por solucionar os problemas dos galegos e das galegas, non sei.

Bueno, entendemos que a vivenda é un dereito universal, e que debería ter sido capaz de dobrear o empuxe do negocio planetario, pero non se impón sempre o máis común dos sentidos, deste xeito a vivenda, ou mellor dito o mercantilismo da vivenda, converteuse nun termómetro da sociedade, nunha vara de medir a saúde e o porvir dun pobo máis alá da súa capacidade monetaria.

Os eixes da política da vivenda deben de ter en conta a estrutura territorial, a demanda da vivenda e o beneficio das actuacións na mesma.

Temos que procurar a busca dunha sociedade inclusiva, dar prioridade a todas aquelas situacións de emerxencia, aos colectivos sociais especialmente desfavorecidos, casos de desafiuzamentos, situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores, xente nova que poida acceder a unha vivenda. E débese analizar a peculiaridade do noso territorio, a dispersión de poboación, mirar de reverter a tendencia do abandono do rural, medida en que sexamos capaces de acadar un equilibrio entre o crecemento e a sostibilidade. Poderemos garantir a calidade de vida, onde non debemos de deixar de controlar un fenómeno que é global co aumento das diferenzas nas tendencias demográficas.

Imos cada vez cara un mundo máis urbano. A poboación galega concéntrase, sobre todo –e témolo que ter en conta–, na franxa Atlántica, sobre todo onde se ubica o 70 % da poboación deste país.

E agora parece ser, agora que estamos no ano 2016, que se decataron de que a vivenda é moi importante para o desenvolvemento da vida das persoas, e poñen a punto a súa maquinaria electoral, colocándoa no punto máis elevado do seu Goberno, co obxectivo de cubrir as necesidades das familias con menos recursos e afectadas polos desafiuzamentos.

E chegan tarde, e disque queren bulir nesta carreira que comezou, ¿non?, para acadar votos.

A efectividade e resposta da Xunta na política de vivenda dende que chegou ao Goberno foi ineficiente, rodeada de moito ruído e poucas noces.

E aquí non evitaron que no ano 2015 –e xa non me vou ir ao 2008–, por tema das execucións hipotecarias, se practicarón 2.432 lanzamentos, é dicir, que practicamente sete familias cada día perdían as súas vivendas, pese a que descendieron as execucións hipotecarias como os desafiuzamentos. Estes eran datos dados polo Tribunal Superior de Xustiza, a través do Servizo de Estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Os realoxos por execución hipotecaria foron 47, e houbo 167 adxudicacións directas de vivenda a familias en situacións de dificultade.

A maioría dos desafiuzamentos practicados no ano 2015 foron consecuencia de procedementos derivados da Lei de arrendamentos urbanos, polo impago do alugamento, en concreto 1.507, outros 800 procesos estiveron relacionados con execucións hipotecarias e outros 227 por outras causas.

E é certo que a Xunta parece que dende o ano 2012 presume de 12 medidas para evitar e paliar os desafiuzamentos hipotecarios, ou por impago de alugamento, mais as cifras falan por si mesmas.

E aquí, ao igual que no resto do Estado, hai un insuficiente stock de vivendas de alugamento social, que non superan o 2 %, está moi por debaixo do nivel da Unión Europea, que está nun 9 %; evidentemente, hai que dar un xiro radical, un xiro de 180 graos.

E esta carencia é efecto e causa dun desenvolvemento socioeconómico inferior ou moi desigual, se o comparamos coa importancia que adquire o alugamento noutros países de Europa que son máis desenvolvidos, e onde hai menos desigualdades, sexa Austria cun 23 %, Reino Unido cun 18 % etc.

Dicir que a mobilización de vivendas baleiras cara o alugamento social emerxe coma unha das novas políticas de

vivenda, que precisa con moita urxencia a sociedade e o medio ambiente. E agora fálannos do bono alugueiro, que é para familias que afrontan a demanda xudicial por impago das rendas de alugamento para vítimas de violencia de xénero, ou para outra serie de persoas afectadas por danos imprevistos, sexan incendios ou inundacións.

E é certo que agora, e iso que xa o viñemos comentando noutros plenos e nas comisións, se aumenta a contía mensual, evidentemente estamos en eleccións.

De 150 pasamos a 200, sobre todo nas cidades, aínda que vai baixando a porcentaxe con respecto ás poboacións que están no radio das grandes cidades coas poboacións do interior. E despois pasan de 450 a 600 para cubrir os gastos de formalización do novo contrato, ou no caso de permanecer na mesma vivenda para atender os recibos pendentes.

E si, vaise crear o censo de vivendas baleiras, as entidades financeiras, as súas filiais inmobiliarias e a sociedade pública Sareb, que están obrigadas a inscribir os seus inmobles de uso habitacional que teñen baleiros nos concellos con máis de 10.000 habitantes.

Bueno, ía sendo hora, no ano pasado disque só cederon 100 vivendas, si que é certo que está aquí tamén baixo a ameaza dunha multa, e teñen de prazo creo que ata setembro deste ano. A ver se tomamos tamén un pouco exemplo do que se fixo en Cataluña.

Tamén que se vén de facer o convenio entre a Consellería e a Federación Galega de Municipios –Fegamp– para incorporar as vivendas deshabitadas en todas as poboacións de Galiza.

Si que é certo que temos unha estatística demasiado elevada de número de inmobles, segundo datos do 2014 había máis de 290.000 inmobles baleiros.

Por outra banda, si que contamos que todo este tipo de axudas teñan unha mellor comunicación e poidan chegar a toda persoa necesitada desta situación.

Tamén comentar que dentro das 3.600 solicitudes presentadas no Instituto Galego de Vivenda e Solo para optar a pisos en réxime de arrendamento, 772 ofrecían a opción de com-

pra con posterioridade e 443 estaban incluídos no chamado Plan Aluga.

É certo que as persoas con máis dificultades, sobre todo, van recorrer ao alugamento social, baixo un custo, e por iso se deben potenciar os alugamentos, sobre todo porque tamén se está dando unha gran mobilidade da poboación nova, sobre todo polo tema laboral.

Dicir que no ano 2007 se venderon 4.319 pisos protexidos, e no primeiro semestre do ano pasado 279.

Comentar que as aportacións de diferentes federacións de empresas, como por exemplo en Ourense, que teñen unha das rendas per cápita máis baixa do Estado, e onde si que son precisas vivendas de protección oficial, sobre todo para adecuar o prezo do inmovible á capacidade adquisitiva media da provincia, sobre todo falan un pouco da fórmula de cooperativa, asinando convenios coas entidades financeiras.

Tamén se pretende un pouco con isto poder reducir o prezo deste tipo de vivendas dun 10 % ou un 15 % con respecto ao que marca de partida o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Tamén dicir que, con respecto ás vivendas de protección pública, houbo casos como moitos concellos que cederon chan e ao final foilles devolto porque non había cartos para facer as vivendas.

É certo que houbo escaseza das novas proporcións por parte da Administración, sen poñer no mercado tamén pisos de promoción pública. Tamén é certo que isto fixo que a demanda de vivenda protexida, tanto en réxime de alugamento como para mercala, fora moi baixa durante a crise, polo empobrecemento –como dixemos– da poboación e polos salarios baixos que lastraban un pouco as posibilidades tamén de independizarse.

Mais si que é certo que houbo un 16,3 % menos hai un ano, un 40 % por debaixo dos niveis do 2014, e cando se superaban os 20.000.

Vou deixar para a segunda intervención, pero si que quería dicir, sobre todo no tema de rehabilitación, que hai un gran amplo consenso social na necesidade de impulsar un cambio da política urbanística a favor da rehabilitación, renova-

ción e rexeneración do parque edificado xa existente e dos espazos consolidados, fronte ao crecemento e á expansión urbana.

Falamos das axudas de área de rehabilitación integral, que, ao meu modo de ver, se quedan moi, moi escasas, e é certo que a nova política de rehabilitación debe ter un enfoque integrado para a mellora da eficiencia enerxética e a accesibilidade universal, que contempla o acompañamento social, melloras nos illamentos e facilitar –sobre todo o que dicía– a accesibilidade.

E debemos tamén entrar no que lle chaman estratexia europea, que supoño que o terán en conta. A Estratexia europea 2020 impulsa unha economía baixa en carbono que cumpra os compromisos de redución dun 20 % de emisións de CO₂, e reducir un 20 % o consumo enerxético e o incremento dun 20 % da utilización das enerxías renovables.

É certo que a rehabilitación tamén ten unha demanda de emprego de proximidade, e o que si quería comentar –que o vou deixar para a segunda intervención– é que me parece increíble a estas alturas que non se miren certos modelos europeos que practicamente nos levan máis de 50 anos –por non dicir moitísimos máis– de adianto no que son os servizos comúns nos propios edificios con varios inquilinos e inquilinas.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, e á xente que nos visita por alá arriba, a ver se non saen moi asustados.

Señora conselleira, unha vez máis teatro, teatro do malo, cunha cuestión fundamental, o dereito das persoas; teatro e cinismo por arrobos.

Señora conselleira, aquí hai un dilema: ou se afrontan as causas estruturais do problema da vivenda no país ou non se afrontan. Ou se está do lado do negocio da vivenda ou se

está do lado do dereito da vivenda. E isto non son palabras baleiras. Miren, o problema dramático de que haxa 2.400 desafuzamentos anuais no país, de que haxa persoas que se estean indo á rúa todos os días neste país é o resultado fundamentalmente de dous factores: o empobrecemento xeneralizado da clase traballadora deste país e o empobrecemento xeneralizado, incrementado nos últimos anos con prezos de vivenda produto dun modelo especulativo que vostedes fomentaron, porque para vostedes a vivenda é un negocio e as súas políticas non poden colisionar cos intereses de determinados axentes e de determinadas persoas que fan negocio coa vivenda. E por iso eses dous factores fan que cada vez haxa máis xente que teña problemas para poder ter dereito á vivenda.

E, mire –non son palabras baleiras, son datos–, vostede dixo que aspiraban a chegar a 6.000 persoas con algún tipo de axudas para o alugueiro. Moi ben, pero ¿que calado ten iso cando estamos falando de que neste país unha de cada catro persoas está en risco de exclusión social, cando máis dunha de cada catro persoas ten carestía material severa e cando unha de cada tres persoas neste país vive nun fogar con alta intensidade de desemprego? Señora conselleira, iso chámase política da beneficencia e do disimulo, nada máis, non é un cambio estrutural que evite o drama dos desafuzamentos e da vivenda. E, sinxelamente, vostedes non están con esa xente. A vostedes o único que lles preocupa é o posible desgaste electoral que poida ter a visibilización dun drama que é ver todos os días as imaxes de xente con nenos e con maiores que teñen que ir á rúa pola voracidade especulativa dos seus amigos e de vostedes como cómplices. Credibilidade cero, señora conselleira.

E os seus amigos, o seu cinismo e o seu teatro tradúcense no seguinte. Aquí gastáronse 9.000 millóns de euros para rescatar as caixas de aforros, para sanealas, e resulta que agora vostede vén vender aquí unha foto do señor Feijóo –ou súa, non sei– co señor Escotet, que comprou Abanca a prezo de amigo, regalada, que se está forrando con esa compra, cos 9.000 millóns de euros que puxemos todos, e que está disposto a poñer unhas cantas vivendas –¡unhas cantas vivendas!– a un prezo de alugueiro que non supere o 30 % dos ingresos das familias, e a Xunta de Galicia pagando todos os gastos desas vivendas. Ou a Sareb, que pagamos todos, e á que lle sacamos das mans os especuladores –sacámolslle das mans os que crearon esta crise– con miles de millóns de

euros, os activos tóxicos; os activos tóxicos collémosllos. E aínda temos que saudar como boa noticia que a Sareb faga un convenio coa Xunta de cen vivendas para catro anos onde a xente poida aspirar a ter un alugueiro que sexa o 30 % dos seus ingresos; e os gastos de certificación, de eficiencia enerxética e os gastos de impostos municipais –de todo tipo de impostos– os volvemos pagar nós. Catro anos onde a Sareb vai poñer á disposición da Xunta as vivendas que eles decidan, as que lle interesen, por un período de catro anos, e despois, cando pase o mal rato, xa especularán, como están especulando vostedes incluso coas vivendas de promoción pública, que llelas venden en Madrid a fondos buitres.

Miren, se queren solucionar o problema, o que non poden facer é contestar o que nos contestan nas nosas propostas do plan estratéxico. Hai que crear un parque de alugueiro público que mereza tal nome. ¿Cal é a porcentaxe de vivenda de alugueiro público e o prezo social neste país? Señora conselleira, dígao. ¿Canto era cando vostedes chegaron no 2009 e canto é no 2016? Dígao, cando non chegamos nin ao 1 % do parque público de alugueiro social, e en Europa hai países que chegan ata o 20 %, e a media está entre o 15 % e o 20 %. ¿Vostedes están dispostos a facer política de vivenda pública? ¿Están dispostos? Non, porque se negan nas nosas propostas. Hai algunha cousa que, se non fora polo drama que están a vivir persoas, sería de risa.

Nós propoñemos regular o mercado privado de alugueiro, (*Murmurios.*) si, señor, como se fai na maior parte dos países europeos: regulación do mercado privado de alugueiro a favor da xente e regulación de prezos. ¿E que nos contesta a Consellería? Non procede, porque o mercado privado non é un mercado regulable. Explíquemo despois. ¿Por que non é un mercado regulable? ¿Se vostedes o están regulando xa! Estano regulando a favor dos que teñen propiedades para facer negocio, pero claro que é regulable. A cuestión é se o regulamos a favor da maioría da xente ou a favor duns poucos. Esa é a diferenza.

E despois está moi ben. Eu digo teatro... Vostede vén aquí... Creo que estamos en maio de 2016 –non sei se me teletransportei, pero creo que estamos en maio de 2016; vostedes gobernan dende 2009, onde xa as cifras de desafiuzamento eran dramáticas–, e vénnos en maio de 2016 facer promesas. Non, mire, vostede ten que empezar a facer balance, primeiro, destes sete anos, dos resultados destes sete anos, e ten

que facer balance da eficacia das medidas que levaron a cabo. Vostede en 2016, sete anos despois de estar gobernando, non pode vir aquí con promesas, e aínda encima promesas de medidas como crear un censo de vivendas baleiras –que está moi ben–, ou empezar a ter datos desagregados de canta porcentaxe de desafiuzamento é de vivenda habitual. ¿Sete anos despois de chegar vostedes están prometendo medidas que son simplemente a base para analizar o problema! É unha auténtica vergoña e é unha mostra do cinismo co que vostedes falan. Todo lles dá igual.

E, entón, veñen aquí tamén incluso con esta autoridade que a vostede lle dá ser a conselleira dun goberno durante as dúas lexislaturas nas cales se desafiuzaron 18.000 familias, con esa autoridade de conseguir realoxar co anterior programa 45 familias, con esa autoridade dunha persoa que nin sequera tiña datos de cales eran os desafiuzamentos de vivenda habitual ou que non tiña un censo de vivendas baleiras, e con esa autoridade vénlles pedir contas –e criticar– aos gobernos que chegaron en maio de 2015. ¿Aínda non fixeron un ano e xa lles están pedindo vostedes contas e din que son os responsables do drama social que está vivindo este país! ¿Non teñen vergoña vostedes! ¿Non teñen vergoña! Teñen unha falta de vergoña total, ¡total!

¿Sabe por que gañaron os alcaldes das Mareas? ¿Sabe por que, precisamente? (*Murmurios.*) Porque... (*Interrupcións.*) Non se poñan nerviosos, que temos moitas menos ocasións ca vostedes de dicirlles as cousas á cara. Sei que non lles gusta. (*Murmurios.*) Sei que non lles gusta que lles chamen corruptos, sei que non lles gusta que lles digan que foron financiados por determinados intereses. Eu xa o sei, pero déixenme falar polo menos; déixenme falar. (*Murmurios.*)

Miren, as Mareas desaloxaron os gobernos do Partido Popular nas tres principais cidades da provincia da Coruña sen medios financeiros, sen empresas que os financiasen en B, sen medios de comunicación amigos, precisamente porque a cidadanía estaba... (*Murmurios.*) Señores do Partido Popular, escoiten, que isto é o que se escoita na rúa, (*Murmurios.*) que son vostedes o partido da corrupción, dos que están cos de arriba. (*Murmurios.*) Déixenme falar e escoiten as verdadeas, señores do Partido Popular.

Botáronos porque eran gobernos corruptos e botáronos precisamente por ser cómplices deses abusos; sen medios finan-

ceiros, sen cartos, só coa forza da xente. E vostedes, con todos os seus cartos..., (*Interrupcións.*) non foron capaces de gañar as eleccións. (*Murmurios.*) Non veñan agora pedindo explicacións a quen conseguiu poñer o drama dos desafiuzamentos en primeira liña e na liña do debate.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se fora por vostedes, estarían totalmente invisibilizados. Teñan un pouco de vergoña e dignidade, señores do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Pombo Rodríguez, ten vostede a palabra.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, persoas que vides hoxe aquí ao Parlamento, señora conselleira, moi bo día.

Aínda lembro o 24 de febreiro do pasado ano 2015. Dende esta mesma tribuna vostede mesma presentoulle ao Parlamento galego o Plan RehaVIta 2015-2020..., (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda de Galiza. No nome do Grupo Parlamentar do BNG díxenlle que a publicidade deste plan non nos convencía. (*Murmurios.*) Ese primeiro plan de vivenda que vostede di que elabora integramente a Xunta de Galicia non é tal. O primeiro que vostedes fixeron foi rematar co plan que había no anterior Goberno bipartito, que tiña unha política de vivenda bastante máis social que a que agora nos anuncian. En segundo lugar, a publicidade, de 307 millóns de euros de investimentos públicos para seis anos, 51 millóns cada ano. No Bipartito lémbrolle que se gastaban no 2009 165 millóns nun ano, fronte aos 51.

Falaba de que este plan ía beneficiar 152.000 galegos e de que os obxectivos eran facilitar o acceso á vivenda a quen

máis o necesita e fomentar o alugamento. Agora vemos que xa delega a propia Xunta nos concellos. Parece ser que renuncia ás competencias que ten e agora delega o tema nos concellos. Falaba de impulsar a rehabilitación, e hoxe vénnos dar un montón de cifras moi interesantes. Temos 68 ARI e unha cifra de diñeiro para as ARI. Se a repartimos entre as 68 ARI de 130 concellos, toca máis ou menos para pagar uns 40 ou 50 tellados das casas –para que nos deamos conta da importancia deste plan–.

Fálanos de infravivenda. Cos fondos que dedican vostedes á infravivenda, se houbera que facer tamén tellados nas casas, non pasaban de 50.

Fálanos dos núcleos rurais. Unha importante cantidade, que se repartimos os fondos que hai este ano para os 30.000 núcleos daría para pouco máis de 66 euros por cada núcleo. Son plans moi importantes.

Fálanos da prevención da exclusión por medio da infravivenda e do realoxo, do bono alugueiro, aquel do que nos falou xa o ano pasado e era tan bo que tiveron que aumentalo porque era totalmente insuficiente, e ten unhas características tan draconianas que moitísimas persoas, moitísimas familias, non poden optar a el.

Falábanos e fálanos hoxe das medidas normativas, e en dúas lexislaturas a medida máis importante é –oian– facer un censo de vivendas. En oito anos a Xunta de Galiza non tivo tempo de facer unha norma tan importante como facer un censo de vivendas.

Esta é a publicidade que nos fai hoxe aquí outra volta, e debe ser a cuarta que nos fai o Partido Popular. Estamos en campaña para o 26 de xuño e mais para outubro xa a tope. A publicidade –díxenllo daquela e repítollo– para nós, para o BNG, non é un verdadeiro plan de vivenda porque non é pensado para Galiza. O plan que había no 2009 vostedes liquidárono; consentiron dende o 2009 –e ese é o balance– que máis de 10.000 familias galegas foran á rúa, e están sen vivenda. É un recorte de máis do 75 % dos fondos que daquela se dedicaban a vivenda. Ese é o balance que vostede nos trae aquí hoxe. Non serviu para deter os desafiuzamentos –e á prensa me remito e ao mesmo Valedor, que varias veces nos chamou a atención–, non garante o dereito a unha vivenda –dereito recoñecido nas leis nacionais, nosas e mesmo nas

internacionais, pero é papel mollado– e non protexe as persoas. Iso si –e lémbrolle que Abanca foi rescatada con fondos públicos, e por falar só da banca galega–, houbo que dedicar 9.000 millóns de euros para rescatar a Abanca; e aquí temos un plan para seis anos ao que a Xunta dedica 300 millóns. Uns 9.000 millóns de euros para rescatar só Abanca, e parece que aquí non hai interese, que hai un convenio cuns centos de vivendas, que, por certo, lle pagamos.

Polo tanto, non se modificaron tampouco as normativas que nós temos en vivenda; normativas que reclamaron milleiros de galegos e de galegas, que viron como moitos dos seus familiares se foron fóra das súas vivendas irremediabelmente. Demasiadas familias, señora conselleira, 10.000 dende o 2009; pero se contamos as que se hipotecaron para intentar –digamos– atallar o que era inatallábel imos a 30.000, e seguen. Non sei se sete cada día, se seis, se cinco, se catro; en todo caso, demasiadas, señora conselleira.

Esa é a realidade que nós temos para afrontar aquí, e vénnos vostedes aquí repetir o que nos dixo máis ou menos hai un ano e que repetiu en varias ocasións. Vénnos informar do Plan RehaVIta, mais dende o ano pasado ata este ano teño que lembrarlle que o Valedor do Pobo instou os poderes públicos, entre eles a Xunta de Galicia, e as entidades bancarias a protexer as familias desafiuzadas con menores a cargo. ¿Lémbrese de Ribeira, de Vigo, de vilas e cidades? O Valedor do Pobo fixo chamamentos para atender o interese superior dos menores afectados, menores en situación de vulnerabilidade.

¿Onde, señora conselleira, un plan de vivenda galego, que consente desafiuzar familias con menores?, ¿onde está ese plan? Asistimos a máis desafiuzamentos, ¿lembra? Ourense, A Coruña, Compostela; en marzo, Vigo, muller durmindo dúas semanas na estación de autobuses para que a atendan; Ourense, San Cibrao, unha vítima de violencia de xénero cun menor a cargo; en abril, Ferrol, parella cun bebé de meses, parella con tres fillos, dous menores, muller separada cunha filla. Barrio de Recimil, 160 vivendas baleiras da Xunta e as familias intentan tomalas. E o 3 de maio aparecen en Vigo tres familias que se teñen que poñer nunha tenda en folga de fame. A cidade máis populosa do noso país resulta que non dispón de vivenda ningunha para atallar esta sangría. ¿Onde o Plan de vivenda galego? Acabáronse, segundo o concello, porque tiveron que atender dous desafiuzamen-

tos en xaneiro, doce en febreiro, seis en marzo e catro en abril. Lamentabelmente, sempre atopamos noticias de prensa continuas de casos e máis casos que non son solucionados pola Administración autonómica, que é quen ten a competencia de vivenda, exclusiva, e renuncia á súa competencia o propio Goberno galego. Por iso para nós é unha política de vivenda totalmente incompetente.

Sabendo que hai moitísimas familias que saen nos periódicos, pero hai moitísimas máis que non saen por vergonza e porque saben que saír no periódico é poñer a cara. E se poñen a cara despois non hai onde alugar a vivenda, non hai quen lle alugue e non van ter dereito a eses bonos de alugueiro. Porque para ter dereito a ese bono de alugueiro hai que ter unha vivenda que cha poidan alugar, non debes ter débeda ningunha coa Administración pública. Polo tanto, unha cousa é falar e outra cousa é gobernar e ter políticas de vivenda acertadas.

Non puido o Goberno galego facer un balance dos oito anos, dúas lexislaturas, de vivenda, porque o único balance que ten que facer é recorte e máis recorte. No ano 2009, 185 millóns de euros para vivenda; no ano 2015, cando empeza este plan tan fabuloso, 28,9. Se comparamos todo iso darémonos conta de que mentres goberna o Partido Popular, en comparanza co anterior, que era tan malo, se perderon máis de 725 millóns de euros para vivenda. Polo tanto, recortáronse máis de 725 millóns de euros, e agora véñennos cun plan a seis anos que nos fala de 300.

Poderán repetir –e xa vou rematando–, señora conselleira, mil veces de que vostede ten un plan, poderá repetir mil veces que hai un programa de realoxamento, mil veces que hai programa de alugueiro de vivenda, que o subiron, mais a realidade é que lamentabelmente máis de vinte mil familias mentres vostedes gobernaron se viron privadas dun dereito fundamental.

¡Ah!, pero houbo outros países que algo fixeron. O País Vasco fixo unha Lei vasca de vivenda que reconece o dereito a contar cunha vivenda digna en alugueiro, como un dereito subxectivo e que se pode defender nos tribunais. Houbo unha lei catalá, por unha ILP, aprobada por unanimidade, que loitaba contra os desafiuzamentos, que garantía o realoxamento das familias, que obrigaba os bancos a ofertar alugueiro social, que obrigaba as eléctricas a non recortar a

quen non puidera pagar a luz, que obrigaba a un aumento do parque de vivenda pública. Señora conselleira, hai países que si legislan...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...a pesar de que a nivel de Estado presenten recursos contra esas leis aprobadas por unanimidade. Mais lamentabelmente o Goberno galego nin legisla nin defende os intereses de todas e todos os galegos en materia de vivenda. Polo tanto, vólvenos traer aquí unha lei de propaganda e publicidade que non resolve os nosos problemas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

Estamos aquí novamente para facer un balance da política de vivenda seguida pola Xunta de Galicia a través da consellería competente. E digo o de facer un balance porque iso é o que debera ser. En realidade, efectivamente, como dixó antes o señor Sánchez, isto é calquera cousa menos un balance.

Escoitando a señora conselleira compréndese por que moitos cidadáns din que todos os anos debera haber eleccións, polo menos para que nos fagan promesas bonitas, aínda que logo non se cumpren.

Tamén é verdade que escoitando a señora conselleira e analizando a realidade da xestión se entende perfectamente o significado diso de “facer máis con menos”. Con menos cartos faise máis publicidade e é moito máis barato pagar páxinas de anuncios nos periódicos e facer declaracións altisonantes que realmente dar trigo e resolver o problema. Para que nos entendamos ben vou poñerlles un exemplo:

O pasado 1 de marzo publicaba a prensa diaria un titular que dicía así –o interior desenvolvíao–: “Ethel Vázquez salienta que as axudas á rehabilitación de vivendas nos camiños de Santiago supoñen unha oportunidade única para mellorar as condicións de vida no rural e dinamizalo”. Ben, vexamos cal é a oportunidade única.

O día 8 de abril publícase o decreto que regula esta materia. Ter unha oportunidade única aí xa se cuantifica: 3,5 millóns de euros para rehabilitación de vivendas no rural e medio millón de euros para rehabilitación de vivendas nos camiños de Santiago. Medio millón de euros. ¡Impresionante! Hai 150 concellos de Galicia, señora conselleira, atravesados polo Camiño de Santiago e hai 250.000 vivendas nos núcleos rurais que deben ser rehabilitadas –non o digo eu, dío o Plan estratéxico que o señor presidente da Xunta incorporou como anexo ao documento do convenio que se subscribiu co Plan nacional de vivenda 2013-2016, 250.000 vivendas–; dividamos 3,5 millóns de euros entre 11.000 euros, que é a subvención, ¿dá cantas vivendas? Unhas 320. É dicir, este é un plan extraordinario que de cumprirse podería rehabilitar o 0,1 % das vivendas necesitadas de rehabilitación nos núcleos rurais de Galicia. E é un plan extraordinario que daría para financiar a rehabilitación dunhas 75 vivendas, que divididas entre 150 concellos, sen lugar a dúbidas, supoñen unha oportunidade única, tan única como que lle toque a primitiva, que son máis ou menos as mesmas posibilidades.

Señora conselleira, o que vostede diga no día de hoxe, a catro meses das próximas eleccións, cando está a concluír a segunda lexislatura deste Goberno, ou vén avalado polos feitos, ou non ten credibilidade. E no seu caso os feitos non só non a avalan, senón que desmenten absolutamente o que vostede di, e quítanlle toda a razón.

Como vostede sabe ou saberá mellor ca min, ou debera sabelo, a política de vivenda da Xunta de Galicia artículase a través de tres partidas: 451A, Rehabilitación; 451B, Acceso á vivenda, e 451C, Gastos de xestión e administración. A única que se executa é a C, é a de gastos de xestión e administración, que é pagar aos funcionarios, o teléfono e as comunicacións postais.

Coa 451A, señora conselleira, no ano 2009, cando o seu Goberno chegou á Xunta, tiña unha dotación de 74 millóns de euros, e executouse o 75 %, gastáronse 56. No ano 2010,

polos seus recortes, xa baixaron a 35 millóns de euros; pero o peor non foi iso, foi que se executou só o 10 %, só 3,5 millóns de euros se consumiron. E o récord foi, sen lugar a dúbidas, o ano 2013, que de case 22 millóns de euros presupostados se executaron menos de 300.000, apenas o 1 %. No ano 2014, cando vostede entrou de conselleira, no primeiro semestre, de 22 millóns de euros executouse un millón e medio, e no segundo semestre, mercé á súa espléndida xestión, executáronse 50.000 euros dos 21 millóns que restaban para executar a partida. No ano 2015, segundo nos acercamos ás eleccións, grande esforzo, aumenta a xestión, e executouse o 47 %, 11 millóns de euros sobre 23. En total, señora conselleira, de 230 millóns de euros que dispoñía a Xunta de Galicia nos seus orzamentos para rehabilitación deixou 150 millóns de euros sen investir, é dicir, os dous terzos da dotación presupostaria.

Imos falar doutro tema: o Plan nacional de vivenda 2013-2016, outro exemplo de celeridade polo que deben ser felicitados. Primeiro, o convenio que materializa o plan subscríbese o 6 de setembro do ano 2014, vinte e un meses despois; é dicir, dun plan de catro anos vai perdido case o cincuenta por cento do seu tempo. Por certo, e nun esforzo de transparencia, este grupo pediu o día 8 coñecer o texto do convenio, e foinos remitido o 6 de setembro do ano seguinte. Un ano xusto para remitirnos o texto do convenio. Incluso como exemplo de celeridade diría que a notificación da presidenta do Parlamento está firmada en maio e o rexistro de saída en setembro. Debe ser que pasar da planta segunda á planta baixa é un camiño extraordinario. ¡Un ano xusto para darnos a copia!

Pero o certo é que nese convenio, á parte diso, resulta que as ordes que debían regulamentar a súa aplicación empezaron a emitirse no ano 2015, e algunha incluso no ano 2016; dun convenio que, señoría, tiña unha duración de catro anos, dos que dous e pico xa ían transcorridos. O resultado de todo isto, e, por certo, quero agradecer a sinceridade da resolución do día 8 de abril, porque, entre outras cuestións, esa resolución di que nos anos 2011, 2012 e 2014 non se convocaron as axudas e subvencións, e di literalmente: “debido ás restricións presupostarias”. Só lle falta engadir que as do ano 2013, que foron as que se convocaron, non se empezaron a pagar ata o ano 2015, dous anos despois.

O certo é que como consecuencia de todo iso, señora conselleira, en materia de vivenda protexida a nosa comunidade

está absolutamente á cola de España. Mire, se no ano 2004 ao 2008, neses cinco anos en España se construíron preto de 180.000 vivendas protexidas, e delas algo máis de 13.000 en Galicia, 13.100, é dicir, o 7 %; no ano 2014, xa sendo vostede conselleira, segundo os datos que figuran no IGE baixados esta mañá, entregáronse 84 vivendas protexidas en Galicia, 84. Das 2.500 que era o problema daquela, 84. Todo un exemplo de esforzo. Pero esas 84, ¿sabe o que significan? Que é o 0,50 % de España, baixamos do 7 % ao 0,50 %.

En cambio, en vivenda libre, curiosamente, fixéronse 2.624 sobre 35.000, é dicir, o 7,4 %. Polo tanto, hai cousas que funcionan, que é o do interese privado, e hai cousas que non funcionan, que é o que responde ao interese xeral.

¿Que dicir das familias que están a perder a súa vivenda? Xa se falou aquí. Dezasete mil son os datos de desafuzamentos. Sempre que están vostedes coa historia que habería que desagregar, que en realidade non se sabe. Oia, en sete anos xa tiveron tempo de estudar ese tema e de desagregar deses 17.000 cantos corresponden a cada categoría. O que si sabemos é que os dous terzos que están perdendo a súa vivenda a día de hoxe élle por impago de alugueiro.

E en relación con todo este tema, a política da Xunta de Galicia é un auténtico escándalo. Non imos falar xa das corenta e tantas familias que foron incluídas no programa de realoxamento. En total, por todos os conceptos, incluíndo as case 200 persoas ou familias que foron acollidas en casas de acollida como consecuencia de maltrato no ámbito doméstico, ou de violencia de xénero, non chegan, non pasan de 400 familias as realoxadas ao longo destes sete anos. É un balance ridículo con relación á magnitude do problema.

Señora conselleira, van facer 40 vivendas na Coruña. ¿Sabe cantos ten en lista de espera na Coruña? 2.296. E son moitos menos dos que había cando vostede chegou, ¿sabe por que? Porque a xente se borra, porque non serve para nada. E as 80 vivendas que vai facer en Vigo, ¿sabe cantos hai en Vigo en lista de espera? Máis de 3.000, máis de 4.000; 80 vivendas é o que vai facer para resolver o problema de 4.000. E ¿sabe cantos había cando vostede chegou? 7.000, e soamente quedan 4.000, non porque lles resolvera o problema aos outros 3.000...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...quedan soamente 4.000 porque os outros 3.000 se borraron, porque non serve para nada.

En suma, señorías, vostedes din unha cousa e non fan nin a décima parte do que din, e desgraciadamente os feitos non avalan o que vostede nos vén prometer hoxe ao Parlamento. Moito me temo que todo isto non é máis que publicidade e propaganda do Partido Popular. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Bugallo.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señora presidenta.

Señorías, bos días.

Señor Bugallo, escoitalo unha vez máis, eu sabía perfectamente que vostede ía vir coa partida 451A, ía vir con iso, porque é que non se lle mete na cabeza que por favor llo explique algún dos económicos seus, que lle explique como é –e debería de sabelo, que foi alcalde– o que é un orzamento incorporado, porque xa llo explicou a conselleira, llo explicamos varias veces, e o que é unha partida –inexecutable– da época do señor Zapatero, Plan de vivenda 2005-2008; explicáronllo clariño: 44,7 millóns de euros que o señor Zapatero dixo e o Bipartito: imos executar o cen por cento, metemos a partida aí e o que veña detrás que se arregle. Iso si era teatro e si era facer electoralismo. E a vostede dixéronllo e vén unha tras outra tras outra sacando o mesmo tema.

Mire, feitos –dicía vostede–. Non hai mellores feitos e mellor propaganda que a do *Boletín Oficial do Estado* ou a do *Diario Oficial de Galicia*, o DOG. E non vostede porque recorte e vostede mesmo diga ou parta de datos falsos nunca chegará a conclusións certas, señor Bugallo e señores portavoces do resto da oposición, non. Porque miren vostedes, non é certo o que dixo vostede aquí, de para política dos camiños 2.700 ou 3 millóns de euros –xa non sei o que dixo–. Non, mire –500.000, perdón, que o resto dixo que era para rural–, iso é un, un dos anuncios do *Diario Oficial de Galicia* onde di 3 millóns para rehabilitación de zona rural e 500.000 a maiores para camiños ou temas históricos.

Pero, á parte, hai outra convocatoria, que remata o 30 de novembro a presentación de solicitudes, e está neste momento en vigor, que son 3.200.000 euros. E por suposto que nos encantaría que foran 12 ou 15 ou 20 millóns de euros, incluso os 165 millóns que dicía o señor Pombo que tiña daquela a Consellería de Vivenda, ¡jojo!, Consellería de Vivenda; non era de todo o resto, era unha consellería particular, onde –nunca mellor dito– era o chiringuito do BNG, onde negociaban e pásoche diñeiro de aquí para Xestur e de Xestur para outro lado e así imos tirando, ¿verdade? Vostede sábeo moi ben, porque tiña responsabilidades de goberno naquel momento, e sabe moi ben o que fixeron con Xestur e os 263 millóns de euros, que houbo que sanear Xestur tal e como a deixaron vostedes.

Iso era inversión, na época do Bipartito, iso era inversión, efectivamente –gasto, dixo el–, e aí doulle a razón: gasto. Como do Plan de vivenda que facía o BNG de 3 millóns e pico de euros nun informe, e iso era inversión nas persoas, ¡eh! Nalgunhas si, que levou os 3 millóns e pico de euros, algún gabinete, o resto non, ¡eh! As familias quedáronlle sen as vivendas, exactamente igual, porque tiveron que vir outros gobernos rematalas, as que vostedes intentaron proxectar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, si, si. Iso claramente.

E se falamos de desahucios, e xa lles digo que mentres haxa unha soa familia, unha soa familia que teña que deixar a súa vivenda por motivos económicos, seguirá sendo moito, seguirá sendo moito, e estou convencido de que o Goberno actual da Xunta vai traballar e seguir traballando para que a nin unha soa familia lle pase iso. Agora, póñanse de acordo, porque un fala de 18.000, outro fala de 7 ao día, outro de 17.000, outro de 10.000.

Mire, eu só lles digo unha cousa –e insisto–: unha soa familia é moito, pero o que está claro é que se algún goberno neste país puxo e tomou medidas para reducir os desafuzamentos, para axudar as familias que o están pasando mal, este goberno foi o da Xunta do Partido Popular. Iso clarísimo, e aí están as medidas, e de feito tanto é así que, hai menos dun mes, ata nunha iniciativa de AGE –que, desde logo, non é sospeitosa de ser do PP, ¿verdade, señor Antón?, desde logo seguro que non– nos pedían –e votámola todos a favor, polo tanto a fixemos de todos– en comisión que fixeramos publicidade, información, tanto aos medios xudiciais como aos cidadáns e ao

resto da xente, das medidas que tiña a Xunta. ¡Home!, pedir que se faga información de medidas que son malas eu penso que vostedes non son capaces de pedir iso nin moito menos. Será que realmente as consideran positivas, e ¡joia!, informemos. E niso pode ter razón, en que hai certa desinformación, e desde logo nalgúns concellos moi interesados en que non chegue esa información, moi interesados, non sei por que, porque hai concellos, e vou falar do de Vigo neste caso, que non leva dous anos nin medio ano ou un ano de goberno senón que leva varios anos un tal señor Caballero, e agora o señor Bugallo, que parece que se agarra a esas políticas do señor Caballero, desde logo, ¡home!, nin queren votar a favor nin firmar o convenio da Fegamp, que o presidente é socialista. Iso os de Vigo, os da Coruña, si; os de Lugo, si; os doutro lado non se sabe, depende, ¿verdade, señor Bugallo? Igual que a ver quen é o candidato, depende, ou candidata, depende.

Entón, claro, se collen as políticas do señor Besteiro, ¡buf!, xa nin se sabe, pero en Lugo votaron que si, e parece que son do señor Besteiro ou do señor Leiceaga. Se imos a Santiago, o señor Bugallo non o sei, agora o señor Orozcoponse doutro lado, parece que as políticas de..., pero é que as políticas que representan, as políticas que representa Vigo é de venda das vivendas públicas. Non se equivoquen, que é onde imos. ¿Esa é a política do PSOE, señor Bugallo, en materia de vivenda? ¿Vender as vivendas públicas? Incluso negarse a ceder vivendas, hai familias que están na rúa e negarse a ceder tres vivendas que teñen cedidas pola Xunta de Galicia precisamente para esas situacións e que din que non, e as quince que ten en República Arxentina non, esas ímolos vender, pero os que fan negocio son os de dereitas, os que fan negocio e as políticas de negocio son as do PP, as do PSOE non. É mellor ir ás inauguracións con piano. Pois mire, que venda o piano, que ao mellor pode axudar ás familias. Iso é o que lle pode dicir ao seu amigo o señor Caballero.

E se imos á Coruña —é importante, señor Antón, señor Sánchez—, na Coruña as políticas en once meses xa é suficiente, e pódollo dicir por experiencia, porque asistindo a un partido do Breogán co Básquet Coruña déronme, eu fun un de aos que entregaron un folleto, que é o que chegaron a facer, un folleto, pero prometían que en cen días acababan cos desahucios, prometían iso, desgraciadamente; oxalá acertaran, porque se tiveran esa poción máxica, aplaudiríamos todos. Pero mire, non, un folleto non lle é suficiente, e se quere tráíolle o folleto, deixeiño na casa, ¡oh!, foi unha pena, pero

ao mellor seguro que o coñece, ao mellor ata participou nel e polo tanto non hai problema, non hai problema. Iso é o que hai. ¡Home!, miren, non lle vai por aí.

¿E Ferrol? ¡Home!, Ferrol ten un parque de vivenda pública importante, moi importante. O que tería que facer é poñela á disposición. O que pasa é que Ferrol, con declarar os concellos libres de desahucios, xa está; unha declaración, e é suficiente.

E aquí hai xente que se atreveu a falar da lexislación e do ben que marcha Cataluña en materia de desahucios e do proceso lexislativo catalán, ¿verdade, señor Pombo? ¿Vostede sabe que Cataluña lidera, xunto con Andalucía, os desahucios en España? Supoño que esas estatísticas que vostedes len do Consello do Poder Xudicial —supoño que as leu— non deben ser tan exitosas esas políticas, non deben ser tan exitosas, desgraciadamente —digo—, desgraciadamente.

Polo tanto, eu o que si digo e repito unha vez máis é que, mentres haxa un só desahucio, unha soa familia desahuciada, será demasiado, e niso estou convencido de que si traballa nesa liña a Xunta de Galicia, pero do que si estamos convencidos desde o Partido Popular é de que se están tomando medidas axeitadas e que fomos e foi o único goberno do Partido Popular, tanto no Estado como na Xunta, o que tomou medidas para reducir e evitar os desahucios. E aí están: medidas a nivel estatal, medidas a nivel autonómico, doce medidas.

E o que si lles pediría é que naqueles concellos onde gobernan ou cogobernan ou onde deron apoio pidan que participen, que firmen ese convenio coa Fegamp, que participen das outras medidas de promoción, de axudar a xente, e sobre todo de sumar, porque esta é unha medida que non lle é: os desahucios non lle son nin do PP nin do BNG, nin do Grupo Mixto, nin de AGE nin do PSOE; os desahucios, desgraciadamente, é unha lacra na que deberíamos traballar todos sumando, deberíamos de evitalos, e nese sentido poden estar seguros de que nos encontrariamos, e seguro que buscaremos solucións ou polo menos para minimizar esas situacións. Creo, sinceramente, que aí deberíamos de traballar dunha maneira importante.

E polo demais, señora conselleira, felicítala, porque hai determinados plans en materia de rehabilitación que eu, desde logo, que son un claro defensor da rehabilitación, estou con-

vencido de que van dar o seu froito. A rehabilitación e os plans de rehabilitación non son de hoxe para mañá, requiren un desenvolvemento, e estou convencido –e o señor Bugallo sábeo perfectamente– de que os froitos se ven a medio, polo menos, prazo. E estou convencido de que aí van dar resultado importante, tanto o plan RehaVIta, con eses máis de 300 millóns de investimento público, que mobilizará uns 600 millóns de euros, como os investimentos que se están a facer neste momento...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...nas distintas áreas –68 áreas– de rehabilitación integral que hai neste momento en Galicia.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Fajardo, silencio.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Se están aí, é por algo.

Relájese, ¡hombre!, tranquilícese, que no pasa nada.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Castiñeira, remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Remato, remato, señora presidenta, moitas grazas.

Espero de verdade que sumen, porque tanto os desahucios como calquera materia de política de vivenda e rehabilitación é moi importante para Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Para réplica ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señorías, dende logo que eu non esperaba nin eloxios nin palabras amables, pero bueno, eu o que si polo menos críticas construtivas si que polo menos agardaba.

En calquera caso, eu creo que algúns confunden a crítica co insulto. Ao señor Sánchez non lle vou faltar nunca ao respecto, a min aí non me vai atopar, onde me vai atopar é loitando coa protección a esas familias en risco de perder o seu fogar, loitando contra os desafiuzamentos e loitando para garantir a protección do dereito constitucional a unha vivenda. Eu nunca lle vou faltar ao respecto. *(Aplausos.)* Por suposto que non, estou aquí para traballar e para dar solucións.

Eu creo que tamén, señor Sánchez, non pode trivializar o compromiso conseguido coa maior entidade financeira de Galicia –porque a maior parte das hipotecas de Galicia son con esa entidade, e, polo tanto, a maior parte dos galegos teñen a hipoteca con esa entidade– para non botar a ninguén e que poida permanecer cun alugueiro de entre 0 e 75 euros. Trivializar iso, señor Sánchez...

E tamén non lle acepto para nada que me dea clase de vivenda social. Máis aínda, os seus amigos da Coruña, das Mareas, Podemos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, si, si, non fixeron nada. Non acepto que me dea clase o señor Sánchez de vivenda social, sobre todo polo que está pasando no resto das cidades. E non ten a exclusiva vostede do interese xeral. E iso de vivendas, de facer negocio... *(Aplausos.)* Mal negocio é o que me propón vostede, que é non facer nada; mal negocio para as familias o que me propón vostede, que é non facer nada, porque non lle gusta nada.

Señora Fernández, tamén señor Antón, insisten vostedes coas cifras de desafiuzamentos, 2.500. Eu volvo insistir, volvo explicar, explicareino cantas veces faga falta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Sánchez, silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Señor Sánchez, para vostede é importantísima a vivenda de veraneo, a nave industrial do empresario tamén desafiuzada. *(Murmurios.)* Para vostede é importantísimo. Eses datos non distinguen a vivenda habitual, e sábeo perfectamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Sánchez, ten unha chamada á orde.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Para nós o máis importante son os desafuzamentos de vivenda habitual, non calquera ben susceptible de desafuzamento, como sabe vostede que son eses datos. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): ¡Señor Sánchez!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Señor Pombo, dixó moi alto que as competencias... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Espere un momento, conselleira.

(Pausa.)

Cando queira pode continuar.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señor Pombo, dixó moi alto que as competencias de vivenda son exclusivas da Xunta de Galicia. Se non comprenden que a vivenda é unha competencia tamén municipal, mal imos, temos un problema. Porque é así de sinxelo. A Lei de bases reguladora do réxime local, no artigo 25.2, letra a), é clarísima: “O municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, a promoción e a xestión de vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira”. Lei de bases de réxime local, lei básica.

Creo que é un texto o suficientemente claro. En calquera caso, eu creo que o teñen claro a maioría das cidades de máis de 250.000 habitantes de Galicia. Hai 16 cidades de máis de 250.000 habitantes en Galicia, e case todas esas cidades teñen un departamento exclusivo de vivenda para atender casos exclusivos de vivenda; todas menos dúas, señor Bugallo: Murcia e Vigo. As 16 cidades de máis de 250.000 habitantes, todas menos dúas, teñen departamento específico de vivenda. Murcia é uniprovincial, terá a súa xustificación. Vigo, dende logo, non ten xustificación ningunha.

Señor Bugallo, eu tamén esperaba que me trouxera a execución orzamentaria. Vexo que lle gustan moitísimo os núme-

ros. A min tamén me gustan moito os números, pero, en calquera caso, tranquilo, que xa está arreglado. Neste ano 2016 eses cartos que lle viña dicindo que non se podían executar, que se incorporaban porque non se podían executar, pois xa está, devólvense ao Estado, que eran do Estado. Sabía vostede perfectamente que non se podían executar. Transferíronse na época de Zapatero sabendo que non se podían executar; polo tanto, unha operación orzamentaria ficticia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu deste goberno o que teño que dicir é que é un goberno que resolve, en contra deses gobernos ou deses partidos que revolven. *(Aplausos.)*

Díganos claramente o que non lles gusta. ¿Que é o que farían vostedes? ¿Non lles gusta axudar co bono de alugueiro social a esas familias a piques de perder a súa vivenda por non pagar o alugueiro? ¿Non lles gusta converter esas vivendas sen uso en vivendas sociais grazas a ese programa de vivendas baleiras que moitos partidos rechazaron nos seus plenos? ¿Non lles gusta que se obrigue as entidades financeiras a facer público o seu parque de vivendas a través do censo de vivendas baleiras? ¿Non lles gusta seguir traballando pola calidade da nosa identidade a través do programa “Vivendas do Camiño”?

Eu, escoitando o que escoitei, dende logo que non. Eu podería aceptar propostas, se foran construtivas, pero eu non escoitei ningunha proposta construtiva. Creo que non teñen ideas, por iso non as trasladan, porque o seu é revolver, insisto.

Hoxe traemos un balance, un balance do Plan de vivenda, medidas que se teñen posto en marcha, medidas que resolven, que xa resolveron, medidas e actuacións das que en pouco máis dun ano o 85 % desas medidas previstas no Plan RehaVIta están en marcha, non o 10 % que me dicía o señor Bugallo que non conseguiríamos. O 85 % están en marcha. Creo que é unha porcentaxe importante, unha boa mostra do esforzo que estamos a realizar e dos recursos que estamos a destinar. Esforzos e recursos que dedicamos á rehabilitación e que imos dedicar á rehabilitación; en total, 40 millóns de euros. Esforzos e recursos de máis de 11 millóns de euros para facer 120 vivendas novas de promoción pública en Vigo, A Coruña e Ourense. E esforzos e recursos con 13 millóns de euros para medidas de fomento do alugueiro. O

bono alugueiro social –que parece que non lles gusta–: 4 millóns de euros. Incrementamos a contía un 33 % para darlles eses 200 euros a esa xente con problemas durante dous anos, e unha axuda adicional de 600 euros; dous anos, vinte e catro meses, desta axuda.

E tamén hai esforzos e recursos para resolver con novas fórmulas para acceder a un fogar. Saben as medidas que están nese decreto, ese decreto que temos á exposición pública, no que, por certo, recibimos propostas unicamente da Fegamp. Eu convido os axentes e os colectivos implicados a que trasladen as súas propostas. Un decreto que contribúe a resolver, por exemplo, como dixen na miña primeira intervención, as vivendas concertadas para facilitar a construción de vivenda protexida nos concellos de menos de 25.000 habitantes. Este decreto tamén prevé unha nova colaboración con outras administracións ou asociacións, como a Rede de vivendas de inserción. Tamén este decreto prevé o novo réxime de copropiedade, que xa expliquei na miña primeira intervención. Tamén este novo decreto prevé novas medidas de protección para os colectivos máis vulnerables, ofrecendo facilidades de pagamento, fraccionamento ou ampliación do pago e tamén, como dixen, que as persoas en especial situación de dificultade poidan pagar ata o 50 % sen acumular débedas.

Tamén se contemplan facilidades para iniciar vivendas de protección autonómica promovidas por cooperativas, reducindo esa porcentaxe de persoas sociais. Ou a introdución da revisión periódica da situación económica para garantir que esas vivendas públicas estean en mans de quen realmente o necesita.

Tamén imos implementar medidas para mellorar o funcionamento de Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida. E tamén crearemos ese rexistro de promotores, obrigando a eses promotores que queiran desenvolver a súa actividade en Galicia. Máis transparencia e máis información.

¿Parécenlles poucas as medidas? Parécenlles poucas as medidas, parece. Non sei por qué cando eran outros partidos os que estaban no Goberno galego non fixeron nin adoptaron a primeira.

Pero nós estamos adoptando medidas, estamos achegando políticas públicas de vivenda á realidade actual para acadar ese obxectivo de garantir unha vivenda digna a aquelas per-

soas que realmente o necesitan. Temos traballo, moito traballo, temos sensibilizado con estes temas, co drama dos desafiuzamentos.

Temos traballo iniciado xa no ano 2012, coa Lei de vivenda, que permitía a dación en pago nas vivendas protexidas. Esa foi a primeira medida desas doce para loitar contra os desafiuzamentos. O Programa Realoxo, a medida número 2; o convenio co Consello do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Fegamp, a media número 3; o convenio co Valedor do Pobo, a medida número 4; o Programa Reconduce, a número 5; o Plan RehaVIta, a número 6; o acordo coa Sareb, a número 7; os acordos coas entidades financeiras, a número 8; o bono alugueiro social, a número 9; o censo de vivendas baleiras, a número 10; o convenio co Consello da Avogacía Galega, a número 11; e o Programa de vivendas baleiras, a número 12.

Permítanme que me deteña nestas dúas últimas, que son as máis recentes.

Asinamos un convenio co Consello da Avogacía Galega, un acordo co que articulamos un sistema para prestar gratuitamente un servizo de asesoramento a esas persoas sen recursos, para orientalas e axudalas xuridicamente cos trámites administrativos. E o obxectivo é un asesoramento para evitar ir á vía xudicial, un medio de mediación. E tamén os avogados se comprometeron a difundir e dar información das medidas, das doce medidas que ten a Xunta de Galicia; medidas reais e medidas efectivas, non medidas no papel, medidas reais.

Hai un mes asinamos este acordo co Consello da Avogacía Galega, e hai unha semana asinamos o convenio co presidente da Fegamp, o convenio para o Programa de vivendas baleiras, facendo efectiva, polo tanto, a medida número 12 do Goberno galego fronte aos desafiuzamentos, unha medida á que se poden adherir de forma voluntaria todos os concellos que o desexen para ofrecer esas vivendas en alugueiro social, achegando dende a Xunta de Galicia esas dúas garantías que xa dixen na miña primeira intervención. Todos os municipios galegos teñen a oportunidade de sumarse de forma real á loita contra os desafiuzamentos e apoiar esas familias en dificultades. Por iso quero desde esta Cámara facer un chamamento a todos eses municipios galegos –especialmente aos das grandes cidades, porque é onde

temos detectado máis problemas— para que dean ese sinxelo paso —porque é un paso sinxelo— e que se sumen a este programa e que aproveiten a oportunidade para loitar de forma eficaz, de forma coordinada, de forma conxunta, contra os desafuzamentos.

Porque, señorías, para evitar este drama resulta imprescindible a participación dos concellos. Os concellos, sábeno vostedes, teñen importantes competencias municipais, xa o dixen antes. Son realmente a administración máis cercana aos cidadáns, é a primeira ventanilla á que se dirixen os veciños, á que se dirixe a xente. Por iso é importantísima a participación dos concellos. Por iso agardo que o concello de Ferrol e tamén o de Vigo reflexionen, recapaciten e accedan a sumarse a este programa de vivendas baleiras, que deixen de lado ese interese particular ou partidista —non sei como chamarlle— e que pensen no interese dos veciños. Desde a Fegamp non dubidaron en ningún momento en manifestar o seu interese en asinar este convenio coa Xunta de Galicia.

Na loita, nesta loita contra os desafuzamentos, todos temos responsabilidades. Non vale predicar, o que se precisa son medidas efectivas, medidas reais. Non vale revolver, temos que resolver, porque revolver é facer bandeira dos desafuzamentos cando hai unha campaña electoral. Revolver é non implantar nin unha soa medida específica e eficaz que protexa o dereito á vivenda dicindo que é competencia doutros, como fai Vigo. Revolver é declarar “cidade libre de desafuzamentos” pero non poñer nin unha soa medida nin mandar un só técnico á xornada informativa da Consellería de Vivenda para explicar as doce medidas, como fixo Ferrol. Revolver é mentir dicindo nun programa de televisión que se ten entregado un folleto informativo sen facelo, recoñecendo en privado que non o mandou. (*Aplausos.*) Iso fixo A Coruña. Revolver é incluír nos programas electorais medidas populistas, sen intención de levalas a cabo, como fixo Santiago.

Menos falar e máis traballar, iso é o que teño que dicir a todos estes concellos de só palabras. Hai que facer, hai que traballar e hai que implantar medidas, e deixar de lado esas pancartas, traballar en serio, temos que traballar en serio.

Eu non dou crédito, teño que dicilo, non dou crédito a todos estes gobernos e grupos políticos que tanto falaban e falaban

dos dereitos á vivenda e que rechazan ou non apoian este convenio do Programa de vivendas baleiras. Tamén me resulta sorprendente que os concellos se neguen a poñer á disposición das persoas en dificultades vivendas baleiras municipais, como fai o Concello de Vigo, señor Bugallo. Ten pisos baleiros en República Arxentina que non quere destinar a persoas en dificultades, e as tres vivendas que lle cedeu o IGVS en decembro do 2011. Polo tanto, en 2012 xa as tiña, e levan todo ese tempo, ata o día de hoxe, baleiras. Iso dende logo que é certamente sorprendente.

Miren, señorías, revolver é dedicarse ás palabras con cero medidas implantadas, con promesas incumpridas. E nós, dende a Xunta de Galicia, o que estamos é a traballar para resolver, resolver os problemas e deixar a pel. Nós a resolver e outros a revolver. Traballamos desde o primeiro minuto en cada caso, reuníndonos cos afectados, ofrecendo solucións con esforzo para axudar a eses colectivos sociais. Planificamos, actuamos e traballamos con estas doce medidas, doce medidas que lles teño trasladado persoalmente a todas as plataformas antihipoteca. Non son medidas nun papel, son reais e efectivas, están xa a beneficiar a familias galegas, porque os problemas son reais e precisan de medidas e respostas reais. Por iso, para a colaboración de todos, eu tamén quero aproveitar para convidalos a sumar e traballar.

E miren, señorías, tamén hai un dato que creo que é importante, e que a min me sorprende. Supoño que a vostedes tamén os sorprenderá. Nas charlas que celebramos cos técnicos municipais e representantes dos servizos sociais das áreas da Coruña, Vigo e Ferrol —eu participei persoalmente nesas charlas—, moitos destes traballadores sociais destes concellos non tiñan coñecemento destas doce medidas da Xunta de Galicia, pese a que dende a Consellería e eu mesma me dirixín aos seus alcaldes para darlles a información. Polo tanto, moitos alcaldes non lles trasladan a información aos traballadores, aos técnicos sociais dos concellos.

Por iso —remato xa—, insisto: hai que contribuír á difusión, para dar solucións, é o que nos reclaman os cidadáns: responsabilidade, colaboración, sumar esforzos; o que non reclaman os veciños, dende logo, é revolver e non resolver.

Pola miña parte, nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Ola de novo.

Bueno, eu primeiro dicirle á señora conselleira que eu os datos que teño nunca os quito da manga, máis que nada. E tamén lembrarlle o labor e o deber da Xunta, porque moitas veces eu vexo que non sei se é que vivimos como en mundos paralelos, ¿non? —é unha frase—, porque o Goberno galego ten o deber de comunicar, de difundir as medidas, sexan mellores ou peores, ¿non?; neste caso poderían ser moito mellorables. Tardaron moito tempo, como dixen antes, en reaccionar ao problema que temos, cando entendemos que en tempos de crise hai moitos temas que se deben blindar, sobre todo o que entendemos por prioridades.

E despois, por outra cousa que eu non entendo: se realmente, cando temos un problema, temos que ir facer toc-toc á porta da consellería. Porque os datos están aí, as estatísticas están aí dos problemas que sofre a sociedade galega. Diciamos que se deben tomar medidas estruturais, e, bueno, falar das necesidades que ten e que está padecendo o pobo. Cando falamos de que seis de cada dez fogares teñen dificultades para chegar a fin de mes, cando falamos dunha taxa moi elevada de paro, cando falamos de que un 15,4 % da poboación que reside en Galicia está en risco de pobreza —segundo datos do INE—, entón, todos estes datos eu creo que a Xunta —non sei— ou mira para outro lado ou non entendo.

E despois tamén outra cuestión que, bueno, se sabe a nivel de Estado e tamén a nivel galego, unha cuestión da necesidade que vai haber, e que está habendo, no presente e no futuro, do aumento de solicitudes de vivenda, onde tamén se deben analizar as necesidades a nivel particular, sobre todo porque hai unhas peculiaridades que quizais non había hai uns anos.

Si comentar sobre un aspecto que comentou agora na segunda rolda de que hai case tres mil vivendas de promoción pública que integran no parque da Xunta e que se van ver sometidas a revisións periódicas das súas condicións económicas, que é unha das novidades que introducirá o decreto

polo que se desenvolve a Lei de vivenda aprobada no ano 2012, que pretende garantir que estes pisos estean ocupados por persoas que realmente o precisan e que pretende favorecer deste modo unha rotación no parque público de vivendas, de forma que os inquilinos e inquilinas non sigan habitando indefinidamente en vivendas ás que accederon con niveis de ingresos máis modestos que os que poden ter agora. Aquelas familias, como resultado destas revisións periódicas que superen agora o umbral de renda establecido para o acceso a eses pisos de promoción pública da Xunta, non poderán optar a novas prórrogas de alugueiro; é dicir, que terán que deixar as vivendas cando se cumpra o prazo de cinco anos polo que a Administración lles recoñece o dereito a habitalas.

É certo que na actualidade o Instituto Galego adxudica estas vivendas sen posibilidade de prórrogas automáticas indefinidas, sen que se realice con carácter xeral ningunha revisión das condicións económicas dos seus arrendadores. Bueno, a min paréceme ben que se leve un control de realmente quen ocupa esas vivendas, mais ¿que criterios van seguir? Porque as circunstancias económicas no momento poden ser mellores, pero de cara ao mellor a un futuro próximo moi curto pois non son así. Entón, iso si que me gustaría que o tivera explicado, porque, bueno, a frase queda moi bonita.

E despois, volvendo á rehabilitación, que foi a parte que me quedou da primeira intervención, está avogando polos distintos modelos da Unión Europea, que é volver ao centro urbano, sexa das grandes cidades ou das vilas, un espazo que soe concentrar as imaxes máis nítidas que sosteñen a identidade cidadá. E é certo que os cascos históricos precisan rexeneración integral, pois existen moitos casos, abundantes casos de abandono, a identidade moi debilitada, degradación e marxinalidade, quedando sen comercios e sen veciñas e veciños, e incluso hai zonas que están vetadas á cidadanía por problemas de derrubamento. O grao de conservación mellora en función dos anos que en moitos concellos levan aplicando políticas de protección e rehabilitación. Sexa o exemplo de Santiago, aínda que, bueno, quedan zonas por recuperar; Allariz e Pontevedra, que conseguiron integrar con notable éxito os seus centros históricos, mentres outras cidades, como Vigo —bueno, que vai pouco a pouco—, Ferrol e Lugo, Betanzos, Monforte e moitísimas máis vilas deben recuperar espazos cidadáns en estado de auténtica ruína.

E, bueno, si, determe no caso de Ferrol, porque é gravísimo. De feito, dende o Concello reclámanse máis fondos á Xunta. No barrio da Magdalena e no barrio de Ferrol vello, que son o centro neurálxico da cidade, hai 3.671 edificios censados, onde sobre 1.200 teñen valor histórico, e, segundo os datos do Concello, máis da metade necesita ser rehabilitado; e o barrio de Ferrol vello xa non digamos, porque realmente está case en ruína declarada. Fai falta moito para recuperar para a cidadanía.

E despois dicir os casos de Pontevedra que incluso se viron obrigados, sobre todo para rehabilitar varios edificios, a ter que pedir as axudas, debido ao apagón do Goberno do Estado, a pedir as axudas ao Estado.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, señora conselleira, eu non insulto, ¡eh!, eu intento definir. E se falei de que vostede facía teatro do malo é porque vostede vén facer publicidade e propaganda, teatro, e porque é de mala calidade, igual que é de mala calidade o argumentario que lle pasan: uns revolven e outros resolven. Pois brillante, brillante intervención, si señor.

Mire, e falou vostede dos meus amigos. Claro, e aí non vou entrar a cualificar. Hai un dato obxectivo: si, eu son amigo de Jorge Suárez, de Martiño Noriega e de Xulio Ferreiro, eses son os meus amigos. E hai outros que teñen de amigos a Marcial Dorado, a Pachi Lucas e a Baltar. (*Murmurios.*) Que xulgue a xente. Evidentemente, son moi diferentes os meus amigos que os amigos do señor Feijóo e que os vosos amigos. Entón, cando intente polemizar, por favor, non se meta en charcos, polo seu propio ben. Os meus amigos son xente honrada, son xente honesta, non son corruptos, (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) non son corruptos. E por iso precisamente chegaron ás alcaldías e botaron de alí o Partido Popular, (*Murmurios.*) sen medios, sen diñeiro, sen financiamento en B, sen financiamento da operación Zeta e da trama Zeta na Coruña e sen financiamento das empresas amigas. E só podían chegar porque había un clamor de que

os concellos naquel momento estaban ocupados por persoas corruptas que gobernaban contra da xente. Se non, non sería posible. Era imposible, ante tanta desproporción de forzas, que as Mareas chegasen a desaloxar o Partido Popular dos concellos.

Ben, e falaba vostede dos datos dos desafuzamentos. Teno moi fácil... (*Murmurios.*): veña aquí –xa sei que non o vai facer– e dígame cantos desafuzamentos de vivenda habitual houbo no período no que vostedes gobernan. (*Murmurios.*) Eu só dou os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, pero veña vostede aquí e diga cales son os datos de vivenda habitual.

Mire –e sempre llo repito–, é a preocupación que vostedes tiveron en resolver este drama que é que tivo que ser unha iniciativa da Alternativa Galega de Esquerda a que os moveu a solicitar datos desagregados de cantos desafuzamentos eran de vivenda habitual. Para que vexa o teatro que fan, o que lles importa, que vostede vén aquí no 2016 –sete anos despois de chegar ao Goberno– facer promesas de medidas que simplemente son a base para analizar o problema. E eu falo en serio, eu non fago teatro, señora conselleira, e eu falo dos problemas estruturais, cousa que vostede aquí non vai contestar.

Vostede fala de beneficencia como política de vivenda e eu dígolle que coa súa política o problema non deixará de medrar, porque é unha ecuación moi sinxela. Vostedes aumentaron, multiplicaron a poboación en risco de exclusión social, de carencia material severa; multiplicaron os fogares onde non hai ningunha persoa que traballa nin que teña ingresos; reduciron os salarios, o 35 % dos salarios non chegan aos 650 euros; o 47 % dos empregados hoxe xa non perciben ningunha prestación. Se xuntamos este feito do empobrecemento xeneralizado das clases traballadoras co feito de que os prezos da vivenda se manteñen e van volver subir coas súas políticas en canto haxa algo de reactivación, a ver vostede como é capaz de convencerme de que coas súas medidas de beneficencia, publicidade e propaganda se vai resolver o problema. Isto é falar en serio. Xa sei que é moito pedir, señora conselleira, pero contésteme a isto: se vostedes crearon as condicións para que case un terzo da poboación estea en risco de exclusión social e os prezos da vivenda seguen como están, ¿como pretenden resolver o problema?

Se vostedes se negaron a asumir as nosas propostas do Plan estratéxico de crear un parque de vivendas de alugueiro público e de prezo social merecente de tal nome, é dicir, que supere o 1 % –cando en Europa está entre o 15 e o 20–, ¿como pretenden resolver o problema, señora conselleira?

E outra das preguntas que non me vai contestar –que conste en acta–: dígame vostede cal era a porcentaxe de vivenda pública de alugueiro cando vostedes chegaron e cal é hoxe. Dígamo e entón deixamos de falar de insultos. Se vostede vén aquí e contesta ás preguntas, eu creo que o debate se enriquecerá. ¿Canto había e canto hai hoxe en día de parque de alugueiro público? Diga canto orzamento destinaron vostedes dende que chegaron, ano por ano, á mellora da infravivenda. ¿Canto? ¿Sábeo? Cero, cero, e vén aquí falar de infravivenda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, vou rematando, si.

¿Cal é o prezo medio dos alugueiros neste país e cal é o salario medio dos galegos e galegas? Tamén podería contestar a iso. Nin sequera o teñen estudado, porque non lles importa, porque vostedes non veñen resolver o problema, veñen resolver o seu problema, o seu problema, que é o desgaste electoral. Porque tanta xente, tanta xente que queda fóra do sistema, tanta xente que queda fóra dun dereito fundamental da vivenda xa é insostible electoralmente, e por iso vostedes se preocupan algo de darlle un verniz, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, estamos a falar do plan RehaVIta 2015-2020 por cuarta –como mínimo– vez. Por cuarta vez tamén o BNG lle di que o consideramos totalmente insuficiente –307 millóns a seis anos– para as necesidades do noso país.

E téñolle que dicir que coincido en algo co señor Castiñeiras: que, efectivamente, a rehabilitación é unha cousa –se está ben feita– que é a medio prazo; aí coincidimos.

E tamén coincido coa conselleira en que o importante é resolver, en lugar de revolver, pero anúncianos aquí que na Tinería de Lugo se vai adxudicar a unidade de intervención UI-8. Esqueceuse de dicir que xa estaba adxudicada, non na lexislatura esta nin na anterior, na anterior da anterior; esquecéuselle. E, polo tanto, o señor Castiñeiras dicía que eles remataban o que outros non facían. Pois non nesta lexislatura, na anterior, non resolveron, intentaron revolver, intentar volver acabar, non a remataron, nesta tampouco, e a ver se cun pouco de sorte para a seguinte. Entón, paréceme moi ben que intenten rematar dúas lexislaturas despois ou á terceira, que ao mellor xa non lles toca –esperemos–, unha intervención importante en Lugo, no Camiño primitivo, que é preto da muralla, que é Patrimonio da Humanidade, preto da catedral tamén, que é Patrimonio da Unesco, ese edificio que di aí da Tinería que o van poñer en marcha. Hai outro edificio da rúa Falcón, xusto pegado á muralla, que leva oito anos agardando. Señor Castiñeiras, tan efectivo, non foi quen de animar o Goberno para que resolvera, na lexislatura anterior ou nesta, e iso que é un edificio pequeno.

Hai tres unidades edificatorias, unha delas pegada á muralla –que tamén é patrimonio da Xunta–, unha torre anexa á muralla, Patrimonio da Humanidade, que tampouco deron resolto, nin nesta nin na anterior. Hai dúas edificacións interxeneracionais nesa UI-8 que estaba adxudicada, señora conselleira, para facer 12 apartamentos e mesmo un centro de día moi importante para meter un servizo público neste casco histórico de Lugo, que tampouco resolveron. Hai un pazo de Dona Urraca que tampouco resolveron, señora conselleira, nin nunha nin en dúas lexislaturas, e iso que o señor Castiñeiras dicía que eles remataban o que o Bipartito non facía.

E hai tres casas ao pé do vicerreitorado que aínda están sen rematar. E mesmo tres unidades edificatorias no Carril dos Fornos tamén sen rematar. Polo tanto, menos lobos, e, señora conselleira, nós vimos aquí con ideas construtivas e con propostas, hoxe e moitas veces. Lamentablemente, o Partido Popular non as quere.

Señoras e señores deputados, o BNG é dos que opina que non hai que gobernar a favor da Banca, senón a favor das persoas.

E, señora conselleira, igual me expliquei eu mal no das competencias municipais, eu referíame a que houbo outras

nacións do Estado que lexislaron sobre vivenda. Non sei se agora pretenderá vostede que lexislen tamén os concellos, pero que fixeron lexislación, e referinme a Euskadi e a Cataluña; que lexislaron, señor Castiñeira. E aí nos pode encontrar a nós con medidas propostas.

O Grupo Parlamentario do BNG está a favor dunha lei de vivenda galega, propia, ¡ah!, pero que recoñeza o dereito á vivenda, un dereito subxectivo e que se poida reclamar incluso nos xulgados; que contemple a función social da vivenda por riba da propiedade, e que se hai trinta e pico mil vivendas baleiras da Banca, que antes sexa a función social desas vivendas que o lucro económico. Pódese facer na lexislación de vivenda, non os concellos, si a consellería. E aí nos atopa a nós tamén, nesa lei que garanta o realoxo das familias desafuzadas antes de desafuzalas; garantía de realoxo, pódese facer nunha lei de vivenda galega que, de momento, non hai.

Esa lei de vivenda galega pode obrigar os bancos e as eléctricas a que non corten a subministración por falta de pago, pódese facer. Aí nos pode atopar a nós, señora conselleira. O Bloque está a favor dunha vivenda desa categoría. E pode atoparnos tamén a nós nunha lei contra a pobreza enerxética, e cunha lei que garanta solo para vivendas.

Por certo, a que había do Bipartito cambiárona, aquela garantía o 40 % de solo en concellos de máis de 20.000. Non lles debía interesar nin ao señor Castiñeira nin ao Goberno galego, e agora din que non hai solo. Aí tamén nos pode atopar a nós, e pódenos atopar reclamándolle á Sareb non unhas cantas vivendas, senón eses 9.000 millóns de euros saneada a Banca con fondos públicos, que se poden ter en conta para que colaboren e que non boten as familias cunha patada, quedándose coas vivendas por un pufó que non dan afrontado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Polo tanto, o Goberno galego pode lexislar e, dalgunha maneira, tamén obrigar a que se responsabilice a Banca, que foi saneada, nin máis nin menos, que con 9.000 millóns de euros. ¡Corresponsabilidade! Esa lei tamén..., aí nos pode atopar, señora conselleira, ao BNG, nunha lei dese tipo. E incluso de impulsar un fondo social de vivenda para garantir subsidiar as rendas das per-

soas que non poidan pagar, de todas, non só daquelas que están desafuzadas e que teñen que ter un contrato de arrendamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...e que non poden ter ningunha débeda e non sei cantas cousas máis, senón de todas.

Xa remato.

Señor Castiñeira, eu xa sei que o Bipartito...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate xa.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...foi moi malo. Só cualificou en catro anos 8.042 vivendas protexidas. O seu Goberno nos catro seguintes non chegou nin a 4.600, pouco menos da metade. Axudas á vivenda...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...10.000 o Bipartito,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo. Remate xa.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...na súa lexislatura 2.600...

O señor PRESIDENTE: Xa está, señor Pombo. ¡Chegou. Xa está entendido!

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Xa remato.

O señor PRESIDENTE: Xa está entendido, señor Pombo. Grazas.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Aquí nos pode atopar a nós, señora conselleira, nunha lei de vivenda propia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo. Grazas.

¡Señor Pombo, grazas! (*Aplausos.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Grazas, señor presidente.

Novamente bos días, señorías.

Din que é bo que falen de un aínda que sexa ben. Hai que recoñecer que o señor Touriño e o señor Zapatero teñen que estar ben agradecidos ao Partido Popular, porque non hai ningún pleno en que polo menos seis ou sete veces non se acorden de Touriño e non se acorden de Zapatero. Iso si, para botarlles todas as culpas de todo o que vostedes non fan. Nos máis de sete anos que levan gobernando sempre a culpa é de Touriño. Moito lle rende a vostedes ese goberno, ou polo menos moito lle rentúa.

O sorprendente de todo isto, señora conselleira, da súa intervención, é que non acaba de tomar posesión vostede como conselleira, e moito menos acaba de tomar posesión o goberno do que forma parte.

Este é o remate da súa segunda lexislatura. Exactamente comparece vostede a sete anos e un mes da toma de posesión do señor Feijóo como presidente da Xunta e a catro meses das próximas eleccións, cando algúns esperamos que o señor Feijóo deixe de ser presidente da Xunta e vostede deixe de ser conselleira, non porque lles queiramos mal persoalmente, senón porque opinamos que despois de tanto que levan traballado é mellor que reciban un merecido descanso, a ser posible noutras actividades.

Enfádanse vostedes comigo e acúsanme de non sei cantas cousas porque resulta que eu me creo os orzamentos da Xunta. É dicir, os orzamentos da Xunta cando presupostan 35 millóns de euros para rehabilitación, e eu digo só executan o 10 %, e vostedes dinme, bueno, vostede sabe perfectamente que iso era mentira. Claro que sei que era mentira, pero porque vostedes presupostaron en falso. Non, non, falo do presuposto de 2010, fixérono vostedes. E agora vostedes o que facían era unha débeda que tiñan escondida e a camuflaban como se fora ser actividade.

Fixérono con isto e fixérono co solo industrial. Presupostaban e dicían 30 millóns de investimento. ¡Mentira! Metían nun peto para ir tapando débeda, porque vostedes o que estaban facendo era que en vez de recoñecer a débeda a ían facendo aflorar pouquiño a pouquiño, porque mantiñan a contabilidade, que teoricamente tiñan parcelas que valían máis de 300 millóns de euros, cando sabían que iso non era certo ou, polo menos, é o que pensaban.

Eu, señora conselleira, os únicos datos que utilizo son os do orzamento que aproba este Parlamento e os da liquidación do orzamento que nos remiten a anterior señora conselleira da materia e actualmente o conselleiro da materia. Eses son os datos que eu utilizo.

Móntanse un lío, din: é que un fala de 17.000 vivendas desafiuzadas e outro fala de 7 ao día. Oia multiplique, 365 por 7 e, ¿canto lle dá? 2.555 por 7 ao día, son 17.885. Saen 17.000 ou 18.000 vivendas. Oia, diso é do que falamos. ¿Que vostedes opinan que non todas eran primeira vivenda nin vivendas? Oia, en sete anos tiveron tempo de facer ese estudo desagregado.

Enfádaseme o señor Castiñeira e di, non, é que di vostede que só hai medio millón de euros para rehabilitar vivendas do Camiño de Santiago. Oia, iso é o que di a orde publicada o 8 de abril. E hai 2.700.000 máis. Para as ARI, ¡ARI, ARI! Só hai 68 ARI en Galicia, non todos os concellos do Camiño de Santiago teñen ARI e nos concellos nos que hai ARI a ARI ocupa unha zona determinada do concello.

A realidade de todo isto é que segundo os seus propios estudos, segundo o seu propio plan estratéxico, hai 250.000 vivendas que rehabilitar nos núcleos rurais e só hai diñeiro para rehabilitar 320. E iso é unha ridiculez, o 0,1 %. O certo é que cos 500.000 euros fóra das ARI só dan para 75 vivendas, e é outra ridiculez.

Vostedes o que fan é que fan, e, polo tanto, aos datos me remito, e o IGE di que no ano 2014 se remataron 84 vivendas protexidas. Iso quere dicir que a súa política de vivenda é un timo da estampita. E iso contrasta coas 2.600 libres, que son o 7 % do total nacional, máis do 7 %, fronte a que en vivenda protexida só o 0,5 %. E iso é porque abandonaron a política de vivenda.

¿Que opinamos das súas doce medidas? Que non son verdade. Porque non era verdade a presupostación que facían, porque non executan esa presupostación e porque incluso a presupostación de que dispoñen é absolutamente insuficiente, incluso ridícula, en relación coa magnitude do problema que pretenden resolver con eses cartos. E resulta absolutamente falso que sexa prioritaria a política de vivenda para a Xunta de Galicia cando a señora conselleira vén aquí presumir de que vai gastar 40 millóns de euros en dous anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: 40 millóns de euros, ¿canto supón iso?, ¿sábeo?, o 0,2 % do presuposto da Xunta. Se a prioridade é o 0,2 %, téñolle que dicir que é unha ridiculez.

En suma, as súas medidas parécennos poucas, algunhas inaxeitadas, como o bono de alugamento, porque nós criamos e entendemos que debían ter mantido o fondo de vivendas que había antes, que é unha forma de controlar o prezo da vivenda. En todo caso, o bono de alugamento podía ser un elemento complementario. Poucas, algunhas non ben orientadas, absolutamente insuficientes....

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...e a dotación presupostaria absolutamente ridícula en relación coa magnitude do problema. O único que nos parece excesivo é o que se gastan en anuncios, contos chinos, publicidade e propaganda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor Bugallo, por considerar que entendía que era unha mentira o que vostede dicía sobre o nivel de execución e a débeda. Si era unha débeda escondida, efectivamente. E aquí non mencionamos a Touriño, mencionamos o Bipartito. Por algo sería, señor Bugallo, por algo sería. Ao señor Zapatero si, a verdade é que ten moito prestixio nesta Cámara, como na maioría das cámaras de toda España. Eu creo que ten moito prestixio gañado a pulso un a un. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Eu creo que iso si, a verdade é que si.

E, home, ¡menos mal!, claro que o boletín está aí, ¿sabe?, e cando os papeis están aí, están aí e non se pode dicir o contrario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non son todas as ARI as 68 ARI. É a ARI dos camiños, 2,7. Esa é a orde que hai, máis 0,5 millóns, é dicir, 3,2 en total para infravivenda, só para este ano, e que remata o prazo o

30 de novembro para a presentación de solicitudes. Está aberto neste momento, e espero que vostede llo diga á súa compañeira –creo que iso non entra dentro do seu, estar apoiando outro sector, pero aínda así–, á súa compañeira de Lugo; que sexa capaz de informar os seus veciños das *(Murmurios.)* axudas que hai para estas rehabilitacións; que sexa capaz e que non se negue, incluso no pleno, a axudar e a informar destas subvencións.

Porque vostedes non se sumen ao coro de: canto peor, mellor, señor Bugallo, non lles vai ben. Iso eu enténdoo noutra serie de partidos, as Mareas, que ao mellor terminan mareadas, entendo que realmente vaian por ese camiño. Pero, ¡home!, vostedes, eu tíño a vostede por un pouquiño máis serio, un pouquiño máis serio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si.

Se quere, señor Pombo, falamos da Tinería. E eu agradézolle que hoxe xa non dixera que era un proxecto do BNG. Porque xa lles dixen unha vez que posiblemente se o señor Cacharro, se o señor Cuíña, dona Manuela López Besteiro ou José Antonio González Redondo eran do BNG, entón a Tinería de Lugo e os proxectos de rehabilitación dos cascos históricos ao mellor eran un proxecto do BNG. Pero creo que eses señores e esa señora non eran do BNG, nin moito menos, e ese é un proxecto do Partido Popular, pese a quen lle pese. Desde logo, en Lugo pesa moito, porque daquela estaban gobernando... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: É que me parece que estaba tamén no Bipartito de Lugo naquel momento... Si, si, ten razón. Ten razón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Porque o Bipartito, e daquela estaba o Bloque no Concello de Lugo, non quería o Plan de rehabilitación da Tinería. Se quere facemos historia. Non sei se esas noticias chegaban ao Incio, pero si aos de Lugo, e en Lugo sabíamolas, ¡eh! Os de Lugo sabíamos, exactamente, o que falaban e o que fixeron e o que seguiron facendo cada un.

E mire, si, non confunda unha licitación dun proxecto cunha licitación dunha obra, ou cunha idea que vostedes tiñan sobre o pazo de Dona Urraca e a unidade UI-8 sobre o que realmente e o que se está pretendendo facer.

E mire, se lle preocupan os edificios de ao lado do vicerreitorado, vaia dar unha volta, porque están para recepcionalos e adjudicar as vivendas en concurso libre que alí hai. Son edificios rematados, pero claro, se cando nun edificio que está rematado ou a piques de rematar se considera que non se fixo nada, entón dificilmente podemos falar de datos reais.

É unha lei de vivenda de Galicia. Oia, os seus compañeiros de grupo, daquela vostede non estaba, participaron e foron ponentes dunha lei de vivenda de Galicia. Si, de Galicia; de Galiza non, de Galicia. A Lei 8 do ano 2012, do 29 de xuño. Invítoos a que o mire e verá que temos unha lei propia, que moitas cousas das que está falando a conselleira aquí, precisamente, son desenvolvemento desa lei propia de vivenda de Galicia, exactamente.

Cualificaron moitas vivendas. Si, si. Cada subvención que daban metían unha cualificación de calquera rehabilitación. Entón para vostedes contan, claro. Daban unhas subvencións de 200 euros ou de 1.000 euros para rehabilitar na zona rural ou cousas incluso que viñan en procesos de antes, do goberno do Partido Popular. E exixían a cédula de cualificación. Era unha cualificación pero non vivendas. Porque en Lugo, desde logo, asegúrolle que non fixeron ningunha, ou tivo que vir o goberno do Partido Popular para rematar as vivendas de Garabolos, entre outras. Si, entre outras, señor Pombo.

Pero podemos ir a outro lado. Do que en Lugo sabemos é do plan aquel de vivenda marabilloso onde querían meter vivendas sociais no barrio da Tinería, no barrio do Carme ou en moitos concellos de toda Galicia nos que se lles sublevaran os seus propios alcaldes –non sei se se acorda–, e así outras cousas.

Señor Sánchez, está todo dito, con votedes está o problema arreglado. Non hai máis que mirar onde apoian e onde gobernan. Comunidade Valenciana, por exemplo. Creo que aí vostedes teñen, son e levan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Se vostede colle os datos de desahucios do Consello Xeral do Poder Xudicial. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!, e remate, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Remato, señor presidente, pero podemos falar.

Mire, número de desahucios por habitantes: Valencia, 30 de cada 10.000; Andalucía, 20 de cada 10.000; Asturias, que non está gobernada polo PP desde hai moitos anos..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...16 desahucios, en xeral, sen especificar, do informe do Consello do ano pasado...; *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...en Galicia, 6.

Pero alguén falou de Cataluña. Mire, en Cataluña 20 por cada 10.000; en Galicia, 6. E non estamos orgullosos, nin moito menos, nin moito menos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Estaremos orgullosos cando non haxa ningunha familia que teña que abandonar a súa vivenda por situación económica. Iso é ao que aspiramos e para iso traballamos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche desta comparecencia para a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Sánchez, non sei como chegaron á alcaldía de Santiago, A Coruña e Ferrol sen medios e sen cartos. O que sei é que sen ganas de traballar e sen ganas de darlles solucións aos cidadáns. Iso é o que sei, non sei se quedaron sen cartos

ou sen medios pero, desde logo, sen ganas de traballar si que chegaron.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

(Vázquez Mourelle): En calquera caso, dende a Xunta de Galicia seguimos... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Fajardo, pertinente chamada á orde. Primeira chamada á orde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, chamada á orde.

Silencio, por favor, hai que respectar a quen está no uso da palabra. Iso gústanos a todos, e hai que saber escoitar tamén cando corresponde. Correspóndelle agora falar á señora conselleira e logo corresponderalles a vostedes. Imos ser democráticos.

Adiante, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

(Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Dende a Xunta de Galicia estamos a centrar os esforzos para atender estes sectores desfavorecidos, loitar contra os desafiuzamentos, garantir o dereito constitucional a unha vivenda. É algo que non é etéreo, non é un verniz, como dixo alguén aquí. Dende logo, é algo tan concreto como que as familias teñan un fogar axeitado, con medidas eficaces e con medias reais. Levamos traballando anos para facer unha política de protección e de atención a esas persoas e familias que teñen dificultades para manter o seu fogar. Son doce medidas as que impulsamos, doce medidas que responden a unha actuación integral, conxunta e planificada para dar unha solución adaptada a cada situación.

Señor Bugallo, son doce medidas que son verdade, realidade. E por se ten algunha dúbida, como fixen co señor Sánchez, fareille chegar esas doce medidas e a documentación correspondente, con todos os convenios asinados, os DOG, etc. Porque non son medidas nun papel, son medidas reais, efectivas e que están a axudar a familias. Xa axudamos a

máis de 400 familias. A vostedes parécelles pouco. Eu creo que simplemente ven números, pero temos axudado a máis de 400 familias con nomes e apelidos: Begoña, Dolores, José Manuel, Sandra, Ricardo, Carmen, Esther, Tamara, Mari Carmen, Sara..., moitísimas familias, señorías.

Hoxe quixemos traer os resultados do Plan RehaVita porque é máis ca un plan de vivenda. É un mecanismo de cohesión social, é un plan que redobra esforzos, redobra recursos, e tamén damos máis atención a esas situacións para dar resposta a maior número de persoas. É un plan que aposta polo futuro, e poñendo o acento en algo que ata o de agora eu creo que non era tan reclamado e que eu, dende logo, vexo prioritario, que é a rehabilitación e o alugueiro. Polo tanto, axudas á rehabilitación e axudas ao alugueiro, que é polo que apostamos dende o Goberno galego para o futuro. Activamos máis de 300 millóns de euros para darlles solucións e axudar a 152.000 galegos. Está en pleno desenvolvemento este plan. Como dixen, nestes momentos o 85 % das medidas están en marcha, e imos seguir este camiño con programas en marcha, con novas medidas para dar resposta ás demandas. E, por certo, aproveito para dicir que nestes momentos estamos traballando en dúas medidas máis, dúas novas iniciativas. Por un lado, o programa de prestamos á rehabilitación, unha nova fórmula para incentivar a concesión de financiamento a esas persoas que queiran mellorar a súa vivenda. Asinaremos convenios coas entidades financeiras para conceder eses préstamos para a rehabilitación. E para esas familias terán intereses cero, para esas familias con rendas baixas. E tamén estamos traballando para crear o antes posible o depósito de cooperación, préstamos aos concellos de menos de 20.000 habitantes para que estes poidan levar a cabo actuacións de rehabilitación e conservación de vivendas. Estamos tramitando a orde para crear este depósito de cooperación, que se dotará con 10 millóns de euros. Polo tanto, novas medidas ás que seguirán sumando esforzos e recursos da Xunta de Galicia para conseguir vivendas baleiras neses lugares onde temos acreditada máis demanda, que é Vigo e A Coruña. Témonos dirixido ás entidades financeiras para que realicen máis esforzos. Pedímoslles tamén a Vigo e A Coruña e aos gobernos municipais das grandes cidades galegas que pensen nos seus veciños e colaboren con nós, que se adhiran a ese programa de vivendas baleiras para destinalas a alugueiro social. Eu agardo que reflexionen, que recapaciten para que esas vivendas baleiras se poidan ocupar para alugueiro social, especialmente no concello

de Vigo. Eu creo que ten que reflexionar, recapacitar e que ocupe esas vivendas baleiras que o Instituto Galego de Vivenda e Solo decidiu en decembro de 2011, que levan baleiras catro anos esas vivendas para destino social. Eu espero que por fin acceda a ceder esas vivendas, tamén as de República Arxentina, que abandone ese plans de negocios o Concello de Vigo e que destine esas vivendas municipais, e as vivendas cedidas polo Instituto en decembro de 2011, a esas familias necesitadas.

Nós seguiremos cos encontros informativos, encontros informativos para informar das axudas, das medidas que temos. Xa os tivemos con distintos colectivos de técnicos e traballadores, que son as persoas que traballan día a día coas familias afectadas. Por iso, mellor ca ninguén, eles, para que saiban como axudar e que nos trasladen as súas reflexións e as súas propostas; e tamén para informalos das medidas que ten a Xunta de Galicia para poder asesorar eses afectados.

Eu creo que coa participación de todos poderemos ofrecer unha mellor resposta, xuntos sempre poderemos facer algo máis. Por iso insisto en que hai que sumarse a ese camiño. Os cidadáns reclámannos altura de miras, reclámannos que unamos esforzos, que traballemos da man para dar unha resposta máis áxil e máis eficaz. Por iso, eu creo que nese camiño é onde debemos atoparnos. Pola miña parte, nada máis. Insisto, sumar esforzos para dar unha resposta máis eficaz a estas familias.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de ambiente

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse as seguintes emendas: unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra emenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar promovendo medidas para:

1. Facer fronte ao cambio climático, incluíndo un informe exhaustivo sobre as medidas postas en marcha polo Goberno autonómico nesta materia e a redacción dunha estratexia de sostibilidade ambiental.

2. Continuar investindo en medidas de educación, información e divulgación ambiental, así como continuar desenvolvendo o plan de xestión do lobo e a adaptación do plan de recuperación do oso pardo.

3. Continuar velando pola protección das zonas medioambientais protexidas, con especial atención ás zonas afectadas polos lumes forestais, promovendo a súa rexeneración.

4. Continuar garantindo o estrito cumprimento do disposto na Lei 1/1993, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, así como na súa posterior reforma a través da Lei 8/2014. Así como, que se axilice o máximo posible o novo proxecto da Lei galega de protección e benestar dos animais de compañía, no que se contemple a prohibición de empregar animais silvestres en espectáculos circenses.

5. Continuar coa posta en marcha de medidas para o saneamento integral das rías galegas.

6. Continuar aplicando o Plan de residuos urbanos 2010-2020 e rematar a elaboración do Plan de residuos industriais”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do dispo-

to no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Propoñemos a modificación do punto 5, que quedaría do seguinte xeito:

“5. A solicitude ao Goberno do Estado da derogación da Lei estatal de protección do litoral, do 29 de maio de 2013; a derogación da prórroga a Ence na ría de Pontevedra e o saneamento das rías galegas e a derogación dos novos tributos da lexislación de augas.”

Emenda de supresión.

No punto 6 propoñemos a supresión do texto que vai desde “e que” até “Galicia”, é dicir, desde o final da quinta liña até o punto final.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

A semana pasada, hai quince días, no último pleno diciámoslle á conselleira que tiña que orientar –esa era a nosa idea– a súa política de xestión do medio ambiente cara a dous principios básicos, o de responsabilidade na xestión dos recursos naturais e o de solidariedade con estas xeracións, pero, sobre todo, coas xeracións futuras.

A conselleira falou nesta Cámara e, á parte dos primeiros cinco minutos nos que non dixó nada, o seu discurso, no momento en que empezou a dicir algo de medio ambiente, comezaba así: “Agradezo a oportunidade de falar nestes minutos que me quedan de interpelación do importante que son as políticas medioambientais que se teñen desenvolvido dende o Goberno da Xunta de Galicia e que se están desenvolvendo agora, e que comezan obviamente por ter unha capacidade de presuposto máis grande da que tiña o ano pasado”. É dicir, a profundidade do discurso da conselleira era que o medio ambiente é moi importante para este goberno. E o Grupo Parlamentario Socialista entende que é impo-

sible acadar estes dous principios de responsabilidade e de solidariedade tendo en conta que se reduciron os fondos dedicados ao medio ambiente nun 17 % en relación cos do ano 2009, co orzamento do ano 2009, que se executa a metade en investimentos reais en relación co orzamento do ano pasado e que, polo tanto, non é certo ese incremento presupostario dun 6,64 % do que nos falaba a conselleira.

As medidas que lle reclamamos a esta consellería son fundamentalmente as seguintes –e así van na nosa moción–. A primeira delas é que se redacte dunha vez por todas un novo plan de acción fronte ao cambio climático, porque está paralizado. Na emenda do Partido Popular, da que falaremos despois na réplica, non se contempla ese plan de acción fronte ao cambio climático. Segue en vigor unha estratexia que é do ano 2005, e estamos en 2016. Os datos oficiais que maneixa o Goberno son do ano 2011 e a conselleira díxonos que o investimento en materia de cambio climático era de 35 millóns de euros. Pois gustaríanos saber en que parte do orzamento do ano pasado para este ano están eses 35 millóns de euros, porque realmente o orzamento foi de cero euros para a loita contra o cambio climático.

A propia Consellería reconece, o propio Goberno, no seu plan estratéxico –do que falamos esta mañá–, que hai certas debilidades: unha nas emisións de gases de efecto invernadoiro, que estaba no ano 2011 18 puntos por riba do obxectivo do ano 2020, que os nosos chans se están erosionando, que hai desertización, que hai unha vulnerabilidade importante do noso territorio fronte a inundacións e secas e que hai moitas pragas derivadas precisamente do cambio climático.

A segunda medida que lles pedimos é que invistan en biodiversidade, en educación, en información, en divulgación ambiental, que non existen para o Goberno da Xunta de Galicia; que desenvolva un plan de xestión do lobo, sobre todo porque por fin dende o ano 2011 temos un censo definitivo, segundo nos di a propia Consellería nunha resposta que nos deu o pasado mes de abril. Hai máis de 90 mandas reproductoras de lobo no territorio galego. E o que nos preguntamos –e queremos crer que é verdade que é así–, é se dende que recibiron estes datos do Goberno estatal, que foi quen fixo o censo, o Goberno ten feito algo ou se tiñan traballo adiantado dende o ano 2011 ata o día de hoxe. Pedímoslles medidas na reforma do Plan de recuperación do oso pardo. Estamos a esperar dende o ano 2013 a que fagan algo.

Pedimos que efectivamente haxa medidas de prevención, de extinción e, sobre todo, de rexeneración dos chans protexidos medioambientalmente e afectados polos lumes; que fagan algo máis do que fixeron e do que están a facer na illa de Cortegada. Pedímoslles, como terceira medida, que efectivamente, non esperen á modificación da Lei de protección animal, se é que algún día ve a luz esta protección, porque os concellos están a esperar para poder decidir ou para poder acordar a prohibición nos seus territorios dos circos con animais. Votades votan en contra na Comisión de Medio Ambiente, na que pedimos que especificamente se modifique a lei, e teñen a desfachatez de, na súa emenda, incluír a nosa petición, coma se fose propia do Partido Popular.

Pedimos que lles boten unha man, aínda que sexa pequena, ás protectoras de animais, que son as únicas que se están a preocupar por potenciar as campañas de esterilización, de promoción de tenzas responsables de animais, de control sobre o abandono e a implantación do microchip.

Pedimos como cuarta medida que sexan valentes, que lle pidan ao Goberno do Estado –agora en funcións– que derroque a Lei de protección do litoral do ano 2013, e pedimos que revisen a prórroga de sesenta anos, esa prórroga vergonzante de Ence na ría de Pontevedra, e que derroquen esa prórroga.

Pedímoslle que, efectivamente, se adiquen ao saneamento das rías, porque é lamentable que sigan a estar en perigo de gran contaminación, e non o dicimos nós, senón que o di a propia Unión Europea.

A conselleira utilizou o mesmo número, o número 35, igual que os 35 millóns de euros que, segundo ela, se adicaron á loita contra o cambio climático, e eses 35 agora son 35 depuradoras novas, segundo a conselleira, que se teñen feito nestes últimos catro anos. Gustaríanos saber onde están e cando se licitaron, se nestes sete últimos anos ou nos anteriores.

É increíble que a conselleira, que é da Coruña, veña aquí dicir que se teñen investido 100 millóns de euros para mellorar a situación da ría do Burgo, e que para completar ese plan de saneamento se investirán preto de 6 millóns de euros, tentando así rematar este plan de actuación. ¡Pois menos mal!, porque cando os europarlamentarios, os membros da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo, viñeron a Galicia,

foron á ría do Burgo, e un mergullador foi con eles, segundo poñen no seu informe, e a aquel home –que si meteu os pés no lodo, con lodos de 2 metros– case non foron capaces de sacalo, porque o lodo o tragaba, segundo di o propio informe. E menos mal que xa levabamos 100 millóns de euros utilizados para completar o Plan de saneamento da ría do Burgo.

É un acto de valentía por parte da conselleira que hai quince días no Pleno diga que o que lle demandan a Ence é que cumpra coa ría de Pontevedra e coa situación medioambiental de Pontevedra e da súa comarca, cando este goberno, esta consellería, non dixera absolutamente nada respecto da modificación da Lei de costas, e ademais o único que lle exigen a Ence é un compromiso de aboar 15 millóns de euros para unha depuradora que é propiedade da Xunta de Galicia e que, polo tanto, a propia Xunta de Galicia tería que investir nela e non pedirlle a Ence que axude á ría de Pontevedra con 15 millóns de euros.

E, por último, pedímoslle tamén que derroquen os seus tributos da lexislación de augas, porque, efectivamente, estes tributos eran para financiar obras novas que non existen, e que retire ese inxusto e inxustificado incremento do canon de tratamento de residuos, porque non é certo que Sogama sexa un modelo; nin é un modelo nin é moderno nin é eficiente nin é autosuficiente.

Ademais non é certo, como dixo a conselleira, que os concellos libremente poidan decidir ingresar en Sogama ou non, ou seguir en Sogama ou non. Só fai falta ler a disposición adicional 21 das leis de orzamentos dos anos anteriores para saber que hai o que se chama unha coacción velada na propia disposición adicional. E estaría ben que alguén lle puidese explicar á conselleira que non hai recursos de inconstitucionalidade respecto deste canon, desta suba do canon, en materia de residuos. O que hai interposto son preguntas, dúbidas, sobre, precisamente, o acomodo á Constitución deste incremento do canon, e esas dúbidas non as temos os que estamos nese lado da bancada, senón que as teñen xuíces e xuízas de Galicia, que dubidan de que sexa constitucional. E, de feito, pode ser que por parte dos que ocupan esas bancadas que agora mesmo están baleiras tamén existan esas dúbidas, porque os letrados da Comunidade Autónoma que van aos xuízos onde se plantexaron estas cuestións de inconstitucionalidade, recibiron a orde por parte do Goberno

de retirar as demandas e de chegar a un acordo cos concellos que non aboaron ese incremento.

Pedímoslle de novo á Consellería responsabilidade na xestión dos recursos naturais, solidariedade no seu traballo, porque non vaia ser que nesta lexislatura, no que nos queda de lexislatura, pasemos de ter tres conselleiros de Medio Ambiente, a ter catro.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Eu quixera empezar por dicir que compartimos unha boa parte da análise que leva feito desde esta tribuna a portavoz do PSOE, sobre todo no que se refire a que durante esta lexislatura tivemos unha política medioambiental minguan- te onde claramente o papel que se lle dá ao medio ambien- te é residual, e mesmo se deron pasos atrás no que se refire á propia planificación. Que a estas alturas non haxa ningún tipo de estratexia contra o cambio climático no noso país eu creo que é a mostra máis evidente de como este goberno non só non está cos tempos, senón que non ten alternativas ante os retos e os problemas máis importantes que podemos ter diante de nós. E compartimos tamén *grosso modo* algun- has das medidas que se veñen proponendo nesta moción, tanto no relativo ao cambio climático como no que se refi- re á mellora da xestión daqueles elementos máis febles do noso ecosistema, como poden ser a xestión do lobo ou a xestión do oso, ou outros que teñen que ver co referido á protección dos animais, onde habería que dar algún debate en maior profundidade. Mais, efectivamente, aquí o que se está facendo é poñendo medidas moi concretas, paliativas nalgún caso, sobre aspectos, sobre unha tenza responsable de animais domésticos, que sabemos que é preocupación de moitas persoas e tamén un síntoma de canto avanzamos en dereitos e de canto avanzamos en respecto; respecto que, efectivamente, nesta Cámara moitas veces tamén brilla pola súa ausencia.

En todo caso, o noso grupo presenta unha emenda a dous puntos, ao punto quinto e ao punto sexto, e nos tres minutos que me quedan intentarei explicar por que.

Nós, do punto quinto, o que quitamos é a palabra “revisión”, porque entendemos que, dado que este Parlamento o único que pode facer é posicionarse politicamente a respecto de cal ten que ser o futuro de Ence no noso país, o que cremos é —e hai que dicilo con claridade— que non chega cunha revisión; o que hai que facer é derrogar, porque mesmo, tal e como está redactado, parecería que pode haber unha ampliación, aínda que non fora a sesenta anos. Estou convencida de que esa non é a intención do Grupo Socialista, mais recoñezo que, cando lemos esta emenda, lemos esta moción, nos pare- cía que era un pouco confusa e, polo tanto, o que dicimos é que este Parlamento se posicione con claridade en que Ence ten que saír xa da ría de Pontevedra e que tamén se posicio- ne con claridade contra esa cacicada que no fondo foi a reforma que fixo o Partido Popular da Lei de costas, porque o que pretende é manter, por exemplo, instalacións como Ence en contra da vontade das persoas. Polo tanto, esa emenda, ese punto, vai simplemente para que esa cuestión quede moi clara en relación co aspecto de Ence.

E logo, finalmente, tamén nos parece importante a proposta que facemos no punto sexto, porque nós estamos en contra de calquera incremento do canon de tratamento de residuos neste actual modelo. Temos dado un debate moi amplo nesta lexislatura, e creo que está meridianamente claro que ningún dos grupos estamos a favor da suba unilateral que fixo o Goberno de Feijóo ao tratamento do lixo; unha suba que non só está cuestionada pola súa legalidade, por como se fixo, senón que, ademais, nós dicimos que non ten xustificación desde o punto de vista do que se está facendo, e acreditamos na necesidade dun novo plan de residuos.

Mais teño que dicir tamén con absoluta clareza que non podemos estar de acordo baixo ningún concepto cando se nos di que hai que converter a Sogama na xestora do conxunto dos residuos orixinados en Galiza. Non cremos iso, porque non cremos nun modelo centralizado. Nós pensamos que esta posición no fondo o que está invalidando é que se poida apli- car a directiva, porque o modelo de Sogama é un modelo que na práctica está en contra —por como está conformado— de que se poida aplicar a directiva. Canto máis lixo se produza, mellor para Sogama; canto máis lixo se queime, máis benefi-

cios para Sogama, e mesmo neste momento Sogama está tratando de xeito ilegal o lixo. Estao tratando, en primeiro lugar, porque está depositando sen tratamento de ningún tipo moito do lixo en vertedoiro, e, polo tanto, estase incumprindo a legalidade. Mais tamén incumpren a legalidade porque as directivas están dicindo que, como mínimo, o 50 % dos residuos deben ser reciclados ou recuperados, e en ningún caso esa cifra se cumpre no noso país.

Desde o Bloque defendemos outro modelo de xestión de residuos, un modelo descentralizado, un modelo que realmente aposte polas tres erres e que teña na compostaxe unha pata fundamental.

Polo tanto, agardamos que se recollan as emendas que propoñemos, porque, se non, por estas cuestións, pediríamos a votación por puntos, ou ben nos absteríamos, de isto non ser aceptado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías.

Señora Vilán, substancia vostede a súa interpretación nunha moción que contempla 16 medidas, das cales 14, o 75 % delas, xa se están a facer; co cal, podemos dicir que coincidimos nun 75 % na súa moción, pero discrepamos nunha cuarta parte.

Espero que as que non compartimos me dea tempo a explicarlles, porque non serían boas, ademais, moitas das cousas que vostede propón, porque ían ter incluso efectos contrarios aos que vostede desexa.

Tamén lamento non saber o que vai facer coa emenda que fixo o grupo maioritario desta Cámara, o grupo que representa a maioría dos galegos, porque se o souberamos poderíamos tamén nesta intervención intentar aclararlle aqueles puntos onde vostede tivera algún tipo de dúbida.

Mire, nós queremos seguir facendo fronte ao cambio climático, por iso queremos que se inclúan nun informe as medi-

das postas en marcha polo Goberno autonómico nesta materia. E tamén queremos a redacción dunha estratexia de sostibilidade ambiental.

Señorías, levamos tempo facendo fronte ao cambio climático. Dende hai anos contamos cun primeiro informe sobre o cambio climático de Galicia onde se inclúen 84 medidas, xestionadas por todos os departamentos da Xunta de Galicia, e que teñen un investimento de 35 millóns de euros. E agora estase a rematar o que será o segundo informe sobre o cambio climático, señorías.

Ademais, e tal como lle avanzou a conselleira no pleno anterior, a Xunta traballa dende xa nas bases da primeira Estratexia de sostibilidade ambiental de Galicia; unha estratexia que vai identificar cales son os retos aos que se enfrenta Galiza en materia medioambiental e cales son as oportunidades que van xurdir na nosa comunidade.

Queremos continuar investindo en medidas de educación, de información e divulgación ambiental, así como en continuar desenvolvendo o plan de xestión do lobo e na adaptación do plan de recuperación do oso pardo.

Señorías, queremos continuar velando pola protección das zonas medioambientais con alto valor, con especial atención a aquelas zonas afectadas polos lumes forestais, promovendo a súa rexeneración.

A Xunta de Galicia conta con medios para a prevención de incendios e para a rexeneración das zonas queimadas. Nesta liña, señorías, vén de presentarse, como todos os anos, o Plan de prevención e defensa contra os incendios de Galicia, e esta rexeneración é ademais reforzada nos espazos protexidos pola Consellería de Medio Ambiente, levando a cabo accións urxentes de rexeneración sobre aqueles hábitats ou especies protexidos cuxo estado de conservación fose significativamente alterado a causa dos incendios.

Queremos continuar garantindo –por suposto– o estrito cumprimento do disposto na Lei 1/1993, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

Pero tamén queremos que se axilice ao máximo posible o novo Anteproxecto de lei galega de protección e benestar dos animais de compañía, no que se contempla a prohibición

de empregar, señora Vilán, os animais silvestres en espectáculos circenses. Xa llo dixen o outro día, o anteproxecto é público, xa se fixeron alegacións e xa se pechou o período de alegacións. Non ten sentido modificar unha lei do 1993 cando hai un anteproxecto en marcha. Pero vostede é contumaz na súa insistencia, e encima cre que está aquí a discutir, pois..., non sei.

Miren, queremos facer cumprir a lei e seguir mellorando o marco normativo para a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro. Por iso iniciamos en marzo a tramitación do Anteproxecto de lei galega de protección e benestar dos animais de compañía. Este texto introduce importantes novidades; a máis significativa quizais é a prohibición dos circos con animais silvestres en todo o territorio da comunidade, tipificando a dita infracción como moi grave, artigo 40.II: “Ten consideración de infracción moi grave a utilización de animais silvestres nos circos”. É público, está nun anteproxecto. Preocúpese, descárgueo, léao, e despois veña opinar, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que non está mal. *(Murmurios.)*

Tamén, señorías, queremos avanzar na loita contra o maltrato animal establecendo os mecanismos necesarios para a súa prevención, para a loita e sanción. Apóstase tamén pola educación da cidadanía no respecto á protección dos animais e pola prohibición tamén de todas aquelas condutas que supoñan determinadas mutilacións nos animais co único fin de manter unhas características de tipo racial ou estéticas. Queremos promover a adopción dos animais abandonados nos centros de recollida e a restrición dos sacrificios, señorías.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Queremos tamén –como vostede está a pedir na súa moción e que vai incluído no anteproxecto– a obriga clara e específica da identificación mediante o microchip. Señora Vilán, todo isto vai no anteproxecto de lei, que é público, que estivo aberto a alegacións, que houbo alegacións de diversos colectivos e que segue o seu proceso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: O problema, señoría, é que vostede non leu este anteproxecto e vén con propostas que están incluídas nese anteproxecto. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: E iso, señoría, si que é unha desfachatez.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Trenor. Terminou ou seu tempo xa.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señora Vilán, xa para rematar... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Mire o reloxo...

O señor TRENOR LÓPEZ: O noso grupo emendou coa finalidade de chegar a un acordo, e está na súa man que poidamos chegar a ese acordo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Ola de novo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Imos apoiar esta moción dende o Grupo Mixto, aínda que tamén aos distintos puntos teríamos algunha matización. Entendemos que nestes tempos de crise perdemos unha gran oportunidade, a de subir ao tren do desenvolvemento de políticas medioambientais, sobre todo tendo en conta o presuposto insignificante que ten a propia consellería.

Debemos exixir ás grandes industrias contaminantes emisoras de gases de efecto invernadoiro responsabilidade e evitar ubicacións que deterioren a natureza e a calidade de vida, a contaminación. A Unión Europea fixou o seu compromiso en reducir ata nun 40 % as súas emisións no 2030. Entendemos que é imprescindible a derogación de Ence, coa prórroga que fixo na ría de Pontevedra, como a doutras industrias que tamén se atopan dentro das rías galegas, como no caso da ría de Ferrol.

Débase aprobar un marco xurídico para que os inversores desenvolvan enerxías renovables con seguridade, que acabe coas emisións de gases de efecto invernadoiro para o 2050, e que nos manteñan lonxe do aumento da temperatura de dous graos centígrados, buscando eficiencia enerxética e intelixencia.

Tamén debemos apostar polas amplas vantaxes medioambientais que ofrecen os transportes colectivos, sobre todo a nivel terrestre e marítimo. Tamén debemos ter en conta a porcentaxe de poboación galega que vive sobre todo nunhas áreas determinadas. Tendemos a ir cara a un mundo máis urbano. A degradación, a fragmentación e o uso non sostible do chan fan perigar a provisión de varios servizos ecosistémicos clave, son unha ameaza para a biodiversidade e aumentan a vulnerabilidade do cambio climático e os desastres naturais. Sabemos que un 19 % do litoral é practicamente artificial. E tamén coa directiva europea en cuestión do tema da auga. Hai moitos concellos que verten a súa auga a distintas rías –como xa comentamos antes– e incumpren a directiva europea.

Podemos falar tamén da necesidade de preservar especies –como comentaron– como o lobo ou o oso, na que se incluírían tamén outros animais, como o raposo; e incluso do problema que hai coa agricultura e cos pesticidas no caso das abellas e da responsabilidade que deben ter tamén os propietarios e propietarias dos animais domésticos. É importantísimo orientar as políticas sobre todo no tocante ao que son os bosques, as masas forestais, que desenvolven un gran papel na preservación da natureza. Debemos defender a nosa flora autóctona.

É posible facer compatible a protección e a conservación do desenvolvemento socioeconómico dos concellos, incluíndoo no seu ámbito de aplicación.

Debemos investir en prevención e na importancia da extinción de incendios. ¿Por que a Xunta de Galiza non ten unha política seria no control das especies invasoras, nas que case contabilizamos 200 diferentes? Debemos ollar a porcentaxe de eucaliptización que ten Galiza, un 28 % de masa de superficie forestal.

No tocante aos residuos, faltan grandes campañas de sensibilización. Tamén outra das eivas que ten o propio pobo é a

dispersión da poboación, que xoga en contra da recollida selectiva, ao non facilitar o xeito de facelo, e medidas cara a unha economía circular, eficiente, evitando millóns de envases que acaben nun vertedoiro e noutros sitios, e transformar así os residuos en recursos e materias primas. Poñemos o exemplo de Cataluña –que hoxe saíu moito–, onde se reciclaron un 80,7 % dos envases domésticos durante o ano pasado, unha cifra de oito puntos por riba da media española, seguida de Navarra e do País Vasco. En 2013 os países con maior taxa de reciclaxe e compostaxe eran: Alemaña, co 65 %; Eslovenia, co 61 %; Austria, cun 59 %; e Bélxica, cun 55 %.

Debemos chegar ao obxectivo da Unión Europea para o ano 2020, que se traduce na necesidade de reciclar un 50 % dos desfeitos e de desviar ao vertedoiro unicamente o 35 %. Entendemos que as incineradoras non son unha solución real ao problema dos residuos e da contaminación. A incineración non destrúe o lixo, transfórmao en fumes contaminantes e en cinsas tóxicas, que van dar ao chan, á auga e á atmosfera, e non hai outro destino posíbel.

Tamén facemos fincapé nun desleixo que ten o Goberno, sobre todo con aqueles residuos industriais perigosos, que xa non teñen uso para nada e que se atopan espaxados por todo o territorio. E falo, por exemplo, de materiais asfálticos, etc.

E debemos cumprir tamén o Plan estatal marco de residuos do ano 2016-2020, que deu luz verde a finais do ano pasado. Entendemos que é moi importante a educación, a participación, a sensibilización social e a investigación; moita investigación.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Despois de escoitar o Partido Popular poñer de exemplo a Comunidade valenciana, eu creo que se atreven con calquera cousa, señor Trenor. Falar dos datos de desafiuzamentos da Comunidade valenciana é ter moita valentía e falar da Comunidade valenciana sendo

do Partido Popular é ser moi valente, si, señor. (*O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, non foi o señor Trenor, foi anteriormente, pero son do mesmo grupo –espero–. (*O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu estou falando de que o Partido Popular se atreve con calquera cousa.

Os do primo de Rajoy tamén son os campións da loita contra o cambio climático. ¿Canto hai que foi iso de que Rajoy dixo o do primo que é da Universidade de Sevilla? Hai pouco. Pero, bueno, van con efectos retardados. (*Murmurios.*) Catro anos, si.

Política ambiental. Ben, non hai unha política integral e global contra o cambio climático na Xunta de Galicia; non a hai, non hai nin sequera un plan. Pero é que tampouco hai unha coordinación nin unha visión integral de todas as consellerías acerca deste problema, que non ten outro xeito de resolverse se non é con esa visión integral. E despois non se afrontan os verdadeiros problemas e os principais problemas que causan a emisión de gases de efecto invernadoiro. ¿Como pode loitarse contra o cambio climático se non hai medidas concretas para os principais causantes da emisión de gases de efecto invernadoiro –que representan dous terzos das emisións e que son as industrias, as térmicas, algunha industria intensiva en consumo eléctrico e o transporte por estrada? ¿Como é posible que digan vostedes que teñen un plan a favor da loita contra o cambio climático se non hai ningunha medida, ningún plan, ao respecto destas dúas cuestións e se vostedes veñen prometer aquí aínda que o seu desexo é que calquera galego estea a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade? É que non é compatible ese discurso cun discurso a prol de reducir os gases de efecto invernadoiro, porque a mobilidade por estrada representa máis do 30 % das emisións. Polo tanto, non se pode dicir unha cousa e a outra, non se pode dicir que se está a favor da redución dos gases de efecto invernadoiro e negarse a fomentar o tren de proximidade ou o tren que conecte as cidades en Galicia. E hai que dicir e hai que ter algún plan ao respecto das térmicas, que tamén son unhas das principais causantes da contaminación e da emisión de gases de efecto invernadoiro. Vostedes non; vostedes, unha vez máis, maquillaxe.

Ence e Sogama. Bueno, pois de Ence, ¿que podo dicir que non se dixera xa? Un goberno en funcións déixanos hipote-

cada a ría de Pontevedra para os próximos sesenta anos para favorecer uns amigos, e deixa hipotecado tamén o modelo forestal deste país para os próximos anos. Á forza de repetilo, vostedes pensan que Sogama se vai acabar convertendo nun exemplo de boa xestión, e é mentira, é un exemplo de bo negocio para Gas Natural, como xa teño dito moitas veces. O gran beneficiado do modelo de Sogama é Gas Natural. Agora ben, políticas de comarcalización, de tratamento en orixe dos residuos e de cumprimento incluso do propio plan galego, ben poucas.

En canto ás políticas ambientais, non hai máis que ver a evolución dos orzamentos dende que chegou o señor Feijóo para saber o interese que teñen en política ambiental, ou a execución dos propios orzamentos –repasen–, ou a inexistencia de políticas eficaces para a redución da dependencia enerxética –que segue sendo unha das grandes preocupacións que nos deberían de mover para os próximos anos–. E, finalmente, tamén a ausencia de políticas eficaces para as figuras de protección ambiental.

Nós imos apoiar a iniciativa, aínda que hai uns pequenos detalles referidos a Sogama nos que non estamos de acordo. Compartimos a filosofía global da iniciativa, que é que hai que poñerlles atención ás políticas ambientais e que hai que agarrar o touro polos cornos, porque unha das principais crises ás que se enfrenta este mundo e este país é a crise ambiental.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da moción, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

O primeiro que quero facer é agradecer tanto ao Grupo Mixto como ao grupo da AGE o seu apoio á nosa moción.

Con relación ás outras dúas emendas, respecto da presentada polo BNG, imos aceptar a votación por puntos porque non podemos aceptar as súas emendas. Entendemos que con relación a Ence, efectivamente, hai unha emenda. O noso texto é puramente técnico dende o punto de vista legal. Primeiro, entendemos que é necesario revisar a prórroga e logo

derrogala. Aínda que compartimos, efectivamente, a súa derogación con relación a Ence.

E respecto da emenda de supresión, nós non compartimos o modelo de Sogama que existe na actualidade, pero si entendemos que Sogama debe ser o último reduto ao que teñen que chegar os residuos de Galicia, despois de pasar polas distintas formas de reciclaxe e de xestión dos residuos, previamente á súa chegada a Sogama. Pero, en todo caso, si imos aceptar a votación por puntos que nos plantexa o BNG.

A política da conselleira cando subiu o outro día a esta tribuna foi a de falar unicamente de residuos, dicindo que tiñan un plan estupendo que contén, por certo, a proxección, o plan, de oito plantas de compost; plan que remata no 2020, e estamos en 2016 e aínda non existe ningunha.

Con relación ás rías, a súa política é a política de liñas imaxinarias, colocando barcos nos que a estribor as rías son zona C e a babor son zona B provisional, como na ría do Burgo, e agora cun anteproxecto dunha lei de protección animal, que nin sequera tivo entrada nesta Cámara e que, polo tanto, está en exposición pública, que, por certo, señor Trenor, eu lin na súa totalidade e que teño no meu ordenador probablemente moito antes que vostede, que antes non se dedicaba a cuestións medioambientais, e que ademais aínda non entrou nesta Cámara. Polo tanto, nin sequera é un proxecto. E veremos, e veremos, se entra nalgún momento e se tramita.

Miña nai ten unha frase, e en relación –miña nai é mestra, xubilada, pero mestra– con esta emenda do Partido Popular miña nai diría o seguinte, que era o que lles dicía aos seus alumnos: *Yo no creo en los pajaritos preñados*.

Pois nós tampouco cremos nesta emenda que non deixa de ser máis que “imos continuar”, “imos facer fronte”, “imos continuar facendo todo aquilo que non estamos a facer”. Esa é a súa emenda que, por suposto, rexeitamos. *Pajaritos preñados*, xa non.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o

Goberno galego en materia de atención, información, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a mesma ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día a todas e a todos.

Moitas grazas, presidente.

Comezo esta moción solicitando a comprensión da Cámara polo extenso da parte resolutiva sobre a protección das menores orfas a causa do asasinato de súas nais por parte do compañeiro destas, que en moitos casos é o propio pai dos menores o asasino que os deixa orfos.

As iniciativas que me restan son moi limitadas e o tema paréceme de suma importancia.

A violencia de xénero ten raíces moi profundas na sociedade española. O recoñecemento legal como vítimas aos menores de idade que viven no fogar onde se produce violencia de xénero é un avance, pero non é suficiente mentres haxa mentalidades que non cambien.

O recentemente aprobado Estatuto da vítima, cuxo texto viña reforzar a protección aos menores vítimas de violencia de xénero, non conta cunha memoria económica. Sen investimento público non é posible educar en igualdade na escola pública, nin formar os axentes que están en contacto con esta realidade sobre as especificidades dos perfís da vítima e os agresores. Nin presupostar axudas sociais e económicas, nin dar estabilidade e continuidade aos recursos de alonxamento e apoio psicolóxico que necesitan as vítimas. Mentres hai quen cuestiona que este investimento tiña que chegar en forma de pacto de Estado, seguen a morrer mulleres asasinadas e segue a aumentar o número de orfas por este motivo.

Das iniciativas que se teñen presentado e tratado neste Parlamento sobre a violencia de xénero, esta deputada non lembra ningunha que se ocupara expresamente das persoas máis vulnerables desta lacra, das menores que quedan orfas e desam-

paradas cando a violencia ten o resultado de morte de súa nai, e cuxa atención, logo do trauma sufrido, debe implicar a todas as administracións públicas de xeito coordinado.

Por iso, o primeiro dos puntos desta moción insta a creación dunha unidade itinerante especializada que atenda a estas menores e as súas familias, sen ter que desprazarse por media provincia adiante para ser atendidas e informadas. Unha unidade que se ocupe de todos os trámites aos que se van ter que enfrontar e que xestione dende a atención psicolóxica especializada, á xudicial, e mesmo administrativa dos temas máis cotiás, como son as taxas do lixo, da luz, da auga, da vivenda habitual onde residía a nai asasinada, por exemplo, de entre os numerosos trámites que van ter que realizar.

Non entendo que as administracións reboten entre elas competencias ou aduzan falta das mesmas, xa que iso non fai máis que incrementar a situación de desamparo destas persoas menores. Son en situacións como estas onde as administracións deben estar ao nivel, é dicir, ao servizo das persoas, evitando que vaian dun sitio para outro tratando de resolver asuntos burocráticos complexos en momentos tan dramáticos. Outra cousa, ao meu entender, sería seguir exercendo a violencia contra elas, neste caso por parte das distintas administracións e institucións, e todos debemos buscar e dar solucións sen escusas.

Coincido co que nos dixo o señor conselleiro na interpelación do pasado pleno, que o recoñecemento legal como vítimas das e dos menores que viven en fogares violentos é un avance, pero non é suficiente. Existindo xa atención e asistencia psicolóxica ás menores, esta debería ser reforzada e mantida durante o tempo preciso ata o restablecemento, incluso se o mesmo dura toda a vida, así como tamén atender a familia da muller morta, a familia materna.

Tamén resulta imperioso que os trámites administrativos e procedementos xudiciais ou rexistrais teñan un garante de celeridade, que non abonde no drama e permita pasar páxina o antes posible. A lentitude dos trámites, incluídos os da concesión da garda, provoca –en non poucas ocasións– que as menores deban permanecer en centros de protección a pesar de contar cun contorno familiar que as pode arroupar e tutelar.

Outra parte preocupante é o tema económico das menores. Está a ser denunciado polas familias ou persoas de acolle-

mento que as contas de titularidade compartidas pola nai asasinada e o asasino son utilizadas por este último para pagar os gastos do xuízo e os gastos persoais, en detrimento do menor orfo que se atopa sen que se poida facer nada con que as contas son baleiradas polo asasino. Bloquear estas contas ou incluílas no expediente baixo tutela xudicial podería evitar, de xeito inmediato, esta inxustiza.

Tamén é terriblemente inxusto que o asasino poida ter dereito a unha pensión de viuvez. Suxírese que a mesma se manteña, pero non para o asasino, senón para os menores que deixa orfos, que sería complementaria coa escasa pensión de orfandade á que si teñen dereito.

Por outra banda, para facer os trámites administrativos menos gravosos instase a implementar exención nas cotas, taxas e impostos que gravan os trámites da herdanza, cambios de titularidade, etc., para non descapitalizar a uns menores que van ter que sosterse por si mesmos dende moi novos. Contar con axudas e beneficios fiscais específicos, facelo a semellanza do tratamento que reciben os orfos e orfas de terrorismo, xa que non é que sexa cuestión de xustiza, é que sería o máis rápido e eficaz, posto que o que agora está sucedendo é que estas nenas e nenos, estes tamén adolescentes, quedan á súa sorte, desamparadas polo Estado, cunha cantidade inxente de requisitos burocráticos xerados polo propio Estado, e que son de difícil asunción para un adulto, canto máis para un menor e o seu contorno familiar, que trata de superar un feito terriblemente traumático que arrastrarán para o resto das súas vidas.

Unha das modificacións incorporadas pola Lei da infancia e adolescencia foi confirmar que os menores poidan cobrar a pensión de orfandade completa. Pero queda sen resolver que esta poida cobrarse de xeito inmediato por parte dos adultos que asumen a garda e custodia da menor.

Falarei tamén doutra eiva preocupante que denuncian as persoas afectadas sobre os informes psicolóxicos e peritaxes forenses. Apórtanse e son elaborados como meros trámites, obrigando as familias a custear e a achegar outros privados para os xuízos, xa que os aportados non adoitan ser rigorosos ou nada relevantes nos procedementos.

Ata aquí referínme a propostas de actuación ou medidas para atenuar e mellorar a atención das menores unha vez que non

fomos capaces como sociedade, nin como administración, de protexer a vida de súa nai. Pero a iniciativa, na parte resolutiva, tamén inclúe outras de tipo preventivo para tentar evitar que as nenas e os nenos sexan tamén vítimas de maltrato e corran riscos innecesarios ao permanecer ao lado ou con visitas do pai maltratador, contidas nos puntos 10, 11 e 12, onde se tenta evitar que os maltratadores teñan a oportunidade de seguir exercendo a violencia contra estas menores, e mesmo tamén protexer as súas vidas.

O Observatorio contra a Violencia Doméstica ten pendente a publicación dos datos do último trimestre, pero se analizamos os datos dos tres primeiros meses do ano 2015, ¡atención!, pouco máis do 3 % das medidas de protección civís foi para suspender o réxime de visitas. A suspensión da garda e custodia deuse nun 7,1 % dos casos, mentres que a da patria potestade apenas acadou o 0,5 %. Unha porcentaxe moi similar, o 0,7 %, corresponde a medidas de protección ao menor para evitarlle un perigo ou un prexuízo. En todos os casos destaca a escasa porcentaxe de medidas ditas como cautelares.

Sería necesario que os operadores xurídicos se desempolvaren das crenzas que lles impiden concibir que o suxeito que maltrata a súa parella ou ex parella é automaticamente un bo pai polo feito de selo, e que a custodia ou as visitas con este pai é en beneficio do interese do menor. Pero non sería preciso se a propia lei contemplara como sanción principal, e non accesoria, deixándoo ao criterio dos xuíces e xuízas, a perda da custodia dos fillos e fillas no caso de ser condenado por violencia de xénero. Unha das medidas propostas na parte resolutiva.

—Remato, presidente.—

Ata que non se aprobou a Lei de infancia e adolescencia a cualificación de vítima de violencia de xénero das fillas e os fillos da muller dependía de que tiveran ou non presenciado as agresións. A partir de agora sempre se deberá de tomar declaración a elas ao ser identificadas como unha vítima da situación denunciada, téñana ou non presenciada.

Polo tanto, as xuízas deberían estar pronunciándose xa sobre as medidas cautelares que poidan garantir a seguridade, integridade e recuperación da menor, sobre todo cando o maltrato ten como resultado a morte da nai. Asemade, realizar

un seguimento periódico da evolución de cada caso, pero as medidas de protección civís teñen que empezar a reflectir xa este avance legal. Medio centenar de nenas e nenos quedaron orfos polo asasinato de súa nai por parte da parella.

Ao meu entender, unha soa vítima sería suficiente para que os órganos lexislativos tomaran cartas no asunto. Non vale o argumento do señor conselleiro de que son competencias do Estado algunhas das reivindicacións e medidas que contén esta moción. As comunidades autónomas teñen competencias propias e, de non ser así, pódese instar o Goberno de España ao seu cumprimento e aos cambios lexislativos que se consideren pertinentes nesta Cámara. Como xa dixen, isto debe ser competencia de todas as administracións de xeito coordinado, para evitar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...exercer violencia institucional sobre estas menores e o seu contorno. Falamos de menores, de menores orfos a causa de algo tan terrible como é o asasinato da nai. Un drama desta magnitude debe ser considerado como moi importante para os lexisladores e lexisladoras, e tamén para toda a sociedade en xeral.

Por iso lles pido a súa atención a esta moción, así como a súa aprobación o antes posible.

Grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois si é importante este debate no pleno, porque os menores e as menores quedan, de maneira lastimosamente habitual, fóra dos grandes debates e, en todo caso, sen a relevancia merecida. E tras unha década da Lei de violencia de xénero tivemos que chegar ata o de agora, e tivemos que agardar a esa modificación coa Lei de infancia e adolescencia, sen que os menores e as menores estivesen estipulados e contemplados como vítimas de violencia de xénero de maneira indirecta.

Non só era coñecido polos poderes públicos o risco para estes e estas menores, senón que quedou patente en diversas comparecencias, incluso nas sesións da Comisión de Igualdade deste propio Parlamento, as circunstancias nas que poden vivir estes nenos e estas nenas.

Hai menores vítimas que sofren agresións físicas, verbais, psicolóxicas, e mesmo hai menores asasinados e asasinadas polos pais ou polas parellas da nai, sen que estes figuren como vítimas de violencia de xénero. Un debate habitual que temos en ocasións cando se proporcionan os datos relativos aos informes anuais.

Pero, ademais, hai outros e outras que seguramente non son agredidos directamente, pero que si o son indirectamente, porque cando unha nai é maltratada, agredida ou vexada, son tamén eses nenos e nenas agredidos e vexados. É imposible desligar esa violencia de xénero, esa violencia que sofre a muller, dos seus fillos e fillas. Iso indicáao precisamente unha Directiva europea, a 12/29, que xa falaba de que os menores e as menores son vítimas dende o momento en que o son súas nais. Así que, en xeral, todas e todos os nenos son sen exclusión vítimas de violencia de xénero tamén nos casos de que sexan as nais.

E do que estamos a falar xa nesta iniciativa é da situación extrema, unha situación extrema dentro da violencia de xénero, na que ademais eses nenos e nenas quedan orfos porque esas parellas de súas nais, neste caso, asasinaron pois esas nais. Resulta neste marco incomprendible que aínda con toda a literatura que temos, con todas as directivas, todas as normas e todos os estudos que temos, e a evidencia de que probablemente non sexa necesario tanto estudo, se continúe sen retirar as custodias ou as visitas aos maltratadores como se acaba de indicar. Algo falla, hai algo importante que falla cando no día de hoxe mantemos esta circunstancia.

A Xunta de Galicia carece mesmo de protocolos en materia de calquera maltrato infantil, pero nomeadamente incluída a violencia de xénero. E os colectivos que defenden a infancia teñen denunciado nalgunhas ocasións que mesmo hai casos onde ante unha emerxencia, no momento en que se atende a nai, eses menores poden quedar circunstancialmente a cargo do agresor, o cal é unha situación gravísima. É tremendo. Parece mentira pero sucede.

Igual que non se respectan os dereitos dos nenos e nenas cando se toman –por exemplo, téñeno denunciado tamén na comisión e en moitas outras ocasións– declaracións desas situacións de violencia, por, en moitas ocasións tamén, falla de medios humanos e materiais, que inciden pois na revitiñización deses nenos e nenas. Temos denunciado e debatido nalgunhas ocasións as condicións do Imelga e tamén as condicións nas que se fan as declaracións, así como a necesidade de revisar precisamente o uso dos puntos de encontro familiar.

En fin, queda practicamente todo por facer en canto a atención aos menores en violencia de xénero. E, probablemente, o marco da iniciativa é das situacións –como dicía– das máis duras. Faise, polo tanto, imprescindible que sexan correctamente atendidos e atendidas, formación dos profesionais e das profesionais, profesionais suficientes, porque agora mesmo non os temos. Estamos de acordo na necesidade de atención psicolóxica, que está neste momento practicamente desatendida en xeral, e falámolo incluso para as mulleres, que dependía unicamente dese acordo co Colexio de Psicólogos e Psicólogas.

Non vou entrar en cada punto de maneira independente, porque tampouco me daría tempo, pero, efectivamente, nós concordamos coa necesidade de que a valoración sexa o máis pronto posible, que os trámites administrativos tamén sexan o máis pronto posible e que se minimize a exposición dos menores e das menores. E, polo tanto, os nenos e nenas deben ter asegurados eses dereitos básicos, ese acceso aos recursos provenientes de súa nai, ese acceso á vivenda e á herdanza.

En resumo, trátase de impoñer o dereito superior do menor e da menor sobre o resto de normas ou de observancias. E nós dicimos que o que xa nos parece increíble –e concordamos coa propoñente– é que no día de hoxe aínda maltratadores ou asasininos poidan ter réxime de visitas nalgúns casos. Polo tanto, imos apoiar esta proposición non de lei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

En primeiro lugar, dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, queremos parabenizar o Grupo Mixto, e en concreto a señora Iglesias, por esta iniciativa, por esta moción, porque, efectivamente, en xeral os menores e as menores son as que podemos denominar “víctimas invisibles da violencia de xénero”. Así o teñen sido no desenvolvemento normativo ata o ano 2015, onde se modifican as leis. E, de feito, en moitos dos debates que levamos tido nesta cámara respecto da violencia de xénero, e incluso na propia Comisión de Igualdade, que vén desenvolvendo os seus traballos dende hai dous anos, pois así o temos manifestado: a nosa dificultade nos primeiros momentos de elaboración de leis contra a violencia machista para incluír os nenos e as nenas como vítimas directas e vítimas visibles.

De feito, se analizamos a última macroenquisa sobre a violencia de xénero do 2015, os datos dan moito que pensar: case un 3 % dos menores do Estado español residen en fogares onde se sofre algún tipo de violencia. Da metade dos fogares onde unha muller sofre violencia, nun 52,2 % viven menores nenos e nenas, e nun 63,6 % –segundo esta enquisa– afirman as mulleres que os nenos e as nenas presenciaron directamente episodios de violencia, tanto física como verbal. Polo tanto, a exposición a esa violencia como vítimas reais, como vítimas diarias é máis que clara.

Por iso que os esquecementos que existían tanto na normativa, e que moitas veces se ían suplindo a través de protocolos, ou como ocorre, por exemplo, no ámbito de Galiza co tratamento psicolóxico, ou o mesmo convenio que se ten para as mulleres que sofren violencia de xénero, se fai extensible ás e aos menores.

Pero é certo, como aparece recollido na propia moción, que as necesidades das e dos menores son distintas, que posiblemente necesiten máis atención e máis espazada durante o tempo, e que non ten por que limitarse a dez sesións, que moitas veces simplemente se amplían a outras dez, que deberían ser de forma coordinada os centros de ensino. Pois, aínda que estes nenos –si que é verdade que o podemos ver nos datos– inmediateamente sofren un cambio de escola, o tratamento despois é que non hai protocolos desas escolas, non hai seguimento cos profesionais, fundamentalmente da psicoloxía. E noutras comunidades autónomas existen pro-

tolos concretos para os casos de menores e, por exemplo, non existen en Galiza.

Se vemos as vítimas tamén de violencia de xénero, que xa podemos dicir que xa están recollidas polo Ministerio de Sanidade, pois no 2015 foron catro, no 2014 catro e no 2013 seis. Ou sexa, a magnitude do problema é fonda. E a verdade é que o esquecemento nos debe facer reflexionar a todos e a todas por que non estiveron incluídos en todos os tratamentos dende o principio.

Eu creo que aí –e témolo debatido en reiteradas ocasións– houbo un enfoque moi grande a respecto de que as vítimas eran as mulleres, e duns grupos de presión importantes onde querían sobre todo transmitir esa ideoloxía de que se podía ser maltratador pero bo pai. Eu creo que recentemente iso xa está absolutamente en cuestión, está desenmascarado que non ocorre iso.

E de aí tamén deberíamos ver como houbo uns cambios normativos importantes, pero tamén cambios importantes dende un punto de vista xurisprudencial coas últimas sentenzas do Tribunal Supremo, onde claramente xa recolle a suspensión do réxime de visitas, a suspensión da patria potestade, a suspensión da garda e custodia. Son pasos adiante moi importantes que, tal e como se recollen na moción, esperamos que se fortalezan, porque, evidentemente, aínda que as cifras seguen sendo moi baixas, se vemos un histórico, tanto no ano 2014 como no ano 2015, tanto na suspensión do réxime de visitas como na patria potestade e na garda e custodia, houbo un aumento significativo desa suspensión.

Agardamos que a formación necesaria no ámbito da xustiza e no ámbito tamén social leve a que cada vez se teña máis presente que é realmente imposible ser un bo pai se se é un maltratador.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Grazas, señor presidente.

Bos días de novo, señoras deputadas e señores deputados.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista tamén imos apoiar esta iniciativa do Grupo Mixto, sobre todo tendo en conta que este debate ten bastante relación con outro que mantivemos no mes de novembro co conselleiro de Política Social, daquela recentemente chegado á tarefa, e que deu lugar tamén a unha moción do Grupo Parlamentario Socialista, que logo foi aprobada o 1 de decembro de 2015 por unanimidade no Pleno deste Parlamento. Esta tiña que ver precisamente con poñer en marcha un protocolo de actuación entre as distintas administracións, destinado aos menores e ás menores vítimas de todo tipo de violencia, incluída a violencia machista. E nela, ademais, falabamos de priorizar precisamente o interese superior da menor ou do menor sobre todo o demais, así como de especializar todos e todas as profesionais que teñen que intervir nos distintos momentos dos procesos de protección de menores maltratados e na prevención e na denuncia.

É certo que este acordo unánime, que foi adoptado –insisto– o 1 de decembro de 2015, aínda non foi desenvolto por parte do Goberno de Galicia, como puidemos verificar na Comisión 5ª hai escasas datas a través dunha pregunta que lle fixemos á directora de Familia e Inclusión, pero nós queremos seguir insistindo na necesidade de protocolizar os pasos que teñen que dar as distintas administracións, porque cremos que é a mellor garantía de que as cousas se fagan ben.

Acotío recibimos todas e todos os que traballamos neste Parlamento en materia de política social e en materia de infancia e de menores as denuncias de moitas asociacións de menores maltratados acerca de situacións realmente dantescas que se dan nas familias e nas mulleres vítimas de violencia machista coa custodia dos seus fillos e das súas fillas. Vemos ademais nos medios de comunicación como moitas delas se ven obrigadas a fuxir cos seus fillos e fillas para evitar que os pais maltratadores acaben coas súas vidas ou os utilicen como ferramenta de ameaza para as nais. Vémolo non só na comunidade autónoma de Galicia, senón noutras comunidades autónomas. E vemos como a esas mulleres a xustiza en vez de protexelas e defendelas as persegue e as chega a condenar, e como hai nenos e nenas vítimas de violencia machista e fillos de mulleres vítimas de violencia machista aos que lle é retirada a custodia á nai e lle é entregada ao pai a custodia, ou que mesmo en moitos casos son trasladados a centros tutelados coa custodia para os pais en vez da custodia para as nais, que son as que en realidade acoden visítalos e que tratan de coidalos e de estar con eles acotío.

Tamén recibimos denuncias a miúdo acerca de como os profesionais que teñen que intervir nos procesos de denuncia están pouco especializados no que ten que ver co maltrato a menores e por violencia machista.

E vemos como os testemuños que se dan por parte dos menores e das menores teñen que ser reiterados e, polo tanto, perden unha parte importante da frescura do momento. En moitas ocasións, ao final, o último testemuño, que é ao que os xuíces e as xuízas lle dan validez, xa non é un testemuño que reflecta a realidade do que pasou, senón que reflecta unha posición que o menor ou a menor adopta ao longo do tempo.

As asociacións que traballan en Galicia con menores maltratados levan reivindicando e reclamando do Goberno de Galicia, fundamentalmente da Consellería de Presidencia, que nos xulgados onde se tratan este tipo de cuestións haxa salas especiais, específicas, con dotacións como a gravación das primeiras entrevistas e con persoal de forensía especializado en menores, para evitar, precisamente, revitimizar as vítimas. É dicir, que os nenos e nenas teñan que volver prestar un testemuño que prestaron nun primeiro momento e que por non ser gravado logo seguramente cando o testemuño é prestado meses despois xa non serve para o ben e o principio que se pretendía, que era que os que infrinxen o dano sufran o castigo merecido. É algo tan sinxelo como poñer unha cámara gravando esas entrevistas ou como poñer un deses cristais nos que ao outro lado pode estar o fiscal e o xuíz para observar como ese neno e esa nena presta o testemuño, e evitarlle –insisto– esa revitimización ao facelo declarar en máis dunha ocasión sobre un dano que para el é importante.

Hai escasas datas viamos como o conselleiro de Presidencia anunciaba nos medios de comunicación que se ían dotar os xulgados de Vigo de Familia e Menores, que estaban colapsados, de máis profesionais de medicina legal, de forensía. Reclamabamos daquela, e seguimos reclamando no día de hoxe, e por iso tamén o noso voto favorable a esta iniciativa, que esas persoas que traballan con menores teñen que ter unha formación específica, tanto para a recollida do testemuño como para o tratamento dos menores e das menores. E que non é unicamente o paso por un pediatra, senón que ten que haber tamén en moitos casos xinecólogos ou xinecólogas pero especializados –insisto– en maltrato infantil, que é algo que falta a día de hoxe. Así é que por este motivo, e

dado que no seu día tamén os demais grupos da oposición, e tamén o grupo que sustenta o Goberno, apoiaron a moción que o Grupo Socialista trouxo a esta Cámara, e agardando que neste caso se se aproba a implementación sexa un pouquiño máis áxil, porque a outra leva seis meses nos que aínda non se fixo practicamente nada, imos dar o noso voto favorable a esta moción da señora Iglesias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SOLLÁ: Grazas, presidente.

Bos días. Aínda que, pola hora que é, xa case poderíamos dicir boas tardes aos deputados e deputadas.

Hoxe, señora Iglesias, trae vostede aquí unha moción a debate con 12 puntos –vostede xa fixo a referencia a que era moi ampla–, na que plantexa unhas cuestións que son de competencia do Estado, outras que son máis ben competencia da Xunta de Galicia e outras mesmo de competencia municipal.

En canto ás cuestións formuladas nos distintos puntos da iniciativa, de modificación lexislativa, que se refiren á perda do dereito da pensión de viuvez, suspensión do dereito de visita do agresor, tutela etc., que son, como sabe, competencia do Estado, dicir que a Lei orgánica 8/2015, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como a Lei 26/2015, que introduce tamén aqueles cambios no texto refundido da Lei general de Seguridade Social en materia de pensións nos casos de delitos de homicidio, aprobadas por este goberno do Estado hai menos dun ano e que pasaron ao trámite parlamentario no Congreso, melloran, sen lugar a dúbidas, a atención e protección dos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero; así como tamén doutros menores que son vítimas doutra forma de violencia.

Sendo relevante, neste sentido, a inclusión dos fillos como vítimas de violencia no artigo 1 da Lei do 2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, dando máis visibilidade á violencia exercida sobre os menores

–como sabe, isto xa o contemplaba a lei galega–, ampliase tamén a protección dos menores a cargo das mulleres vítimas, contemplando que, cando hai menores baixo a patria potestade, tutela ou acollemento dunha vítima de violencia de xénero, as actuacións dos poderes públicos estarán encamiñadas a prestar o apoio necesario para procurar esa permanencia dos menores coa vítima, garantindo a seguridade, integridade e recuperación tanto dos menores como das mulleres vítimas mediante o seguimento periódico da súa evolución, coa obriga tamén, por parte dos xuíces, de que se pronuncien sobre a suspensión da patria potestade ou custodia, a suspensión do réxime de visitas e estancia ou comunicación cos menores.

Dicir tamén que, en canto á axilidade, estes procedementos xudiciais son de tramitación preferente, urxente, en todo tipo de causas, podendo tamén que a Administración suspenda o abono da pensión de viuvez, así como da pensión de orfandade que lle puidera corresponder polos fillos, cando teñan indicios de que se deriven dun delito de homicidio.

E co fin de mellorar tamén a situación económica dos menores orfos, posibilitase ese abono en favor dos fillos e fillas con cargo á pensión de viuvez suspendida. Podendo tamén a Administración revisar de oficio aquelas pensións de viuvez recoñecidas aos condenados en sentenza firme por delito de homicidio, como son os casos das mulleres asasinadas por violencia machista.

Polo tanto, estas cuestións que vostede plantexa –e que sen lugar a dúbidas compartimos– están recollidas na lexislación recentemente aprobada polo Goberno do Estado. E compartimos igualmente, señora Iglesias, que as ordes de afastamento por violencia de xénero se fagan extensivas aos menores vítimas de violencia. E en canto a aquelas medidas –porque xa non teño moito tempo– relativas á Xunta de Galicia, dicir que dispón de medios materiais e equipos multidisciplinares de psicólogos, pedagogos, traballadores e educadores sociais, encargados de intervir cando se detecta un risco de desamparo ou desprotección, administrando aos menores –como vostede sabe– os programas máis axeitados para afrontar unhas situacións. E, sobre todo, esas actuacións e eses programas adminístranse con rigor, con profesionalidade e valor de proba nos procedementos xudiciais; así o están facendo –como vostede sabe– os equipos psicosociais e o persoal do Imelga.

É dicir, que cando un menor queda orfo como consecuencia da violencia de xénero, artículanse todas as medidas económicas e psicolóxicas e todas as outras necesarias para atender as vítimas de violencia.

Como xa me queda pouco tempo, dicir, ademais, que me gustaría recalcar que, en canto á carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, dispón dun servizo específico de apoio ás familias –así o di o conselleiro–, con equipos técnicos do menor, de información, asesoramento permanente, rexistro unificado de maltrato infantil, así como de servizos de acollemento familiar e outros programas de apoio.

Para rematar xa, señor presidente, dicir que, sendo os menores vítimas de violencia creo que unha prioridade para todos os deputados e deputadas, compartimos na maior parte todos os puntos que vostede pon na parte resolutiva da moción –xa falei antes con vostede–, e queremos chegar a un acordo no sentido de apoiar unha gran parte deses puntos. Imos pedir, se a vostede lle parece, a votación por puntos, e neste caso estaríamos dispostos a apoiar 8 dos 12 puntos que recolle na súa moción, se me permite o presidente un segundiño para nomealos.

Estaríamos dispostos a aprobar o punto 2, o punto 3, o punto 6, o punto 7, o punto 9, o punto 10, o punto 11 e o punto 12.

En relación cos outros, digamos que son tamén cuestións doutras administracións. Creo que aquí estamos facendo un esforzo importante, e gustaríanos que por parte da señora Iglesias se aceptase a petición que lle facemos, por puntos, para aprobar estas medidas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Oubiña.

Grupo autor da moción. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Con respecto ao apoio do BNG, do Partido Socialista e da AGE, esta deputada agradece que se apoie esta moción de tanta importancia.

Con respecto ao Partido Popular, recordarlle á señora deputada do Partido Popular que case todas as medidas, agás a

10, a 11 e a 12, se refiren a orfos. É unha situación, señora deputada, de emerxencia. É unha situación urxente. É unha situación que require, polo tanto, medidas e accións inmediatas e diferentes.

Falamos de menores que perderon a súa nai. Vostedes fálame sempre deste tema, e xa o outro día o señor conselleiro argumentou que non son competencias da Xunta de Galiza. Eu son novata neste tema da política institucional, mais sei que estou nun órgano lexislativo, sei que desde este órgano lexislativo se pode instar o Goberno central. Sei que desde este órgano lexislativo se teñen mudado leis; iso cónstame, pese á miña inexperiencia.

Polo tanto, permítame, señora deputada, que analice os puntos que vostede pretende apoiar e cales non pretende apoiar, porque aquí hai un, dos que vostedes rexeitan, que considero que é fundamental. O 8, que seica vostedes non van apoiar, que é: “Levar a cabo as modificacións oportunas das leis, ou instar a modificación das mesmas a quen corresponda, para evitar o aillamento das contas de titularidade compartida por parte do titular agresor, ou a súa familia, perante a duración do procedemento xudicial.”

Este punto considéroo importantísimo. Paréceme sangrante que un asasino dispoña das contas, dispoña dos cartos que unha muller asasinada por el poida deixar para amparar os orfos e as orfas. Iso teño que o estudar, teño que consultalo e estudalo.

Tamén considero moi importante outra que van vostedes rexeitar, que é a primeira. Vostede di que en Galiza se conta con medidas de protección ao menor, pero é que aquí falamos dun caso de asasinato, da orfandade. Afortunada ou desgraciadamente, os casos non son moitos, pero só con un, esta unidade especializada itinerante é imprescindible. O amparo que o Estado lle ten que proporcionar a esta persoa que queda completamente desprotexida e completamente ao arbitrio do Estado –do Estado protector tiña que ser–, paréceme tamén de suma importancia.

Polo tanto, permítame, señora deputada, que o pense, e a ver se chegamos a un consenso.

Máis nada. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Suspendemos á sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boa tarde a todos os que estades, neste ambiente de espectacular expectativa ante a iniciativa dun tema fundamental. Sigo plantexando que é para o conxunto da Cámara, non para calquera, por se o presidente me di algo.

No 2011 o Partido Popular presentábase ás eleccións prometendo, coma sempre, aquelas cuestións que sabe que non vai realizar. Unha das súas promesas era activar a economía, e, a renglón seguido, prometía 3,5 millóns de postos de traballo no conxunto do Estado. É tanto así que o modelo do Partido Popular é tan previsible, que hoxe ou onte mesmo o señor Feijóo, ás portas tamén de períodos electorais, estatais e galegos, volvía prometer 50.000 postos de traballo na industria en Galicia. E ademais dicía directamente na Industria 4.0, esa industria que o noso inefable conselleiro de Industria veu aquí plantexar pero que aínda descoñecemos exactamente en que se representa, máis alá dunha industria en probas, porque xa dixemos algunha vez que o punto cero é sempre a versión fallida de calquera programa.

Eses 50.000 postos de traballo teñen, dende logo, unha realidade ben distinta na situación actual porque na EPA do último trimestre se contén un dato que, cando menos, é absolutamente desolador, e é que no último trimestre, neste país, se eliminaron 1.400 postos de traballo na industria. Polo tanto,

o camiño para acadar eses 50.000 postos de traballo comprometidos polo señor Feijóo pode ser que sexa en todo o século XXI, porque, se non, as cifras están moi lonxe desa realidade.

En realidade, o que significaba esa creación de emprego era a creación de emprego precario, o troceamento do mercado laboral. E sobre todo, a reactivación da economía o que tiña detrás era esa nova economía da desigualdade, onde unhas poucas cantidades de persoas e de colectivos –neste caso as grandes industrias– se estaban a enriquecer co que se lles furtaba ás clases populares. É máis, esa reactivación da economía vén da man da creación e da posta en funcionamento por parte do Partido Popular do novo traballador pobre. Ese traballador que, a pesar de ter un posto de traballo, é incapaz de manter unha mínima dignidade de vida. E é tanto así que máis do 60 % dos traballadores deste país cobran menos de 645 euros ao mes, o cal é unha cantidade absolutamente insuficiente.

Tendo en conta, polo tanto, que o Partido Popular foi incapaz non só de facer o que prometeu respecto da creación de emprego, senón de manter o emprego que tiñamos, e nin sequera foi capaz de crear emprego de calidade, senón todo o contrario, parece que o que tería que facer o Partido Popular é cumprir a Constitución e facer a protección social daqueles que foron expulsados do mercado laboral non polas súas carencias, senón por unha política económica absolutamente brutal e austericida que levou adiante o Partido Popular. É tanto así, que os propios directivos do Partido Popular e o ministro dicía onte aquilo de que “*nos pasamos cuatro pueblos con la austeridad*”.

Está claro que se pasaron coa austeridade, pero foi dirixida soamente a unha parte do colectivo de cidadáns deste país, sobre todo aos que perderon o seu posto de traballo. E é tanto así que incumpriron a Constitución, que o Partido Popular eliminou do gasto público, dende o 2009, 25.000 millóns de euros dedicados a protexer os desempregados, que coa cifra de desempregados dos últimos anos terían que converterse en 45.000 millóns de euros. Estamos a falar de que o Partido Popular eliminou 45.000 millóns de euros de todos e de todas para o desemprego cando, por exemplo, o orzamento da Xunta son 10.000 millóns de euros, o que dá unha imaxe da magnitude do desfalco, do atraco, que fixo o Partido Popular ás prestacións dos traballadores que quedaban en desemprego.

Esa realidade ten un dato que a día de hoxe é tremendamente lesivo e absolutamente brutal, e é que soamente o 26 % dos traballadores que están desempregados neste país recibe algún tipo de prestación, ¡o 26%! Estamos falando dun dato que é absolutamente brutal, e como é indecente, o Partido Popular e o Goberno ocúltano, terxivérsano, maquillano, e plantexan outro dato que ten que ver coa cifra de cobertura, pero que é unha cifra absolutamente maquillada.

Unha cifra de cobertura no 52 % o que oculta é que soamente 1 de cada 4 traballadores e traballadoras en desemprego recibe algún tipo de prestación. ¿E como ocultan, maquillan e terxivérsan esa cifra? Pois moi fácil. Á hora de calcular o número de desempregados atendidos, eliminan da conta de desempregados a todos os desempregados que non están inscritos e a todos os desempregados que non tiveron un traballo anterior remunerado. Polo tanto, están eliminando de golpe preto de 800.000 desempregados do conxunto do país. Pero á hora de contar aqueles que reciben unha prestación, contan, por exemplo, aqueles que teñen un ERE a tempo parcial –e que, polo tanto, están traballando e reciben unha prestación–, aqueles que están prexubilados, ou aqueles que teñen suspendida a súa prestación por unha situación de incapacidade temporal ou directamente por estar incluídos nun cursiño de formación. Iso fai que a cifra de cobertura aparente un 52 %, pero a realidade demostra que soamente 1 de cada 4 traballadores en desemprego ten unha prestación.

Esta cifra é absolutamente indecente, e o que demostra é a falta de vontade do Partido Popular de poñer encima da mesa alternativas para atender a quen máis o necesita. Unhas alternativas que –como todos sabemos–, ante unha competencia directamente do Estado, tiña que poñelas encima da mesa o Estado, pero o Estado, que non o fai, obriga a moitas comunidades a que asuman esa competencia. Así, moitas comunidades que son incapaces de cumprir con esa leonina cifra do déficit, fano porque teñen mecanismos de alternativa para atender os seus desempregados. Claro, Galicia é capaz de cumprir porque tomou a decisión de non compensar a falta de gasto e de inversión da protección por desemprego que o Estado deixou de facer. Se recuperásemos a cantidade que lle corresponde a Galicia deses 45.000 millóns de euros, estaríamos falando de que a día de hoxe, soamente con esas cantidades, podíamos atender o cen por cento dos nosos desempregados.

Cando falamos das prestacións por desemprego, o PP sempre acode ao mesmo, que a única política de protección é a xeración de emprego. Pero se analizamos o tipo de emprego que se crea e cal é a situación de emprego, tamén demostramos que é falso, que o Partido Popular en Galicia destruíu emprego; que a día de hoxe en Galicia hai 90.000 postos de traballo menos que cando comezou o señor Feijóo. Iso sen ter en conta o número de horas traballadas. Simplemente con datos do IGE de hoxe mesmo pódese demostrar que, cando chegou o Partido Popular ao Goberno, en Galicia había 1.027.000 afiliados á Seguridade Social, e a día de hoxe hai apenas 937.000. Estamos a falar dun 10 % de destrución de emprego do señor Feijóo dende que retomou a Xunta.

E non só é que destrúa emprego, senón que tamén hai que falar de que tipo de emprego se xera neste país. Eu creo que hai un dato que é absolutamente desalentador, que é aquel dato que nos di que cada mes neste país se firman entre 2.000 e 3.000 postos de traballo de apenas unha xornada. Estamos a falar, polo tanto, de precariedade e de poñer encima da mesa un modelo de emprego absolutamente insatisfactorio, que condena a nosa clase obreira a unha situación absolutamente desesperada.

Deberíamos de falar tamén de cal é a situación dos traballadores autónomos, que en moitos casos non engordan as cifras do paro porque manteñen a súa situación de autónomo pois saben que é imposible –a pesar das novas condicións de acceso ao desemprego para autónomos– acceder a esas condicións. No conxunto do Estado, apenas un 15 % das persoas que solicitan o desemprego para autónomos o reciben. Polo tanto, en moitos casos están aguantando a súa cotización de autónomos porque saben que, fóra diso, hai un abismo tremendamente complexo.

Nosoutros hoxe, na nosa moción, poñemos encima da mesa cuestións que nos parecen absolutamente obvias e necesarias. Primeiro, hai que devolverlle á clase obreira deste país desempregada o que se lle roubou: 45.000 millóns de euros. Xa está ben de que rescatemos a banca con diñeiro público e despois reparta beneficios multimillonarios, como ten acontecido neste último ano. Que a banca rescatada con diñeiro de todos estea repartindo dividendos multimillonarios aos seus accionistas, mentres os desempregados deste país –que sofren o acoso e a situación máis lamentable por parte tamén desa banca, que os bota das súas casas e que lles

pon condicións leoninas— deixan de percibir 45.000 millóns de euros. Nós dicímoslle ao Estado a necesidade de recuperar esas cantidades.

Tamén derrogar os recortes nas prestacións de desemprego, porque ese recorte dos 45.000 millóns de euros ten que ver, primeiro, con que se teñen complicado as condicións de acceso, pero tamén as cantidades. Así, para os desempregados de máis de tres meses reduciuse un 10 % a prestación, reducíronse os topes máximos e tamén se reduciron as aportacións á Seguridade Social e á caixa das pensións dos desempregados. As cotizacións do desemprego tamén se reduciron, por parte do Partido Popular, dunha forma moi importante. Ante esa realidade, o que dicimos é que o que ten que facer este país é complementar as prestacións de carácter asistencial para aquelas persoas que son incapaces de manter un nivel de vida digno coa ausencia de prestacións de desemprego.

Por último, unha cuestión que nós cremos tamén moi importante, e que ten que ver coa inacción da Inspección de Traballo neste tema, é que debe de perseguirse para que afloren os 17.000 postos de traballo que neste país están ocultos en base á actividade irregular. Aquelas horas extras que non se cobran ou aqueles traballos que se fan, pero que non se cobran, e que teñen que ver cunha realidade: que neste país se traballan moitísimas máis horas das que se cobran na realidade por medo ao despido. A reforma laboral e a presión das empresas e das industrias sobre o conxunto dos traballadores ten, a día de hoxe, unha consecuencia, e é que os traballadores están sendo obrigados a aceptar condicións de traballo moi lamentables e moi penosas, e en moitos casos a alongar a súa xornada laboral sen recibir ningunha cantidade aparte. Simplemente pressionando para evitar eses excesos de xornada, dun día para outro en Galicia se crearían 17.000 postos de traballo.

Son iniciativas absolutamente sinxelas de conseguir, que o único que din é que se lles devolva aos desempregados o que se lles roubou. Polo tanto, esperamos que teñan o apoio, cando menos, da oposición desta Cámara, porque sabemos que o obxectivo do Partido Popular era ese: quitálo dos petos dos traballadores desempregados para entregárllelo ás grandes multinacionais, e, ¡como non!, á banca favorecida por esta crise.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos os que estamos aquí agora.

Eu sigo insistindo, hai quen ten dixestións pesadas. Vai haber que falar coa cafetería e que poña un menú de mellor dixestión, porque, dende logo, sempre que empeza o Pleno pola tarde dá auténtica pena.

O Servizo Público de Emprego estatal abonou en prestacións por desemprego en Galiza o pasado ano 1.091,5 millóns de euros, o que supón 248,2 millóns de euros menos que en 2014; un recorte do 18,54 %. En decembro, só o 49,2 % das persoas desempregadas en Galiza recibiron algunha prestación.

Cada vez son menos as persoas que perciben prestacións contributivas. En decembro, por exemplo, das 112.624 persoas desempregadas galegas que cobraron algunha paga, só 47.456 recibían unha de tipo contributivo. É dicir, só o 49,2 % das persoas desempregadas cobrou unha prestación no mes de decembro, e destas, só o 42 % cobraron unha prestación contributiva. O resto, o 50,8 % das persoas desempregadas, ou non percibiron ningún ingreso ou percibiron unha prestación de tipo asistencial, que ronda os 400 euros.

Pero o número de persoas desempregadas que reciben algún tipo de prestación segue reducíndose. O pasado mes de abril, só o 46,9 % das persoas desempregadas ingresaron algún tipo de axuda en Galiza, a taxa máis baixa desde que se rexistran datos do paro.

Pero ademais de baixar o número de perceptores, tamén caeu a contía media destas prestacións nun 4 %. En xullo de 2012, a contía das prestacións pasou do 60 % da base reguladora a partir do sétimo mes ao 50 %. En setembro de 2013, o Banco de España publicaba no seu boletín económico as primeiras conclusións sobre a reforma laboral de 2012, indicando que é na evolución á baixa dos salarios onde máis se nota a influencia da reforma: no abaratamento do despedimento, máis poder negociador para as emprestas fronte á representación sindical e medidas de flexibilidade interna. É

dicir, o Banco de España xa adiantaba o que despois o ministro en funcións Margallo reconece, que se pasaron catro pobos coa austeridade, e fundamentalmente coa clase traballadora.

O Banco de España admite que a reforma laboral de 2012, acometida polo Goberno de Mariano Rajoy, serviu fundamentalmente para facilitar que os salarios perdan o seu valor adquisitivo, ou incluso baixen, coa desculpa de que dita medida ía mellorar a contratación de man de obra por parte das empresas. Sen embargo, os expertos do Banco de España admiten que se segue a destruír emprego a pesar de que seguen baixando os salarios; non ve incidencia ningunha da reforma no fomento da contratación indefinida. Polo tanto, ese gran obxectivo da reforma laboral do Partido Popular, que era precarizar o traballo para crear moitos postos de traballo, non serviu; precarizouse o traballo; pero séguense destruíndo postos de traballo.

A temporalidade e a precariedade son elementos ausentes no discurso do Goberno, tanto do Estado como do galego, que pretenden esquivar o problema mediante manipulacións da linguaxe. Contrato indefinido de apoio aos emprendedores; é dicir, miseria para aqueles traballadores e traballadoras que non atopan traballo. Subvencións a proxectos empresariais innovadores; é dicir, nada. Oportunidades de emprego, formación no estranxeiro; é dicir, emigración. Unha reforma laboral que pretendeu a creación de emprego incentivando o emprego sen dereitos. Hoxe a precariedade xa non é unha característica dos contratos temporais, senón que se ten estendido aos contratos indefinidos.

Lonxe de xerar emprego, a extensión da precariedade laboral en todas as súas manifestacións conduce a unha maior sinistralidade laboral, a unha rebaixa constante de salarios e dereitos laborais, a menor acceso á formación, á case imposibilidade de obter a tutela sindical e a representación colectiva fronte á empresa.

Traballo precario, despedimentos baratos, desemprego de longa duración, falta de prestacións, emigración, pobreza laboral. Ese é o escenario que o Partido Popular deixa no mundo laboral.

Apoiaremos esta moción, pero moito tememos que o Partido Popular volverá condenar a clase traballadora á pobreza

e á falta de dereitos. A maior agresión da historia á clase traballadora levouna o Partido Popular no ano 2012, destruíndo todos os dereitos conquistados pola clase traballadora, pelexados, dereitos que custaron vidas, que custaron prisións e moita represión. Vostedes condenaron a clase traballadora á vida que ten agora, a ser traballadoras e traballadores pobres.

Polo tanto, entendemos que votarán en contra desta moción porque a política laboral do Partido Popular os retrata. Todo o seu interese está en subvencionar as empresas; subvencionar a contratación das empresas non para que creen emprego de calidade, non para que creen emprego estable...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...senón para que sigan creando emprego precario e emprego temporal nunhas condicións que a Xunta é a primeira en dar exemplo coas contratacións que fai de contratos lixo, indecentes para calquera Administración.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

Efectivamente, volvemos falar da situación de desemprego no noso país, unha situación de extrema gravidade. Efectivamente, como xa fixeron referencia as dúas persoas que me precederon no uso da palabra, hai que facer referencia a que está ben que agora un representante do Goberno do Estado veña con iso de que se pasaron catro aldeas, catro pobos, con iso dos recortes. Queda bonito para un titular, e parece que é unha especie de autocrítica, pero se non vai acompañada de ningunha medida de rectificación, simplemente dará para iso, para que pareza que no Partido Popular hai algunhas persoas que xa están arrepentidas do feito.

Mais a realidade é que a gravidade do panorama do mercado laboral en Galiza segue sendo máxima. Os dous principais problemas que seguimos a ter no noso país seguen a ser

o altísimo nivel de desemprego e a emigración, que son dous problemas estruturais, non unha maldición bíblica, senón que son problemas estruturais que teñen moito que ver co papel que a Unión Europea e o Estado español lle adxudicaron a Galiza: un papel de periferia marxinal e un papel colonial a respecto dos centros de poder.

Neste contexto negativo, as sucesivas reformas laborais, as reformas das pensións, das prestacións por desemprego, a dinamización da negociación colectiva, os recortes e privatizacións dos servizos públicos, non fixeron máis que agravar esta situación.

A práctica totalidade das reformas laborais emprendidas poñámoslle nos últimos trinta anos, quer polo Partido Socialista, quer polo Partido Popular, respondían sempre aos mesmos criterios: o de ter un mercado laboral favorable á acumulación de capital por parte dos poderosos e á precarización, á flexibilidade, que é como lle chaman a esa infame situación do mercado laboral para a clase traballadora.

Simplificáronse as fórmulas de contrato, facilitouse a temporalidade e abaratouse o despido para outorgar maior poder a esa patronal e fixar esas condicións de traballo que permitiron chegar a esta situación.

Diante dese contexto global de situación laboral, topámonos con que temos unhas taxas de desemprego a estas alturas aínda inasumibles a criterio do Bloque Nacionalista Galego. Nesas taxas de desemprego de 228.000 persoas, segundo as persoas rexistradas, evidentemente non están as persoas que se xubilaron, os inmigrantes, os que volveron aos seus países, os que volveron estudar e xa non están rexistrados, os que emigran, os que desisten... E a pesar de todos eses que aí non están, de todas esas persoas que levan tempo no desemprego, que xa remataron as prestacións e que, polo tanto, non lle topan ningunha virtualidade, ningunha compensación, a estar rexistrados nas oficinas dos servizos públicos de emprego; dos que non teñen ningún dereito porque tiveron uns contratos laborais sen dereitos, como son a inmensa maioría dos contratos que teñen os mozos e mozas, contratos de escravitude como eses contratos en prácticas, esas bolsas que non lles xeran ningún tipo de dereito e, polo tanto, tampouco están inscritos nos servizos de emprego; a pesar de todo iso, esas cifras seguen sendo indecentes.

Ademais, a iso temos que sumar que, das persoas desempregadas –como xa se dixo–, cada vez son menos as que cobran algún tipo de prestación contributiva e cada vez son máis as que cobran subsidios, pero no seu conxunto atopámonos con que, por primeira vez desde que hai datos rexistrados, desde que se rexistran datos, a pesar das trampas con que se chega a esa cifra das persoas que cobran prestación, porque para calcular as medias non están nin os non rexistrados nin os que cobran algún tipo de prestación, a pesar de todo iso, por primeira vez están por debaixo do 50 % as persoas rexistradas que non cobran ningunha prestación; concretamente o 46,9 %, e cada vez cobran menos prestacións.

¿Por que hai menos e ademais cobran menos prestacións? Porque baixaron os desempregos e porque aumentaron as condicións para cobrar algún tipo de prestación. Co cal, apoiamos esta iniciativa porque xa defendemos en numerosas ocasións que é necesario derrogar as reformas laborais, que ao único que contribuíron foi a ter este mercado de traballo indecente, e porque ademais levaron a esta situación de que, habendo máis persoas no desemprego, estas cobran menos prestacións e durante menos tempo.

Parécenos que, ademais de empezar polo camiño dunha pequena rectificación de palabra, dende logo, o Partido Popular o que terá que facer é unha rectificación de feito, e esa rectificación ten que empezar por apoiar iniciativas como as que levamos demandando insistentemente neste Parlamento, de empezar por eliminar as medidas lexislativas que logo dan instrumentos para que se chegue a este mercado laboral.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Imos apoiar esta iniciativa. Consideramos e compartimos que, se neste país todos os datos din que está aumentando o número de traballadores pobres, falaríamos dos dereitos xerados por aquelas persoas desempregadas que as políticas

do Partido Popular ao longo destes anos decidiron desprezar e abandonar e nin sequera contabilizar.

Xa nos orzamentos da Xunta, e tamén nos orzamentos do Estado para o 2016, deron as costas aos parados e traballadores deste país, e proba diso é a rebaixa da partida en prestacións por desemprego. Os maiores de 50 anos ían recibir un informe coa súa pensión pública futura, e o Executivo do Partido Popular vetouno para evitar que se coñeceran as baixas das prestacións.

Sete de cada dez parados non teñen axuda pública neste país, á vez que o Goberno está a dicir que estamos priorizando o gasto social. Non hai moito tempo que asistimos a esa renovación, a esa moción de censura a si mesmo do propio Goberno de Feijóo, dando un cambio total e dicindo que todo isto ía cambiar... Pero as cousas seguen estancadas, os orzamentos seguen sendo os que eran e, desde logo, os traballadores e os desempregados deste país non teñen nin máis dereitos nin oportunidades de ter mellor situación para poder vivir.

Non existe ningún tipo de resposta eficaz por parte do Partido Popular, tan só publicidade e propaganda; e nos meses que quedan, a publicidade e a propaganda elevaranse á enésima potencia. Tan só explicacións en moitos aspectos non soamente ineficaces, senón inútiles, e, dende logo, realmente o que está por riba da mesa é o orzamento menos orzamento, menos prestacións, non se executa o presuposto, e esa é a realidade coa que se encontran as persoas desempregadas neste país.

As predicións do Goberno do Partido Popular eran rebaixar a taxa de paro ao 20,1 %, pero os datos son os que están enriba da mesa, e están claras as mentiras do Goberno do Partido Popular.

Os seis anos de goberno do señor Feijóo déixannos un incremento do desemprego do 51 %; o cociente entre a poboación desempregada e a poboación activa, é dicir, a taxa de desemprego, aumentou ata case o 59 %. Cae a poboación activa en cinco puntos; redúcese o número de ocupados en preto dun 13 %; a experiencia en balances de anos anteriores certifica os erros do Goberno do Partido Popular. Non sabemos se é erro ou intencionalidade, pero, en calquera caso, os dous aspectos serían en detrimento dos galegos e das galegas.

Levan sete anos no goberno deste país repartindo promesas, ofrecendo datos irreais, e o resultado é unha xestión desola-

dora, na que o máis destacable na Consellería de Emprego foron aquelas fraudes nos cursos de formación.

Preto de 500.000 persoas pasaron por eses cursos e foron beneficiarias ou obxecto de políticas de emprego en Galicia. Pero o balance nese período é que aumentou o paro en termos totais dende que o Partido Popular goberna; diminuíu a poboación ocupada; as percepcións salariais son máis baixas e levouse a cabo un proceso galopante de precarización; a mocidade ten que irse de Galicia para tentar traballar e nin sequera pasa polas oficinas do INEM; os niveis de protección social dos desempregados igualmente retrocederon dunha forma alarmante. Ese é o balance real, ese é o fracaso total, e o resto –repito–, publicidade e propaganda; respostas, ningunha.

A política deste goberno consiste en recortes con relación ás políticas activas de emprego; repetir programas que están a demostrar a súa falla de eficacia; amosar unha falla de xestión importante.

Nos programas de promoción do emprego e institucións do mercado de traballo os recortes son cuantiosos, como indican as partidas orzamentarias aprobadas nos últimos seis anos. E a situación dos parados de longa duración é especialmente delicada neste aspecto. As prestacións por desemprego duran un máximo de dous anos; a maioría dos parados de longa duración carecen xa de paro e ata de subsidios; por non ter traballo, a única lectura positiva deste dato para o Estado é que a redución dos parados con dereito a prestación, e o aumento dos que xa a esgotaron, reduce o gasto da Seguridade Social en materia de prestacións e subsidios por desemprego.

Poderíamos seguir falando das políticas de emprego, ou das políticas de desemprego, do Partido Popular, pero creo que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...os datos falan por si mesmos. Os orzamentos, que como digo sempre son o verdadeiro programa de goberno dun partido, están por riba da mesa e, sobre todo, séntense na rúa.

Por tanto, imos apoiar, como dixen ao principio, esta iniciativa.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señor Fajardo, fala de promesas do Partido Popular, de mentiras, de incumprimento, pero creo que o único que prometeu o pleno emprego non foi o Partido Popular, foi o Partido Socialista, e, lonxe de cumprilo, xerou máis de tres millóns e medio de parados, señoría, ¡non se confunda!

Foron as políticas de esquerda as que levaron ao peche a máis de 200.000 empresas e á destrución de tres millóns e medio de empregos. E foron, polo tanto, estas políticas, as da esquerda, as responsables da difícil situación que están a vivir todas as familias nas que se atopa unha persoa que veu destruído o seu posto de traballo. Piden, unha vez máis, a derogación da reforma laboral, cando é precisamente esta reforma, xunto co plan de reformas, o plan de estabilidade, postos en marcha polo Goberno do Partido Popular o que está a revertir esta situación. Políticas que están a permitir que hoxe haxa 575.000 españois máis traballando que hai un ano e que sexamos o país que máis crece en Europa e que máis emprego crea. Dende febreiro de 2013 recuperáronse 1.300.000 empregos. A baixada do paro, señorías, e a creación de emprego son unha realidade sólida, tal e como amosan os datos desestacionalizados. En abril incrementouse o número de afiliados á Seguridade Social en 151.000 persoas. A contratación indefinida a tempo completo avanza a un ritmo do 21 % en termos anuais. O obxectivo principal do Partido Popular é a creación de emprego e, polo tanto, non imos votar a favor de derrogar todo aquilo que funciona.

E que a reforma laboral crea emprego non o di esta deputada senón que o afirman numerosos informes, como o da Fundación de Estudos de Economía Aplicada do pasado mes de marzo, e mesmo un do mes de abril, do BBVA. E así o amosan tanto a EPA como os datos rexistrados. Segundo a EPA hai 600.000 desempregados menos dende o inicio desta lexislatura en Galicia. Temos unha taxa de paro catro puntos inferior. Pechamos o primeiro trimestre de 2016 con 47.800 desempregados menos, o que supón unha baixada do

17,3 %. Medran os ocupados a tempo completo nun 5,1 % e baixan os empregos a tempo parcial nun 6,2 %. Ademais, baixan un 15,5 % os fogares con todos os membros no paro con respecto ao 2015: 14.700 fogares menos, señorías.

E se nos referimos ao paro rexistrado, pechamos o mes de abril con 16.600 persoas desempregadas menos, o que supón unha baixada do 6,79 %. Creceu a afiliación no 1,50 % respecto de abril de 2015, pero o paro rexistrado diminuíu tamén con respecto ao mes pasado nas catro provincias en todos os sectores, tanto en homes como en mulleres e en todos os tramos de idade. E por terceiro ano consecutivo redúcese o paro no mes de abril, e levamos trinta meses consecutivos de baixada interanual.

Nos últimos anos dedicáronse máis de 100.000 millóns de euros á prestación de desemprego e subsidio, e isto con dous anos de recesión e sen alcanzar aínda o nivel de recadación do ano 2007. A taxa de cobertura de Galicia, a datos de marzo de 2006, é do 51 %, somos a sexta comunidade coa maior taxa de cobertura.

Respecto do punto 2, de medidas de prestación social, quero dicirlle que o Goberno de Galicia traballa para converter a nosa comunidade nunha comunidade que xere emprego estable e de calidade para poder dar unha oportunidade a cada galego que busque un traballo, porque a mellor política social é a creación de emprego estable e de calidade. Por iso este ano se destinan 445 millóns de euros ao fomento empresarial do emprego.

Pero queremos saír da crise apoiando os máis vulnerables, porque non queremos que ninguén quede atrás. Por iso este Goberno traballa por todas as persoas que se atopan nesta situación e por iso se mantén unha rede de apoio integral ás familias que máis o necesitan. Entre 2009 e 2014 Galicia foi a comunidade que máis reduciu a poboación en risco de pobreza, baixando cinco puntos a taxa de risco de pobreza. Vólvese incrementar as partidas de inclusión social ata acadar os 86,5 millóns de euros, refórzase a Risga con 5 millóns de euros, ascendendo aos 52,7 millóns de euros, un incremento dun 132 %. Dedicáronse un 10,5 % máis de recursos que no ano 2015, dos que se beneficiaron 14.000 persoas.

Respecto do punto 3, da inspección de horas irregulares, señor Fajardo, isto xa está cumprido pola Xunta de Galicia

dende o 4 de febreiro, cando aprobou un plan, e non un programa, de inspección de traballo para afianzar a calidade do emprego e a seguridade laboral; un plan cun eixe específico para loitar contra o emprego irregular, con preto de 13.000 visitas para detectar non só as horas irregulares, que tamén, senón as faltas nas altas na Seguridade Social, traballo de perceptores de prestacións incompatibles ou falsos autónomos.

En definitiva, señorías, este Goberno resolve e vostedes revolven.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Polo grupo autor da moción, o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Parece que no congreso desta fin de semana do Partido Popular, ademais de poñer a lameira como futuro alicerce do debate político deste país, tomaron a decisión de dicir que uns resolven e outros revolven, parece que ese vai ser o mantra do Partido Popular de aquí ás eleccións. E a verdade é que a min revolvéronme o estómago con esta intervención. Revolvéronme o estómago, porque dicir que neste país o desemprego xa non é un problema e que vostedes están facendo todo o posible para solventar esta situación, cando os datos son o que son, e os datos son do propio IGE... Dende que vostedes chegaron ao Goberno deste país, 90.000 persoas menos teñen un posto de traballo neste país, xa me dirá de onde saca vostede ese dato de 600.000 postos de traballo máis en Galicia. É que en Galicia xa non traballa nin un millón de persoas. Por primeira vez na historia, grazas ao Partido Popular, hai menos de 1 millón de persoas afiliadas á Seguridade Social por mor das políticas austericidas do Partido Popular. Queda claro cal é o seu referente. O seu referente non é o dato da EPA, que deixa en evidencia que aquí se destrúe emprego, pero sobre todo na industria. O seu referente é o informe do BBVA, precisamente eses bancos aos que vostedes lles regalaban o carto que lles roubaron aos desempregados. O dato está encima da mesa: 45.000 millóns de euros menos desde 2009 para as prestacións por desemprego, ¡45.000 millóns!, o que quere dicir que son practicamente tres anos de orzamento da Xunta o que significa o recorte en prestacións de desemprego. E ao final estamos a falar de que eses millóns de recorte foron a

sanear esas bancas que logo fan e reparten dividendos multimillonarios entre os seus accionistas.

E vostedes ¿que é o que fan? Dime que o seu obxectivo é crear emprego. ¿Que tipo de emprego? ¿Cal é a realidade do emprego neste país? ¿Ese 66 % de traballadores que cobran menos do salario mínimo? ¿Vostede cre que un país san e normal pode permitirse que o 66 % dos seus traballadores cobren menos de 600 euros ao mes en bruto? ¿Pódeme dicir vostede qué familia pode subsistir con menos de 600 euros ao mes brutos para o conxunto do seu entorno familiar? Pero o dato que vostede me dá da atención ás familias é certamente lamentable. Atenderon, segundo vostedes, con prestacións a 14.000 familias. Neste país temos 55.000 fogares onde todos os seus membros están no desemprego. Polo tanto, queda moito camiño que facer e hai posibilidades para atender esas familias. Vosoutros non queredes facelo. O dato é moi evidente. ¿Por que moitas comunidades autónomas incumpriron a cifra de déficit? Porque moitas comunidades autónomas asumiron a responsabilidade de atender as súas persoas con máis dificultades. E esta comunidade autónoma non quixo e non o está a facer, e por iso é a campioa do cumprimento do déficit.

Vostedes teñen un criterio, atenden os intereses da Troika por encima dos intereses das persoas desempregadas, que, por certo, están desempregadas por mor das políticas austericidas do Partido Popular, que conlevaron que moita xente perdera o seu posto de traballo. O seguinte obxectivo do Partido Popular: levalas da cola do desemprego á cola dos comedores alimentarios. Sentimos moito que o Partido Popular teña a indecencia de deixar os seus desempregados nunha situación certamente lamentable. Por iso que esperamos que teñan a oportunidade na PNL seguinte de aprobar a iniciativa de AGE, que vai na mesma liña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Pasamos, polo tanto, ás votacións das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciati-

va de dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que deben de levar a cabo o Goberno galego en materia de medio ambiente.

Xa manifestou que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nin a do grupo Parlamentario Popular, pero que acepta a votación por puntos solicitada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Entón pregunto á señora Pontón se poden agruparse algún dos puntos, son seis puntos.

A señora PONTÓN MONDELO: Simplemente hai que separar o último punto.

O señor PRESIDENTE: Entón votaríamos primeiro os cinco primeiros puntos e despois o último punto.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Iso teno que decidir a señora Vilán.

Aceptada a votación por puntos, a señora Pontón pediu votar os cinco primeiros puntos xuntos, e o último punto por separado. Agora o señor deputado do Partido Popular, o señor Trenor, pide, se se pode votar por separado, separar tamén o punto número 5. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿O 5 ou o 4? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que punto? ¿O 5?

¿Vostede acepta votar por separado o punto 5? *(Negación.)* Ou sexa, acéptallo ao Bloque e ao PP non. *(Fortes murmurios.)* Ben, correcto. *(Fortes murmurios.)* Pregunto, estou preguntando, estou preguntando... *(Fortes murmurios.)* Claro, é que se é por puntos, claro, se é por puntos, debería ser así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Correcto, acepta a votación por puntos. Entón ten que aceptar como se di aí.

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Acepto a votación por separado do punto 6, o resto non.

O señor PRESIDENTE: Non, pero se é por puntos, non... O señor letrado vains ilustrar sobre isto. *(Fortes murmurios.)* Ante a dúbida, para non meter a pata, prefiro consultar con quen sabe, antes de facer unha cousa que non se axuste ao Regulamento.

(Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Despois de consultar co señor letrado, o presidente ten a potestade de ordenar a votación. Polo tanto, todos os puntos por separado. *(Protestas.)*

Ten esa potestade, dío o servizo xurídico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Outra cousa é que non acepte a votación por puntos. Entón non acepta a proposta do Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* Non, non. ¡Silencio, por favor!

Está falando a señora Vilán e acaba de falarme a min o señor letrado. Entón, ten dúas opcións. Unha é se acepta a votación por puntos. Entón, nese caso, se eu teño a potestade, como me di o letrado, vou ordenar a votación dos seis puntos por separado. Si, si, oia, o letrado está para asesorar. E, se non, ten vostede outra posibilidade, que é non aceptar a votación por puntos.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Non é a primeira vez que nos ocorre isto, xa nos pasou na Comisión 2ª unha vez e a decisión non foi precisamente esa. Foi xustamente a contraria. En todo caso, non acepto a votación por puntos de ningún dos dous grupos.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Moi ben, entón votamos tal e como está formulada a moción.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de ambiente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 37; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Mixto por iniciativa de dona Carmen Iglesias Sueiro sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención, información, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero.

Aquí xa tamén se pediu unha votación por puntos...

(A señora Iglesias Sueiro pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, cómo non.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas.

Hai unha modificación na redacción do punto 8, que quedaría do seguinte xeito: “8. Levar a cabo as modificacións oportunas das leis ou instar a modificación das mesmas a quen corresponda para evitar o alleamento sen autorización xudicial das contas de titularidade compartida por parte do titular agresor ou a súa familia”.

Entón, acepto a votación por puntos e nada máis.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Entón, fáganos chegar ese texto.

Quedaría do seguinte xeito: acéptase a votación por puntos e votaríanse agora os puntos 2, 3, 6, 7, 9, 10, 11, 12 e 8, que é o transaccionado. ¿De acordo?

Votación dos puntos 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención, información, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os restantes puntos da moción.

Votación dos puntos 1, 4 e 5 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención, información, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas.

Non se presentaron emendas.

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Pasamos a continuación a debater o punto 4 da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de protección social das persoas traballadoras desempregadas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(O G.P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Consuelo Martínez García, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de substitución á proposición non de lei do G.P. da AGE.

Emenda de substitución.

“1.- Proponse substituír na parte resolutiva da proposición o segundo guión polo seguinte:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que reclame do goberno central a ampliación do ámbito subxectivo da prestación de maneira que todas as persoas rexistrada no paro teñan garantida unha prestación, cuxa contía non será inferior ao SMI mentres dure a súa situación de desemprego.

2.- Proponse substituír na parte resolutiva da proposición o terceiro guión polo seguinte:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que reclame do goberno central a mellora da protección por desemprego ás persoas paradas que non teñan outra renda e, en particular, ás persoas en paro con cargas familiares e ás persoas maiores de idade independizadas.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, o comezo desta sesión de tarde deixou bastante clara a incompatibilidade dos postres con dirixir a sesión polas tardes, e as dificultades de que

esta se faga con normalidade cando hai un presidente disidente ao respecto das iniciativas e da capacidade de decisión de cada grupo sobre a súa iniciativa.

Antes asistimos a un exercicio de absoluta mediocridade por parte do Partido Popular, mediocridade en termos políticos, por ser incapaces de entender a realidade social deste país. Negar que o maior drama deste país a día de hoxe é o desemprego, é negar unha realidade, simplemente porque o obxectivo do Partido Popular posiblemente sexa garantir que ese tipo de desemprego sexa conxuntural, e que polo tanto actúe sobre o mercado laboral, como xa o está a facer.

O medo é unha arma de destrución masiva para os dereitos laborais deste país, e o medo a perder o posto de traballo, que é moito máis fácil a día de hoxe polas reformas laborais do Partido Popular, e as anteriores do Partido Socialista, significa que moitos traballadores renuncian a defender os seus dereitos e a defender a súa calidade no emprego, simplemente polo medo ao despedimento.

Recordemos que estas reformas levan a que a día de hoxe o despedimento neste país sexa libre, calquera persoa pode ser despedida neste país. E o obxectivo do Partido Popular é que ademais de libre sexa absolutamente gratuíto, ese é o último obxectivo do Partido Popular no mercado laboral, un mercado laboral de escravos e non de traballadores e traballadoras con dereitos.

Pero se isto non era suficiente, o Partido Popular tamén se encargou de destrozarse os niveis de cobertura dos nosos desempregados e das nosas desempregadas.

Cando o Partido Popular chega ao Goberno, o ingreso medio por prestación de desemprego de nivel contributivo ou de nivel asistencial era de 843 euros, no ano pasado remataron con apenas 779.

Os ataques a este dereito a percibir unha prestación, cando perdistes o teu emprego, son absolutamente brutais. Comezaron coa redución, antes, do Partido Popular. Cando unha persoa estaba en desemprego, a partir do sexto mes cobraba o 60 % da súa base reguladora. O Partido Popular fixo que isto quedase no 50 %, un 10 % de merma de poder adquisitivo, que significa que moitas familias non poidan sobrevivir de maneira digna.

Foron eliminados o subsidio e a prestación para maiores de 45, aquelas persoas que teñen máis dificultades para reincorporarse pola súa elevada idade, e foi dificultando as posibilidades que teñen os maiores de 55 para acceder a esa prestación.

Pero se isto non era pouco, non renovaron esa oportunidade de que a xente recuperase os días de desemprego gastados cando está nun ERE, e esta é unha situación tremendamente grave.

Ata hai pouco, cando unha empresa decidía utilizar os mecanismos do ERE para solventar unha situación económica, os traballadores podían ser despedidos temporalmente, ou dunha parte da súa xornada, e cobraban esa parte do seu desemprego. Polo tanto, accedían a un recurso propio de traballador para salvar unha situación puntual da empresa, e ao final do ano esa parte de desemprego gastado éralle devolto a ese traballador para que se había un despedimento posterior puidera acceder ao 100 % da súa prestación.

O Partido Popular decidiu que non, que o traballador ten que poñer o seu desemprego a beneficio da empresa para solventar a súa situación, pero cando remata xa ten consumido ese desemprego, e, polo tanto, non se lle devolve ese dereito.

Estamos ante un ataque brutal do Partido Popular aos dereitos dos traballadores desempregados.

E é tanto así, que o dato que demos antes é para nós moi significativo, 45.000 millóns de euros menos. Unha cantidade moi importante, e que en moitos casos é a mesma cantidade que neste país se dedicou para salvar os bancos. Os bancos merecen o apoio do Estado, pero os desempregados non. Esa é a política do Partido Popular.

Non vale o mesmo un banqueiro para o Partido Popular que decenas de miles de desempregados que non teñen postos de traballo. Eles saben a quen defenden, e saben cal é o seu obxectivo: garantirlles a economía a aqueles que despois garanten as portas xiratorias, ou garanten o financiamento ou o pago da súa sede.

Por iso nosoutros queremos denunciar esta situación, e plantexamos que deben de tomarse medidas alternativas para protexer a xente que está en desemprego.

Os desempregados deste país con menos de 30 anos –que son case a metade da poboación de menos de 30 anos– apenas un 6 % recibe algunha prestación. É dicir, dos xoves que están en desemprego, soamente seis de cada dez reciben algún tipo de prestación.

Parécenos unha cantidade absolutamente insoportable, e, polo tanto, nós plantexamos alternativas para atender a situación destes traballadores desempregados.

Alternativas que son mellores, e dende logo máis eficaces, que as que plantexou de forma absolutamente publicitaria o Partido Popular. Nese efecto de maquillaxe, aquel partido que se presentou ás eleccións dicindo que era o partido obreiro, o que fixo foi atacar a estes obreiros.

No 2014 anunciábanos o Partido Popular un plan de apoio aos desempregados, e anunciaba un incremento ou un gasto de 420 millóns de euros. Apenas o 25 % desta cantidade foi utilizada.

Máis tarde anunciaban o Plan de garantía xuvenil, 945 millóns de euros para ese Plan de garantía xuvenil. Apenas gastaron un 12,25 %.

E por último, o Plan Juncker, que neste Estado –segundo o Partido Popular– ía mobilizar 2.500 millóns de euros para garantir 5.000 postos de traballo. ¡Unha indecencia, unha indecencia!

Na Gran Bretaña, con 1.400 millóns de euros mobilizados co mesmo Plan Juncker, xeráronse 70.000 postos de traballo.

Queda claro que o Partido Popular é incapaz, e ademais non ten ningunha intención, de actuar sobre a situación dos nosos desempregados.

Se o Partido Popular desexa ese exército de desempregados, que tire á baixa dos dereitos laborais.

E por iso nós dicimos que é o momento de –como xa dixo o Partido Popular que se pasaran na austeridade– devolver a prestación e a protección ás persoas atacadas directamente polos vampiros da crise. A crise non foi casual, nin foi un dano divino, foi decidida por alguén nos despachos para atacar aos de sempre, para crear unha sociedade máis inxusta,

onde catro teñan moitísimo máis diñeiro e os de abaixo cada vez teñamos menos diñeiro.

Foi unha crise para incrementar os beneficios da banca e das multinacionais por desprotección dos de abaixo. Todo o que se lle quita á clase obreira, todo o que se lles quita aos pensionistas, todo o que se lles quita aos desempregados, vai parar aos petos dos de sempre. E por iso as grandes multinacionais incrementan os seus beneficios, por iso reparten beneficios multimillonarios a banca e as grandes eléctricas, e por iso as familias non poden chegar á fin de mes.

En Galicia máis de 50.000 familias teñen a todos os seus membros no paro, máis de 50.000 familias están agobiadas por unha situación que significa que en moitos casos non poden pagar os seus alimentos, non poden pagar a súa calefacción no inverno e non poden atender as necesidades básicas dos seus fillos.

Polo tanto, nós cremos que é o momento de poñer enriba da mesa unha alternativa para protexer o 100 % da poboación desempregada. Unha alternativa que devolva os dereitos aos desempregados, que a día de hoxe son unha poboación sen dereitos, que está exposta aos maltratos da patronal, que en moitos casos utiliza esas cifras de desemprego para querer que traballen en condicións penosas, por salarios de auténtica miseria.

Pero namentres iso non chega, para a cobertura do 100 % plantexamos que hai que darlles cobertura aos colectivos máis desfavorecidos, aos maiores de 45 anos, ás mulleres e aos mozos. Os tres colectivos de desempregados que peor o están a pasar, que peores cifras soportan e que peores condicións teñen para acceder a esas prestacións.

Polo tanto, ao igual que fixemos na moción anterior, poñemos enriba da mesa tres posicións moi sencillas para resolver a situación. E non hai que inventar nada, hai que utilizar o mesmo orzamento que se utilizaba antes para atender os nosos desempregados. Hai que escapar daquelas cousas que significan un ataque ás nosas arcas públicas. Se cada un dos euros dos miles de millóns de euros defraudados, ou que acabaron en Panamá, se utilizaran para pagar impostos, hoxe as clases máis desfavorecidas –os nosos desempregados– poderían ter prestacións dignas e non estar nunha situación onde soamente dous de cada dez reciben algún tipo de axuda

do Estado. Ese estado que deixa orfa a súa cidadanía, é un estado indecente, e polo tanto un estado que hai que cambiar, porque incluso a nosa Constitución recoñece, no seu articulado, a necesidade de atender prioritariamente os nosos desempregados.

Cremos que este é un problema fundamental de país, e por iso traemos estas iniciativas para que se defendan nesta Cámara, porque o maior problema que temos a día de hoxe é ese desemprego que lastra a nosa economía, que lastra a recuperación, pero que sobre todo significa un drama de tintes sociais, que obriga a moitas familias a unha situación certamente lamentable polas políticas austericidas do Partido Popular, da Troika, e dos lacaios da grande banca internacional.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas presidenta.

Bueno, volvemos falar do mercado laboral galego, o cal quere dicir que, realmente, temos un problema moi serio –aínda que o Partido Popular o negue– no mercado laboral.

O mercado laboral galego leva anos na UCI e segue na UCI, e as súas constantes vitais están en mínimos.

O paro aumentou en 5.200 persoas –57 persoas por día– entre xaneiro e marzo, situándose en 227.900 persoas desempregadas segundo a EPA do primeiro trimestre. Pero a destrución de emprego é moito maior, xa que a cifra de ocupados conta con 11.400 persoas menos que en decembro, un 1,10 % menos.

Polo tanto, non sei onde mira o triunfo das súas políticas o Partido Popular, a non ser que o obxectivo do Partido Popular sexa empobrecer radicalmente a clase traballadora e condenala a traballar en condicións insalubres e en condicións indignas, porque iso é o que ata o momento conseguiu coas súas políticas.

Para as persoas desempregadas de longa duración, e que polo tanto esgotaron a prestación contributiva, o Goberno ten unha batería de esmolos que deben de gañarse a pulso, ata tal punto que o pasado mes de abril só o 46,9 % das persoas desempregadas ingresaron algún tipo de axuda en Galiza, é dicir, 106.885 persoas recibiron unha prestación das máis de 210.000.

Polo tanto, máis de 121.000 persoas non recibiron ningunha prestación en Galiza, non teñen ningún ingreso neste país, 121.000 persoas, e vostedes falan de triunfo das políticas laborais.

E destas 106.885 persoas que perciben prestación –máis de 106.000, case 107.000–, só 44.892 cobran o desemprego, o resto son prestacións non contributivas, que como dicía se teñen que gañar, que non é fácil recibilas, por iso as percibe tan pouca xente.

Temos o Plan Prepara, que tes que solicitalo en dous meses dende que se esgotou a prestación por desemprego –polo tanto, inútil para as persoas que estaban xa en desemprego antes–; a Renda Activa de Inserción, para maiores de 45 anos, tamén cun montón de trabas; a axuda familiar que debe tramitarse nun mes desde que se termina a prestación; o Programa de activación para o emprego, para os de longa duración, que teñen que ser con cargas familiares e ter esgotada a prestación seis meses antes –o que non din é como van vivir estas persoas durante eses seis meses ata que lles conceda a axuda, porque hai seis meses nos que son condenados a vivir sen ingresos; a min gustárame velos a vostedes vivir seis meses sen ingresos–.

Segundo a propia ministra Fátima Báñez, á data 31 de marzo de 2016, beneficiáronse da prestación económica de 426 euros case 99.410 persoas en todo o Estado, fronte ás máis de 400.000 potencialmente beneficiarias. É dicir, en trece meses de vixencia apenas chegou a unha de cada catro persoas potencialmente beneficiarias. Isto explica por que dos 850 millóns orzados para o ano 2015 só se executou o 19 %, 160 millóns. Non executan nin sequera as partidas que teñen para que estas persoas perciban algún tipo de ingreso, condénanas a vivir sen ingresos e veñen aquí falar de triunfos e de éxitos da súa política laboral. O orzamento para o 2016 contemplaba un crédito de 350 millóns para doce meses, e no primeiro trimestre deste ano non se leva consumido nin o 10 %, tan só 32 millóns.

Apoiaremos esta proposición non de lei aínda que presentamos unha emenda de substitución aos puntos 2 e 3 da parte resolutiva. No punto 2, en vez de recoller que ningunha persoa rexistrada no paro quede sen dereito a unha prestación, o que dicimos é que todas as persoas rexistradas no paro teñan garantía desa prestación e que esta non sexa menor que o salario mínimo interprofesional. Na iniciativaponse “unha cantidade digna”. Iso pode ser unha cantidade distinta para todos, e haberá que poñer un límite mínimo e que ninguén neste país podería ou debería percibir menos ingresos que o salario mínimo interprofesional, pois para iso se lle chama “mínimo”, é dicir, enténdese que é o mínimo que pode cobrar unha persoa polo seu traballo.

E na outra emenda ao punto 3, en vez de dicir que se reclame do Goberno a protección por desemprego para as persoas paradas que non teñan outra renda, en particular para as mulleres con cargas familiares...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...–remato, presidenta, grazas–engadimos “persoas”, porque cremos que o obxecto a protexer é o menor, é a persoa dependente que está a cargo dese traballador ou traballadora en desemprego, e, polo tanto, calquera unidade familiar unipersonal debería de ter esta axuda. E tamén, en vez de “maiores de 45 anos”, consideramos que calquera persoa independizada ten que ter asegurados uns ingresos que lle permitan ser independente e non depender economicamente dos seus pais ou dos seus avós.

Polo tanto, aínda que non se acepte a emenda, votaremos a favor. Esperemos que se teña en conta.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Pois, efectivamente, o Partido Popular está en campaña electoral, unha campaña electoral desafortada. E diante desa campaña electoral, Galiza case desaparece do debate, señora Romero. Eu non sei se é que

vostede non ten os datos desagregados de Galiza, porque o que fixo aquí foi sacar maioritariamente os datos do Estado español. Iso ¿que significa? Dúas cousas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, máis dos dous terzos da súa intervención foron dedicados á situación de España –que non é moi boiante, evidentemente–. Pero ¿que significa que fixera iso? Primeiro, que para vostedes o primeiro é España, a cuestión de Galiza é menor sempre. Sempre que España vaia ben, Galiza sempre pode esperar. E o segundo é que xa o Estado español está nunha situación que, dende logo, non é para botar foguetes, pero a situación de Galiza respecto do Estado español é que é aínda moito peor. É que os datos de Galiza son todos moito peores. Galiza non está converxendo, está diverxendo, e os datos a respecto de España teñen peor comportamento na creación de emprego, peor comportamento na destrución de emprego, e por iso vostede se dedica aquí a falar deses datos de España.

E mire, teño que dicirlle que, efectivamente, houbo un tempo en que se dicía que a mellor política social era a creación de emprego. Si, pero é que vostede ten que actualizar os seus apuntes, porque iso era cando o emprego era máis ou menos estábel e era máis ou menos cunhas remuneracións que permitían ás persoas que tiñan emprego vivir dignamente. Pero é que neste momento a situación do mercado laboral en Galiza xa non permite que a mellor política social sexa crear emprego porque o emprego que se está creando neste país, como consecuencia das políticas que o Partido Popular está poñendo en marcha, é un emprego precario, é un emprego de moitísima temporalidade e é un emprego de moi baixa calidade.

Entón, a pesar desa campaña electoral, a pesar do maqueado, a realidade nin se parece ao discurso que vostede dixo aquí na anterior intervención. A realidade é que Galiza ten máis parados hoxe que cando o Partido Popular, con Núñez Feijóo á fronte, volveu ao Goberno da Xunta no ano 2009. A realidade é que Galiza ten menos ocupados hoxe que no ano 2009. Ten 147.000 ocupados e ocupadas menos, señores e señoras do Partido Popular. A realidade é que Galiza ten 82.000 persoas activas menos desde o ano 2009, esa é a triste realidade do noso país, do noso mercado laboral. Igual que a realidade do mercado laboral é que se está instalando dun xeito estrutural a pobreza laboral; esa pobreza laboral que significa que ter un emprego non permite ás persoas desenvolver unha vida máis ou menos digna. Igual que a situación de desemprego se está convertendo en estrutural. Máis da metade das persoas que en

Galiza están no desemprego levan máis de dous anos buscando traballo e non o atopan, esa é a realidade.

E iso ¿que dá? Pois dá unha situación de emerxencia, con datos como que en Galiza hai 33.000 fogares onde non entra ningún ingreso porque as persoas que viven nese fogar non encontran traballo a pesar de buscalo e porque esgotaron as axudas ou as prestacións; que hai máis de 80.000 fogares con todas as persoas activas no paro e que aumentaron en máis de 5.000 desde o último trimestre de 2015 ao primeiro trimestre do 2016. Son datos da EPA, señores e señoras do Partido Popular, non son datos que me estea inventando eu aquí en nome do Bloque Nacionalista Galego, son datos da EPA do primeiro trimestre do 2016 –que supoño que vostede tamén terá–. Igual que eses datos da EPA din que 30.000 familias non teñen ningún ingreso no noso país.

Entón, diante desa situación, unha situación que leva a que cada vez haxa un grupo de persoas máis ricas acumulando riqueza fronte a unha inmensa poboación –a clase traballadora e o que queda das clases medias– con menos recursos; onde caen os salarios, onde caen as pensións, onde cae a cobertura de desemprego. Poden pintalo como queiran, poden vir aquí retorcer as cifras. Eu estoulles dando datos da EPA que está recén saída do forno, deste primeiro trimestre do 2016; datos para Galiza da EPA. E arrojan esta situación tremenda –non hai outro cualificativo– onde temos que a austeridade –esas políticas que non son outra cousa que recorte–, a baixa da regulación laboral e financeira, os papeis de Panamá... Todo iso xunto, esa combinación, ¿que dá? Pois que o 23,8 % da poboación galega estea en risco de pobreza ou de exclusión, o 23,8 % da poboación galega, unha de cada tres persoas, está en risco de pobreza.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Risco de pobreza, que non digo de miseria. Vostedes saben o que significa risco de pobreza: estar por debaixo do salario mínimo interprofesional. Son persoas que teñen dificultade para ver se poden poñer a calefacción, qué vai pasar para o mes que vén, se van ter emprego, qué vai pasar para a semana que vén, se van poder pagar as facturas, se van poder pagar a hipoteca... Un de cada tres galegos e galegas están nesa situación. Esa é a situación.

Polo tanto, diante diso, ¿que se pode facer?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Mirar para outro lado –remato, señora presidenta–, ser cómplices, dedicarse a seguir poñendo en marcha e implementando as políticas que ditan os de arriba ou enfrontarse. E, dende logo, o BNG non vén a este Parlamento a ser correa de transmisión de ningún grupo de presión nin de poderosos.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Vimos aquí defender os intereses dos galegos e as galegas. E, para defendelos, hai que poñer en marcha políticas totalmente diferentes ás que vostedes puxeron ata o de agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra a señora Quintas Álvarez.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde de novo.

Tamén quero dicir que imos apoiar esta iniciativa.

Lamentablemente, e ao meu xuízo, eu creo que de forma indecente oímos como hai quen xustifica que saímos reforzados do túnel que supuxo a crise e que estamos moitísimo mellor. Eu creo que o Partido Popular non leva o camiño adecuado dicindo este tipo de cousas. E é curioso, porque hai datos que suxiren que non aproveitamos este período de crise para cambiar a estrutura económico-productiva que precisamente nos levou a ela. E darlles voltas aos números, se hai máis, se hai menos, se..., eu creo que non reflicte a realidade que está ocorrendo neste país e que están sufrindo miles de homes e de mulleres.

Como dicía na anterior iniciativa, non soamente a Unión Europea e a maior parte de quen escribe sobre isto di que os traballadores en España son pobres. O que é moito máis grave é que, á parte de traballadores pobres, temos un alto índice de persoas en desprotección total.

Eu creo que establecer a desigualdade é fomentar a ausencia de dereitos. É algo que constitucionalmente está prohibido, ¿non? Por tanto, ás veces os gobernos do Partido Popular faltan incluso ás leis das que nos dotamos os españois e os galegos e as galegas.

España parece que se recupera, pero faino cun modelo de crecemento baseado na precariedade, na inseguridade e, sobre todo –e repito–, na ausencia de dereitos. Á desprotección dos desempregados hai que sumar unha dobre desprotección. Porque non soamente é que non perciban por estar desempregados senón que, no ámbito dos seus dereitos, cada vez están máis limitados porque as políticas do Partido Popular fixeron recortes nos servizos públicos básicos; algo que criamos que ninguén podía tocar, pero que, evidentemente, o Partido Popular se atreveu a tocar.

Segundo os datos, en Galicia dúas de cada tres persoas están en situación de desemprego e non posúen ningún tipo de protección. E, como digo, a esa non protección hai que sumar a dobre desprotección dos recortes nos servizos básicos.

O chamado Programa de activación, posto en marcha polo Goberno central, dadas as condicións restritivas que se impuxeron, está a afectar a un número sumamente reducido de persoas, e a repercusión en Galicia é ridícula fronte ás necesidades existentes. Recordemos un dato soamente: o número de fogares nos que todos os membros son parados supera os 95.000, cun aumento do 112 % respecto do 2009.

E, xa digo, os deputados e as deputadas do Partido Popular poden vir aquí falar do trimestre anterior, do seguinte e do que vén. Pero a realidade é que o traballo é precario, a realidade é que os nosos parados están desprotexidos, e a realidade é que os nosos mozos e mozas non teñen traballo. A realidade é que este país se está despoboando; que eu non sei se é unha maneira de acabar cos problemas, ou sexa, que non haxa ninguén, pechar o país.

Este goberno foi moi permisivo co desmantelamento do emprego en aras do interese privado, xustificándoo coa produtividade e coa viabilidade. En ningún momento exerceu de defensor dos administrados. Hoxe en día o desemprego, a precariedade e a desprotección son os principais problemas de Galicia e –como dixen anteriormente– non abonda con

cambiar as persoas, é preciso cambiar as políticas, aumentar os orzamentos e executalos.

Séguense a celebrar políticas ficticias cos datos de emprego, que se deben basicamente a traballos precarios, absolutamente precarios –xa non digo estacionais, non, non, precarios–; traballos que poderíamos considerar indecentes. En torno ás 100.000 persoas non cobran prestación por desemprego –persoas paradas que teñen experiencia laboral e que non cobran, repito, ningunha prestación por desemprego–; o equivalente, señora deputada, a que non existira a cidade de Ourense –así, para velo–. Esa é a realidade. Estas políticas, ademais, son absolutamente transversais, impulsan unha crise demográfica e un gran drama en Galicia e, e especialmente, no interior.

Os datos de paro rexistrado sitúanse...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...en que hai 17.491 persoas máis que en 2009. E, desde logo, señora deputada, ao señor Tellado foille moi ben falando de Zapatero, pero, como o posto xa está ocupado, non perda o tempo, porque os socialistas perdemos as eleccións en España –e sabémolo–, pero está gobernando o Partido Popular, e en Galicia sete anos. E eu creo que cando se fala de falta de prestacións, de xóvenes con carreiras que teñen que marchar, de xente maior que ten as súas pensións estancadas, creo que a frivolidade e a política de propaganda non deberían de ser.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

De novo, boa tarde.

Ben, bueno, quero avisar a todas as súas señorías que non imos vivir un *déjà vu* nin unha retransmisión en bucle. Dígoo porque estamos debatendo unha proposición de lei

que é idéntica á interpelación que se lle fixo ao señor conse lleiro, cuxa moción acabamos de substanciar hai dous minutos, pero coa mesma exposición de motivos, mesma data de rexistro, soamente se lle quitou o signo de interrogación. Pero, bueno, cada grupo fai co seu cupo de iniciativas o que quere. Pero con tantos problemas que temos no país e co pouco que atende estes problemas o Partido Popular e o mal que o estamos a facer, nun mesmo pleno traer un mesmo asunto, bueno, pois debe ser que nin tan mal están as cousas nin tan mal o está a facer o Partido Popular. (*Aplausos.*)

Pero estamos ante o mantra de AGE (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que é este discurso populista de Podemos. Nos 23 minutos que levou falando deste tema, con outra iniciativa das persoas desempregadas, o señor Fajardo, non dedicou un só minuto a falar de favorecer a creación de emprego nin a creación de riqueza para logo poder repartila, nin para xerar un só posto de traballo; nin unha soa palabra. Neste Parlamento, sen embargo, posiciónanse en contra de todo proxecto industrial, en contra de Reganosa, de Elnosa, de Ence, das centrais térmicas, de Meirama-As Pontes, en contra da eólica mariña, en contra do polo tecnolóxico de avións non tripulados de Rozas, en contra de PSA-Citroën, e se o barco vén de Arabia Saudí tamén nos opoñemos a que se fagan barcos en Galicia. Están en contra de todo o que sexa xerar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) emprego e riqueza en Galicia, en todo. Propoñen rendas públicas, propoñen rendas públicas e perpetuar subsidios, pero é que tampouco dedicou un minuto a dicir (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) como e con que cartos as van pagar. Política de beneficencia que tanto enfadou esta mañá ao señor Sánchez. Iso si que é política de beneficencia.

Señorías, este discurso populista de Podemos, das Mareas, do que sexan todos xuntos, que se presenta sempre con eles ás eleccións, só xera frustración. Estámolo a ver en Grecia, onde as miles de persoas que saían antes á rúa a apoialos, enganados por ese discurso, agora saen para protestar; saen para protestar por sufrir un novo recorte nas pensións; e van doce, señorías, e van doce. Manteñen unha pensión mínima para aqueles que cotizaron vinte anos de 384 euros. ¡Que mal estamos en España con respecto a Grecia!

Protestan pola subida de 7 puntos os impostos a todas as rendas entre 20.000 e 25.000 euros/ano, pola subida do IVE,

pola subida da electricidade, pola subida do combustible, pola subida do gas, pola subida da telefonía. Pero se non lles gusta Grecia, estámolo a ver tamén en Venezuela, ese país que os financia e que os adestra (*Murmurios.*) para asaltar o ceo, ese que os financia e os adestra para asaltar o ceo, o país das colas interminables nos supermercados, que despois, cando entras, atopas as estanterías baleiras de produtos de alimentación e de produtos básicos, o país dos cortes de electricidade. ¿Ese é o modelo que queren? ¿O modelo de Grecia e Venezuela? Nós non, señoría, nós non.

Nestes últimos anos en España incrementouse en 60.000 millóns de euros o gasto en prestacións sociais. Dedicáronse máis de 100.000 millóns de euros á prestación de desemprego e subsidio, con dous anos de recepción e sen aínda acadar o nivel de recadación do ano 2007. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No 2015 en España aínda non se recadou o nivel do 2007, señoría. Os gobernos do Partido Popular son os que garanten a educación para todos, a sanidade para todos e as pensións para os nosos maiores. (*Murmurios.*) Porque pagan, señoría, porque somos solventes, señoría, e porque xeramos credibilidade. (*Aplausos.*) Pero non co discurso fácil e populista de Podemos, Mareas e todos estes, senón con políticas económicas... (*O señor Ron Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Ron, silencio, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...aceptadas e responsables...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...que xeran confianza e certeza. Aínda ten tres minutos, señor Fajardo, a ver se fala de política industrial, de política económica, de políticas activas de emprego. A ver se fala, en definitiva, de xerar riqueza, de xerar emprego, para así acadar máis recadación, suficiente para pagar todo o que está aquí a pedir, pero para pagar a sanidade, para pagar a educación e para pagar tamén o resto dos servizos sociais.

Pero mire, é que non son tan inocentes, porque Podemos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), Podemos e as confluencias, señorías, teñen o mando a distancia de moitos

gobernos de moitas comunidades autónomas e estas non se caracterizan precisamente por facer o discurso que predica o señor Fajardo, AGE e toda a esquerda neste Parlamento. Caracterízanse pola suba de impostos, polo aumento de altos cargos, polo nepotismo, pola incapacidade de xestión orzamentaria, por demonizar os empresarios, pola paralización e perda de proxectos xeradores de emprego e riqueza, así como polo ataque á educación concertada e aos símbolos nacionais. Ou sexa, que leccións de Podemos, Mareas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e todos vostedes xuntos para mellorar a vida das persoas, ningunha, señorías. (*Aplausos.*)

E como esta é unha repetición da interpelación do conselleiro, pídolle á presidenta que faga un *link* coa resposta do conselleiro, ao que, por suposto, este grupo apoia.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Romero.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

Déanlle voz ao escano do señor Fajardo, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Señora Cristina Romero, o “modelo Tellado” vaille mal. (*Risos.*) O “modelo Tellado” non é o seu, non está cómoda, non, non o está. O barro non é o seu modelo e non o intente, porque iso sirva para medrar no PP, non o intente, porque xa foi o congreso, non sei canto queda para o seguinte; non vai ser a secretaria xeral. Teña coidado cos modelos que non son os seus, teña coidado.

Díciame aquela canción de *Love is in the air*. Eu digo aquí a de *Fear is in the air*, o medo está no aire, o medo do Partido Popular a que lle imos arrebatarse o goberno, e están divulgando esa mensaxe do caos das confluencias, o caos dos demais, esa política de asimilarnos con Venezuela, con Grecia, faltoulle Corea do Norte.

Mire, cada vez que nos asimilan a esas cousas perden credibilidade, porque cando estamos falando dos desempregados deste país falamos dun problema moi serio para que vostede lle diga a unha persoa que está na súa casa desempregada dende hai anos que o problema del é Venezuela. Non, o pro-

blema dese desempregado galego é un Partido Popular que o condena ao desemprego, que non lle dá alternativas de emprego e que ademais lle di que non vai cobrar prestacións.

Por certo, vostede dime de onde imos sacar os cartos para pagar as prestacións. Doulle un dato: fraude. Vostede dicía que as converxencias eramos os partidos de non sei que. [...] *(Por orde da señora presidenta, Rodríguez Arias, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retíranse estas expresións do Diario de Sesións.) (Murmurios.)* Dentro de pouco dirán: *aquel partido, ¿de qué me habla?*, cando falen do PP, do Partido Popular de Valencia.

Pero se queren falar de como se poden pagar estas cuestións, nós dámoslles un dato: 45.000 millóns de euros menos, e repetímolo, que estaban orzados e que non gastaron. E cando me di cales son as políticas de emprego desta organización, o primeiro é que a xente teña un salario digno, para activar a demanda interna, para ser capaces de atraer o consumo. E vosoutros, mentres, facendo todo o contrario: exportando o voso nacionalismo de pandereta a Panamá, a Suíza e a cada un dos paraísos fiscais.

Miren, se lle damos tempo ao Partido Popular, acabará facendo de Cortegada un paraíso fiscal para os diñeiros do PP de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señor Fajardo. *(Murmurios.)*

Proposición non de lei... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Si, señor Puy? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Puy, por favor.

O señor PUY FRAGA: Para solicitar a retirada de palabras altamente ofensivas para a dignidade e honorabilidade do grupo que represento. *(Protestas.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Si. Ten vostede... *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Fajardo, señor Fajardo, retíranse da orde do día as alusións que fixo vostede ao Partido Popular.

Grazas.

Continuamos coa seguinte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Escoitámolas todos, señor Fajardo. Si, escoitámolas todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Repítolle que as escoitamos todos.

Continuamos... Por favor, silencio. Continuamos coa seguinte proposición non de lei, do Grupo Mixto, por iniciativa de...

¿Si, señor Sánchez? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non estaba vostede no debate, xa falamos co deputado do seu grupo parlamentario... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois mire, se quere, revísao en acta, pero foron varias. Si, sabe vostede perfectamente cales foron; polo tanto, quedan retiradas da orde do día. *(Protestas.)*

Señor Fajardo, chámoo á orde. ¿Ten unha chamada á orde por parte do señor Santalices no día de hoxe? Ten unha chamada á orde. *(Murmurios.)* Ten unha chamada á orde e quedan retiradas as alusións que acaba de facer de fraude do Partido Popular.

Seguinte iniciativa... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Martínez, non está neste debate. Ten unha iniciativa agora do seu Grupo Mixto, a iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego dun proxecto de lei que regule a publicidade institucional e a actuación que debe levar a cabo para a concesión de subvencións aos medios de comunicación polo uso do galego

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Non se presentaron emendas.

Ten vostede a palabra, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Bueno, boa tarde a todas e a todos.

Bueno, non sei se é que todos comemos hoxe con gasosa *La Revoltosa*, ¡vamos!

Hoxe traio un tema bastante recorrente e de actualidade, ¿non?: o tema da lingua galega nos medios de comunicación.

O artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galiza reza que a lingua propia de Galiza é o galego e que o uso normal e oficial dos dous idiomas debe ser garantido polos poderes públicos deste país. Ademais, a Lei de normalización lingüística establece que a Xunta debe contribuír a fomentar o galego nos medios de comunicación.

Cando retornou o PP á Xunta, fixoo cun programa electoral no que se comprometían a desterrar as prácticas opacas sobre a prensa, prometían que a política de axudas aos medios de comunicación pasaría a ter un soporte legal, como sucede na maioría dos países europeos, e as subvencións e demais aportacións económicas disfrutarían sempre de transparencia.

Mais agora, que estamos rematando esta segunda lexislatura, pois non se cumpriu a famosa promesa da Lei de publicidade institucional. Levamos dende o ano 2009, en que se instaurou a era Feijóo, bueno, con noticias constantes de inxeccións económicas a certos medios de comunicación.

Practicaron unha política de asfixia, de acoso e derribo cara aos medios en galego, non exixindo nas súas subvencións aos medios que escriben en castelán e que son os grandes beneficiarios de todos os cartos das galegas e dos galegos.

O Goberno da Xunta debe adoptar as medidas precisas para garantir a existencia dun espazo de comunicación en galego que asegure a viabilidade dos medios de comunicación escritos integramente na nosa lingua.

O Consello de Europa, por medio do Comité de Expertos Europeos, deulle un tirón de orellas á política lingüística da

Xunta a comezos deste 2016, e isto aparece recollido no relatorio na cuarta rolda de avaliación de cumprimento da Carta europea de linguas minoritarias e rexionais.

Destacamos neste documento o artigo 11, onde explica que os territorios que subscriben a Carta están obrigados a asegurar a existencia dos medios nas linguas propias, audiovisuais e impresos, fomentando e facilitando a súa creación, a formación das e dos profesionais. Mais isto non acontece coa chegada de Feijóo ao Goberno galego, onde as axudas públicas foron drasticamente reducidas, provocando o peche de xornais que empregaban o galego. E dende o Consello de Europa tamén se sinalan outras carencias que hai coa lingua, sexa na Xustiza ou na asistencia sanitaria.

E é moi significativo quen recibe todas estas subvencións. No ano 2015 o orzamento da Xunta destinou aproximadamente 182.000 euros en apoio específico ao uso da lingua galega, mais as ditas axudas foron parar na súa maioría aos grandes grupos de comunicación, con centos de miles de euros por utilizar; tan só un 8 % en todo o medio, segundo denuncia a Asociación de medios en galego.

O reparto destas cantidades emana dunha resolución do 15 de outubro do ano 2015 da Secretaría xeral de medios. A resolución resolve a convocatoria do 7 de marzo do mesmo ano, onde se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas en réxime de concorrencia non competitiva, nas que non aparece a finalidade das mesmas nin o criterio para a súa adxudicación nin concorrencia competitiva ningunha.

A Xunta debe regular o sistema de subvencións, e discriminar positivamente aqueles que estiveran en galego. E por exemplo, como pasa en Cataluña, onde a desvantaxe competitiva dos medios de comunicación en catalán ou incluso noutra lingua, como o aranés —o que era o antigo occitano—, é motivo polo que se consideran pertinentes as axudas a estes medios. Ou o caso de Euskadi, onde tamén se destina para a consolidación, desenvolvemento e normalización dos medios de comunicación en euskera. Ou parece ser que me vou ter que ir aos países escandinavos, onde incluso no caso de Noruega se destaca a protección das minorías, sobre todo publicacións escritas en Sami, reducindo a posibilidade de monopolios; ou me teño que ir a Suecia tamén, en publicacións con referente en finlandés ou outras linguas minoritarias.

No ano 2011, Galiza era unha das comunidades autónomas con maior índice porcentual de xornais por habitante de todo o Estado, máis isto agora xa non é así. Quedaron polo camiño *A nosa terra*, que era un semanario centenario, *Vieiros*, *Galiza nazón*, *A peneira*, *Galicia hoxe*, *Xornal de Galicia*, *De Luns a Venres*, que era un xornal gratuíto que, xunto coa súa alianza con AGN, chegou a ser un xornal coa segunda maior tirada de números despois de *La Voz de Galicia*. E unha vez que se foron pechando paulatinamente, tamén aparece outro no ano 2012, *Dioivo*, que tamén tivo que pechar; era un xornal dixital e tivo que pechar no 2013.

Entendemos que o peche destes xornais puido deberse a diferentes causas: pola crise, pola falta de apoios económicos aos medios en galego, pola falta de subvencións, sobre todo por marxinar a nosa lingua, segundo denuncias dos propios propietarios, da propia Academia da lingua galega e incluso da Mesa pola normalización lingüística, e os propios académicos lembrábanlle ao Goberno galego a obriga legal de promocionar o idioma e que tiña que iniciar un proceso de incremento anual e constante do uso dos galego nos medios de comunicación públicos e privados para superar a situación de marxinação e confinamento no ámbito cultural.

E agora falamos do decreto 126/2006, onde se dota dunha maior sistematicidade e transparencia a actividade convencional da Xunta de Galiza, que, ao amparo da Lei de transparencia do mesmo ano, instauraba o deber de facer públicos os convenios entre o Goberno galego e outras administracións, empresas e entidades. Esa vía dos convenios é a que vén empregando o Goberno galego con maior asiduidade para financiar os medios de comunicación. E falamos de que practicamente o único xeito que temos de coñecer estas aportacións é polo propio Rexistro de convenios e incluso polo *Diario Oficial de Galicia*.

Moitos destes fondos proveñen dos convenios subscritos pola Secretaría xeral de medios, departamento que depende directamente da Consellería de Presidencia da Xunta, e hai dous tipos de convenios. Un, que ten como obxectivo o fomento da lectura escrita entre o alumnado do ensino público, levou unha subvención de pouco máis de 350.000 euros que foron dar aos xornais de sempre, sexa *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Progreso* ou *La Región*. E as propias editoriais, a maioría delas, beneficiáronse do segundo lote de axudas, que é o fomento do uso das novas tecnoloxías da

información e comunicación entre o alumnado das mesmas escolas públicas, cunha asignación de 170.000 euros que máis ou menos se reparte entre os mesmos, *los de siempre*.

Á marxe dos convenios da Secretaría xeral de medios, no primeiro cuadrimestre do presente ano o Goberno tamén repartiu dende a propia consellería, para contribuír á normalización e á promoción da lingua galega e conseguir que fora maior a implantación do galego nos medios e maior a difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa. Para esta campaña digamos que investiu case 400.000 euros e foron dar aos mesmos; ¡moi sospeitoso! Digamos que a axuda que reparten é en concepto de axudas económicas en réxime de concorrencia non competitiva, onde se reparte unha gran cantidade de cartos.

Por outro lado, chama moito a atención nestas axudas o pouco nivel de exixencia que ten o propio Goberno galego nos requisitos da porcentaxe con respecto á escrita en galego, que é mínima, un 8 %, é ridícula. ¿E como se debe realizar a xustificación para as axudas? Con varios documentos que se repiten ano tras ano, sen que ningún dos medios aumente o uso do galego. Informes como unha declaración responsable indicando a porcentaxe de emprego da lingua nas publicacións, informacións ou emisións do ano natural anterior, ou da convocatoria e compromiso futuro expreso que vai manter ou incrementar esta durante o ano correspondente á convocatoria. E outra declaración responsable que indica a porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións orientadas á normalización da lingua, á defensa da entidade de Galicia, á promoción dos seus valores e á defensa da nosa cultura no ano natural da propia convocatoria.

Mais tamén hai unha axuda aparte para os medios en galego que realmente, en comparación coas primeiras, é ridícula. Unhas axudas que inicialmente eran de 40.000 euros no caso anterior e que tamén aumentaron a 160.000. Mais, sen embargo, e a diferenza do que acontece cos outros medios de prensa, cos grandes grupos mediáticos, nas que se subvencionan medios dixitais e radios deses grupos, as axudas aquí só están destinadas ás publicacións periódicas escritas integramente en galego.

E agora que estamos en ano electoral, aquí parece que xa choven millóns. A Xunta incrementa os convenios cos

medios en época electoral, algo que xa aconteceu, sobre todo, despois das eleccións municipais do 2015, con grandes sumas que van chegar, de momento, ata as eleccións galegas.

Entón, polo exposto, a proposición que presento é que o Parlamento de Galicia insta a Xunta a promover o proxecto de lei que regule a publicidade institucional e a outorgar equitativamente as subvencións aos medios en galego.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Boa tarde a todos e a todas.

Esta iniciativa a verdade é que é acaída, porque, precisamente dende o punto de vista da publicidade institucional, cando máis se incrementa é en ano electoral e nos fins de lexislatura, e acontece que, en efecto, nós estamos en final de lexislatura e tamén en ano electoral, e vostedes aproveitan moi ben, moi ben, o filón da publicidade institucional, e non regulamentala, para facer o que fan, que son esas campañas de propaganda, autobombo e demais farándulas –poderíamos dicir así.

Na iniciativa que trae o Grupo Mixto, en realidade hai dúas partes diferenciadas. Por unha banda, as consecuencias negativas da nefasta política lingüística da Xunta de Galicia que puidemos comprobar na desafortunada comparecencia do secretario xeral en Comisión, onde constatamos claramente que aí si que se amosaba certa preocupación, pero logo víñase a intentar enganar a oposición e a cidadanía a través de xogos florais nunha retórica baleira de contidos.

O cuarto informe, en efecto, da Carta Europea das Linguas alerta, no seu artigo 11, sobre a situación dos medios de comunicación. Pero hai que dicir que o peor de todo non son as consecuencias do que se expresa no acordado o 26 de xaneiro de 2016, senón como respondeu o Estado, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ao que acontecía cos medios en lingua galega. Porque claro, cando un le: “prolife-

ración de medios locais, públicos e privados, que empregan galego”, un sospeita que hai algo detrás que non vai ben, que non responde á realidade. Ou cando se ve que vostedes atribúen o logro de medios dixitais, como pode ser *Praza pública* ou *Galicia confidencial*, como se a presenza deses medios fose debida á acción institucional. Ou outro colmo, que figuraba no párrafo 700, onde o que era a desaparición do soporte papel de determinados medios de comunicación era vendido –no informe que trasladou a Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Estado– como unha decisión, unha vontade, deses medios, que preferiron trasladarse ao mundo dixital, cando sabemos moi ben as consecuencias en materia de emprego que tivo a desaparición das liñas en papel. Unha consecuencia que vai máis aló do emprego, que tamén vai da presenza da normalización de medios de tirada cotiá en galego, cousa que, loxicamente, queda reducida a cinzas coa súa política desastrosa.

Polo tanto, ese informe que vostedes intentaron maquillar de forma –habería que dicir– deleznable pola súa banda, porque hai que admitir que se non se está facendo o traballo, hai que dicilo. E por outra banda, está o tema da publicidade institucional, que nós aquí xa discutimos, en febreiro de 2015, cando se trouxo esa proposición de lei da Asociación de medios galegos, que se rexistrara –se non me equivoco– en setembro de 2014, onde xa discutimos amplamente e tivemos a negativa do grupo maioritario do Partido Popular ante un proxecto de lei de publicidade institucional que –recordemos– o propio presidente Feijóo, o 15 de outubro do 2013, no debate do estado da Nación, anunciaba como inminente a chegada de dito proxecto de lei.

E nós defendíamos, desde Alternativa Galega de Esquerda, a necesidade de que exista un concepto de publicidade institucional como servizo público de veracidade e transparencia, de legalidade, de lealdade institucional, de neutralidade, de eficiencia, de non discriminación, de pluralidade, de ética, en definitiva, porque cando a publicidade institucional se desvía, se desvirtúa, para uso partidista, asistimos a unha vulneración das normas da ética, das normas que deben imperar na democracia.

Son numerosas as denuncias que existiron ao respecto. Por exemplo, os sindicatos xornalistas de Galicia denunciaban precisamente as escasas garantías de control no dedazo que vostedes aplican a eses grandes medios de comunicación

que, logo si, usan o galego de forma testemuñal, pero porque reverbera moi ben as grandes verdades que vostedes contan como mentiras, ou mentiras como verdades, e que logo, loxicamente, inoculan o imaxinario de Galicia dunha triste realidade que é a súa, a realidade do partido Popular, que desde logo tingué absolutamente todo, os medios de comunicación, a publicidade institucional, pero dende un punto de vista meramente partidista e, desde logo, carente de ética.

Polo tanto, apoiaremos a iniciativa, aínda que por desgraza sabemos exactamente o que vai dicir o Partido Popular, que será dicir que non, porque xa temos a proba en todo o traballo realizado ao longo desta lexislatura. Vostedes seguirán vendendo máis fume.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas e moi boa tarde.

En primeiro lugar, dicir que o Bloque Nacionalista Galego vai apoiar esta iniciativa, porque partillamos no substancial os dous aspectos que hoxe se someten á consideración deste Parlamento. O primeiro, a necesidade dunha lei que regule a publicidade institucional, e o segundo, tamén a necesidade imperiosa –diría eu– de que os recursos públicos que se están utilizando teoricamente para a normalización da lingua galega non só cumpran ese fin, senón que se distribúan dunha maneira transparente, con criterios obxectivos, e, polo tanto, que avancemos nunha relación democrática nestes dous aspectos.

Efectivamente, para nós hai un déficit, hai moitos déficits democráticos neste Estado. Un deles é unha relación cos medios de comunicación claramente opaca entre os poderes públicos e os medios de comunicación, e un enorme déficit en relación tamén coa situación da lingua galega.

Non tiveron ocasión de facelo, pero sería interesante que tivéssemos un desglose de cantos cartos públicos se levan destinado nos últimos trinta anos a, en teoría, normalizar a lingua galega nos medios de comunicación, e cal ten sido os resultados deses fondos. Basta, para calquera de nós, con coller un

periódico e comprobar como eses fondos, desde logo, non serviron para que o galego teña unha presenza maior nos medios de comunicación. Moi ao contrario, os informes que se teñen feito sobre a presenza do galego nos medios de comunicación din que este ten diminuído. E o certo é que estes anos de goberno Feijóo foron uns anos negros para a lingua galega, e moi significativamente para os medios de comunicación, onde non só pechou o único xornal que había en lingua galega, senón que se reduciu a presenza do galego nos medios públicos; e na inquina que demostrou o Partido Popular neste ámbito. Mesmo cando había iniciativas de carácter social para recuperar prensa en galego, o que fixeron foi ordes de axuda que excluían eses medios que estaban apostando por que o galego tivera unha presenza mínima no papel escrito. Esta é, polo tanto, a realidade dos feitos e a realidade das intencións que tivo a política que neste ámbito desenvolveu o Partido Popular en relación con estas dúas cousas.

Nós, desde logo, acreditamos pouco en que esta iniciativa serva máis que para axitar un debate, que en si mesmo xa é algo loable en tempos coma este. Sobre todo porque tivemos aquí oportunidade de poñer en marcha, a través dunha proposición de lei, un marco legal regulador da publicidade institucional.

Debatíamos –recordábase aquí– o 24 de febreiro de 2015 unha iniciativa que trouxo o Grupo do BNG, feita e elaborada pola Asociación de medios en galego, onde se establecía xa unha regulación de publicidade institucional. O Partido Popular votou en contra. Votou en contra a pesar de que –imaxino que por populismo– o señor Núñez Feijóo no ano 2009 se presentou cun programa electoral no que dicía que un dos compromisos que asumía era a elaboración dunha lei reguladora da publicidade institucional. Supoño que era o populismo de 2009 do señor Feijóo.

Pero non só iso, senón que no ano 2013 –tamén imaxino que por populismo– o señor Núñez Feijóo nesta mesma Cámara, no debate do estado da nación, se comprometeu a traer e desenvolver no ano 2014 unha lei reguladora da publicidade institucional.

É evidente que en pleno ano 2016 non hai ningún tipo de intención por parte do Partido Popular por democratizar a relación entre os poderes públicos e os medios de comunicación.

É tamén evidente que durante todo este tempo non houbo ningún intento por rectificar unha política letal para a lingua galega no ámbito dos medios de comunicación, senón que se quere consolidar o retroceso, a desigualdade e a situación claramente discriminatoria que ten a lingua galega, e, polo tanto, négasenos como galegos e galegas o dereito a poder ter a nosa lingua, en todos os ámbitos, en igualdade de condicións.

Mais xa dicimos que este é un tema que por desgraza vai quedar pendente para a próxima lexislatura, porque, con independencia do que hoxe pase neste Parlamento, é evidente que, quen fixo todo o contrario do que se propón nesta iniciativa, non pode a última hora emendar o feito.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados.

Eu xa hai uns anos que non vou a Cuba, pero a última vez que fun chamoume a atención unha cousa ben curiosa. Saíndo do aeroporto de La Habana había un cartelón que lles podo asegurar que, se non era dun tamaño dun campo de fútbol, pouco lle faltaba, e cunhas letras enormes poñía: “*Hoy en el mundo 200 millones de niños dormirán en la calle.*” E debaixo: “*Ninguno de ellos es cubano.*”

Publicidade en estado puro. Pero claro, é unha publicidade máis ben chabacana, dunha valla, así... Nós, desde o noso goberno, facemos unha publicidade... Digo que vén a conto polo que dicía a señora Romero, comparando algúns grupos desta Cámara con outros países, e tal. O noso é máis sofisticado. O noso é repartir páxinas enteiras en medios de comunicación. Nós non falamos da pobreza nin desas cousas, o noso goberno fálanos de Industria 4.0. Pragado en todos os medios de comunicación. O criterio saberao o señor conselleiro, porque a verdade é que o único que hai son fotografías de contedores nalgún porto, algún invernadoiro supermoderno, e cousas así. Pero claro, todo o mundo sabe que Cuba, Venezuela, estes países así, de segundo nivel, entre comiñas, están rexidos por xente que mente, que engana, que terxiversa a realidade.

Miren, eu, para preparar esta iniciativa, funlle seguindo a pista ao que dicía o Partido Popular sobre a necesidade de crear e de traer ao Parlamento unha lei de publicidade institucional. Dicía o Partido Popular no seu programa electoral de 2009: “Aprobaremos unha lei de publicidade e comunicación institucional da Xunta de Galicia, porque a política de comunicación institucional debe de estar sometida á lei.”

Ben, seguínlle a pista e hai ata 10 anuncios. Ao mellor equívoco e incluso hai máis, pero eses eu constateinos seguindo a pista desde o presidente da Xunta, o vicepresidente da Xunta, o señor Cabaleiro, todos os responsables cantos houbo desde que o señor Feijóo aterrou en Monte Pío. Ao longo de todos estes anos, ata en dez ocasión mereceu titulares, pero non en calquera xornal, é que na páxina oficial da Xunta de Galicia se publicou, como noticia de prensa oficial e formal do Goberno galego, que se ía traer unha lei de publicidade institucional, e evidentemente non foi así. E esa é a razón tamén pola que imos apoiar esta iniciativa, porque nos parece que os tempos son chegados.

Eu podería traer aquí un feixe, o que pasa é que teño pouco tempo e ademais é que non sei que me dá. Desde os anuncios últimos da modificación da Lei do solo, non sei se a publicidade trataba de tapar, señor Puy, a chapuza lexislativa que di todo o mundo que é a lei que houbo que corrixir antes de que entrara en vigor, e que agora están pedindo a gritos os concellos que hai que volvela modificar porque deixa as explotacións agrarias absolutamente abandonadas, e podemos seguir así ata o infinito.

Nós, no seu día, presentamos un proxecto de lei aquí para debater ao que vostedes dixeron que non, que non merecía a pena. Trouxo aquí o señor Miranda, que daquelas aínda estaba nesta casa, e ¡mi madriña querida!, só os invito a que recorran vostedes ao *Diario de Sesións*, que hai que ver o que dicía o señor Miranda. Claro que naquel momento tiña que facer méritos, como hoxe a señora Romero, porque había que entrar por onde hai que entrar: polo rego. O señor Miranda tiña que facerse perdoar algunha que outra faltiña naquel momento.

¿Pero nós que pediamos? Pois mire, que, por exemplo, na publicidade institucional utilizáramos o galego como vehículo fundamental. Vostedes dixeron que non. Principios de publicidade institucional: veracidade, transparencia, neutra-

lidade, interese público, legalidade, eficiencia, austeridade no gasto, lealdade institucional, igualdade e non discriminación respecto das persoas ou das súas actividades. A todo iso vostedes dixeron que non.

¿Que pediamos naquela lei que nós traíamos para debater aquí? Pois garantías, respecto. Por exemplo, vostedes sacaron a concurso os carteis o ano pasado para este ano telos xa ben colocados en determinadas cidades para poñer a publicidade –por chamarlle dalgunha maneira– institucional da Xunta de Galicia, porque este ano ía haber eleccións –non se sabía cando, pero ía habelas–, e sacaron un paquete para o 16 e o 17. E como iso, todo.

Polo tanto, miren, cando saian aquí a tratar de compararnos con outros, pois depende en que. O cartel publicitario da Cuba comunista, pois é iso, propaganda, propaganda dun réxime comunista, e o que fan vostedes aquí tratando de comprar medios de comunicación, que non están pasando polo seu mellor momento, para non dicir nada ou para incluso enganar, cualifíqueno vostedes como queiran.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Eu supoño, señora Soneira, que esa valla que vostede viu en Cuba lle recordaría moito ás vallas que colocaba o señor Zapatero sobre o Plan E. (*Aplausos.*) Supoño que vostede o asociaría directamente con iso.

Eu lamento a última frase que vostede acaba de pronunciar, porque vostede fala de comprar medios de comunicación. Eu non sei se iso é o que fai o Partido Socialista cando goberna. Eu o que digo é que aquí non hai medios de comunicación en venda no noso país, que é un país democrático. Se vostede pretende insinuar que a prensa no noso país está comprada, ¡alá vostede! Nós vivimos nun país democrático, distinto ao que vostede vive. (*Aplausos.*)

Mire, nós adicamos os recursos posibles a publicidade institucional, o que non facemos é publicidade institucional con

fotos do señor Abel Caballero en cada anuncio dos periódicos. Iso facíano vostedes. Nós, dende logo, non caemos niso. E cando vostede critica a publicidade do Plan Industria.0, o que debe saber é que esa publicidade é obrigada, porque son fondos europeos que obrigan a facerlle publicidade aos programas en cuestión. Polo tanto, non trate vostede de enganar a cidadanía.

Dicía o señor Ron que a publicidade institucional medra en ano electoral, e eu, señor Ron, teño que darlle a razón, aínda que agora non estea no hemiciclo. Ten razón, a publicidade institucional medra en ano electoral.

Mire, ano 2005, gobernaba o Partido Popular, 900.000 euros de publicidade institucional. Ano 2006, gobernaba o Bipartito, ese do que a vostedes non lles gusta que falemos, 2.200.000 euros. (*Murmurios.*) ¡Máis do dobre! Efectivamente, cando gobernan os partidos da esquerda, a publicidade institucional increméntase en anos electorais. Si señor. Ano 2008, gobernaban vostedes, 2.200.000 euros. Ano 2009, gobernaban vostedes, ano electoral, 2.500.000 euros. Mire, ano 2012, gobernabamos nós, 1.700.000 euros, un 40 % menos que con vostedes. (*Aplausos.*) Iso é o que nos diferencia a vostedes e a nós.

Señora Pontón, eu non son accionista de ningún medio de comunicación, eu non son accionista de ningún medio de comunicación, non sei se dende o Bloque Nacionalista Galego poden dicir o mesmo. Eu o que lle podo dicir é que en vigor está no noso país unha Lei estatal de publicidade e comunicacións institucional, polo que nós lle damos cumprimento íntegro a esa lei dende o primeiro momento, cousa que non poden dicir vostedes da Xunta bipartita.

Todas as campañas que desenvolve a actual Xunta de Galicia axústanse á normativa vixente, derivan dunha obriga e teñen como obxectivo servir as necesidades e intereses dos cidadáns.

Nos últimos sete anos, non atoparán ningunha campaña institucional destinada a salientar logros da xestión e á auto-compracencia do Goberno do Partido Popular. Iso si que ocorría en situacións anteriores.

Á hora de planificar unha campaña institucional, a Xunta de Galicia, cumprindo coa lexislación vixente, guíase en todo o

momento polos principios de eficacia, transparencia, austeridade e eficiencia. En canto ao rigor e á austeridade no gasto do actual Goberno, as cifras que veño de dar creo que son suficientemente ilustrativas.

Ademais, e co fin de acadar unha maior racionalización do gasto en publicidade institucional, a Xunta pasou de investir en razón de insercións publicitarias, número de anuncios, a facelo por impactos, é dicir, por número de persoas que reciben a mensaxe publicitaria un número determinado de veces. Deste xeito, mellorou sensiblemente a influencia das campañas, combinando a porcentaxe de cidadáns aos que chega esa campaña.

Nós implementamos un sistema progresivo de implantación do sistema de custo por mil en prensa e en radio. Nós publicamos en todos os diarios oficiais as campañas publicitarias das administracións públicas galegas, mediante transparencia das nosas campañas, coa publicación a través do DOG, do BOE, e do *Diario Oficial da Unión Europea*, cando é o caso.

Polo tanto, nós repartimos a publicidade institucional por razóns obxectivas e en atención a criterios obxectivos, como son os datos de audiencia, tanto en medios como xornais, radio, televisión, como tamén en medios dixitais.

En relación coa iniciativa que plantexa o Grupo Mixto, ten dous puntos.

O primeiro, promover un proxecto de lei que regule a publicidade institucional. Nós estamos de acordo. Este goberno ten esa aposta, ten ese compromiso e vai facelo.

E o segundo punto é outorgar equitativamente as subvencións aos medios polo uso do galego. Ese criterio xa está en vigor, polo tanto, nós non podemos aprobar un texto que pretende dicir que non se fai o que si se está facendo.

Dende logo, eu rexeito profundamente que se poña en cuestión a neutralidade dos medios de comunicación de Galicia, algo que tentou facer o Partido Socialista e que tentou facer o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. En Galicia non se compra ningún medio de comunicación porque ningún medio de comunicación se vende.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Quero agradecer ao Grupo de AGE, ao BNG e ao PSOE o seu apoio.

Eu creo que, señor Tellado, vostede sabe o que custa traballar e o que custa que saia adiante un xornal pequeno ou outro medio de comunicación que se dedique á información. Aquí, neste país, dende a chegada da era Feijóo, prometeron moito, mais non fixeron nada. O que me acaba de dicir é un pouco para quedar ben. Si que sei que hai unha publicidade obrigada nos xornais e noutros medios; normalmente debería de ser en todos os xornais que se publican en papel. Tamén isto se podería levar aos xornais dixitais, cousa que de momento creo que non se fai.

Por outro lado, si quería comentar que o propio Goberno non acabou de explicar as axudas que dá aos propios medios escritos en galego. Si que é certo que hai unha gran discriminación, e non o poden negar porque os datos e a historia están aí; non se pode borrar. Están en contra incluso do pensamento crítico, de que non haxa un monopolio de información e sobre todo de que non haxa representatividade social. E xa non digo estas subvencións que dan ás escolas; queren que os nenos e as nenas, evidentemente, pensen coma vostedes.

E despois outra cousa, unha gran oportunidade perdida. Co que está caendo no país, cos millóns que invisten en prensa —que lles vou dicir despois unha pequena cousa—, si que podían aproveitar a publicidade realmente para concienciar e facer unha boa campaña de comunicación sobre moitos problemas que temos, porque hai que sensibilizar a todas as galegas e os galegos; sobre todo, iso, creo que, bueno, van ter que cambiar o gabinete de comunicación.

E despois quería dicirlle —que o comentei así por riba— que dende as eleccións do ano pasado dos concellos si que hai uns fortes ingresos a certos medios, sobre todo porque parece ser que non tiveron os resultados agardados; e que agora, a comezos do 2016, parece ser que a Xunta amplía en máis de medio millón a axuda anual aos medios de comunicación e que repartiu 4 millóns entre os medios tradicionais nos primeiros tres meses deste ano. E, bueno, parece ser tamén que

están comprometidos 5 millóns en convenios de publicidade e propaganda, tanto nos que tiña outorgados como nos que vai dar ao longo do ano. Seguramente a campaña está sendo longa, non sabemos exactamente cando vai ser, temos sospeitas; entón, ata ese momento, van moverse bastantes miles de euros que pagamos todos do noso peto.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Pasamos a debater agora a seguinte proposición.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a liquidación pola Xunta de Galicia do concurso eólico e a implantación dunha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción baseado nas enerxías renovables con xeración distribuída e autoconsumo

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estamos nun parlamento no que a portavoz do Partido Popular pode dicir sen ningún tipo de probas que estamos financiados por Venezuela e, en cambio, nós somos chamados á atención, retíranos expresións, cando falamos de que o Partido Popular é o partido da fraude, (*Murmurios.*) cando realmente non sei se... (*Interrupcións.*) (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Está ben! Señor Puy, tranquilo. “*Pruébalo*”... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para dicir o de Venezuela... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...non fai falta probalo, ¿verdade?... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Puy... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Puy, silencio. Xa quedou esa expresión retirada.

E vostede á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, non. ¿Non hai chamadas á orde para aí?

O señor PRESIDENTE: Non, non.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿O señor Puy que actúa, de presidente do Parlamento de Galicia?

O señor PRESIDENTE: É o portavoz do Grupo Parlamentario Popular. (*Aplausos.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Porque antes foi el o que actuou de presidente do Parlamento mandando retirar cando a presidenta non sabía o que tiña que retirar.

O señor PRESIDENTE: Non. Bueno, á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Isto é un ridículo espantoso.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Puy...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...móllese, opte á Presidencia do Parlamento. Anímoo... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa que a secretario xeral non quixo, polo menos a presidente. (*Aplausos.*)

Pódese dicir sen ningún tipo de probas que somos financiados por Venezuela e, en cambio, a un partido, que ten ao señor Soria cos papeis de Panamá, ao señor Rato, ao señor Bárcenas, ao señor Lapuerta, ao señor Aznar e á señora Rita Barberá, non se lle pode chamar o partido da fraude nin o

partido da corrupción. (*Murmurios.*) Ben, moi democrático, si, señor. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E tampouco poderemos... (*O señor Fariñas Sobrino pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, ten moito que ver, señor Fariñas, grazas por dar-me pé ao seguinte argumento. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ten moito que ver. Tampouco lle poderemos chamar o partido das portas xiratorias, ¿verdade?, porque nos retirarán a expresión tamén.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Tampouco hai probas de que ningún ex ministro ou ex alto cargo do Partido Popular acabase traballando en Endesa, en Gas Natural ou en Iberdrola. Seguramente tamén foi polos seus méritos e polo seu coñecemento no sector enerxético. Evidentemente, o señor Aznar é un experto no sector enerxético.

E o señor Aznar tampouco ten ningún tipo de relación con Arabia Saudí, que é un país moi democrático, moito máis que Venezuela. Si, señor, Arabia Saudí si que é o modelo democrático que defende o Partido Popular. ¡Claro que si! Iso tampouco se poderá dicir neste Parlamento. Venezuela... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é o mal absoluto; Arabia Saudí vénnos moi ben. E o señor rei, don Juan Carlos, pode facer negocios millonarios en Arabia Saudí a costa de todos e aquí non pasa nada. Tampouco se pode dicir.

As portas xiratorias, claro, porque as portas xiratorias e os negocios das grandes empresas eléctricas tamén están detrás das decisións políticas que se toman. Porque podería optarse por que o sector enerxético servise para beneficiar a maioría, para ter uns prezos da electricidade competitivos, para incluso proporcionar emprego..., (*Interrupcións.*) incluso podería servir para que nestes anos de crise neste país se paliase o drama do desemprego e da emigración se se tomasen unhas decisións políticas que simplemente fosen tomadas dende a honestidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

É evidente que as decisións políticas do Partido Popular paralizaron en Galicia un sector que durante os anos da crise puido estar creando emprego e riqueza. E foron decisións políticas a varios niveis: primeiro, a chegada e a suspensión ilegal do concurso do anterior Goberno; decisión de suspensión ilegal por desviación de poder e decisión cualificada polo Tribunal Supremo como ilexítima. Iso causou que se empezase de novo cun novo concurso; concurso que tamén foi, mediante unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, retrotraído á fase de valoracións, o que supón meter o sector eólico nun labirinto xurídico que non ten saída, ¡non ten saída!

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia significa que hai que volver valorar todas as ofertas ao coeficiente K e, polo tanto, abre a porta tamén a recursos de todas as empresas adxudicatarias ou non, e aínda por riba está por ver que poida volver valorarse segundo os criterios relacionados no Decreto do eólico. Porque hai unha nova lexislación eléctrica e, polo tanto, non está permitido valorar os proxectos industriais asociados ao sector eólico. É un labirinto sen saída. Levamos dicindo que o modelo do concurso está morto; incluso sen esta sentenza estaba morto, é inviable, non se vai mover un megavatio co concurso eólico. Hai que abrir un novo tempo, hai que abrir unha nova normativa que permita que se faga a produción de xeito descentralizado, en mans da xente, en mans das pequenas empresas, en mans dos pequenos produtores, e que poida xurdir un modelo de produción eólica sen que teña que depender das primas. Iso existe e iso, paradoxalmente, neste país non se pode facer. Hai unha empresa á que se lle prohibiu facer instalacións eólicas de minieólica por non estar dentro do concurso.

Polo tanto, nós o que dicimos é que se lle dea carpetazo ao modelo do concurso eólico, que ten paralizado o sector, e que se traballe por un marco normativo que permita o desenvolvemento das enerxías eólicas. É evidente que tamén o modelo do concurso, nin un nin outro, nos parecía a nós o óptimo para este país. Neste país o 76 % dos megavattios que producían son de empresas de fóra, son de empresas estranxeiras. Nós cremos que a enerxía producida co vento en Galicia debe de levar os beneficios á súa xente e non a empresas estranxeiras.

Non hai vontade por parte do Partido Popular, que segue porfiando en alongar a mentira dicindo que o concurso

segue adiante. É mentira, modificouse a Lei 8/2009 hai ano e medio, prometendo que sería decisiva para que se reactivase a instalación de megavattios do concurso eólico. Cero megavattios, non se vai instalar ningún. Outra cousa son as autorizacións que non custan nada; pódese autorizar pero non se instala un megavattio, e iso estano dicindo incluso as propias empresas adxudicatarias. Polo tanto, porfiar neste modelo é simplemente alongar a mentira con dous motivos: o motivo electoral e o motivo de seguir tapando unha oportunidade para que a xente se descolgue das mans e das fauces de Gas Natural, de Iberdrola e de Endesa, que non queren por nada do mundo que se abra a democratización do sector enerxético porque sería, sobre todo en lugares como Galicia, unha fuxida masiva de clientes. E tampouco por non falar do que podería abrir de posibilidades para, por exemplo, as explotacións agrarias ou as comunidades do rural, como se está facendo xa en moitos países europeos, entre eles Cataluña, Portugal e Italia, onde están incluso pequenas empresas galegas investindo no sur de Italia porque aquí non poden. Ou en Dinamarca, Alemaña, etc.

O que queremos simplemente con esta iniciativa é iso, que se deixe a gran mentira do concurso eólico de Feijóo, que se abandone e que se traballe por un modelo viable e rendible para este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: O Grupo Mixto vai apoiar esta proposición non de lei xa que cremos que estamos perdendo, por culpa das políticas enerxéticas do Partido Popular, unha grande oportunidade de converter o noso país nunha gran potencia enerxética.

As directrices marcadas pola Unión Europea para o 2020 establecen a redución das emisións nun 20 % e un incremento do 20 % na produción de enerxías renovables e eficiencia enerxética. Tanto Galiza como o Estado teñen moi difícil cumprir cos ditos obxectivos se non cambia a política enerxética, igual que teñen moi difícil acabar coa corrupción se non cambia o Goberno do Partido Popular.

O problema enerxético está estreitamente relacionado coa corrupción e cos desafíos globais aos que o mundo se enfrenta; coa corrupción, porque mentres non se acabe coas portas xiratorias será imposible establecer unha política enerxética axeitada e que sexa favorable aos intereses da cidadanía; e cos desafíos globais, porque están relacionados cos avances en materia social, co dereito á enerxía, coa redución da pobreza, coa degradación medioambiental, co cambio climático, coa seguridade alimentaria e coa necesidade da industria de dispoñer de enerxía asequible.

O cambio climático e as políticas sobre enerxía están unidas de forma inevitable; dous terzos das emisións proveñen da enerxía que utilizamos. Pero parece que Galiza camiña en sentido contrario. O sector eólico galego foi quen máis aportou ao sistema eléctrico de 2006 a 2010, segundo os datos de Red Eléctrica. Pasado o tempo, o sector eólico galego estancouse, mentres Castela-León ou Andalucía experimentaron un crecemento sen precedentes. As navalladas do Goberno amigo de Madrid coa eliminación das primas ás renovables en 2012 non fixeron máis que aumentar a parálise do sector eólico en Galiza.

Pero malia o ministro Soria e a súa reforma para favorecer a estafa do déficit tarifario, existe unha enorme diferenza entre a evolución do sector eólico na Galiza e noutras comunidades. A diferenza vén marcada pola parálise do concurso eólico posto en marcha polo Goberno de Núñez Feijóo nada máis chegar á Xunta. O resultado foi que a actuación da Xunta, unida á do ministro Soria, paralizaron o sector eólico en Galiza. A Xunta xa contemplaba daquela o pagamento de danos e prexuízos polos gastos que ocasionou a anulación do concurso eólico ás empresas. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, como dicía o ponente de AGE, acaba de fallar a favor dunha reclamación da portuguesa EDP por 500.000 euros. É máis que posible que caian outras resolucións nese mesmo sentido porque hai máis firmas prexudicadas que se atopan en fases xudiciais previas. Ademais, o autoconsumo eléctrico segue a ser unha excepción. Dende o sector acúsase a grande eólica e as compañías eléctricas de frear un proceso que xa é común en Europa central, con menor potencia instalada por aparello que Galiza, pero máis xeradores e de máis propietarios. Granxas, industrias, complexos deportivos, hoteis, campos de golf soen dotarse dun xerador eólico de pequeno tamaño e de placas solares cos que se garante a subministración de autoconsumo con niveis superiores ao 70 %, mantendo unha conexión á rede eléctrica para submi-

nistrarse só de ser necesario e sen que necesariamente se conte con vías de evacuación.

A normativa actual non beneficia o avance das enerxías renovábeis, a pesar do seu potencial para paliar a alta dependencia dos combustibles fósiles, cada vez máis caros e con tendencia a esgotarse.

A innovación tecnolóxica das renovables fainas cada vez máis eficientes e competitivas, pero a carencia dun marco normativo adecuado condénaas a permanecer conxeladas.

Pero, ademais da enerxía eólica, podemos falar tamén da gran capacidade que ten Galiza en produción de enerxía solar. O atlas de radiación solar en Galiza identifica as Rías Baixas como a zona galega con maior potencial para o desenvolvemento da enerxía solar. O estudo identifica a costa de Pontevedra como unha das máis soleadas da Península; só ten un 20 % menos de radiación que as zonas máis soleadas do Estado. Ou da capacidade de xeotermia en Galiza, que se sitúa en 500.000 toneladas equivalentes de petróleo. Galiza conta con excelentes cualidades para a produción desta enerxía, sobre todo nas provincias de Ourense e Pontevedra.

Podemos falar tamén da biomasa producida grazas aos restos de actividades silvícolas; restos, non cultivos enerxéticos, e ademais desta forma tamén poderíamos levar adiante unha política de prevención de incendios efectiva que ademais xerese riqueza e produción enerxética.

En resumo, Galiza conta con vento, materia orgánica residual e subsolo que a poden converter nunha auténtica potencia enerxética e nun territorio mellorable para a produción de enerxía de autoconsumo. Só nos queda unha cousa para conseguilo: conseguir que non governe o Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Dende o Grupo Parlamentar do BNG imos apoiar esta iniciativa de Alternativa Galega de Esquerda. Entendemos que vai na liña do que levamos durante estes anos, ou xa durante estas dúas lexislaturas, denunciando, que é que o concurso eólico do señor Feijóo era un fracaso, que se vendeu como gran plan industrial para Galiza e que agora, seis anos despois, podemos ver as súas consecuencias.

Eu quería comezar cunha pequena reflexión, como fixo o señor Sánchez, sobre o que significa a enerxía. Eu a verdade é que entendín o que de verdade é a palabra “oligopolio” analizando o sector eléctrico, analizando como, por intereses absolutamente dunha conta de beneficios, se privatiza a enerxía e se busca o maior rendemento enerxético.

Eu creo que é case unha bendición que o señor Soria estea fóra. O dano que fixo ás renovables, o dano que fixo este ministro ao autoconsumo soamente poderá ser avaliado anos despois, igual que ocorre co sector eólico. Algo que debere-mos analizar é por que se elimina un concurso eólico baseado na participación pública, na participación e no rendemento para a Xunta de Galiza, para o Goberno galego e, polo tanto, para todos os galegos e galegas, desa participación pública, por un modelo baseado no canon e que, ademais, segundo así se recolle despois na propia lei do sector eléctrico, ese canon pode ser revertido na propia cidadanía. É dicir, iso neste momento está aí, e en calquera momento na factura da luz, por exemplo, Galiza, por ser produtora e excedentaria de enerxía, pode verse obrigada a que sexan as propias persoas, a cidadanía, quen teña que asumir ese pagamento no seu propio recibo da luz do canon eólico.

Pero, así todo, soamente un dato. Quero recordar que cando Feijóo chega ao Goberno eramos, de potencia instalada, os segundos do Estado, soamente superados por Castela-A Mancha. E neste momento descendemos de tal forma que somos superados por Castela-León, Castela-A Mancha e Andalucía. De cuartos, cun parón total no 2015, que foi un ano completamente daniño para o sector enerxético. De feito, a propia patronal fala deste ano como o único, o peor da historia, onde nin tan sequera soamente se instala un só megavatio.

Polo tanto, esta situación é de parálise do sector eólico, como acaban de explicar perfectamente, e xa ademais preguntamos en reiteradas ocasións ao Goberno, con toda unha

problemática de diferentes sentenzas contraditorias que levan a esa parálise, e ademais cunha parálise total no autoconsumo. É dicir, outra das cuestións que levamos debatido polo miúdo tanto no Pleno como na Comisión 6ª é o que significaría que a enerxía fora máis democrática; democratizar a enerxía, un concepto que parece excesivamente abstracto, pero que eu creo que se vai ir impoñendo. Realmente imos ir a un modelo que rompa con ese oligopolio, que rompa con esas portas xiratorias e que faga unha forma de instalación enerxética máis democrática e na que participe máis a cidadanía, dende as casas rurais –que se comentaba antes–, dende as propias explotacións agrarias, dende proxectos de autoconsumo diferentes para as vivendas..., é dicir, dende a distribución máis democrática, e non soamente dende a distribución baseada nas grandes empresas, senón cara a cooperativas de distribución enerxética. E todo iso o que fixo a lei do sector eléctrico do 2013 foi paralizalo, foi dificultalo, foi realmente intentar que a enerxía non sexa un ben de uso público, senón, como se define na propia lei, unha actividade económica prioritaria. Pois, contra esa actividade económica prioritaria, debemos ir cara a un modelo diferente de enerxía. A participación pública do modelo do Bipartito era un primeiro paso, seguramente cos seus erros, pero un primeiro paso. O que fixo Feijóo, por sectarismo político, foi derrogalo, instalar este novo concurso eólico que foi un gran fiasco.

Soamente quero recordar –e para non confundirme permítanme que llelo lea– que o que prometeron no seu momento foi 6.000 millóns de euros de investimento e 13.266 postos de traballo. O que hai é absolutamente nada. O gran fiasco do sector enerxético é o concurso eólico de Feijóo.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que esta tarde asistimos a unha sesión coa que eu creo que Ionesco e o seu teatro do absurdo non chegaría máis lonxe. Eu pídlle formalmente ao presidente do Parlamento e ao voceiro –que, neste momento, non está– do Partido Popular que, en caso de que retiren algunha expresi-

sión que eu diga na miña intervención, por favor, me digan cal é, porque, se non, me crean un conflito emocional interno que a verdade me custa traballo ás veces resistir. Entón, gustaríame que, cando se retire algunha expresión coa que consideran que os voceiros da oposición molestan o delicado oído do Partido Popular, polo menos se nos diga cal é para poder facer propósito de emenda e non volver repetila; aínda que só sexa para iso. (*Murmurios.*) (*O señor presidente dirixese ao señor Losada Alvarez: Por agora, ningunha.*) Polo de agora, ningunha; polo de agora está todo dentro da ortodoxia. (*Risos.*)

Ben, imos entón, agora si, á iniciativa de Alternativa Galega de Esquerda.

Eu creo, non teño así... Levo algúns anos aquí xa e nunca vin nada parecido. Que se retirara unha expresión sen que quen a retira fora capaz de repetir qué expresión retiraba, significa que volvemos ás fronteiras do coñecemento científico, como digo, de vez en cando. Exactamente así, foi exactamente así. Eu non sei, señora Oubiña, se vostede ten moita memoria retentiva, pero, dende logo, quen estaba exercendo a Presidencia nese momento non foi capaz de dicir o que retiraba, e parece que quen o sabía era o portavoz do Partido Popular, que se ve que llo dixo vía telefónica. A iso foi exactamente ao que asistimos neste pleno. Polo tanto, ¡home!, estaría ben un pouco..., (*Murmurios.*) cando menos, un pouquiño de dignidade; a xusta, non fai falta moita, pero algunha.

Ben, imos exactamente ao eólico, ás renovables, á caída do cabalo, camiño de Damasco, do señor Arias Cañete como comisario de Cambio Climático en Bruxelas, supoño que entre viaxe a Panamá e viaxe a Panamá –de viaxe de noivos, refrirome, ¡eh!–, (*Risos.*) e, desde logo, a defender de maneira absolutamente radical unha loita frontal contra o cambio climático e a favor dunha economía e dunha enerxía descarbonizada.

É unha pena que non leve con el a Panamá, ou de lúa de mel, como prefira, o primo do señor Rajoy, aquel que non era capaz de predicir cun mínimo acerto, no curto prazo, a evolución climatolóxica da cidade de Sevilla. Claro, non nolo cremos, francamente. Eu creo que seguimos no departamento de publicidade e propaganda do Partido Popular e, indubidablemente este Partido Popular, que nalgunhas cousas

mira moito para certos países gobernados tamén pola dereita en Europa, noutras non mira case nada. Eu pídolles que, por favor, xa que miran ou miraban ata onte, porque é verdade que onte o señor Margallo digamos que nos sorprendeu a todos cos seus “*cuatro pueblos*” que se pasaron na austeridade... Por certo, por favor, díganllo ao presidente da Xunta de Galicia, porque, se é verdade... (*Murmurios.*) –¿Sería posible, non? Grazas.– (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se é verdade...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Non... Imos ir...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu estou disposto a interaccionar, son unha persoa aberta... En fin, o que faga falta. (*Murmurios.*)

Ben, digo que se eran catro pueblos o 4,7 % de déficit do Goberno de España, gustaríame saber cantos pueblos é a tontería do déficit cero do señor Feijóo. Iso é o que vostedes, en vez de falar de non sei que, señoras portavoces, terían que contarnos. Se catro pueblos son o 4 %, o déficit cero, ¿cantos pueblos son? ¿Dígolle eu os pueblos que son? Son recortes en sanidade, en educación, en servizos sociais, en dependencia e en becas. (*Aplausos.*) Son exactamente eses pueblos. Eses pueblos que parece que lles molestan tanto a vostedes son os pueblos que o Goberno do señor Feijóo se pasou para poder ir ao Hotel Palace a dicir que é un xenio das finanzas públicas. (*Murmurios.*) Non lles gusta escoitalo, pero é exactamente así.

Efectivamente, imos apoiar esta iniciativa. Os resultados das eléctricas están aí. Hoxe mesmo publicáronse os de Endesa. Non están mal, un 10 % de incremento nos beneficios, tendo en conta que o IPC está practicamente a cero e que o produto interior bruto medrou un 3 %. Eu creo que non está mal. Entre outras cousas, as eléctricas españolas aumentarán un 25 % os dividendos ata 2017, Endesa aumentou este ano os dividendos un 5,3 %, Gas Natural-Fenosa, un 5,6 % e Iberdrola, un 4,6 %. O señor Sánchez Galán está un pouco máis austero, parece.

E, efectivamente, é este contexto de política enerxética, de beneficiar as grandes empresas de Unesa, o que leva, primeiro, a bloquear as renovables en España e a que dunha maneira vergoñenta o señor Feijóo, tan preocupado polo déficit cero, non fora quen de defender un sector punteiro

estratéxico para a economía de Galicia, tanto na produción enerxética como no tecido industrial, e a que, lamentablemente, como dicían os voceiros anteriores, aqueles 14.000 empregos e 6.000 millóns de euros estean literalmente volatilizados. E a proba de que están volatilizados é que o día 4 deste mes de maio o presidente de Fenosa, señor Salvador Gabarró, dixo que non se ía producir nova xeración enerxética en España, a pesar de que Fenosa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...ten adxudicados 294 megavatios eólicos en Galicia, autorizados. Son parte dos que conta o señor Conde, autorizados, pero que non se van construír polo menos ata o ano 2020.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, sigan vostedes cos seus pueblos, cos seus catro pueblos, cos recortes, co déficit cero, e, iso si...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...na última EPA o número de fogares nos que non hai ningún ingreso...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...é o maior da historia de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente, señorías, es cierto que las partes están relacionadas con el todo; todo está relacionado con el todo. Es decir, eso es cierto, lo que ocurre es que nosotros hoy debatíamos aquí una proposición no de ley que decía que una sentencia provisional en primera instancia iba a paralizar todo el concurso eólico, el actual; era el tema teóricamente. Eso, más un añadido de que, bueno, además hay que potenciar la industria solar. Más o menos dice esto. Esto era lo que decía, lo que leí. Sin embargo, cuando hemos llegado aquí, pues hemos empezado a hablar..., en fin, se ha

hablado de cosas que, la verdad..., la distribución, de tiempos, contenidos, etc.

Este mismo tema lo vimos en comisión, lo vimos en comisión previamente, muy específicamente un día. Entonces, este tema ¿en qué consiste exactamente? Como ustedes recordarán, una vez vino aquí y tratamos sistemáticamente todo el conjunto eólico. ¿Es legal o ilegal? El otro día hubo una sentencia del Tribunal Supremo diciendo que era legal; es decir, es legal, por mucho que volvamos a hablar no se puede negar esa evidencia. Es una sentencia firme ya, en última instancia, del Tribunal Supremo. Es legal.

Segundo, ¿por qué puede no ser legal? Y hubo una sentencia aquí de una empresa que dice... (*Murmurios.*) Yo, la verdad, es que estuve respetuoso, escuchando todo. No me ha gustado, me ha parecido incoherente, desprecio de tiempo, retóricamente deficiente, pero, en fin, lo he escuchado... (*Murmurios.*) Bueno, tengo mis preferencias, no todo igual; en fin, a uno le gustan unos más que otros, pero, bueno, a veces... ¡que le vamos a hacer! Son cosas personales que no tienen nada que ver con el tema.

Entonces, aquí la cuestión es: está todo parado, es... (*Proñúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Prosiga, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Está todo parado. ¿Se continúa o no se continúa? Yo la verdad es que tengo, por decirlo así, una cierta reluctancia –que es el término energético que se dice de las cosas energéticas– a volver a decir lo mismo que dice sistemáticamente el señor Conde: la cantidad de megavatios que se están tramitando, la cantidad de megavatios que se han instalado..., todo esto que se sabe. No toman nota, no saben, no están al corriente. O sea, ¿para que lo vamos a decir si total no tiene efectos racionales? No tiene efectos racionales. Y entonces ¿que se dice? Pues, miren ustedes, yo lo digo y lo vuelvo a repetir aquí: simplemente un recurso parcial sobre un proceso de tramitación de un recurso reglamentario no paraliza nada, está simplemente en visión judicial y no tiene alcance de totalidad.

Sobre lo demás, podemos empezar a hacer debates de opinión genérica; podemos empezar, por ejemplo, por la ener-

gía solar. Ya debatimos aquí otra vez que el que quiera, el que tenga una casa, puede poner instalaciones solares sin pagar nada. Lo que... (*A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.*)

Perdone...

O señor PRESIDENTE: Por favor, señora Adán.

O señor ARIAS VEIRA: Lo que no pueden hacer es conectarlo a la red y vender, porque es una cosa intermitente, etc.

El tema de los beneficios. Cuando se dan beneficios, señor Losada, hay que dar beneficios sobre capital invertido, no evolución del capital. Porque si usted está perdiendo o tiene un mal año, la cotización se le ha hundido, su empresa vale la mitad, por ejemplo... –Perdone, perdone, déjeme terminar.– Y entonces resulta que si usted dice: No, es que el año pasado estaba ganando uno y este año gano 1,8; oye, aumentó el beneficio el 80 %. Y dices: Con esto nos va bárbaro, correa de transmisión del capital, etc. Dices: Hagamos una reflexión de cuánto valía el IBEX antes de la crisis, de cuánto valía, cuando llega el PP, de cuánto vale ahora, de qué se debe a la recuperación genuina, de qué se debe a favores, etc. Seamos un poco más rigurosos todos, porque es verdad que con el Partido Socialista todo fue fantástico: ¡récord de creación de empleo, récord de todo, absolutamente de todo! ¿Por qué? Porque se estaba en una gigantesca burbuja.

Creo que tenemos que ser un poquito más precisos, señorías. Por mi parte, no entiendan ustedes... Yo tengo un dilema entre la precisión y la falta de educación. No me entiendan..., no puedo tocar otros temas, porque ¿para que vamos a discutir aquí otros temas sobre la etiquetación jurídica general o la política general, de lo que es un partido, de lo que no es otro partido, de no sé que y de no sé que más? Yo reitero la idea fundamental de nuestra posición: el concurso eólico es legal, como ha demostrado el Tribunal Supremo; ese proceso, la tramitación. Se están aprobando parques, hay muchos que están en funcionamiento y ya sin subvenciones.

Y, tercero, se están repotenciando muchos otros, como Cabo Vilán, pero ustedes ya lo saben, que estamos hablando tantas veces de esto. Si lo quieren ustedes admitir, bien. Yo res-

pecto su estrategia política y retórica y no lo voy a juzgar. No sé si les funcionará o no les funcionará, pero esto, en cualquier caso, por ese tipo de coherencia retórica personal de decir como son las cosas, que son verificables, en cualquier caso, yo creo que a la larga la estrategia política... Yo, que tengo la concepción de que el pueblo es bondadoso; es inteligente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARIAS VEIRA: ...pero también es bondadoso; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) es decir, aprecia las cosas. De alguna manera yo tengo una concepción ingenua, rousseauniana...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARIAS VEIRA: ...de alguna manera, de la Ilustración; estoy contaminado por la Ilustración.

Nada más y muchas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, la Ilustración. Decía en *Tirano Banderas*: “*La madre patria será muy grande, pero las muestras que aquí nos mandan son bien chingadas*”. (*Risos.*) Pois se vostede está contaminado, a Ilustración tamén se lle nota pouco, señor Arias. (*Risos.*) ¡Rigor, señor Arias; rigor!

¿Cantos megavatios se instalaron no concurso eólico aprobado coa maioría do Partido Popular, señor Arias? Cero. Con rigor lle digo: cero, señor Arias. Vostede non toma notas cando fala o señor Conde, ¿verdade?, porque non o di nunca, nin o señor Feijóo; non contestan a isto porque son cero. E, claro, que se instalen cero megavatios en Galicia non é que estea o sector paralizado, non, as aspas seguen virando cando fai vento; iso si, pero cando chegou o señor Feijóo ao Goberno Galicia era líder en instalación de megavatios e nos últimos dous anos —e vai ser o terceiro—, cero megavatios instalados en Galicia, non xa do concurso, senón cero megavatios en Galicia. Pero non se pode dicir que está paralizado porque iso é carecer de rigor.

E vostede acábame de citar unha sentenza do Tribunal Supremo dicindo que é legal o concurso. Iso non é certo, señor Arias; iso non é rigoroso, señor Arias. O que si que é certo é que hai unha sentenza do Tribunal Supremo que declara ilegal, por desviación de poder, a suspensión do concurso eólico anterior. Iso si que é certo, con rigor llo digo, señor Arias, ¿entende? E en vez de vir aquí vostede e argumentar, xa que está paralizado o sector, —e téñollo demostrado con argumentos, señor Arias; téñollo demostrado con argumentos—, vostede podía dicir qué é o que pensan facer para que iso deixe de estar paralizado.

Pero, evidentemente, vostede preferiu tamén a ilustración de non dicir nada, porque vostedes non teñen solución para isto porque non lles interesa e porque vostedes están defendendo outros intereses. Eu xa sempre dixen aquí que non os considero parvos a vostedes. Non é cuestión de ser máis ou menos intelixentes, é cuestión de que vostedes non queren; e vostedes non queren que haxa futuro para este país, prefiren traballar para Gas Natural, para Endesa, para Iberdrola e para o señor Soria tamén, que era un señor honrado en rigor, tamén, honrado, con ética intachable, *y que nunca dijo una mentira también*, igual que o señor Arias Cañete, o señor Rodrigo Rato, etc.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e tres deputados/as máis, sobre a modificación polo Goberno galego da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa incorporación do solo de núcleo rural

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Traemos esta iniciativa, que é ben sinxela e ben fácil, porque na normativa anterior, na antiga Lei do solo, na Louga, rexía unha disposición transitoria que era —creo recordar— a décimo primeira, que regulaba o réxime das instalacións desti-

nadas á actividade agropecuaria e que estaban situadas tanto en solo rústico como en núcleos rurais. Esta disposición transitoria garante que esas instalacións existentes con anterioridade a esa lei e situadas en núcleos rurais ou en solo rústico poderían manter a súa actividade tal e como viñan facendo, así como poderían acometer as obras de conservación e reforma, e incluso ampliacións de ata un 50 % do seu volume orixinal.

¿Que pretendía esta disposición transitoria? Fácil. Tiña unha filosofía clara, baseada, baixo o meu punto de vista, en tres conceptos básicos: ir cara a unha ordenación necesaria –que ninguén pon en dúbida– do noso rural, de tal xeito que o concepto de núcleo rural, o concepto –para os que non somos legalistas– de aldea, ou tradicionalmente de aldea, tivese un uso preminentemente residencial, cousa coa que tamén estamos de acordo e na que todos coincidimos nesa tendencia, pero sobre todo aportaba unha premisa para nós básica. Era obvio que, aínda que coincidamos nese uso residencial, esta disposición tiña claro e admitía algo que para nós, como dicía antes, é fundamental, que era o punto de partida e a realidade existente. Partía dunha realidade: que o rural de Galicia era bastante distinto do rural da Mancha e que, polo tanto, había que legislar de distinta maneira: o concepto tradicional de aldea como núcleo rural, onde conviviu durante séculos o uso residencial, pero que estaba fortemente entrelazado, fortemente mezclado, coas edificacións dedicadas ás actividades agrícolas e gandeiras. E esa mezcla e esa convivencia, con diferentes incidencias, veu pervivindo ao longo de moitos séculos e estaba aínda en plena vixencia –como cremos que segue estando vixente–.

E, dado que iso era así de claro, dábase tamén a última –para nós– das premisas básicas: que existía unha vocación de protección clara a esas explotacións existentes e que, polo tanto, o que non se pretendía ou non se podía coa entrada en vigor da nova lei, da nova filosofía –na que todos coincidimos–, era supoñerlles un prexuízo para elas, por iso naceu esa disposición transitoria. Efectivamente, incluso o propio CES a cualificaba, nas alegacións que fixo a esta nova lexislación, como unha disposición que aportara unha practicidade, e creo que a cualifica como pacificadora. Creo que, en definitiva, resultou útil.

Polo tanto, cústanos moitísimo entender, desde este grupo, cales poden ser os motivos para cambiar algo que viña fun-

cionando con total normalidade, que contribuíu, efectivamente, a pacificar e a facer convivir eses usos alí onde se viñan facendo, que deu, sen dúbida ningunha, protección a miles de explotacións sen ningún tipo de problemas e sen traumas e tamén conseguiu –porque non obstaculizou, ao estar falando só de explotacións existentes– progresivamente e de forma pacífica ir destinando os núcleos rurais ao uso puramente residencial.

Polo tanto, resúltanos incomprendible que na nova lei, a Lei 2/2016, o PP trasladase a antiga disposición décimo primeira, que agora vén ser a disposición cuarta da nova lei, pero excluindo esa disposición e esa transitoriedade, polo tanto, o núcleo rural, e, polo tanto, só amparando baixo esa transitoriedade as explotacións situadas en solo rústico. E repito que non logramos entendelo nin, por suposto, compartilo, ademais cando daba seguridade aos afectados tanto urbanisticamente como –o que non é menos importante e xa llo temos manifestado– en determinados aspectos, como era que levaba implícito o mantemento desa actividade tal e como xa se viña facendo, que para nós iso era fundamental.

¿Por que o Goberno se mete neste lío? Pois é a pregunta do millón, que, sen dúbida, atrancou nestes últimos meses, desde a aprobación da lei ata o día de hoxe, moitos expedientes incluso de ampliación para acollerse aos propios plans de mellora, e todos temos alcaldes e concellos onde hai expedientes atrancados por culpa, precisamente, da aprobación desta lei.

E agora este mesmo goberno intenta, mediante unha instrución –que aínda non se publicou, pero que parece ser que se vai publicar nos próximos días–, rectificar esa posición. ¡Co fácil que era tela deixado como estaba! Se o que queremos é rectificar, o máis fácil era tela deixado como estaba.

Mediante esa instrución, de forma chafallada e collido con moitas pinzas intenta dicir o que xa dicía clara e sencillamente a disposición transitoria. ¿Non sería, polo tanto, máis fácil e máis lóxico retomar a anterior redacción e deixalo como estaba, porque eu creo que estaba bastante máis claro e era bastante mellor? ¿Iso é así, ou non se quere rectificar? Porque a instrución vén dicir –e leo textualmente– que “que o solo do núcleo rural non se inclúa no ámbito de aplicación da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016 non pode

interpretarse, en modo ningún, como prohibición legal de que as explotacións e o solo de núcleo rural poidan manter a súa actividade”, e di que para iso se dita esta instrución. É dicir, está rectificando, tal e como nós dicíamos. Sería máis fácil poñer a redacción que existía, entendo eu. E di tamén na propia resolución que non ten por que ser así: “O motivo de establecer só o réxime transitorio para explotacións situadas en solo rústico...”. Polo tanto, este solo é o que constitúe o interese do obxecto autonómico e, en consecuencia, debe ser regulado de xeito global, mentres que a regulación de núcleo rural entra dentro das competencias propias de cada concello. Vale, non sei por que ten que ser iso así, pero, en todo caso, vale.

Pero dous párrafos máis abaixo di: A propia lei –a mesma lei que dixo antes que só podía regular o solo rústico porque o núcleo rural correspondía aos concellos–, no artigo 28.1 apartado E, prohibe as novas instalacións gandeiras en solos de núcleo rural. É dicir, ¿o solo de núcleo rural determinano os concellos ou non o determinan os concellos? ¿Para unhas cousas determinano os concellos e para outras non o determinan os concellos?

Busca unha argumentación, seguindo distintos vericuetos –é verdade que lle tivo que levar algún traballo ao que a redactou para arranxar o atrapallado que estaba todo–, para xustificar que, efectivamente, se desbloquea esta situación e, polo tanto, poidamos chegar a onde tiñamos que chegar desde o primeiro se deixáramos a redacción conforme estaba, que é o que non me queda claro. ¿Queremos que a situación siga como estaba, ou queremos cambiala? Non o ten claro nin a instrución.

Se a instrución serve –porque é o importante– para desatacar o problema inmediato que temos nestes meses, que temos moitos gandeiros e moitas explotacións cun plan de mellora atrancado por culpa desta lei, e esta instrución serve para desbloquear, ¡benvinda sexa! Agora, non é a solución. Polo tanto, nós seguimos persistindo en que hai que modificar a lei e volver á redacción que existía antes.

Poderá servir, efectivamente, para sacarnos do lio monumental durante estes dous, tres ou catro meses, para salvar esta pelota de partido, porque se non moitos alcaldes lles teñen que dicir que non lles pode dar licenza, pero, en todo caso, baixo o noso punto de vista, non soluciona o problema.

E é evidente que non soluciona o problema porque é moi difícil que a instrución diga algo de forma clara e sen ningún tipo de dúbida, e polo tanto con toda a seguridade xurídica que merece o asunto, algo que a lei non di. Polo tanto, claro, é a cuadratura do círculo á que o PP nos ten acostumados, e é verdade que aquí na iniciativa cadra sempre o círculo, pero despois, na realidade, non é así.

Polo tanto, creo que é hora –baixo o noso punto de vista, repito–, se a circular, a instrución, serve pra desbloquear este tema durante estes tres meses, benvinda sexa, ímoslles sacar un problema de encima a moitos concellos, a moitos alcaldes e, sobre todo, o máis importante, a moitos gandeiros que nestes momentos é o que lle facía falta, pero, en todo caso, hai que ir a unha modificación da lei. E esa eu creo que ten que ser a nosa posición clara, dicímolo así de claro. Nós apoiamos a modificación da lei que foi precisa para solucionar o problema de Citroën. Nós consideramos, como Grupo Parlamentario, que este problema e o sector agrogandeiro non é menos importante que Citroën. Polo tanto, nós consideramos igual de necesario modificar a lei se é necesario. E temos claro –e aos feitos nos remitimos– que é necesaria a modificación desa lei.

É verdade que é vergoñento, é verdade que é unha lei que houbo que modificar incluso antes de que entrara en vigor, é verdade que agora incluso o Estado ve inconstitucionais certos artigos, pero teremos que afrontar a realidade do problema.

E señores do Partido Popular, señores do Goberno, ¿por que lles pasa isto? Pásalles isto por querer facer, coma sempre, as cousas vostedes sos. Porque ser do PP –como sempre di aquí un dos voceiros do Grupo Popular– é ser do grupo maioritario desta Cámara, sen dúbida ningunha, pero non é ser nin infalible nin ter sempre a razón, non é, *per se*, ser máis listo que os demais. Polo tanto, se todo o mundo participase, se se dese participación e se oísen, posto que agora queren rectificar a súa posición inicial...

Eu o que quixera era que o portavoz do PP me dixera aquí claramente, porque, se non, deféndano. É dicir, ¿vostedes queren claramente que os concellos determinen o que ten que facer o núcleo rural e se pode haber explotacións ou non pode haber explotacións? ¿Querem ese modelo? ¿Si ou non? O que non poden facer é unha cousa e a contraria.

Baixo o noso punto de vista, a disposición transitoria estaba o suficientemente ben redactada para dar esa seguridade xurídica e sacarnos deste lío. Se vostedes se meteron neste lío, o que nos teñen é que explicar por que. E se queren saír del, non o fagan de forma atrapallada con esa instrución. Repito, benvinda sexa para estes dous meses, pero vaíamos a unha modificación clara da Lei do solo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Apoiaremos esta proposición non de lei do Partido Socialista, e creo que este apoio non necesita nin explicación, xa que resulta imprescindible para revitalizar, ou polo menos frear, a desertización do rural e favorecer o desenrolo da actividade agropecuaria.

O que dicía esta disposición transitoria, así resumida, é que as construcións e instalacións en solo rústico que estean destinadas a actividades vinculadas coa explotación e o apoio á actividade pecuaria de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, poderán manter a súa actividade. Estaba claro, estaba claro. Había unha decisión clara: poderán manter a súa actividade.

E no punto 2 di que nestas construcións poderán permitirse obras de conservación e reforma, así como ampliacións, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria forestal. ¿Por que se empeñan en eliminar algo que quedaba tan claramente establecido e que non tiña ningunha dúbida de cales eran os dereitos e os deberes de cada quen.

Esta iniciativa xa foi debatida en comisión, e a ela opúxose o Partido Popular, alegando que a Lei 2/2006, do solo de Galiza, non prohibe ditas instalacións, senón que as autorizacións dependen exclusivamente dos concellos. Pero o certo é que non é o mesmo non estar prohibido que estar autorizado e permitido. Son dúas cousas distintas. Poden situar as cuestións nunha alegalidade é nunha anormativa que non ten sentido, cando a normativa realmente estaba moi clara.

A actividade agropecuaria, ao igual que calquera outra actividade económica, necesita dunha regulación normativa que a ampare e lle dea a seguridade xurídica precisa para realizar investimentos. Efectivamente, coincido co Partido Socialista en que a redacción actual da Lei do solo non ofrece esa seguridade xurídica e prexudica gravemente as xa excesivamente castigadas explotacións agrogandeiras galegas. Agora a decisión dependerá dos concellos, que, por outra banda, se están a converter nun dos grandes problemas do rural galgo.

A revisión catastral que se desenrola en Galiza provocará un importante impacto nos bens inmobles do rural: granxas, galpóns, invernadoiros e naves pasarán a pagar IBI. Facenda identifica e valora os bens, e os concellos aplican os impostos correspondentes. Unha alianza da Administración contra o desenrolo rural; un castigo máis para o noso agro, unha penalización máis ao sector lácteo. Cortes, alpendres ou invernadoiros, que estaban exentos, terán que pagar a contribución.

A revisión dos catastros está sendo utilizada polos concellos para aumentar os seus ingresos, trasladando así os seus problemas de financiamento á poboación, con especial afectación das persoas máis vulnerables e das pequenas explotacións gandeiras. Trátase pois, de empezar a cambiar as políticas que castigan o noso agro, que xa está bastante castigado; que está nunha situación moi delicada, como temos visto no sector lácteo. Trátase de non poñer máis cargas financeiras, e trátase de apostar e darlle esa seguridade xurídica para que poidan facer os seus investimentos.

As noticias que hai, as noticias das vacas mortas de hai poucos días na prensa, revelan unha situación realmente alarmante, onde non se pode seguir tirando da manta. Hai que legislar para apoiar o desenrolo rural, e, dende logo, non é o que fai o Partido Popular. Non entendo esta oposición a deixar claramente establecido cales son os dereitos que hai e cal é o problema de que en solo rústico estean estas instalacións, porque é onde teñen que estar.

Polo tanto, sen máis, remato. Apoio esta iniciativa, pero entendo que o Partido Popular volverá fallarlles aos gandeiros e ás gandeiras; volverá fallarlle ao medio rural galego, votando en contra desta iniciativa.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: As cousas como son, esta é unha cuestión na que nós non presentamos a emenda durante o trámite da Lei do solo, polo tanto, en tal caso a nós tamén se nos colou isto porque interpretabamos que, tal e como estaba redactada, daba solución ás explotacións gandeiras. Tal e como está redactada a lei en vigor, o que di é que iso dependerá do planeamento de cada concello; polo tanto, a nós parecíanos que estaba suficientemente recollido.

É certo que, ante a iniciativa do Partido Socialista, xa dixemos na comisión que nós a apoiabamos porque cremos que dá máis garantías e porque empezamos a ver os pormenores de que, claro, hai moitos dos concellos que nin sequera teñen normas subsidiarias, outros que teñen normas, outros que están sen plan, polo tanto, aí si que podería haber casos concretos de explotacións que, estando en núcleo rural, non puideran acometer unha ampliación. Polo tanto, a iso hai que darlle solución, por iso apoiaremos esta iniciativa.

A nós tamén nos parece que a instrución da consellería non é a solución. E non é a solución porque non dá seguridade xurídica aos concellos. Polo tanto, quen teña que aprobar determinadas cuestións vai ter que interpretar a lei e non unha instrución, polo tanto, non é a solución. A solución é esta, porque cremos que si que están en xogo, aínda que sexa un número reducido de ampliacións ou de explotacións que poidan estar afectadas, e tal e como está o panorama, a nosa obriga é garantir que iso sexa así. Ademais, tendo en conta que non vai ser ningún problema de impacto paisaxístico, de impacto nos núcleos, porque desgraciadamente o que faltan son explotacións gandeiras e ampliación de explotacións gandeiras.

Polo tanto, simplemente dicir iso, non vou falar de máis cuestións. Agardemos que se lle dea unha solución; unha solución que hai que dar se estamos de acordo no fundamental, e que ten que ser unha solución normativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Pois eu vou empezar por facer dúas afirmacións. Unha, que imos votar favorablemente esta iniciativa. E segunda, que nós, o Bloque Nacionalista Galego, si que presentamos emenda a este punto concreto, efectivamente, non porque nós sexamos máis visionarios que o resto dos grupos, senón porque igual fomos os que mellor soubemos escoitar na Comisión non permanente que se constituíu neste Parlamento concretamente en xaneiro, febreiro e marzo de 2014, na que compareceron moitas persoas representando diferentes entidades e organizacións que teñen que ver tanto co urbanismo como coa planificación do territorio, como co desenvolvemento agrario e rural, o que nos tiñan que dicir a este respecto, o que tiñan que dicir a respecto da redacción inicial coa que chegou aquí aquel anteproxecto naquela altura. O Goberno non escoitou e, polo tanto, non modificou o proxecto de lei que remitiu definitivamente.

Efectivamente, agora hai unha situación derivada desa xordeira... Non sei se xordeira se pode dicir. Autismo, non, xordeira igual si, probamos. Parece que si. Hai unha situación derivada desa xordeira política que padece o Partido Popular, e estanse empezando a ver as consecuencias.

Efectivamente –como xa se dixo, non vou repetir moitos argumentos–, a instrución da consellería non resolve o problema porque, efectivamente, segue habendo unha norma de rango legal que non aclara adecuadamente a situación. E nese sentido teño que recordarlles unha afirmación que fixo nesa comisión unha enxeñeira agrícola con ampla experiencia no medio rural, fundamentalmente –segundo nos relatou– na montaña e nas zonas agrarias da provincia de Lugo, que nos pediu expresamente que fixésemos un esforzo lexislativo por establecer definicións concretas, para non deixar precisamente á discrecionalidade e ao albur da interpretación de técnicos nin de concellos, nin de ter que sacar a Xunta permanentemente instrucións aclaratorias en relación con esta cuestión.

Concretamente falaba das definicións de núcleos rurais, e concretamente falaba da discriminación que supón –fundamentalmente para a actividade agraria– que che toque a lote-

ría de que a túa explotación caia en núcleo rural ou que caia en solo rústico, e ese tipo de circunstancias.

Para concluír, eu teño que dicir que esta cuestión que estamos debatendo hoxe non é un debate unicamente sobre unha norma de carácter de ordenación do territorio ou urbanística. Do que estamos debatendo aquí, agora mesmo, é da funcionalidade ou a utilidade que o Partido Popular lle outorga ao medio rural, á agricultura e ao desenvolvemento rural. Porque nesta mesma Comisión tamén outra persoa –neste caso o representante dunha organización profesional agraria– dixo que, de non modificarse substancialmente algunhas das propostas que se establecían en relación cos núcleos rurais e coa actividade agraria e gandeira nos medios rurais, estábanse convertendo as aldeas nunha especie de parque temático ou simplemente nun sitio bonito para que vaian vivir os urbanitas, pero exento de actividade agraria e de actividade gandeira.

E así podemos ver como, por exemplo, no artigo 25 desta lei que se propón modificar na súa disposición transitoria, xa establece como que o uso fundamental dos núcleos rurais é o uso residencial; e que complementariamente poderá haber usos terciarios, produtivos, turísticos ou artesanais. Pero no artigo 26 prohibense expresamente novas instalacións destinadas a instalacións gandeiras, o cal desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego é unha auténtica aberración, porque, se non existe actividade produtiva no medio rural, dificilmente ten sentido mesmo a existencia de núcleos rurais e, desde logo, dificilmente poderán pervivir os núcleos rurais.

Eu encoméndolles a todos os deputados e deputadas –se permiten– que lean atentamente a comparecencia que fixo nesa Comisión que mencionei o representante do Colexio Oficial de Agrónomos de Galiza –creo que foi o 21 de xaneiro do ano 2014–, que é altamente ilustrativa do descoñecemento e do desleixo con que o Partido Popular trata o medio rural. Porque todo isto que hoxe estamos debatendo aquí, todos os problemas que se están producindo –incluídos os derivados das axudas para melloras de explotacións agrarias que se están detectando, etc.–...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...xa as vaticinaba este señor no ano 2014. Vostedes, coa súa maioría, non quixeron escoitalo, e daqueles polvos, estes lodos.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

É unha mágoa que non tiveramos máis tempo para debater sobre iso. Señora Paz, non lle podo rebater neste momento se presentaron ou non unha emenda á lei. Penso que non, porque creo que disto non se debateu. Se vostede o di, non lle quero levar a contraria *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)*, pero non me soa que se fala- ra deste tema. *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)*

Mire, acaba de dicir... *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, si, unha cousa son os debates e outra cousa son as emendas, por favor.

Mire, acaba de dicir vostede xusto o que eu quería. Que depende moito... O que dixo ese técnico que aparecera nesa Comisión, a lotería de que toque unha explotación agraria en núcleo rural ou en solo rústico. Precisamente, para evitar esa lotería, dependen do concello os núcleos nos que estime oportuno que as instalacións agrarias se poidan ampliar. Non só o 50 %, ¿por que o 50 %, se ao mellor queren ampliar o 100 %, o 200 % ou ata onde teña terreo? E iso vaino poder permitir nas ordenanzas de núcleo do concello, competencia do concello. En función do tipo de núcleo, porque non todos os núcleos nin todas as aldeas, señor García, son iguais; non todas. Polo tanto, é unha ordenación de núcleo.

É unha pena que non estivera. Non sei se atendeu ou non, ou estivo –non o sei–, na Comisión onde compareceu a secretaria xeral de Urbanismo por unha petición que facía unhas preguntas que presentaba o seu compañeiro, o portavoz de urbanismo, e que o explicou clariño e meridiano. E a circular, por certo, publicada onte no *Diario Oficial de Galicia*, vén referendar o mesmo, por se alguén non o tiña claro.

Aquí hai só dúas posibilidades. Unha explotación agraria, ou está en núcleo rural ou está en solo rústico. Teña o concello a normativa que teña. Incluso se non ten plan xeral nin ningún tipo de normativa. Falábase aquí, señor Sánchez. Se non

hai ningunha normativa, iso é solo rústico. Polo tanto, queda como estaba na lei anterior: pode ampliar o 50 % sen ningún tipo de problema. E incluso se o permite, porque non estea en sistemas de protección especial, pode ampliar o que estea oportuno.

Se está dentro do núcleo, en primeiro lugar, vostedes poñen na súa iniciativa que están fóra de ordenación. ¡En ningún lado! Se unha das cousas que esta lei elimina, precisamente, son os fóra de ordenación. Non queda fóra de ordenación ningunha actividade existente, ¡ningunha! Non se prohíbe ningunha das que están neste momento funcionando; prohibense –igual que prohibía a lei anterior– novas. Novas, non son ampliacións; unha cousa é unha ampliación e outra cousa é unha nova explotación. E dentro das explotacións novas, si se permiten as pequenas explotacións de tipo artesanal, que non se permitían antes –nos núcleos estamos falando–, e tamén as explotacións de autoconsumo, que esas si se permitían xa na Louga, na lei anterior. Polo tanto, non hai modificación nese sentido.

A única modificación que hai é a competencia, que se pasa ao concello, de decidir en que núcleos se van ou non permitir ampliacións, e en que grao se van permitir esas ampliacións, ¡nada máis! Se non hai normativa, porque se di aquí, ¿é naqueles concellos onde non hai normativa ou normas subsidiarias desfasadas? Se non hai normativa e non existe planeamento, é solo rústico, a menos que haxa algunha delimitación de núcleo; porque se hai delimitacións individuais de núcleos, hai unha normativa e unha ordenanza que os regula. E esa normativa e esa ordenanza que regula eses núcleos delimitados –ás veces soltos–, en municipios ou concellos pequenos que non teñen plans nin teñen nada, esa ordenanza é a que regula, e ten que regular e dicir se vai permitir a ampliación desas actividades ou non; está na man do concello. Polo tanto, non limitamos competencias aos concellos senón que se lles dan competencias aos concellos, que é moi diferente.

Dánselles competencias, ¿por que?, porque entendemos que en núcleo rural, igual que no solo urbano –teñen unha consideración similar– debe de ser o concello o que debe de ordenar eses núcleos. Pero non se prohíbe, non quedan fóra de ordenación. ¡Nada de nada! ¡Nada diso, todo o contrario! É máis, hai máis facilidades. Antes exixíanse 5.000 metros para ter unha actividade e unha explotación agraria, e agora 2.000. Niso si que houbo emendas, para dicir que seguían

os 5.000 metros. Niso si que houbo emendas; entre elas, do Partido Socialista e dos outros grupos.

E as distancias das explotacións agrarias, incluso das novas, ás vivendas, ou das instalacións aos núcleos de poboación, reducíronse á metade; tanto das instalacións con superficie propia como das que non teñen superficie. ¿Como se chamaban? Non me sae agora o nome,, Esas instalacións, as que non teñen soporte territorial, pasan de 1.000 a 500 metros as distancias; e as que teñen soporte territorial, base territorial, pasan de 200 a 100, excluindo a propia vivenda. Antes tiña que estar a 200 metros incluso da súa propia vivenda, e iso cambíouse.

E a instrución ao que vén –ademais foi en colaboración co Colexio de Secretarios– é a aclarar dúbidas que especialmente algúns colectivos e algúns partidos se empeñaron en dicir. Igual que pasaba na Lei de augas, que dicían que nos pozos –¿acórdanse?– había que poñer contadores. ¿Acórdanse diso? (*Murmurios.*) ¿Algún coñece algún pozo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...dalgunha aldea que teña contadores? Isto é o mesmo. O único que deberían facer neste momento –deberíamos estar todos– é informando os concellos de que nalgúns casos posiblemente teñan que facer unha modificación das ordenanzas. Aí si, da ordenanza que regula o núcleo, porque ao mellor o prohíbe. Entón, aí debe facer esa modificación para establecer o grao de ampliación que se debe facer. E a instrución ao que vén é a aclarar –por se había dúbidas, que estaba claro desde o primeiro momento– esta situación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: O que non se prohíbe, señora Martínez...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...permítese. Polo menos a min ensináronme que nun país democrático, o que non está prohibido, está permitido. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor Castiñeira, xa lle dicía que aquí cadra todo. Como me din moitas veces na miña aldea: mira, rapaz, é que isto non che é o Parlamento. Aquí cádranos todo, señor Castiñeira. O problema é clarísimo, e eu creo que o liou vostede bastante. ¿Esta instrución quere dicir que todo segue como estaba? ¿Non? ¿Quere dicir iso si ou non? Vostede quere volver á situación de antes, ¿si ou non? ¿Quere que aquelas explotacións que estaban nas aldeas poidan seguir mantendo a súa actividade tal como viñan facendo, poidan aumentar ata un 50 % e poidan facer obras de mellora? ¿Quere vostede volver a aquela situación?, ¿si ou non?

¿E se a outra redacción o deixaba clarísimo e temos que facer toda esta chafallada...! Para a outra non fixo falta resolución, non fixo falta instrución. Entón, creo que era máis sinxelo volver á outra instrución. Polo tanto, se queremos volver á situación que tiñamos, teremos que modificar a lei. Porque, por moita chafallada que se faga —e digo chafallada e busqueino, porque é un significado moi axeitado, búsqeio despois—, se queremos volver a aquilo, non fai falta toda esta chafallada toda. E se esta chafallada toda non vale, entón estamos enganando os alcaldes que agora lles estamos dicindo e vostedes estanos chamando: tira para adiante, que con esta resolución o podes facer, e estámos metendo nun lío. E estamos metendo nun lío a quen está facendo as inversións e a quen vai facer ampliacións. Se cadra, o veciño mañá o denuncia e non podía facela. Polo tanto, o que lles pido é que sexan claros, e creo que non o están sendo.

Claro que todas as aldeas non son iguais. Partindo da base de que eu non coincido con vostede, nós non podemos trasladar iso —e a outra lei tiña moi claro—, que as explotacións agrarias eran algo prioritario, era algo que existía nas aldeas. Non estamos falando de circos, non estamos falando dunha cousa rara, estamos falando de explotacións agrarias que existían en todas as aldeas —ou en moitas aldeas—, e alí onde existían tiñan que poder seguir permanecendo, fose quen fose o concello e dixese o que dixese o concello.

Eu non quero deixar iso a ningún alcalde, que se ten alí cinco votos, e se cadra hai unha granxa e só vota un, e os cinco queren que peche a granxa, aquel núcleo non poida ter granxas. Eu non quero iso. ¿Vostede quere iso, señor Castiñeira? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, esa é unha situación clarísima, vémosla todos os días —non sei nas súas aldeas, nas miñas—. Pero, claro, alí non lle é o Parlamento. No Parlamento cadramos o círculo perfectamente, cadrámolo todo. E a circular di unha cousa e a contraria. Vostede empezou dicindo que a lei non variaba nada, pero que a circular clarificaba a lei. ¿En que quedamos, se a propia lei lle quita competencias? ¿De onde sae iso de que lles dá competencias aos concellos? Darallas para determinadas cousas. A propia lei prohibelles, por exemplo, que se constrúan novas, cousa coa que estou de acordo, cousa coa que coincido. Pero se a propia lei...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...prohibe que se constrúan novas, a propia lei pode permitir que as que existan sigan existindo, ¿ou non? ¿Por que lles ten que dar esa competencia aos concellos? Non hai ningunha razón.

Mire, señor Castiñeira, meteron a pata ata o fondo, sáquena canto antes. O problema non é que teña razón. Se quere vostede dicir que a culpa foi do Partido Socialista, eu bótome a culpa, e a culpa de que isto saíra así foi do Partido Socialista, pero solucióneno.

E repítolle, se o de Citroën é importante —e este grupo apoiou que se modificase a lei—, para nós isto é igual de importante...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...e imos ser igual ou máis belixerantes. Para vostede non, e terá que llelo explicar aos alcaldes alí.

Están metendo nun lío a todos os alcaldes con esta trapallada...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...e a moitos —oxalá que sexan os mínimos posibles— solicitantes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Rectifiquen canto antes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Pasamos á seguinte proposición non de lei. Xa está entendido.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre a defensa pola Xunta de Galicia diante das autoridades estatais e comunitarias da revisión do actual sistema de repartición de cotas pesqueiras e a xestión dos recursos no marco da política agraria común, co fin de resolver a situación xerada pola aplicación do principio de estabilidade relativa

O señor PRESIDENTE: Presentaron todos os grupos emendas á súa proposición non de lei.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei (doc. núm. 49433).

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Comparecer diante do Parlamento Galego para dar conta da Política Pesqueira realizada diante da Unión Europea e as autoridades comunitarias nos últimos sete anos.*
- 2. Demandar das autoridades comunitarias a derogación do principio de Estabilidade Relativa.*
- 3. Reprobar a política pesqueira levada a cabo polo Goberno do estado español, que ten abandonado aos mariñeiros e ás empresas galegas da pesca, ao defender os intereses alleos ao sector galego.*
- 4. Apoiar todas as iniciativas dos sectores públicos e privados, que están iniciados nos tribunais fronte as Políticas Pesqueiras Comunitarias.”*

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Ramón Val Alonso, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 49433).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Denuncie ante os tribunais o actual modelo de reparto de posibilidades de pesca da Unión Europea, e o denominado principio de estabilidade relativa.

2º) Se sume ao recurso de anulación do Regulamento da UE presentado pola asociación de armadores de pesca de Galicia (Acerga) perante os tribunais europeos.

3º) Implemente as accións políticas necesarias diante da UE para impulsar un novo mecanismo de xestión que resolva as condicións xeradas polo principio de estabilidade relativa, e que permita á nosa flota contar con maiores posibilidades de pesca.

4º) Se dirixa ao Goberno central e lle solicite a retirada do actual Plan de xestión do caladoiro Cantábrico noroeste, e a redacción dun novo con criterios de reparto xustos e non discriminatorios.”

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida- Anova), por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso e a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 49433).

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar diante da UE a reforma do actual sistema de cotas pesquei-

ras e xestión de recursos resultantes da política pesqueira común, co obxectivo de superar o principio de estabilidade relativa a incrementar as posibilidades pesqueiras da pesca tradicional non industrial establecendo este segmento como prioritario no establecemento das mesmas.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Daniel Rodas Chapela, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 49433).

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a :

1.- Presentar Recurso, perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, pola discriminación da que é obxecto a flota pesqueira galega no acceso aos recursos pesqueiros, e en concreto, na aplicación de cotas e topes autorizados de captura derivados dun mal chamado Principio Estabilidade Relativa que cumpre derrogar.

2.- Rexeitar o actual modelo de reparto estatal por non protexer a pesca artesanal e os criterios socioeconómicos das comunidades costeiras impondo un reparto individual que concentra nunhas poucas embarcacións os dereitos de pesca, provocando o abandono da actividade da outra maioritaria parte das embarcacións e imponéndose pasenamente os criterios de pesca especulativa.

3.- Subscribir o recurso interposta pola Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (Acerga) ante o Tribunal Xeral da Unión Europea (UE) de Luxemburgo pedindo a anulación do regulamento de Totais Admisibles de Capturas (TAC's) de 2016 como xesto de unidade co sector.

4.- Presentar recurso contra a Orden AAA/2534/2015, de 17 de novembro, pola que se establece un Plan de xestión para os buques dos censos do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste que perpetúa un reparto por provincias e embarcacións individuais baseado maioritariamente en supostos criterios de capturas históricas e non en función de criterios socioeconómicos que penaliza a pesca artesanal e onde incluso son sometidas a cotas as capturas accidentais.

5.- Demandar diante do Estado a creación de unidades de xestión nas augas do Cantábrico-noroeste para determinadas poboacións como a xarda, o xurelo o lirio, etc que permita unha xestión propia, directa e desvinculada dos macrostocks establecidos pola Comisión europea

6.- As cotas correspondentes a Galiza repartilas en función de criterios socioeconómicos pactados co sector e non aplicando o actual modelo individual que concentra nunhas poucas embarcacións o dereito a poder pescar mentres a maioría carecen dun dereito mínimo que lle permita unha actividade digna.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, creo que todos coincidiremos en que un dos principais retos do sector pesqueiro galego está en acadar maiores posibilidades de pesca para os nosos profesionais, baixo o común convencemento de que as cotas de pesca asignadas a Galicia, asignadas a España en xeral, son reducidas e deberían ser máis elevadas. E digo isto porque, de nada serve garantir que Europa teña a pesca máis sostible do mundo, se non quedan barcos que poidan exercer a actividade. Por iso con esta iniciativa queremos manter vivo o debate sobre un cambio no modelo europeo de reparto, sobre a base da existencia de cotas de pesca sobrantes; e repito, sobre a base da existencia de cotas de pesca sobrantes por algún país. E de frotas, como é o caso da frota galega, que necesita máis cotas para facer o mellor que sabemos, que é seguir pescando. E neste obxectivo vén traballando o Goberno e vén traballando o Grupo Popular, como intentarei explicar.

Desde o Grupo Popular, buscamos acadar o apoio do conxunto das forzas políticas desta Cámara, é dicir, do Parlamento de Galicia, para pedir, a través do Goberno central e autonómico, que a Unión Europea modifique o actual sistema de reparto de cotas de pesca.

O modelo vixente, señorías, debe ser substituído —está demostrada a súa ineficacia— por un novo mecanismo que permita as posibilidades de pesca sobrantes —repito, as posibilidades de pesca sobrantes— que non son aproveitadas na

súa totalidade por algúns países; que poidan cederse ou traspasarse –repito, que poidan cederse ou traspasarse– esas cotas de pesca sobrantas dalgúns países a frotas como a galega, que si as precisan para continuar coa súa actividade.

Señorías, un recente estudo da Cooperativa de armadores de Vigo, co apoio da Xunta de Galicia, analizaba distintos aspectos da incidencia que para a frota galega ten a repartición de posibilidades de pesca hoxe vixente en Europa.

Tras estudar as vinte principais especies que teñen taxa e cotas durante o período 2008-2014, a súa conclusión era clarísima. Nesta etapa non foron utilizadas máis dun millón de toneladas –¡máis dun millón de toneladas!– de cota asignada a estados membros da Unión Europea, cun valor económico estimado que supera os 1.800 millóns de euros. Por iso está claro que o modelo actual está claramente fracasado, perdendo oportunidades de pesca para a nosa frota, para os nosos mariñeiros e tamén, ¡como non!, para os nosos armadores.

Estes datos reforzan a necesidade dun cambio; reforzan o noso empeño por acadar un modelo máis xusto, ecuánime e competitivo, pero, sobre todo, que permita un aproveitamento moito máis eficaz, moito máis rendible, do noso mar. Por iso queremos poñer fin ao feito de que todos os anos haxa cotas de pesca sobrantas –e repito o de sobrantas– que non se utilizan, mentres hai países, como o noso, que si as poderían aproveitar.

O Grupo Popular, e os produtores pesqueiros tamén, coincidimos en que agora hai unha nova oportunidade para acadar este cambio; unha nova vía que ten que ver coa nova filosofía que aplica a Unión Europea á hora de xustificar a prohibición dos descartes. De feito existe unha evidente contradición. Por unha banda, Europa estanos dicindo que as capturas deben de ser aproveitadas na súa totalidade, ata o punto de que nos prohibe que devolvamos ao mar as capturas accidentais de especies sobre as que non temos cota; prohibe neste caso os descartes. E, por outro lado, vemos como hai países que non aproveitan todas as súas posibilidades de pesca.

¿Que busca esta iniciativa? ¿Que busca o Grupo Popular? O Grupo Popular busca articular un sistema que poña fin a este desequilibrio en favor da nosa pesca; un mecanismo median-

te o cal poida permitirse repartir as cotas de pesca sobrantas entre aquelas frotas e países que xa esgotaron as súas cotas e que agora necesitan cotas adicionais para poder seguir pescando. Dalgún xeito, estaríamos poñendo fin a este principio tan inxusto denominado “estabilidade relativa”, a ese modelo de reparto que impón Europa, que obrigou a unha parte substancial da nosa frota a asumir enormes sacrificios, peches e perdas.

Desde o Partido Popular e desde a Xunta intentouse en moitas ocasións modificar o sistema europeo de reparto de cotas de pesca, tanto con iniciativas políticas como con iniciativas xudiciais, pero ambas vías nunca deron o resultado pretendido. A vía política non avanzou, porque cambiar o sistema exige da unanimidade dos países membros, e os países que saen favorecidos no reparto opóñense a calquera cambio. A segunda, a vía xudicial, tampouco avanzou, porque o Tribunal de Estrasburgo sempre rexeitou os distintos recursos que se presentaron con distintos argumentos. Así, repetiuse nos recursos presentados en 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001 e 2003. Ben é certo que nestes últimos anos fixemos o imposible para incrementar as cotas dentro do corsé que permite Europa.

Desde que o Partido Popular está presente nas mesas de negociación dos tax e cotas en Bruxelas, con responsabilidade do goberno en Madrid ou coa conselleira do Mar presente na delegación negociadora, as posibilidades de pesca da nosa frota incrementáronse en máis dun 13 %; son 194.266 toneladas adicionais entre os anos 2012 e 2014. Mentres que co Partido Socialista acontecía todo o contrario; durante os anos 2005 a 2012 as cotas reducíronse en máis do 44 %. Con todo, estas cotas seguen a ser insuficientes, probablemente porque partimos dun problema de orixe que parte incluso da data na que se negociaron as condicións de entrada de España na Unión Europea.

Os que daquela negociaron, que non foi o Partido Popular, aceptaron unha clave de reparto fixa, invariable desde 1983, e profundamente desequilibrada. Mentres España representaba naquel momento en torno ao 24 % do total da frota pesqueira europea, só posúe entre o 7 % e o 8 % das súas cotas; é dicir, só lle pertencen entre o 7 % e o 8 % do total europeo de posibilidades de pesca. Desde o Grupo Popular, e cónstame que desde o Goberno de Galicia, nin queremos nin podemos nin debemos darnos por vencidos. Queremos que os

profesionais do mar poidan traballar dun xeito sustentable, polo tanto, respectando a situación biolóxica dos recursos; pero tamén garantindo que poidan facelo dun xeito compatible co mantemento da actividade da frota, e moi especialmente tamén co mantemento dos traballos. En definitiva, señorías, queremos seguir facendo do mar un medio de oportunidades profesionais de emprego e de futuro. E con ese obxecto traemos esta iniciativa, que agardamos poida sumar o voto favorable dos partidos da oposición.

E xa lles adianto que eu xa sei por onde van vir vostedes no debate porque xa vin as emendas. Nós falamos de cotas sobrantes doutros países. Non estamos a falar para nada das cotas que ten España, senón de cotas sobrantes doutros países, porque o outro sistema xa o intentamos moitas veces e non nos deu resultado. Imos intentar unha forma nova para poder acadar máis cota e para que os nosos barcos poidan seguir pescando cando acaban a cota.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

O sector pesqueiro galego rexeita as continuas rebaixas nas cotas e totais admisibles de capturas que aproba Bruxelas cada ano, polo que pide a eliminación ou modificación do coñecido como principio de estabilidade relativa, ou tratado polo que a Unión Europea asigna a cada un dos estados membros unha porcentaxe fixa do TAC determinado para cada unha das especies. Ese tratado entrou en vigor en 1983, ano no que todos os estados repartiron as cotas de acordo cos dereitos históricos, e tiña unha duración estimada de 25 anos, que se cumpriron no ano 2011.

O Estado español, que se adheriu á Comunidade Europea tres anos máis tarde, tivo que conformarse cun 4 % das toneladas distribuídas entre os países, un feito que provocou que as cotas de pesca coas que conta agora a frota galega sexan moi inferiores á súa capacidade pesqueira. O sector pesqueiro do Estado español estivo condicionado sempre polas desigualdades que creou esta norma, que non debería estar vixente dende hai anos.

A frota pesqueira oponse a este sistema, pois non é xusto que un país como Dinamarca, cuxa capacidade pesqueira é moito menor que a do Estado español, obteña o 41 % das cotas, mentres ao Estado español só lle corresponde o 6 %. Se un estado membro non está conforme coa normativa da Unión Europea, a única vía que lle queda para tentar modificar o principio de estabilidade relativa é a xudicial.

A Xunta debe defender os intereses da frota galega ante os retos que debe afrontar o sector na aplicación da nova política pesqueira común: o rendemento máximo sustentable, a cantidade óptima que pode extraerse dunha poboación de peixes ano tras ano sen pór en perigo a súa capacidade de rexeneración futura; a obriga de desembarque de todas as capturas que deban conservarse a bordo e a rexionalización. O consumo anual de peixe por persoa no Estado baixou aproximadamente en 10 quilos en só un ano; é outra das preocupacións do sector. E para rematala está o problema da identificación da orixe dos produtos nas conservas, que favorece a utilización de peixe e marisco foráneo. En ningún destes campos atopou nunca a oposición apoio do Partido Popular para avanzar no remate destas discriminacións e para promover medidas que favorezan os intereses da frota pesqueira galega.

Señor Balseiro, o principio de estabilidade relativa leva aí dende que vostedes son partido, foron goberno e son goberno, sen que fixeran absolutamente nada, como están a facer agora mesmo, ademais de propaganda, publicidade e máis propaganda. Contra o principio de estabilidade relativa teñen estado outras forzas e se teñen presentado iniciativas nesta Cámara para a súa abolición ou cambio, mais vostedes votaron sempre en contra. Tamén vostedes votaron hai pouco tempo a prol de acabar coa frota do arrastre en Galicia, en contra dos intereses pesqueiros galegos.

O Partido Popular, con esta proposición non de lei, pretende outra vez volver enganar os mariñeiros do noso país facendo que fan, pero sen dar ningunha solución ao seu futuro. O Partido Popular ten que estar encantado de coñecerse a si mesmo. A vostedes é que só lles falta, non sei, poñerse unha coroa, porque transforman todo o que non fan nunha auténtica campaña publicitaria.

Queremos que nos dean conta da súa política pesqueira; queremos que compareza a conselleira para falar de cal é a súa

alternativa e que é o que van facer; queremos que esta Cámara reprobe a política pesqueira do Goberno do Estado, que deo lugar á desfeita que hoxe padece a nosa frota; queremos que se apoie a todos aqueles mariñeiros que recorren aos tribunais contra a política pesqueira da Unión Europea. En fin, señor Balseiro, outra vez propaganda, outra vez botafumeiro. Van acabar vostedes afumados como chourizos.

Admitan a emenda presentada, que máis ou menos contempla o que vostedes pretenden, pero que vai un pouco máis alá; e, de non admitila, dende logo, non está na súa mente mellorar a situación da frota, senón simplemente que os demais entremos a bailarlles as súas augas nesta cerimonia de gran ego do Partido Popular.

Pedimos na nosa emenda cousas tan simples e lóxicas como que se compareza ante o Parlamento para dar conta da política realizada ante a Unión Europea; demandar das autoridades comunitarias a derogación do principio de estabilidade relativa; reprobar a política pesqueira levada a cabo polo Goberno do Estado, que ten abandonados os mariñeiros e as empresas galegas de pesca ao defender os intereses alleos ao sector galego; e apoiar todas as iniciativas de sectores públicos e privados que están iniciados nos tribunais fronte ás políticas pesqueiras comunitarias.

Esperemos que o señor Balseiro, xa que todos os grupos presentaron emendas, acepte algunha e poidamos aprobar unhas medidas que realmente lle dean apoio á frota galega.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, nos últimos meses asistimos a un goteo continuo de iniciativas que teñen que ver coa campaña de publicidade do propio señor Balseiro. No último pleno asistimos a unha iniciativa que tiña que ver cunha rolda de prensa que se daba en Ribeira para falar da pesca e hoxe asistimos pois a unha iniciativa que ten que ver coa rolda de prensa que se dá en Marín para defender un suposto interese do Partido Popular por modificar as condicións de pesca dos nosos pescadores ante a Unión Europea,

unha Unión Europea onde, por certo, o Partido Popular nunca fixo nada por mudar esta realidade.

Pero cando se le a iniciativa, un atópase cunha cuestión curiosa, que me gustaría que contestase o señor Balseiro, se é capaz –en todo caso, se lle vén no guión a contestación–, porque a iniciativa di que queren impulsar un novo mecanismo de xestión para resolver a contradición provocada polo principio de estabilidade relativa e que as cotas sobran-tes se poidan ceder a outras fro- tas que as precisen.

¿A que contradición fan referencia vostedes? ¿Cal é o elemento que queren resolver?, porque deste texto se poden analizar moitas alternativas que poden ser contraditorias cos intereses das nosas pesquerías. Pero, sobre todo, ¿que se vai facer coas cotas sobran-tes, como se van repartir, que elementos toman as decisións, vaise facer unha repartición por pesquerías, por segmentos de frota, por cuestións socioeco- nómicas ou directamente se vai facer como se fai ata o de agora, de forma inxusta, de forma inxusta, como fai o Parti- do Popular coa repartición, sempre tendo en conta criterios que abafan os nosos mariñeiros e decidindo no Estado sem- pre en contra dos intereses da frota do noso país?

Polo tanto, do que temos que falar é de que, en realidade, estamos ante unha nova iniciativa para tratar de aparentar aquilo que non é o Partido Popular, e o Partido Popular está sendo liquidador da nosa pesca e un partido que demostra con esta iniciativa a súa incapacidade de conquistar condi- cións aceptables para as nosas pesquerías e que ademais agora plantexa algunhas cuestións que van en contra do inte- rese dos nosos mariñeiros.

E en Europa o que se está discutindo é algo tan importante como a economía azul. Cando vostedes nos queren aquí tra- tar de entreter con estes xogos de artificios sobre cuestións das que vostedes non fixeron nada, non nos din cal é a súa posición sobre a economía azul nese regulamento que está desenvolvendo a Unión Europea e onde o Partido Popular defende que a pesca é un elemento secundario a respecto doutras actividades como pode ser o aproveitamento minei- ro ou o aproveitamento –digamos– a respecto das enerxías do conxunto do noso mar. E que, polo tanto, a nosa pesca, no conxunto de cotas de Europa e no conxunto de pesquerías de Europa, pasa a ser un elemento secundario fronte a outros intereses que defende esa denominada economía azul. E o

que estamos é ante un modelo de política de que para dentro do mar e o Partido Popular defende que se ocupe o mar, non para actividades como a pesqueira, senón outras.

Polo tanto, aquí estamos falando de dúas cuestións. Vostedes, que defenderon a entrada na Unión Europea con estas condicións como os principios de historia relativa que afectan directamente as nosas pesquerías e poñen os nosos pescadores nunha situación moi complexa, son incapaces de ir á raíz do problema, e a raíz do problema é que as grandes industrias foron as que tomaron as decisións.

Pero cando se fala de repartir os excedentes, deberían falar deses excedentes, como se van repartir, entre que frotas, porque dende logo nós o que defendemos –e así o poñemos na nosa emenda– é que é necesario priorizar, sobre todo o conxunto de frotas, as frotas artesanais deste país, de tal forma que as frotas artesanais, que son as que máis valor engadido dan á nosa pesca en torno ao retorno económico pero sobre todo tamén ao número de postos de traballo que xeran, sexan as que se vexan –digamos– favorecidas por esta decisión.

Porque, se non, podemos estar plantexando que se favoreza dende este Parlamento de forma unánime pois o intercambio ou a compravenda de cotas que nós non podemos compartir, porque significa que aqueles sectores, aqueles barcos, aquelas pesquerías que máis capacidade económica teñen sexan as que queden coa maior parte do recurso.

Polo tanto, nós defendemos a necesidade dunha pesca sostible pero sobre todo unha pesca xusta en termos económicos. E en Europa e neste país a pesca non está sendo xusta en termos económicos, porque son os nosos pescadores tradicionais os que están a pagar o pato das decisións tomadas polos partidos maioritarios, non só no Estado e en Galicia, senón tamén na Unión Europea, en contra dos seus intereses. Polo tanto, nós, se non se acepta a nosa emenda, non imos apoiar a iniciativa de propaganda do propio Balseiro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Boa tarde, señorías.

Permítanme, antes de nada, trasladarlles o apoio aos traballadores e ás traballadoras de Fandicosta, así como á dirección da empresa, solidarizarnos con eles e instalos a unha pronta recuperación da actividade fundamental para concellos como Moaña e fundamental para comarcas como O Morrazo. (*Aplausos.*)

E estamos aquí nunha nova iniciativa, que a verdade non deixa de sorprendeme, señor Balseiro, a capacidade que ten de contar bulerías. Desta vez tivo a sorte de vir a Marín, alí tamén no Morrazo, pero desgraciadamente non veu por exemplo para facer balance pois dende a época do señor Fraga, catro anos despois de que entramos na Unión Europea, de como daquela había douscentos e pico de barcos no Gran Sol e hoxe hai unicamente 69. Ou como non fixo balance e deu conta da situación dramática que está a vivir a lonxa de Marín, que a día de hoxe pois xa ten menos ingresos que a propia lonxa de Campelo, alí enfrente, ¿non? Ou, ¿como non!, pois non veu no seu momento cando se desmantelou, se expulsou a frota de Mauritania. Ou, por exemplo, non veu alí analizar a realidade da frota de arrastre de litoral, onde paseniñamente foi desaparecendo e foi cambiada pola frota portuguesa.

Non, o señor Balseiro vén aquí, ¡eh!, aproveitándose novamente dunha iniciativa, dun estudo realizado por Harvey, onde demostra que Europa nin come nin deixa pescar, que nos últimos sete anos deixaron de pescar nada máis e nada menos que un millón de toneladas, mentres no noso país cada vez menos barcos pero tamén cada vez moito menos emprego. E dinos que vai impulsar un novo mecanismo onde o sobranse se poida ceder ou traspasar ás frotas que o precisen. En definitiva, que van transformar os outros países en *hermanitas de la Caridad*, pero non nos di nin que sistema nin que mecanismo van empregar. Algo parecido ao que acabamos de facer aquí coa condonación da cota, do exceso da cota de xurelo, ou co exceso de cota que tivemos, por exemplo, que volveron repartir e volve levar máis quen máis tiña e os que non tiñan absolutamente nada volven quedar na máis absoluta das miserias.

Dende o BNG, dende logo, non podemos acreditar nin respaldar esta nova promesa, pois sería avalar un novo engano do Partido Popular, pois entendemos que o problema non é só coa frota do Gran Sol nin cos descartes, é co modelo pes-

queiro que impón a Unión Europea, que vostedes compar-ten, que non é nin máis nin menos que privatizar o mar, o noso mar. A diferenza de vostedes, os nosos son ben claros. Nós consideramos que a vía política non está esgotada; xustamente, é o principal problema: carecer dun goberno que nos defenda.

E mire, aí ten esoutras realidades. Comparémonos co que fan outros, comparémonos co que fai o País Vasco ou as illas Feroe, que pasou de estar ameazada con sancións –e a vos-tede tanto lle gusta encher a boca coas sancións do 2009 e do 2010– e resulta que as illas Feroe pasou de estar ameazada a unha porcentaxe do 4,6 ao 12,6 %, nada máis e nada menos que 156.00 toneladas. Compáreo vostede coa cota ridícula que lle corresponde ao Estado español.

Non podemos tampouco admitir o actual modelo dos merca-deres, que prima a pesca industrial sobre a pesca artesanal, e non podemos dende logo compartir o modelo de ITQ ou repartición individual, que prima a quen máis pescou e pena-liza o que foi responsable ou non pescou –vexa o caso do cerco galego–. Pero sobre todo o que non podemos é com-partir ese intercambio do que fala ou esa transferencia da que presume, pois abócanos a que acabaremos comprando, abócanos a que o noso dereito a poder pescar vai pasar por ter que pagar.

E nós queremos unha xestión pública que lles permita aos mariñeiros recoñecerlles o dereito a poder pescar e vivir con dignidade, e non a ese modelo especulativo para que unica-mente uns poucos acumulen a riqueza.

O caso témolo no cerco galego, onde existen dous mundos: un, de xestión compartida, e outro, onde nove barcos po-súen o 34 % da cota do xurelo na VIIIb, ou doce, o 33,3 da IXa.

Polo tanto, ese non é o noso modelo. Por iso lle plantexamos unha emenda de substitución, con cinco puntos, onde se cla-rifica perfectamente a nosa posición. A primeira, a posición política, evidentemente.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor RODAS CHAPELA: A segunda é enfrontar nos tribu-nais a discriminación do PER. A terceira, combater o actual

modelo compartidamente co sector, como está a facer nestes momentos Acerga, ou como está a facer a Comunidade de Asturias, por exemplo, con outro modelo de ferramentas.

E aquí, con competencias para facer algo, porque tamén Galicia ten competencias para facer algo, e aquí, onde temos competencias, pois temos unha cota propia, impoñer o modelo de xestión colectiva, que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: ...ofrece unha repartición moito máis xusta, moito máis equitativa.

Polo tanto, dende o BNG non imos ser cómplices da súa pro-paganda; xusto o contrario; imos votar en contra, para que todo o mundo saiba que este país non pode darlles...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor RODAS CHAPELA: ...ningunha nova oportunidade a vostedes. Tiveron oito anos para demostralo e o resultado foi...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas, grazas.

O señor RODAS CHAPELA: ...a manifestación do 28 de febrei-ro, onde o sector deixou ben claro que non volve confiar en vostedes.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodas, xa está falado. Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Ben, pois hoxe novamente vimos ao Parlamento de Galicia debater sobre unha iniciativa do Partido Popular e do señor Balseiro que unicamente pretende facer de caixa de reso-nancia dunha medida xa decidida e plantexada polo Gober-no de Galicia. Hai unhas semanas era o plan estratéxico da

conserva. Hoxe é pois un novo modelo de xestión pesqueira, unha iniciativa que non é nada máis ca iso, máis alá de que novamente pois lle serviu ao señor Balseiro para facer a súa xira semanal, neste caso –como xa se dixo aquí– por Marín.

Non se trata dunha medida de impulso á acción do Goberno, nin tan sequera de obrigalo a posicionarse sobre unha cuestión, porque, segundo puidemos observar estes días en diferentes medios de comunicación, as accións que vai dirimir neste caso ou que vai implementar o Goberno para tratar de resolver as cuestións e as desigualdades xeradas polo principio de estabilidade relativa teñen un camiño claro para o Partido Popular. As conclusións que puidemos sacar todos, despois destas xornadas que celebraron vostedes a semana pasada, son que o Goberno galego prefire argumentar diante da Unión Europea contra a clave de repartición antes que ir directamente aos tribunais.

E, efectivamente, todos coincidimos no básico: que o actual modelo, que efectivamente data do ano 1983, que é un modelo que nos asigna o 7 % de posibilidades de pescando temos o 25 % da capacidade pesqueira da Unión Europea, pois, efectivamente, ten xerado nestes últimos trinta anos unhas fondas contradicións e desaxustes na aplicación da política pesqueira, que derivaron –como xa se dixo aquí tamén– nun proceso continuado de perdas de unidades pesqueiras, arredor do 60 %, nestes últimos trinta anos, e que –como tamén xa se dixo aquí– nun estudo de armadores de Vigo pois efectivamente se fala de que nos últimos sete anos se ten deixado de pescar case un millón de toneladas de peixe que lles sobraron ao resto dos países comunitarios e que seguramente poderían ter significado un valor en primeira venda por riba dos 1.800 millóns de euros.

Polo tanto, efectivamente, dende o PSdeG cremos que é preciso implementar accións para modificar o modelo, e neste camiño dende o PSdeG temos claro que hai varias formas de facelo, que non teñen por que ser contraditorias, senón máis ben todo o contrario, cremos que ademais deben ser complementarias. A propia conselleira –así o expresa no prólogo dese estudo feito por armadores de Vigo– fala das dúas cuestións. Non entendemos por que hai tan só unhas semanas se decantaron tan só por unha. Eu creo que son compatibles tanto a vía xudicial como neste caso a que debe desenvolverse no plano político.

E, efectivamente, hai unha parte do sector, que é a que representa a asociación Acerga, que xa ten interposta unha demanda, un recurso contra o regulamento europeo de TAC, que pivota contra cinco cuestións fundamentais, entre elas pois ese principio de estabilidade relativo e que, efectivamente, segundo nós cremos, conta con algunha que outra posibilidade de saír a diante.

O que non entendemos moi ben é por que o Goberno de Galicia non é tan sequera capaz de acompañar a Acerga nesa demanda. Eu creo que sería bo que o Goberno galego comezase a apoiar aquelas iniciativas que son do propio sector e que o único que están buscando é o ben común para o conxunto da frota galega.

E, loxicamente, tamén está o plano da acción política, onde nos últimos anos o Partido Popular está completamente desaparecido. Sete anos –xa case oito– de goberno e parece que se acordan agora, no final desta lexislatura, de iniciar a vía política na Unión Europea; unha vía política que se abriu xa hai tempo coa reforma da política pesqueira común xustamente coa aplicación da política de descartes.

Seguimos dicindo que as dúas son complementarias, que poden ser compatibles, tanto a xudicial como a vía política, e nesta liña vai a emenda que hoxe lle presentamos ao Partido Popular e ao señor Balseiro.

Cremos que a proposta que hoxe presenta vostede, señor Balseiro, queda demasiado curta. Non é bo quedar tan só a unha carta, obviando a posibilidade xurídica.

Polo tanto, nós lle plantexamos unha emenda que consta de catro puntos e que xustamente busca explorar esas dúas vías.

Polo tanto, demandamos no primeiro punto que se denuncie perante os tribunais o actual modelo de repartición de posibilidades de pesca da Unión Europea, e que ademais se acumule ou se sume o Goberno galego a ese recurso de anulación do Regulamento dos TAC e cotas presentado pola asociación Acerga.

Pero tamén é preciso, como dixen antes, implementar accións políticas, que neste tempo non se viñeron poñendo en marcha, e para iso tratar de resolver as contradicións xeradas por ese principio de estabilidade relativa. E, loxicamente, na nosa

emenda, tamén no plano das competencias estatais e do Goberno de Galicia, modificar o actual Plan de xestión do caladoiro Cantábrico-Noroeste, que xa foi anulado ata en tres ocasións polo Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

Cremos que o que nós propoñemos resulta máis ambicioso que o que hoxe busca o Partido Popular con esta iniciativa; busca explorar todos as vías posibles para acadar esa consecución de maiores posibilidades de pesca, e tumbar ese principio de estabilidade relativa.

Polo tanto, tal e como dixo o señor Balseiro hoxe na súa intervención, se o que agarda é un apoio de todos os grupos desta Cámara, eu creo que todos fixemos un esforzo presentándolle emendas á súa proposta. Eu pídolle que acepte a dalgún grupo ou que, cando menos, transaccione cos distintos grupos para tratar de buscar un acordo, porque todos coincidimos no básico. O importante é que non sigamos destruindo unidades pesqueiras e que a nosa frota poida ter capacidade para seguir competindo en Europa nun sector fundamental para o noso país, como é o sector pesqueiro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Val.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Creo que todos coincidimos e levamos coincidido neste Parlamento en moitas ocasións en que os TAC e cotas que ten España son insuficientes.

Creo, ademais, que todos os grupos tamén coincidimos en que se exploraron dúas vías: explorouse a vía política, que é case imposible, porque ten que haber unanimidade e os países que están sobrados de cota non están de acordo con isto, e explorouse a vía xudicial no 1996, no 1997, no 1998, no 1999, no 2000, no 2001 e no 2003, e sempre foi a mesma resposta: que non procede.

Pero tamén creo que todos coincidiremos en que hoxe o que trae o Partido Popular aquí é unha realidade, e non está a propoñer ningunha destas dúas vías. Estamos a propoñer –creo que tamén coincidimos e vostedes tamén o teñen cri-

tido nalgunha ocasión– que o modelo que hai de repartición está caduco. Pero, á parte de estar caduco, dende o ano 1983 é prexudicial para a nosa frota. A nosa frota, con ese sistema de repartición, que é unha clave fixa, sempre sae prexudicada.

¿E que dicimos nós? Que hai cotas sobrantes. ¿De que? De países que teñen cota, que están sobrados de cota, aos que non lles ocorre o que nos ocorre a nós; e esas cotas sobrantes que poidan cederse ou traspasarse.

A partir de aí podemos discutir e podemos seguir discutindo se volvemos outra vez á vía política ou se volvemos outra vez á vía xudicial, pero nada ten que ver o que trae hoxe o Grupo Popular á Cámara e a este Parlamento con volver á vida política e á vida xudicial, que non nos deu ningún resultado, e que foron moitos anos.

Nós queremos que as cotas sobrantes doutros países se poidan ceder ou se poidan traspasar. E, ante iso, como dixen aquí, hai un estudo feito pola universidade –xa vexo que vostedes están sobrados, que son técnicos en pesca, que son expertos en pesca e que contradín os estudos da universidade– que di que estuda as vinte principais especies que teñen TAC e cotas durante os anos 2008 e 2014, e ese estudo di que non foron utilizadas máis dun millón de toneladas da cota asignada aos estados membros da Unión Europea por un valor económico estimado de 1.800 millóns de euros.

Pois iso é o que traemos aquí. Non, eu xa sei que lin o resumo e xa sei que vostede está sobrado e disto entende bastante. Eu sei que lin o resumo. Documenteime, teño que recoñecer que me tiven que documentar. A vostede non lle fai falta, a vostede non lle fai falta documentarse, sae aquí á tribuna, larga un *speech*, e é igual falar de sardiñas que falar de xurelos. (*Aplausos.*) (*Risos.*) ¡Que máis dá! A vostede non lle fai falta documentarse.

Por iso que as emendas que presentaron vostedes van na dirección que lles acabo de dicir eu; dúas vías que nós consideramos que están esgotadas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Non lles podemos aceptar as emendas, e nosoutros imos manter a iniciativa tal como está.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Suspendemos á sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)
9. Burgo López, María Concepción	(S)
10. Camino Copá, Angel	(PP)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles	(S)
23. Gallego Calvar, María Carmen	(S)
24. Gallego Lomba, José Manuel	(S)
25. García García, Pablo	(S)
26. García Paçín, María Isabel	(PP)
27. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
28. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)
30. González Santín, Juan Carlos	(S)
31. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
32. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)
33. Iniguez Martínez, Jaime	(PP)
34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)
35. Losada Alvarez, Abel Fermin	(S)
36. Martínez García, María Consuelo	(M)
37. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
38. Méndez Romeu, José Luis	(S)
39. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
40. Mouriño Villar, Antonio	(PP)
41. Nóvoa López, Enrique	(PP)
42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
43. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44. Oróns Baña, Ambrosio	(P)
45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
51. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
54. Quintas Alvarez, María Remedios	(S)
55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
63. Sánchez García, Antón	(AGE)
64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
68. Soneira Tajés, María Soledad	(S)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
71. Val Alonso, José Ramón	(S)
72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25